Gráfico 9: Evolución da execución de gastos en investimentos reais en Galicia. (Miles de euros) 51
Gráfico 10: Investimentos acumulados 2009-2018. (Miles de euros) 51

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 98

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 98

ÍNDICE DE ANEXOS

Anexo 1 65

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 98

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 98

ABREVIATURAS

AMTEGA	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
AXG	Asistencia xurídica gratuíta
CC.AA.	Comunidades Autónomas
CEPEJ	Comisión Europea para la eficiencia de la justicia
CGAE	Consello Xeral da Avogacía Española
CSU	Centro de Servizos ao Usuario de Xustiza
CXPX	Consello Xeral do Poder Xudicial
DXX	Dirección Xeral de Xustiza
ERES	Expedientes de regulación de emprego
ERTES	Expedientes de regulación temporal de emprego
EXE	Expediente xudicial electrónico
IMELGA	Instituto de Medicina Legal de Galicia
INE	Instituto Nacional de Estatística
IXCA	Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
LOPX	Lei orgánica do poder xudicial
NOX	Nova oficina xudicial
TIC	Tecnoloxías da información e as comunicacións
TSXG	Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 98

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 98

I. INTRODUCIÓN

1.1. A proposta de fiscalización incluíuse no Plan anual de traballo do ano 2017 aos efectos de incidir na análise do programa orzamentario *131A Administración de Xustiza*. O inicio do traballo pospúxose ata o exercicio 2020, o que permitiu a análise da execución do plan de infraestruturas xudiciais e verificar o grao de implantación do II Plan tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia: Senda 2020. A análise dos gastos e obxectivos do programa realizouse nun ámbito temporal máis amplo que abrangue desde o exercicio 2014 ata o 2019, exercicios con contas anuais xa aprobadas.

A finalidade xeral que persigue este programa de gasto é dar soporte á Administración de Xustiza en Galicia para mellorar o seu funcionamento e a súa modernización.

A Administración do poder xudicial ten como finalidade dispoñer dun servizo público áxil e de calidade. Para acadalo faise preciso actuar desde diferentes ámbitos. O cumprimento desta función xurisdicional esixe provela de medios persoais e materiais axeitados para o seu correcto desenvolvemento.

O exercicio desta función parte dunha competencia estatal que fai efectivo o principio constitucional de unidade xurisdicional pero que se xestiona cun elevado grao de descentralización nas comunidades autónomas, que son as que xestionan case o 60% do orzamento destinado á xustiza[1].

Tradicionalmente, a Administración de Xustiza veuse conceptuando como unha Administración pública excesivamente burocratizada e pechada ás novas técnicas de xestión e resultados, con resistencia á transparencia no seu funcionamento diario. Tamén, como un poder estatal e non como un servizo público que se subministra. Sen embargo, unha visión moderna da Administración de Xustiza require que se traballe con novas tecnoloxías para a simplificación dos procedementos ou incluso na súa desxudicialización a través de medios alternativos de solución dos conflitos.

Como se sabe, en todo programa de actuacións públicas, as decisións sobre aplicación de recursos humanos e materiais deben estar aliñados con aspectos organizativos e de xestión e responder a unha planificación que identifique os obxectivos que se pretenden acadar.

O modelo de xestión da Administración de Xustiza encóntrase pendente de acometer reformas estruturais e organizativas[2]. A mellora e modernización dos sistemas xudiciais, que debe operar en tres ámbitos (reformas procesuais, xeneralización da utilización das novas tecnoloxías e o fomento dos

[1] Segundo os datos da Memoria do CXPX, no exercicio 2019 o importe total do orzamento público anual asignado á xustiza foi de 4.092,92 millóns de euros, correspondendo a xestión do 58,6% destes orzamentos ás comunidades autónomas que desenvolven as competencias que lle foron transferidas en materia de xustiza.

[2] Anteproxecto da Lei orgánica de eficiencia organizativa do servizo público de Xustiza, polo que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, para a implantación dos Tribunais de Instancia e as Oficinas de Xustiza nos municipios.
Informe do CXPX ao Anteproxecto de Lei de medidas de eficiencia procesual do Servizo Público de Xustiza.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 98
89198

métodos alternativos de resolución de litixios), non se encontra resolto. Neste senso, a optimización dos recursos aplicados ao sistema xudicial debe ter en conta a configuración dun modelo que se encontra en proceso de construción.

Nos informes de auditoría operativa sobre un programa de actuación pública esíxese dispoñer de elementos para acadar un diagnóstico que permita ofrecer orientacións de mellora. Vén sendo unha limitación recorrente á hora de afrontar este tipo de informes a capacidade para dispoñer de referencias que permitan recoñecer os obxectivos que se pretenden e os sistemas de xestión e control para acadalos.

A Administración de Xustiza non é allea a esta limitación, o deseño de metas e obxectivos sobre os que someter a avaliación do seu funcionamento debe ir máis alá do que recollen a información e as estatísticas dos seus órganos. Debe dispoñer de ferramentas consistentes que soporten a adopción de decisións para a xestión eficiente da súa organización.

Ás dificultades sinaladas para abordar esta análise engádese a visión parcial que supón o ámbito de competencias dunha comunidade autónoma.

O Plan estratéxico 2015-2020 da Comunidade Autónoma establece en cinco eixes os obxectivos e a prioridade do gasto, dirixíndose un deles á *Administración moderna e eficaz*, aplicable ao servizo público da xustiza en canto á modernización tecnolóxica. A entidade encargada de levala a cabo na Administración de Xustiza é a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), a quen lle corresponde a planificación estratéxica, o deseño, desenvolvemento, adquisición, mantemento e implantación dos sistemas de información e o impulso da aplicación das novas tecnoloxías.

I.1. ÁMBITOS SUBXECTIVO, OBXECTIVO E TEMPORAL

1.2. A fiscalización incorpora aspectos operativos e de cumprimento no marco dunha análise orzamentaria.

O ámbito subxectivo está referido á Dirección Xeral de Xustiza, da Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo, en canto que constitúe o centro directivo da Administración autonómica encargado do desenvolvemento na nosa Comunidade das competencias transferidas en materia de Xustiza. Ademais, o ámbito subxectivo esténdese á AMTEGA no que se refire ás novas tecnoloxías aplicables á Administración de Xustiza.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 98

O ámbito obxectivo abrangue a análise de determinados elementos dos gastos centrada nos seguintes aspectos:

A evolución global do gasto do programa nos últimos exercicios, realizando unha análise comparativa con outras comunidades autónomas; a análise comparativa con outras CC.AA. en canto ao número de efectivos de persoal; a verificación do grao de cobertura das prazas vacantes; a análise da estabilidade e mobilidade do persoal; a verificación do cumprimento dos obxectivos do programa orzamentario en materia de asistencia xurídica gratuíta; a verificación da execución do plan de infraestruturas xudiciais; a evolución do investimento en sistemas e medios TIC para dar cumprimento aos obxectivos do II Plan Tecnolóxico Senda 2020.

O ámbito temporal abranguerá os exercicios orzamentarios 2014-2019. Non obstante, cando os obxectivos establecidos o requiran, estenderase indistintamente aos exercicios anteriores dos que traian causa, ou a feitos acontecidos con posterioridade que tivesen causalidade nos exercicios fiscalizados. Por outra parte, para analizar determinadas materias, fundamentalmente referidas á xestión do persoal da Administración de Xustiza, tan só dispuxemos da información referida á data de fiscalización, e sobre esa información chegouse ás conclusións sinaladas no informe.

I.2. NORMATIVA APLICABLE

1.3. A normativa aplicable máis relevante que se toma en consideración ao longo do informe é a seguinte:

- Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.
- Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.
- Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, que modifica a Lei orgánica do poder xudicial.
- Real Decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza.
- Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia.
- Lei 13/2009, do 3 de novembro, de reforma da lexislación procesual para a implantación da Nova Oficina Xudicial.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 98

▪ Lei orgánica 1/2009, do 3 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

▪ Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de Xustiza.

▪ Lei 42/2015, do 5 de outubro, de reforma da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.

▪ Real decreto lei 3/2013, do 22 de febreiro, polo que se modifica o réxime das taxas no ámbito da Administración de Xustiza e o sistema de asistencia xurídica gratuíta.

▪ Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

▪ Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

II. RESPONSABILIDADES

II.1. RESPONSABILIDADE DOS ÓRGANOS DA XUNTA EN RELACIÓN CO PROGRAMA DE ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

2.1. De acordo coa normativa da Comunidade Autónoma, a responsabilidade da xestión do programa de Administración de Xustiza corresponde á Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e á Dirección Xeral de Xustiza.

A Intervención Xeral, como centro xestor da contabilidade pública, é responsable de elaborar a Conta da Administración xeral, na que figuran recollidos os gastos do programa.

Os distintos órganos de dirección da consellería e a Intervención Xeral deben garantir que as actividades de xestión do programa, as operacións orzamentarias e a información reflectida nas contas anuais resultan conformes coas normas aplicables, e deben establecer os sistemas de control interno que consideren necesarios para esa finalidade e para permitir a preparación e presentación de contas anuais libres de incorrección material debida a fraude ou erro.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 98

II.2. RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS

2.2. A responsabilidade do Consello de Contas é expresar unhas conclusións sobre a información rendida no programa orzamentario de Administración de Xustiza, reflectida na liquidación do orzamento e na conta do resultado económico-patrimonial da Conta da Administración xeral do exercicio 2019, e sobre a legalidade da xestión en determinados procesos seleccionados nesta área.

A fiscalización, polo tanto, ao ser de alcance limitado, non versa sobre as contas anuais no seu conxunto, senón sobre o apartado sinalado.

O traballo levouse a cabo de acordo cos principios fundamentais de fiscalización das institucións públicas de control externo e as guías prácticas de fiscalización aprobadas. Estes principios esixen que cumpramos os requirimentos de ética, así como que planifiquemos e executemos a fiscalización co fin de obter unha seguridade razoable de que os gastos do programa orzamentario recollidos na Conta da Administración xeral de 2019 están libres de incorreccións materiais.

Unha fiscalización require a aplicación de procedementos para obter evidencia de auditoría sobre os importes e a información revelada no epígrafe auditado. Os procedementos seleccionados dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración dos riscos de incorrección material nas contas anuais debida a fraude ou erro. Ao efectuar estas valoracións do risco, o auditor ten en conta o control interno relevante para a formulación por parte da entidade das contas anuais, co fin de deseñar os procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias.

No ámbito da auditoría de cumprimento de determinadas obrigas legais e regulamentarias, a revisión limitouse basicamente á aplicación de procedementos analíticos e actividades de indagación sobre determinados aspectos da xestión do programa, sen levar a cabo unha auditoría sobre o cumprimento xeral.

Consideramos non obstante que a evidencia de auditoría obtida proporciona unha base suficiente e adecuada para fundamentar as conclusións formuladas no informe de acordo co alcance que se expón neste apartado.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 98

III. CONCLUSIÓNS

3.1. A taxa de litixiosidade na Comunidade Autónoma de Galicia no período 2010-2019 situouse sempre por debaixo dos niveis medios[3] do conxunto do Estado. Como ocorre no conxunto das xurisdicións a nivel nacional a partir do ano 2016, as taxas de conxestión e pendencia increméntanse e a de resolución diminúe.

3.2. O gasto total executado no ámbito da Administración de Xustiza en Galicia no exercicio 2019 acadou un total de 167,76 millóns de euros. A evolución anual deste gasto no período 2011-2019 amosa, agás no exercicio 2012, un incremento a unha taxa superior ao 2,5%, chegando no exercicio 2019 a un incremento do 16,06%, onde sinaladamente destacan os gastos de persoal e os investimentos.

3.3. No período 2009-2018 o gasto orzamentario na Comunidade Autónoma galega dedicado á Administración de Xustiza, en relación coa poboación, sitúase entre os máis baixos das comunidades autónomas que asumiron competencias en Xustiza[4], cun custo por habitante de 52,08 euros no último exercicio. Porén, atendendo á evolución do gasto en xustiza por habitante nese período, Galicia é a comunidade autónoma onde máis medrou.

3.4. O número de funcionarios na Administración de Xustiza galega supón a 1 de xaneiro de 2019 un total de 2.645 efectivos, supoñendo o corpo de tramitación procesual un 46% do persoal da Administración de Xustiza existente na Administración galega. O incremento dos efectivos ao longo do período 2014-2019 non foi homoxéneo entre os corpos, acadando un incremento porcentual relevante no caso dos médicos forenses.

3.5. A relación destes funcionarios respecto á poboación supón unha taxa de 9,8 funcionarios por cada 10.000 habitantes, relación que se sitúa en torno á media nacional do 9,71. Consecuencia da menor litixiosidade na Comunidade Autónoma galega, a relación dos funcionarios por cada 10.000 asuntos ingresados sitúase preto de 80, por riba do índice de 73,32 funcionarios de media a nivel nacional.

[3] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.
[4] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 98

3.6. En data 18.02.2021 observouse que o número de prazas vacantes non cubertas representa un 2,48% do total de prazas do cadro de persoal.

O número de postos de traballo ocupados por interinos ascendía a 574 dos 2.777 postos de traballo existentes, o que representa un 20,6% do total. Por outra parte, 31 dos 131 interinos (un 23,7%) que ocupan prazas vacantes levaban neses postos un período superior aos tres anos. A maioría dos interinos de reforzo acumulan unha antigüidade de máis de 6 meses.

Respecto das prazas vacantes cubertas por funcionarios de carreira a través de comisións de servizos, o 24,2%, só unha destas ten unha duración superior aos 2 anos[5].

3.7. Na Comunidade Autónoma galega os datos referidos a prazas vacantes presentan, con carácter xeral, un valor superior á media nacional; e o índice de rotación, agás algunha excepción, supera a media nacional. Sen embargo, o número de prazas cubertas por interinos presenta ratios inferiores na maioría dos órganos xudiciais e en todos os corpos de funcionarios.

3.8. Os gastos de persoal no conxunto das comunidades autónomas medraron no período 2009-2018 nunha taxa do 9,49%, mentres que en Galicia amosaron para o decenio analizado un crecemento do 2,64%. Tralo importante axuste producido en 2012, en Galicia non se volveu a recuperar o nivel de gasto de persoal ata o 2017, aínda que no conxunto do Estado e na meirande parte das comunidades autónomas se recuperou no ano 2015.

3.9. O número de solicitudes presentadas para obter asistencia xurídica gratuíta no período 2016-2020 acadou un máximo de 44.221 no exercicio 2019. Unha porcentaxe dun 16% das resolucións da Administración foron denegatorias, predominando as sentencias revogatorias destas resolucións ata o 2017. Porén, nos exercicios 2018 e 2019 mudou esta tendencia, ditándose máis sentencias favorables ás resolucións da Administración que sentencias revogatorias.

3.10. A evolución do custo medio por habitante da asistencia xurídica gratuíta no período 2015-2018 mostra unha tendencia decrecente en Galicia, mentres que no conxunto do Estado increméntase.

[5] Conclusión modificada como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 98

O aboamento das compensacións económicas aos colexios profesionais pola prestación do servizo de xustiza gratuíta efectuouse conforme ás tarifas vixentes a través de libramentos trimestrais[6].

3.11. Dentro dun contexto xeneralizado de diminución de investimentos, que supón para o conxunto de comunidades unha redución do 45,64%, a Comunidade galega no período 2009-2018 incrementou o seu nivel de investimentos xudiciais dun xeito destacado, ata un 500,51%, a consecuencia fundamentalmente da execución das obras da Cidade da Xustiza de Vigo, edificio xudicial da Coruña, e novos edificios xudiciais de Pontevedra e Tui.

3.12. O Plan de infraestruturas xudiciais do ano 2009 non se executou na súa totalidade pola Xunta de Galicia. Na actualidade non están construídos os novos edificios xudiciais de Muros, A Estrada, Sarria, Cambados e Vilagarcía, nin a sede da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma, cunha previsión económica de 14,05 millóns de euros.

3.13. A Comunidade Autónoma galega situouse, con carácter xeral, entre as comunidades autónomas que máis recursos dedicaron á informatización, amosando ademais un crecemento continuado ao longo do período 2015-2019.

3.14. O gasto orzamentario no período 2011-2020 en sistemas e medios TIC na Administración de Xustiza de Galicia, por importe de 36,08 millóns de euros, representou un 3% dentro do gasto total pola Administración de Xustiza, aínda que as dotacións orzamentarias dedicadas a este tipo de gasto incrementáronse significativamente desde o ano 2016.

3.15. Dos obxectivos do *II Plan tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia: Senda 2020,* a sinatura dixital está totalmente implantada nos órganos xudiciais; a aplicación LEXNET está integrada automaticamente co sistema de xestión procesual MINERVA; implantouse a nova versión do Visor do expediente xudicial; deseñouse o modelo de sala de vistas dixitais; e cumpriuse o número de horas de formación, capacitación, servizos dixitais e soporte técnico.

[6] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 98

Pola contra, é baixo o grao de cumprimento dos obxectivos referidos ao número de órganos xudiciais usuarios do sistema de xestión de arquivos e pezas de convicción e número de salas de vistas que contan co novo modelo de sala de vistas dixitais.

IV. RECOMENDACIÓNS

4.1. Recoméndase establecer un mecanismo eficaz de comunicación co Ministerio de Justicia[7] para a cobertura das prazas que permita reducir, progresivamente, a ocupación mediante funcionarios interinos das prazas vacantes de longa duración.

4.2. Recoméndase que se inste á AMTEGA para que se complete, con celeridade, a implantación do sistema de xestión de arquivos e pezas de convicción nos órganos xudiciais e a dotación das salas de vistas co novo modelo de sala de vistas dixitais.

V. COMPETENCIAS AUTONÓMICAS EN MATERIA DE XUSTIZA

V.1. FACULTADES ATRIBUÍDAS Á COMUNIDADE AUTÓNOMA EN MATERIA DE ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

5.1. A Constitución Española establece no artigo 149.1.5 que o Estado ten a competencia exclusiva en materia de administración de xustiza, dado que a función xudicial debe administrarse polo xuíces e os maxistrados con base no principio de unidade xurisdicional. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, dispón que corresponden á Comunidade Autónoma as facultades que a Lei orgánica do poder xudicial (LOPX) e o Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) recoñezan ou atribúan ao Goberno de España, exceptuada a xustiza militar. Tamén dispón o Estatuto de Autonomía de Galicia que corresponde integramente ao Estado a organización e funcionamento do Ministerio Fiscal.

[7] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 98

Os medios materiais e económicos necesarios para o funcionamento da Administración de Xustiza traspasáronse á Comunidade Autónoma (Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro), polo que a partir do 1 de xaneiro de 1995 correspóndelle á Comunidade:

a) A adquisición e xestión do patrimonio inmobiliario, mobiliario e equipamento para os órganos xudiciais con sede en Galicia.

b) A preparación, elaboración e execución dos programas de reparación e conservación dos edificios xudiciais e a súa inspección.

c) A indemnización, no seu caso, das actuacións correspondentes á defensa por avogado e a defensa por procurador dos tribunais en quenda de oficio ante os órganos xudiciais con sede en Galicia e a asistencia letrada ao detido ou preso cando o lugar de custodia estea situado en territorio da Comunidade.

d) Exame, comprobación e pago das contas de gastos de funcionamento, indemnizacións en razón de saídas de oficio, autopsias e dilixencias xudiciais e as correspondentes a testemuñas e peritos ante os tribunais de xustiza con sede en Galicia. Tamén as indemnizacións por razón de servizo orixinadas como consecuencia de servizos prestados dentro do territorio da Comunidade.

A partir do 1 de xaneiro de 1997 (Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro), a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións da Administración do Estado en materia de medios persoais, materiais e económicos.

5.2. Respecto das funcións que permanecen na Administración do Estado, no Ministerio de Justicia, están a creación de novos órganos xudiciais con sede en Galicia e a provisión de medios materiais e económicos para o desempeño das funcións dos órganos xudiciais e do Ministerio Fiscal con competencia en todo o territorio nacional. Pola súa parte, a Comunidade Autónoma asegurará que nas sedes dos tribunais e xulgados se reserven as instalacións adecuadas para a Fiscalía.

Tamén lle corresponde á Administración do Estado a subministración de material normalizado para os Rexistros civís, a determinación das funcións do Instituto Nacional de Toxicoloxía, e a responsabilidade patrimonial derivada dos erros xudiciais ou do funcionamento anormal da Administración de Xustiza.

Independentemente das funcións e competencias específicas de cada unha das Administracións, establecéronse mecanismos de colaboración para que a Comunidade coadxuve á instalación de xulgados, e tamén para a promoción e utilización de bens informáticos destinados aos servizos

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 98

administrativos propios dos xulgados e tribunais, asegurando a compatibilidade dos que se empreguen en Galicia cos que se implanten en todo o territorio do Estado.

V.2. COMPETENCIAS DA XUNTA DE GALICIA EN MATERIA DE ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

5.3. O centro directivo da Administración autonómica encargado do desenvolvemento das competencias transferidas en materia de xustiza é a Dirección Xeral de Xustiza, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. Este órgano coopera cos órganos do poder xudicial, co Ministerio de Justicia e demais institucións relacionadas co ámbito xudicial para abordar as necesidades da xustiza en Galicia.

En concreto, son competencias da Dirección Xeral de Xustiza:

• A programación e xestión dos medios persoais e materiais da Administración de Xustiza en Galicia, agás os que lle correspondan á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

• O impulso do uso do galego na Administración de Xustiza en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

▪ A promoción do acceso da cidadanía á xustiza en igualdade de condicións.

▪ A presentación das propostas sobre demarcación e planta xudicial, sobre demarcación notarial e do rexistro e sobre convocatoria das prazas vacantes de maxistrados, xuíces e secretarios xudiciais, así como elevar ao conselleiro os nomeamentos de notarios e rexistradores.

▪ A elaboración das relacións de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración de Xustiza, así como das súas modificacións, de conformidade co previsto na Lei orgánica do poder xudicial e demais normativa en vigor.

▪ A organización e supervisión do funcionamento do Instituto de Medicina Legal de Galicia e a programación de actuacións para o establecemento de sistemas de xestión de calidade dos seus servizos e para o seu desenvolvemento científico e tecnolóxico.

▪ A coordinación coa Secretaría Xeral e coas delegacións territoriais para impulsar a prevención de riscos laborais nos centros de traballo da Administración de Xustiza.

▪ O exercicio das competencias da Consellería para o funcionamento e mellora da xustiza de paz.

▪ O impulso, implantación e desenvolvemento de programas e actuacións de desxudicialización de conflitos e de promoción da mediación, especialmente no ámbito dos menores e da familia.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 98

▪ A xestión da política da Xunta de Galicia en materia de asesoramento xurídico, defensa e información ás vítimas do delito e programas de reeducación de maltratadores, sen prexuízo da coordinación e colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade en relación coas súas competencias.

▪ Aquelas outras que, dentro do seu ámbito de competencias, lle sexan asignadas ou delegadas.

5.4. A vixente LOPX establece dous elementos para organizar o funcionamento da Administración ao servizo de xuíces e tribunais: a oficina xudicial e as unidades administrativas. A este respecto, as competencias da Xunta para reformas administrativas abranguen a creación de novas unidades xudiciais e o tratamento informático do procedemento na oficina xudicial.

Débese ter en conta que o Plan de modernización da Xustiza 2009-2012 baseouse de xeito prioritario na posta en funcionamento da nova oficina xudicial (NOX), que introduce unha nova organización instrumental para os xulgados e tribunais, e que se leva a cabo polo Consello Xeral do Poder Xudicial e as CC.AA. que asumiron competencias nesta materia. O inicio da súa implantación, cun conxunto de medios persoais, materiais e tecnolóxicos que rodean ao xuíz no desenvolvemento do seu traballo, produciuse coa entrada en vigor da Lei 13/2009, do 3 de novembro, de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial.

A nova oficina xudicial introduce metodoloxías de traballo e criterios de xestión homoxéneos en todas as oficinas xudiciais do Estado, racionaliza a utilización dos medios e incorpora novas tecnoloxías. Con este novo modelo, o labor de tramitación dos expedientes e a execución das sentenzas xa ditadas é competencia dos letrados (anteriormente chamados secretarios xudiciais) e do seu equipo, polo que o xuíz pode dedicarse a celebrar xuízos e a ditar sentenzas, contribuíndo a que o número destas últimas aumente e a Xustiza sexa máis rápida.

O elemento organizativo básico da oficina xudicial son as unidades procesuais de apoio directo, que asisten a xuíces e maxistrados no exercicio da súa función; e os servicios comúns procesuais, con funcións de rexistro, reparto, actos de comunicación, auxilio xudicial, execución de resolucións xudiciais e xurisdición voluntaria. Os funcionarios integrados nestas unidades dependen organicamente das CC.AA., ás que lles corresponde elaborar as relacións de postos de traballo para presentalas ao Ministerio de Justicia, que poderá determinar os postos de traballo que corresponden aos letrados.

5.5. As unidades administrativas, sen estar integradas na oficina xudicial, constitúense para a xefatura, ordenación e xestión dos recursos humanos da oficina xudicial sobre os que ten competencia, así como sobre os medios informáticos, novas tecnoloxías e demais medios materiais.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 98

Corresponde á Comunidade Autónoma o deseño, creación e organización das unidades administrativas e das oficinas comúns de apoio, así como a dotación dos créditos necesarios para a súa posta en marcha e funcionamento. Os postos de traballo destas unidades administrativas poderán ser desempeñados con persoal dos corpos da Administración de Xustiza, da Administración do Estado e das CC.AA. que reúnan os requisitos das relacións de postos de traballo.

VI. INDICADORES XUDICIAIS. ANÁLISE COMPARATIVA NO CONXUNTO DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

6.1. Os indicadores xudiciais ofrecen unha visión sobre o funcionamento da Administración de Xustiza en termos de capacidade resolutiva e de eficacia, e permiten analizar se a asignación de recursos é adecuada á litixiosidade do momento. A taxa de litixiosidade mide os asuntos ingresados por cada mil habitantes, poñendo en relación o volume de asuntos xudiciais que se inician nun determinado período coa densidade da poboación existente no ámbito de actuación do órgano ou órganos xudiciais a analizar. Outros indicadores son a taxa de resolución, que mide os asuntos resoltos sobre os ingresados; a taxa de pendencia, que mide os asuntos pendentes ao final do ano sobre os asuntos resoltos; a taxa de conxestión, que mide os asuntos ingresados máis os pendentes ao inicio do ano sobre os asuntos resoltos nese ano.

6.2. O cadro seguinte amosa a taxa de litixiosidade, tanto no conxunto nacional como nas distintas comunidades autónomas, no exercicio 2019. No cadro amósase como no conxunto do Estado español este índice acada un valor de 133,5 asuntos. Galicia sitúase por debaixo dese valor, acadando un total de 122,6 asuntos. Esta menor taxa de litixiosidade respecto do valor nacional maniféstase nas ordes penal e contenciosa. Sen embargo na orde social esta taxa acada, xunto con Canarias e Asturias, un dos maiores índices do Estado, e na civil é lixeiramente superior á estatal.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 98

Cadro 1: Taxa de litixiosidade no exercicio 2019

	Civil	Penal	Contencioso	Social	Total
Andalucía	48,8	82,1	9,2	8,6	148,6
Aragón	41,3	68,5	3,3	6,9	119,9
Asturias	63,0	58,0	5,1	13,4	139,5
Illes Balears	57,4	72,0	2,7	6,9	139,0
Canarias	60,6	95,1	3,7	14,4	173,8
Cantabria	61,6	59,0	3,0	11,0	134,6
Castilla y León	56,3	65,7	4,0	10,4	136,4
Castilla-La Mancha	38,4	45,5	2,9	6,2	92,9
Cataluña	50,9	71,1	2,3	8,2	132,5
Comunidad Valenciana	52,5	68,2	3,9	7,7	132,3
Extremadura	41,0	54,7	2,2	5,8	103,7
Galicia	**51,2**	**55,7**	**3,4**	**12,4**	**122,6**
Madrid	54,6	63,1	5,3	10,3	133,3
Murcia	51,7	71,1	4,3	8,1	135,2
Navarra	33,7	56,2	2,7	6,3	98,8
País Vasco	40,1	43,8	3,7	9,7	97,3
La Rioja	41,1	36,7	4,1	7,2	89,2
España	**50,7**	**68,3**	**5,3**	**9,2**	**133,5**

Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

No Anexo I preséntase a evolución que mantivo esta taxa a nivel nacional e autonómico no período 2001-2019. No cadro pode apreciarse como esta taxa de litixiosidade na Comunidade Autónoma de Galicia situouse sempre por debaixo dos niveis medios[8] obtidos polo conxunto do Estado, cunha lixeira aproximación no exercicio 2016. Esta aproximación ten lugar nun contexto xeneralizado de redución desta taxa, motivado pola entrada en vigor da reforma do artigo 284.2 da Lei de axuizamento criminal (pola que os atestados policiais de delitos sen autor coñecido non se remiten aos Xulgados de Instrución), que fixo diminuír de forma considerable a taxa de litixiosidade na orde penal nun 31,34% a nivel nacional e nun 25,23% en Galicia.

[8] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 98

Gráfico 1: Evolución da taxa de litixiosidade



Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

No exercicio 2019 a taxa de litixiosidade situouse en Galicia en 122,6 asuntos, revertendo así o descenso que se producira no exercicio 2018. Este incremento produciuse principalmente no ámbito da xurisdición civil, pero tamén na penal e social, coa seguinte desagregación.

Cadro 2: Taxa de litixiosidade na Comunidade Autónoma de Galicia

	2017	2018	Evolución 17/18	2019	Evolución 18/19
Xurisdición Civil	44,9	44,8	-0,20%	51,17	14,22%
Xurisdición Penal	58,4	52,5	-10,10%	55,65	6,00%
Xurisdición Contencioso-Administrativo	3,3	3,4	4,30%	3,35	-1,47%
Xurisdición Social	11,5	11,2	-2,6%	12,43	10,98%
Conxunto das xurisdicións	**118,1**	**111,9**	**-5,30%**	**122,6**	**9,56%**

Fonte: Memorias do CXPX

6.3. No seguinte cadro amósanse os indicadores de taxa de resolución, pendencia e conxestión a nivel nacional no período 2010-2019:

Cadro 3: Indicadores litixiosidade a nivel nacional

Indicadores	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Taxa resolución	0,99	1,0	1,01	1,0	1,0	1,02	1,03	0,98	0,96	0,97
Taxa pendencia	0,35	0,3	0,32	0,3	0,3	0,28	0,37	0,41	0,45	0,47
Taxa conxestión	1,36	1,3	1,32	1,3	1,3	1,28	1,37	1,41	1,45	1,46

Fonte: Memorias do CXPX. Datos por Tribunais Superiores de Xustiza

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 98

Obsérvase un detrimento da capacidade resolutiva respecto á carga de traballo das distintas xurisdicións a nivel nacional. En efecto, as taxas de pendencia e de conxestión aumentan progresivamente a partir do ano 2016, situándose ao final do período analizado nun nivel superior en 0,12 e 0,10 puntos, respectivamente, ao ano 2010. Por outra parte, a taxa de resolución comeza a diminuír no exercicio 2017 e acada o nivel máis baixo do período no ano 2018, aínda que se observa unha leve recuperación no ano 2019.

En canto á taxa de resolución por Tribunal Superior de Xustiza, no exercicio 2018 tan só chegou a unha taxa de valor 1 o Tribunal de Navarra, o que significa que resolveu tantos asuntos como ingresou. Superaron a taxa media nacional (0,96) La Rioja (con 0,99), Comunidad Valenciana, Madrid e País Vasco (0,98). A taxa de resolución máis baixa produciuse en Galicia (0,90), consecuencia da folga de funcionarios[9], e tamén en Castilla-La Mancha (0,93) e Extremadura (0,94).

No exercicio 2019 foi Aragón a comunidade que acadou unha taxa de resolución de valor 1, e Cantabria e Castilla y León acadaron unha taxa de 0,99, sendo Baleares e Murcia a que presentaron unha taxa de resolución menor (0,93). Pola súa parte, a Comunidade Autónoma de Galicia acadou unha taxa de resolución de 0,98, un pouco superior á da media nacional de (0,97).

6.4. No seguinte cadro amósanse os indicadores de taxa de resolución, pendencia e conxestión correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

Cadro 4: Indicadores litixiosidade na Comunidade Autónoma de Galicia

Indicadores	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Taxa resolución	0,99	1,0	1,0	1,0	1,0	1,02	1,02	0,98	0,90	0,98
Taxa pendencia	0,36	0,3	0,4	0,3	0,3	0,3	0,36	0,41	0,57	0,48
Taxa conxestión	1,36	1,4	1,4	1,4	1,3	1,31	1,38	1,41	1,59	1,49

Fonte: Memorias do CXPX. Datos por Tribunais Superiores de Xustiza

Ao igual que ocorre no conxunto das xurisdicións a nivel nacional a partir do ano 2016, tamén na Comunidade Autónoma galega as taxas de conxestión e pendencia se incrementan e a de resolución

[9] A folga do persoal pertencente aos corpos de Médicos forenses, Xestión, Tramitación e Auxilio Xudicial, iniciouse o 1 de decembro de 2017 cunha primeira xornada, para converterse en indefinida o 7 de febreiro de 2018. As reivindicacións pivotaban sobre os feitos de que cobraban o menor complemento retributivo autonómico entre todas as comunidades con competencias en materia de Xustiza, que eran os únicos aos que se lles aplicaban descontos en baixas por enfermidade, non se lles aboaba o salario completo en substitucións, determinados reforzos conxunturais prolongábanse durante máis de tres anos, e o feito de que se amortizaran máis de cen prazas do cadro de persoal.
Finalmente, o 31 de maio de 2018 desconvocouse a folga trala publicación no DOG do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de maio de 2018, polo que se aproba o acordo alcanzado o 23 de maio de 2018 entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT e CC.OO., para a mellora das condicións de traballo do persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 98

diminúe. No ano 2018 a comparativa dos indicadores da Comunidade Autónoma de Galicia coa media nacional amosa un índice inferior de resolución mentres que os de pendencia e conxestión son superiores, consecuencia da folga de funcionarios no ano 2018, no que se produciu un descenso no número de asuntos ingresados e tamén dos resoltos respecto do 2017 e tamén do 2019. No exercicio 2019 os indicadores mostran a recuperación da capacidade de resolución, que se sitúa por encima da media nacional, porén as taxas de pendencia e conxestión seguen en valores superiores á media nacional.

VII. ANÁLISE ECONÓMICA DO GASTO EN ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

VII.1. EVOLUCIÓN DO GASTO DO PROGRAMA ORZAMENTARIO NO PERÍODO 2011-2019

7.1. O seguinte cadro amosa en detalle a execución orzamentaria seguindo a clasificación económica do programa *131A Administración de Xustiza* no período 2011-2019, reflectindo a súa evolución e a relación que presenta co orzamento executado no conxunto da Administración xeral.

Hai que sinalar que os cambios que se produciron na estrutura de programación do orzamento en 2019 supuxeron que se incorporaran a este programa *131A Administración de Xustiza*, dentro do capítulo de transferencias de capital, os créditos que ata ese momento a AMTEGA estaba a executar en desenvolvemento do II Plan tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia, que ata ese exercicio se viñan clasificando funcionalmente dentro do programa *571A Fomento da Sociedade da Información e do Coñecemento*. Por ese motivo, ditas partidas reflíctense de xeito separado no cadro.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 98

Cadro 5: Análise económica do gasto do programa de Xustiza período 2011-2019. (Miles de euros)

Capítulo	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	Peso do capítulo en 2019	Evolución 2011-19
Gasto de persoal	89.728,05	80.078,28	83.038,03	83.541,10	87.066,82	88.794,75	91.962,17	93.556,81	105.564,87	62,93%	17,65%
Gasto corrente	12.230,65	14.333,73	14.529,02	12.790,67	12.151,85	11.939,82	12.666,87	13.691,29	13.097,77	7,81%	7,09%
Transferencias correntes	14.339,39	12.367,30	12.428,47	14.416,59	13.598,34	13.188,61	13.209,97	12.714,66	14.021,92	8,36%	-2,21%
Gasto de funcionamento	**116.298,09**	**106.779,31**	**109.995,52**	**110.748,36**	**112.817,01**	**113.923,18**	**117.839,01**	**119.962,76**	**132.684,56**	**79,09%**	**14,09%**
Investimentos	450,88	354,12	429,63	3.607,29	4.481,60	9.213,90	10.107,24	20.738,27	30.146,93	17,97%	6586,24%
Transferencias de capital									4.930,15	2,94%	
Total gasto do programa 131A	**116.748,97**	**107.133,43**	**110.425,14**	**114.355,65**	**117.298,60**	**123.137,09**	**127.946,25**	**140.701,03**	**167.761,63**	**100,00%**	**43,69%**
Proxectos do programa 571A vinculados á Admón. de Xustiza	495,12	2.963,41	3.118,27	2.389,87	2.650,30	4.895,46	4.127,55	3.842,17			
Total gasto na Admón. de Xustiza	**117.244,09**	**110.096,84**	**113.543,41**	**116.745,52**	**119.948,90**	**128.032,55**	**132.073,80**	**144.543,20**	**167.761,63**		**43,09%**
Total orzamento Admon. xeral	**9.263.994,68**	**9.389.071,29**	**9.521.797,32**	**9.675.763,51**	**10.009.914,46**	**10.106.478,08**	**10.800.622,99**	**10.064.649,44**	**12.375.379,71**		**33,59%**
Porcentaxe do gasto en xustiza respecto do orzamento total	**1,27%**	**1,17%**	**1,19%**	**1,21%**	**1,20%**	**1,27%**	**1,22%**	**1,44%**	**1,36%**		
Evolución anual dos gastos en xustiza		-6,10%	3,13%	2,82%	2,74%	6,74%	3,16%	9,44%	16,06%		
Evolución anual do orzamento		**1,35%**	**1,41%**	**1,62%**	**3,45%**	**0,96%**	**6,87%**	**-6,81%**	**22,96%**		

Fonte: Datos extraídos das bases de datos facilitadas pola IXCA

O gasto total executado no ámbito da Administración de Xustiza en Galicia no exercicio 2019 acadou un total de obrigas de 167,76 millóns de euros. Este importe está composto maiormente polos custos do persoal, que representan un 62,93% do total, e polos custos dos investimentos (cun 17,97%), mentres que os gastos en bens correntes e transferencias correntes constitúen o 7,81% e o 8,36%, respectivamente. Finalmente, o capítulo de transferencias de capital supón un 2,94%.

A evolución do peso relativo do gasto executado en materia de xustiza dentro do conxunto da Administración xeral amosa unha primeira fase, ata o exercicio 2017, cuxos valores viñan oscilando entre o 1,17% e 1,27%. O exercicio 2018 supuxo un fito cunha ratio do 1,44% do gasto total executado pola Administración xeral. Este incremento vén determinado tanto polo importante crecemento de gasto que amosou este programa no 2018 (un 9,44% respecto do ano anterior) como polo descenso do gasto total executado pola Administración, que por primeira vez no período de referencia reduciuse nun 6,81%. Posteriormente, no exercicio 2019 o gasto en xustiza pasa a representar o 1,36% do gasto total executado, e obsérvase como o alto nivel de crecemento amosado por este programa (16,06%) veuse mitigado polo máis importante nivel de crecemento que se presentou na execución do orzamento na Administración xeral (22,96%).

Con todo, a evolución anual do gasto destinado á xustiza amosa como, agás no exercicio 2012, en todos os demais exercicios o programa incrementou a súa execución a unha taxa por riba do 2,5%, chegando no exercicio 2019 a amosar un incremento do 16,06%, onde sinaladamente destacan os incrementos dos gastos de persoal e de investimentos. Como mostra, desde o exercicio 2013 ata o 2019, o programa *131A Administración de Xustiza,* xunto cos programas *422D Educación Especial,*

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 98

422E Ensinanzas artísticas e *422M Ensinanza secundaria e formación profesional*, son os únicos que amosaron respecto da execución orzamentaria unha taxa anual de evolución positiva.

O resultado conxunto para o período analizado amosa para o gasto en xustiza un incremento do 43,09%, moi por riba do 33,59% de crecemento do orzamento na Administración xeral, debido fundamentalmente á evolución positiva que amosa o capítulo de investimentos. Neste sentido, apréciase como os gastos correntes de funcionamento teñen un comportamento máis discreto no mesmo período cun crecemento do 14,09%, vinte e nove puntos e medio por debaixo do nivel de crecemento amosado polo orzamento total de xustiza.

VII.2. ESTUDO ECONÓMICO COMPARATIVO CON OUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

7.2. O seguinte cadro mostra a evolución do gasto orzamentario executado por cada unha das comunidades autónomas con competencias asumidas en Administración de Xustiza entre os exercicios 2009 (ano de consolidación das transferencias nas comunidades autónomas de Aragón e Asturias) e 2018 (último exercicio publicado). Quedan excluídas polo tanto: Castilla y León, Castilla-La Mancha, Extremadura, Baleares e Murcia.

No caso de Galicia, os gastos reflicten a execución que amosa o programa *131A Administración de Xustiza*, sen ter en conta o gasto xestionado pola AMTEGA no desenvolvemento do II Plan tecnolóxico da Administración de Xustiza de Galicia: Senda 2020, rexistrado no programa orzamentario *517A Fomento da Sociedade da Información e do Coñecemento* ata o exercicio 2019.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 98

Cadro 6: Análise económica comparativa con outras comunidades autónomas do gasto orzamentario en Administración de Xustiza 2009-2018. (Millóns de euros)

Comunidade Autónoma	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Variación 2009/2018	
											Importe	%
Andalucía	511,47	461,07	399,83	402,89	416,32	437,64	407,55	421,85	442,60	540,66	29,19	5,71%
Aragón	65,29	62,66	65,82	63,80	71,22	70,01	71,72	70,80	67,02	70,29	5	7,66%
Asturias	66,30	70,42	63,84	51,54	53,26	53,55	54,31	56,26	56,18	60,48	-5,82	-8,78%
Valencia	279,54	294,81	294,88	288,04	234,54	263,08	234,66	252,01	244,16	281,4	1,86	0,67%
Canarias	155,78	151,08	149,04	159,00	143,60	133,21	131,19	147,23	141,44	145,7	-10,08	-6,47%
Cantabria	34,18	33,89	32,70	28,74	27,62	27,96	28,01	28,41	29,28	30,18	-4	-11,70%
Cataluña	626,68	617,14	603,22	566,79	529,59	535,23	567,11	586,16	589,24	598,37	-28,31	-4,52%
Galicia	**119,41**	**116,56**	**116,75**	**107,13**	**110,43**	**114,36**	**117,30**	**123,14**	**127,95**	**140,7**	**21,29**	**17,83%**
Madrid	450,22	414,38	430,44	521,89	393,40	384,93	387,51	408,81	439,90	452,5	2,28	0,51%
Navarra	31,71	34,55	32,89	27,23	25,46	27,56	25,84	27,27	28,25	30,42	-1,29	-4,07%
País Vasco	161,48	169,07	164,81	151,06	152,10	156,72	161,11	164,94	164,66	172,46	10,98	6,80%
La Rioja	0,00	0,00	12,28	15,25	17,78	24,62	23,45	18,33	16,64	16,41	16,41	
Total	**2.502,06**	**2.425,63**	**2.366,50**	**2.383,36**	**2.175,32**	**2.228,87**	**2.209,76**	**2.305,21**	**2.347,32**	**2.539,57**	**37,51**	**1,50%**
Porcentaxe de Galicia respecto do total	**4,77%**	**4,81%**	**4,93%**	**4,49%**	**5,08%**	**5,13%**	**5,31%**	**5,34%**	**5,45%**	**5,54%**		

Fonte : Consello Xeral do Poder Xudicial

Respecto á porcentaxe de gasto da Comunidade Autónoma galega en relación co cómputo total agregado, apréciase como nos primeiros exercicios, desde 2009 ata 2011, este valor foi gañando peso ata acadar o 4,93%. Posteriormente, como consecuencia de que os axustes orzamentarios no exercicio 2012 inciden máis na Comunidade Autónoma galega que no conxunto nacional, a porcentaxe nese exercicio acada niveis mínimos do 4,49%. A partir dese exercicio iníciase unha senda continua de crecemento, chegando a acadar no exercicio 2018 unha taxa do 5,54%.

Os seguintes gráficos amosan o perfil de comportamento do gasto tanto na Comunidade Autónoma galega como no agregado de comunidades autónomas entre os exercicios 2009 e 2018.

Gráfico 2: Evolución do gasto en Administración de Xustiza en Galicia. (Millóns de euros)



Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 a 98

Apréciase como na Comunidade Autónoma galega a serie iníciase cunha senda decrecente do gasto na que o recorte de gastos executado no exercicio 2012 diminúe os gastos desde os 116,75 millóns que había no exercicio 2011 ata aos 107,13 millóns de euros. A partir de aí comeza unha recuperación ininterrompida do gasto. Os datos de evolución do período revelan como o incremento do gasto acadado en Galicia do 17,83% constitúe o valor máis alto de todas as comunidades autónomas analizadas. En termos absolutos, a Comunidade Autónoma galega e Andalucía foron as que máis incrementaron o gasto neste período.

Gráfico 3: Evolución do gasto en Administración de Xustiza no conxunto de CC.AA. (Millóns de euros)



Fonte : Consello Xeral do Poder Xudicial

A nivel nacional, a senda decrecente no inicio da fase amosa un perfil de comportamento similar ao da Comunidade Autónoma galega, se ben no exercicio 2012, polo efecto da Comunidade de Madrid, non se notou a redución global que si se manifestou na meirande parte das comunidades autónomas. Pola contra, o efecto dos axustes orzamentarios repercute de forma máis sinalada a nivel agregado no exercicio 2013, reducíndose o gasto desde os 2.383,36 millóns de euros de 2012 ata os 2.175,32 millóns de euros en 2013. A recuperación do nivel do gasto dos exercicios 2011 e 2012 non se produce ata o 2018.

Porén, esta pauta de comportamento non presenta unha similitude entre os distintos capítulos do gasto que integran, no caso de Galicia, o programa orzamentario *131A Administración de Xustiza*. No Anexo I deste informe figuran os cadros que reflicten para o período de 2009 a 2018 o custo dos gastos de persoal, gastos en bens correntes e servizos, en transferencias correntes, e investimentos para as distintas comunidades autónomas que teñen transferidas as competencias en Administración de Xustiza, e que serán analizados máis detalladamente noutros puntos deste informe.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 98

7.3. O seguinte cadro reflicte, para o período 2009-2018, o gasto executado por cada comunidade autónoma con competencias en materia de xustiza respecto da poboación en miles de habitantes en cada unha delas a 1 de xaneiro. No exercicio 2018 o gasto en xustiza para o conxunto de comunidades autónomas supuxo un gasto por habitante de 66,07 euros. A evolución desta taxa conxunta amosa unha primeira fase cunha tendencia decrecente ata o exercicio 2013, iniciándose a partir dese momento unha moderada senda de recuperación.

Galicia situouse todos estes exercicios por debaixo do nivel amosado para o conxunto de comunidades autónomas, acadando en 2018 un gasto por habitante de 52,08 euros. Só as comunidades de Navarra, Cantabria e La Rioja presentan un valor inferior. Porén, se atendemos á evolución deste gasto por habitante, Galicia é a comunidade autónoma onde máis medrou este gasto, cun incremento do 21,95%, nun escenario conxunto que apenas mostra variacións desde 2009.

Cadro 7: Análise económica do gasto das comunidades autónomas respecto da poboación. (Euros)

Gasto orzamentario por habitante	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Evolución 2009-2018
Andalucía	61,60	55,08	47,46	47,68	49,33	52,09	48,52	50,29	52,82	64,48	4,68%
Aragón	48,53	46,51	48,89	47,28	52,87	52,83	54,42	54,10	51,21	53,71	10,68%
Asturias	61,09	64,94	59,03	47,84	49,86	50,44	51,67	53,97	54,28	58,82	-3,72%
Canarias	74,04	71,31	70,08	75,06	67,78	63,29	62,46	70,04	67,09	68,48	-7,51%
Cantabria	58,01	57,23	55,13	48,39	46,66	47,49	47,86	48,80	50,46	52,02	-10,33%
Cataluña	83,83	82,15	80,01	74,86	70,11	71,18	75,53	77,92	77,98	78,73	-6,08%
Comunidad Valenciana	54,87	57,67	57,62	56,16	45,86	52,56	47,11	50,81	49,41	56,69	3,32%
Galicia	**42,70**	**41,66**	**41,76**	**38,52**	**39,92**	**41,60**	**42,93**	**45,30**	**47,24**	**52,08**	**21,95%**
Madrid	70,49	64,16	66,33	80,31	60,57	59,64	60,20	63,21	67,60	68,79	-2,41%
Navarra	50,29	54,25	51,23	42,25	39,50	43,01	40,34	42,56	43,93	46,98	-6,58%
País Vasco	74,34	77,61	75,44	68,88	69,40	71,60	73,59	75,33	75,04	78,42	5,49%
La Rioja			38,03	47,11	55,20	77,18	73,97	58,03	52,78	51,97	-
Total	**65,87**	**63,48**	**61,21**	**61,54**	**56,28**	**58,11**	**57,76**	**60,29**	**61,32**	**66,07**	**0,30%**

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de execución do Consello Xeral do Poder Xudicial e datos do padrón de habitantes do INE

No seguinte gráfico pode apreciarse de forma máis visual a diferenza do custo por habitante entre Galicia e a media do conxunto de comunidades autónomas ao longo do período analizado.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 98

Gráfico 4: Análise económica do gasto das comunidades autónomas respecto da poboación. (Euros)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de execución do Consello Xeral do Poder Xudicial e datos do padrón de habitantes do INE

7.4. Outro índice relevante na análise económica do gasto en xustiza é o gasto por asunto ingresado. O seguinte cadro, referido ao exercicio 2018, reflicte unha comparativa autonómica do gasto orzamentario para cada comunidade autónoma por cada asunto ingresado.

Cadro 8: Gasto orzamentario por asunto ingresado en 2018. (Euros)

Comunidade	Asuntos ingresados	Liquidación do orzamento de xustiza	Gasto orzamentario por asunto
Andalucía	1.241.138	540.659.670,97	435,62
Aragón	150.880	70.293.066,57	465,89
Asturias	140.041	60.478.288,14	431,86
Canarias	356.435	145.697.720,99	408,76
Cantabria	76.108	30.182.662,03	396,58
Cataluña	935.610	598.366.917,45	639,55
Valencia	648.037	281.398.487,20	434,23
Galicia	**302.286**	**140.701.034,67**	**465,46**
Madrid	836.684	452.500.283,05	540,83
Navarra	60.812	30.421.248,20	500,25
País Vasco	208.286	172.458.941,47	827,99
La Rioja	27.985	16.406.778,97	586,27
Total CC.AA.	**4.984.302**	**2.539.565.100**	**509,51**

Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

O gasto orzamentario por cada asunto ingresado na Administración de Xustiza en Galicia no exercicio 2018 foi de 465,46 euros, por debaixo da media que presenta o conxunto de comunidades autónomas, que reflicten un custo de 509,51 euros. A continuación amósase graficamente este custo para o conxunto das comunidades autónomas, onde se aprecia a situación relativa de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 35 a 98

Gráfico 5: Gasto orzamentario por asunto ingresado. (Euros)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de execución do Consello Xeral do Poder Xudicial e datos do padrón de habitantes do INE

7.5. Mentres o custo da xustiza por habitante en Galicia era dos máis baixos do Estado, a influencia da menor litixiosidade que presenta Galicia cun nivel inferior de asuntos ingresados fai que o custo por asunto ingresado se aproxime máis á media nacional.

VIII. EFECTIVOS E GASTOS DE PERSOAL

8.1. O persoal ao servizo da Administración de Xustiza fai posible a realización da función xurisdicional polos xuíces e maxistrados, de aí a importancia de dispoñer dun cadro de persoal cos postos de traballo necesarios para asumir a carga de traballo inherente aos procedementos xudiciais.

O Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, de transferencia de funcións á Comunidade Autónoma en materia de medios persoais ao servizo da Administración de Xustiza, dispón que os funcionarios dos corpos de médicos forenses, do corpo de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa, e de auxilio xudicial pasarán a depender organicamente da Comunidade Autónoma.

O Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, que regula o ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza, establece

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 a 98

que lle corresponde á Comunidade Autónoma, no seu ámbito territorial, determinar as necesidades de recursos humanos e poñelas en coñecemento do Ministerio de Justicia para que elabore a oferta de emprego público e convoque os procesos selectivos. Tamén lle corresponde á Comunidade Autónoma propoñer os catro representantes que participan na Comisión de Selección e tamén propoñer ao Tribunal Delegado que actuará baixo a dependencia e dirección do Tribunal Cualificador Único, nomeado, este último, polo Ministerio para asegurar a igualdade entre todos os aspirantes.

VIII.1. EVOLUCIÓN DE EFECTIVOS DO PERSOAL FUNCIONARIO

8.2. No seguinte cadro móstrase a evolución do número de efectivos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de Xustiza de Galicia desde xaneiro de 2014 ata xaneiro de 2019.

Cadro 9: Cadro de persoal orgánico na Comunidade Autónoma de Galicia 2014-2019

	Xestión P.A.	Tramitación P.A.	Auxilio xudicial	Médicos forenses	Total
Xaneiro 2014	788	1.158	551	51	2.548
Xaneiro 2015	788	1.158	551	51	2.548
Xaneiro 2016	789	1.179	551	60	2.579
Xaneiro 2017	785	1.178	551	60	2.574
Xaneiro 2018	785	1.178	551	64	2.578
Xaneiro 2019	801	1.218	562	64	2.645
Evolución 2014-2019	**1,65%**	**5,18%**	**2,00%**	**25,49%**	**3,81%**

Fonte: datos facilitados pola Dirección Xeral de Xustiza da Comunidade Autónoma

Nota: Obsérvanse diferenzas no número de efectivos facilitado pola Dirección Xeral de Xustiza e os datos publicados polo Consello Xeral do Poder Xudicial. As diferenzas poden explicarse polo momento no que se elaboran as estatísticas tanto polo Ministerio de Justicia como polo CXPX. A modo de exemplo, pode suceder que se incremente o persoal pola creación dun novo xulgado e que ese incremento non se recolla no momento da elaboración da estatística polo Ministerio ou polo CXPX.

O incremento dos efectivos ao longo do período non foi homoxéneo entre os distintos corpos de funcionarios: resultou menor para o corpo de xestión procesual e auxilio xudicial respecto do corpo de tramitadores e cun incremento relevante no caso dos médicos forenses.

A evolución do número de xuíces, fiscais e letrados da Administración de Xustiza que exercen nos xulgados da Comunidade Autónoma de Galicia apenas experimentou cambios, como se desprende do seguinte cadro.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 37 a 98

Cadro 10: Cadro de persoal de xuíces, fiscais e letrados na Comunidade Autónoma de Galicia 2014-2019. CXPX

	Xuíces	Fiscais	Letrados
Xaneiro 2014	350	144	270
Xaneiro 2015	371	144	270
Xaneiro 2016	357	146	270
Xaneiro 2017	348	146	270
Xaneiro 2018	351	146	270
Xaneiro 2019	353	146	274
Evolución 2014-2019	**0,86%**	**1,39%**	**1,48%**

Fonte: datos extraídos das memorias CXPX a 1 de xaneiro de cada ano

8.3. A Comunidade Autónoma galega vén propoñendo o aumento do cadro de persoal nos supostos de creación de novos xulgados ou de amortizacións dalgunha das prazas xa existentes. Tamén se crearon novas prazas a partir de prazas ocupadas con interinos de reforzo que viñan prestando servizos de xeito ininterrompido durante tres anos. En total, creáronse por esta circunstancia 25 prazas en fiscalías no 2015; 13 prazas de médicos forenses nos anos 2016 e 2017; e 36 prazas en distintos órganos xudiciais no ano 2018.

8.4. Respecto ao persoal interino dos corpos xerais administrativos, a Comunidade Autónoma, conforme á Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, pode regular a súa selección, formación e nomeamento e cese, cos criterios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade que rexen na selección dos funcionarios de carreira. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo nomea aos funcionarios interinos para substituír aos funcionarios de carreira, e tamén para reforzar os cadros de persoal, entre persoas integradas na bolsa de traballo e na bolsa de reserva que se elaboran cada dous anos.

Para entrar a formar parte das bolsas, os interinos deben posuír determinada formación, e no suposto de que non completaran seis meses de servizos efectivos nos cinco anos anteriores deberán realizar e superar un curso para pasar a ser interinos en prácticas durante dous meses. Cada aspirante só poderá formar parte dunha única bolsa, corpo e provincia. No caso de esgotarse a bolsa de reserva, e mentres non se formen novas bolsas, ofrécese a posibilidade de aceptar voluntariamente o nomeamento aos integrantes da bolsa do corpo inmediatamente superior e subsidiariamente aos do corpo inmediatamente inferior que posúan os requisitos esixidos para o posto concreto. Ademais, a Consellería, unha vez esgotadas as bolsas de interinos, poderá acudir aos solicitantes baremados que non foran incluídos na bolsa de reserva e, por último, ás listas do servizo público de emprego de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 38 a 98

8.5. No momento desta fiscalización estaban en funcionamento as bolsas convocadas en outubro de 2018. En total convocáronse 798 prazas para interinos, e presentáronse 716 solicitudes, cinco delas por persoas non integradas nas bolsas de traballo ou reserva. Estes datos mostran a dificultade para acadar a cobertura total das prazas das bolsas de interinos, entre outros factores polos requisitos esixidos.

8.6. Para verificar o grao de cobertura das prazas vacantes tomáronse os datos do cadro de persoal dun día concreto, fixando como data de referencia o 18.02.2021. Neste sentido, débese ter en conta a súa variabilidade, xa que diariamente poden darse circunstancias que determinen cambios frecuentes. O resultado da verificación mostra un moderado número de prazas vacantes non cubertas. Así, dos 2.696 postos do cadro de persoal, considéranse vacantes 371, aínda que 173 deles están cubertos por funcionarios de carreira titulares doutros postos e 131 por funcionarios interinos. As restantes 67 prazas vacantes que non estaban cubertas por ningún efectivo nesa data representan un 2,48% do total de prazas do cadro de persoal. Entre as causas da non cobertura de postos están a creación de novos postos en novos xulgados, a tramitación de expedientes para a modificación do cadro de persoal, as xubilacións, as excedencias ou falecementos[10].

Polo que respecta á antigüidade da cobertura temporal das prazas vacantes do cadro de persoal ocupadas por funcionarios de carreira (173 prazas), 42 delas foron a través de comisións de servizos, tendo unha destas comisións unha duración superior aos 2 anos. En canto á duración das interinidades, 31 dos 131 interinos (un 23,7%) levaban neses postos un período superior aos tres anos.

8.7. A Orde do 4 de outubro de 2018 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sobre selección e nomeamento do persoal interino, establece que en todo caso o nomeamento deste persoal terá un carácter excepcional e subsidiario ao que se poderá recorrer cando non exista outra medida máis efectiva para paliar as consecuencias de situacións de ausencia de funcionarios titulares ou pola necesidade de nomear reforzos. Como norma xeral, non se cubrirán por persoal interino os postos de traballo vacantes ou cuxa desocupación se acredite de longa duración, entendendo esta como aquela que supere os 3 meses. No suposto de que un órgano, servizo ou unidade da Administración de Xustiza soporte unha carga de traballo extraordinaria ou unha demora excepcional nos procedementos que non aconsellen prolongacións de xornada aceptada voluntariamente polo persoal funcionario, a Dirección Xeral de Xustiza poderá acordar o nomeamento

[10] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 39 a 98

de persoal interino de reforzo por un período de 6 meses con posibilidade de prórroga. En ningún caso a duración do reforzo, incluídas as prórrogas, poderá superar o prazo de 3 anos.

8.8. No seguinte cadro móstrase a antigüidade das interinidades, maior ou menor de tres meses e tres anos, respectivamente, en función do tipo de postos vacantes, non vacantes ou de reforzo.

Cadro 11: Antigüidade do persoal interino en data 18.02.2021

Antigüidade interinos	Interinos en prazas non vacantes	Interinos en prazas vacantes	Interinos de reforzo	Total	% / Total
Igual ou menor de tres meses	59	16	1	**76**	**13%**
Maior de tres meses	303	115	80	**498**	**87%**
Total	**362**	**131**	**81**	**574**	**100%**
%/ Total	**63%**	**23%**	**14%**		
Maior de tres anos	26	31		**57**	**10%**
Menor de tres anos	336	100	81	**517**	**90%**
Total	**362**	**131**	**81**	**574**	**100%**
%/ Total	**63%**	**23%**	**14%**		**100%**

Fonte: Dirección Xeral de Xustiza

8.9. Como se desprende do cadro, en data 18.02.2021 un considerable número de postos de traballo estaban ocupados por interinos. En total, 574 dos 2.777 dos postos de traballo existentes, o que representa o 20,6% do total. En contra das previsións da Orde do 4 de outubro de 2018, o 20% dos interinos desempeñan prazas vacantes cunha antigüidade maior aos 3 meses. Por outra parte, destaca o feito de que 57 interinos ocupen prazas vacantes cunha antigüidade superior aos 3 anos, posto que o nomeamento de persoal interino debe ter carácter temporal para ocupar postos de traballo vacantes ou que provisionalmente non poidan ser desempeñados polo seu titular.

Ningún dos interinos de reforzo ocupa postos con antigüidade superior a 3 anos, aínda que unha elevada maioría (67 dos 81) acumulan unha antigüidade de máis de 6 meses, que é o período máximo que a citada orde establece para o nomeamento de persoal interino de reforzo, con posibilidade de prórroga para supostos concretos nos que non se cumpriran os obxectivos do plan de actuación. O nomeamento deste persoal debe ter carácter provisional e excepcional mentres se tramita o proceso de aumento do cadro de persoal dun órgano, servizo ou unidade, sempre que tal nomeamento se xustifique por causas estruturais e non meramente conxunturais ou esporádicas.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 40 a 98

VIII.2. EVOLUCIÓN DOS GASTOS DO PERSOAL FUNCIONARIO

8.10. No cadro incluído no anexo deste informe relativo á evolución dos gastos de persoal no conxunto de comunidades autónomas pode apreciarse como o importe total destes medrou no período analizado nunha taxa do 9,49%, pasando de 1.462,42 millóns de euros en 2009 a 1.601,20 millóns de euros en 2018. No caso de Galicia, amosou para o decenio analizado un escaso crecemento do 2,64%, pasando de 91,15 millóns a 93,56 millóns de euros. Só Andalucía presenta un índice de evolución menor.

Os seguintes gráficos reflicten dita evolución do gasto de persoal tanto en Galicia como no total de CC.AA. no período analizado, na que se advirte un perfil similar de comportamento, onde destaca o importante axuste producido en 2012. Apréciase así mesmo como en Galicia non se volveu a recuperar ata o exercicio 2017 o nivel de gasto existente en 2011, mentres que no conxunto do Estado e na meirande parte das comunidades autónomas acadouse de forma máis acelerada xa no 2015.

Gráfico 6: Evolución dos gastos de persoal no conxunto de CC.AA. (Miles de euros)



Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 41 a 98
89226

Gráfico 7: Evolución dos gastos de persoal na Comunidade Autónoma galega. (Miles de euros)



Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

VIII.3. ESTUDO COMPARATIVO DOS EFECTIVOS DE PERSOAL NAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

8.11. A continuación amósase a estrutura dos cadros de persoal das distintas comunidades autónomas en xaneiro de 2019, xunto coa poboación existente en cada unha delas e a relación de asuntos xudiciais ingresados.

Cadro 12: Efectivos de persoal nas comunidades autónomas. Xaneiro 2019

Comunidade	Xestión p.a.	Tramitación p.a.	Auxilio xudicial	Médicos forenses	Outros*	Total xeral	Poboación	Funcionarios por cada 10.000 habitantes	Asuntos ingresados	Persoal por cada 10.000 asuntos ingresados
Andalucía	2.349	3.566	1.590	188	1	**7.694**	8.414.240	9,14	1.276.130	60,29
Aragón	354	539	274	34	4	**1.205**	1.319.291	9,13	158.199	76,17
Asturias	346	557	255	22		**1.180**	1.022.800	11,54	142.712	82,68
Baleares	351	559	238	21	2	**1.171**	1.149.460	10,19	159.765	73,30
Canarias	639	1.176	494	48		**2.357**	2.153.389	10,95	374.247	62,98
Cantabria	190	287	137	15		**629**	581.078	10,82	78.217	80,42
Castilla y León	821	1.160	640	66	1	**2.688**	2.399.548	11,20	277.247	96,95
Castilla-La Mancha	534	756	398	48	1	**1.737**	2.032.863	8,54	222.955	77,91
Cataluña	2.302	3.354	1.531	213	12	**7.412**	7.675.217	9,66	1.016.800	72,90
Comunidad Valenciana	1.417	2.329	863	94	8	**4.711**	5.003.769	9,41	661.833	71,18
Extremadura	301	411	241	28		**981**	1.067.710	9,19	110.669	88,64
Galicia	**801**	**1.218**	**562**	**64**		**2.645**	**2.699.499**	**9,80**	**330.956**	**79,92**
Madrid	2.180	3.286	1.213	150	14	**6.843**	6.663.394	10,27	888.286	77,04
Murcia	382	608	269	29	4	**1.292**	1.493.898	8,65	201.942	63,98
Navarra	171	215	121	13		**520**	654.214	7,95	64.667	80,41
País Vasco	666	992	433	53		**2.144**	2.207.776	9,71	214.716	99,85
La Rioja	84	148	68	8		**308**	316.798	9,72	28.272	108,94
Total xeral	**13.888**	**21.161**	**9.327**	**1.094**	**47**	**45.517**	**46.854.944**	**9,71**	**6.207.613**	**73,32**

Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial.
*Outros: Inclúe facultativos, técnicos especialistas, axudantes de laboratorio, axentes de laboratorio a extinguir e corpos xerais da Administración do Estado

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 42 a 98

O número de funcionarios na Administración de Xustiza galega ascende a 1 de xaneiro de 2019 a un total de 2.645 efectivos, divididos entre os corpos de xestión procesual, tramitación procesual, auxilio xudicial e médicos forenses, onde o corpo de tramitación procesual cobra unha importancia especial ao supoñer un 46% do persoal existente na Administración galega. A relación destes funcionarios con respecto á poboación supón unha taxa de 9,8 funcionarios por cada 10.000 habitantes, relación que á vista do resultado agregado sitúase en torno á media nacional do 9,71, dentro dunha serie que presenta un rango de variabilidade de 3,59 puntos, que é a distancia entre a taxa de 11,54 que presenta Asturias e a de 7,95 da Comunidade Foral de Navarra.

Porén, se relacionamos este persoal coa carga de traballo empregando o número de asuntos ingresados en cada unha das comunidades, Galicia presenta preto de 80 funcionarios por cada 10.000 asuntos ingresados, cifra que se sitúe por riba dos 73,32 funcionarios de media a nivel nacional, a consecuencia da menor litixiosidade que hai na nosa Comunidade Autónoma.

VIII.4. ESTABILIDADE E MOBILIDADE DO PERSOAL NA ADMINISTRACION XUDICIAL

8.12. Directamente relacionada coa actividade desenvolvida polos órganos xudiciais, están unha serie de datos relacionados co seu cadro de persoal, como son a rotación do persoal, vacantes existentes no cadro de persoal, ou prazas cubertas por interinos. Estas situacións traen causa tanto nos movementos por promocións, traslados, ou novos ingresos, como por xubilacións, cursos, baixas laborais, etc., que supoñen unha variación da persoa que presta efectivamente os servizos nun determinado posto do cadro de persoal. A estes efectos preséntanse os seguintes datos recollidos da información que publica o CXPX referida ao exercicio 2018, onde se reflicten unha serie de indicadores: por unha parte o índice de rotación, como expresión da estabilidade do cadro de persoal, calculado como número de tomas de posesión, tanto de titulares como de non titulares, dividido polo número de efectivos do cadro de persoal; e por outra, amósase a porcentaxe de días con prazas vacantes, con prazas cubertas por interinos, e con prazas cubertas por titulares, de xeito que as prazas vacantes, as cubertas por titulares e as cubertas por interinos suman o 100%.

8.13. Unha optimización destes valores consistiría nun índice de rotación o máis baixo posible, unha porcentaxe de días cubertos por interinos ou sen cubrir o máis baixa posible, e unha porcentaxe de días cubertos por titulares o máis alta posible.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 43 a 98

Os datos que se presentan, tanto para a Comunidade Autónoma galega como para o conxunto nacional, aparecen clasificados segundo o órgano xudicial e segundo o corpo de funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza entre os tres cuxa xestión lle corresponde á Comunidade Autónoma: xestión procesual, tramitación procesual, e auxilio xudicial.

Cadro 13: Estabilidade e mobilidade do persoal na Administración de Xustiza

		Índice de rotación			% Vacantes			% Interinos			% Titulares		
		Xest. proc.	Tramit. proc.	Aux. xud.	Xest. proc.	Tramit. proc.	Aux. xud.	Xest. proc.	Tramit. proc.	Aux. xud.	Xest. proc.	Tramit. proc.	Aux. xud.
Xulgados de instrución e primeira instancia	Galicia	0,19	0,23	0,19	1,7	2,2	1,4	**7**	**12,6**	**17,3**	**91,2**	**85,2**	**81,3**
	España	0,16	0,19	0,17	1,4	1,7	1,2	18,3	25,3	32,8	80,2	73	66
Xulgados do Penal	Galicia	**0,17**	0,31	0,3	**1**	**1,6**	1,8	**4,8**	**14,4**	**16,6**	**94,2**	**84**	**81,7**
	España	0,23	0,25	0,24	1,9	1,9	1,5	24,7	35,4	42,1	73,4	62,7	56,4
Xulgados do Social	Galicia	0,25	**0,18**	0,26	0,8	**0,4**	1,8	**7,5**	**9,7**	**13,8**	**91,7**	**89,9**	**84,4**
	España	0,17	0,2	0,2	0,6	0,6	0,3	13,4	21	36,6	86	78,4	63,2
Xulgados do Mercantil	Galicia	0,21	**0,15**	0,29	**0**	1,5	1,9	**0,6**	**5,2**	**28,6**	**99,4**	**93,2**	**69,5**
	España	0,2	0,27	0,25	0,7	1,3	0,7	21,8	34	40,6	77,4	64,7	58,7
Xulgados do Contencioso	Galicia	0,25	0,13	0,25	2	7,2	1,3	10,6	**8,7**	**1,9**	87,4	84,2	**96,8**
	España	0,16	0,13	0,21	0,9	1,3	1	9,2	12,6	23,5	89,9	86,1	75,4
Xulgados de Menores	Galicia	**0**	**0,1**	**0**	1,7	2,5	**0**	**3,4**	**9,4**	**8**	**94,9**	**88**	**92**
	España	0,16	0,28	0,26	1,2	2	0,8	6,6	15,7	20	92,2	82,3	79,2
Xulgados de violencia contra a muller	Galicia	0,22	0,25	0,17	2,3	1,9	1,7	**10,7**	**13,3**	**16,8**	**86,9**	**84,8**	**81,5**
	España	0,19	0,24	0,15	1,5	1,9	1,4	18,7	24,6	29,3	79,7	73,5	69,3
Audiencias provinciais	Galicia	**0,1**	**0,11**	**0,07**	4,5	6,2	8,1	**12,2**	**5,6**	**7,7**	83,3	**88,3**	**84,3**
	España	0,13	0,13	0,16	2	2,9	1,8	13,1	16,9	27,5	84,9	80,2	70,7
Tribunais Superiores de Xustiza	Galicia	0,04	0,02	**0**	0,2	0,2	0,6	0,8	**0,1**	3,7	99	99,7	95,6
	España	0,02	0,01	0,02	0,1	0,1	0,4	0,8	0,5	2	99,1	99,4	97,7
Xulgados de Vixilancia Penitenciaria	Galicia	0,33	**0,13**	0,33	2,1	**0,3**	**0,5**	10,7	**4**	**21,5**	87,1	**95,7**	**78,1**
	España	0,21	0,16	0,18	1,5	1	1,6	8,9	15,8	31,5	89,6	83,2	66,9

Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

Sinálase en letra grosa as situacións nas que Galicia presenta valores favorables con respecto ao conxunto do Estado

8.14. En canto ao índice de rotación, tanto as Audiencias provinciais como o Tribunal Superior de Xustiza presentan un índice de rotación baixo que tende a cero tanto a nivel autonómico como nacional. Para o resto de órganos xudiciais, Galicia con respecto a España presenta índices de rotación desfavorables que con carácter xeral que superan a media nacional no que se refire aos corpos de auxilio xudicial e xestión procesual. No corpo de tramitación procesual non existe unha tendencia clara xeral, senón que varía dependendo dos órganos xudiciais.

Atendendo ao dato referente ás prazas que aparecen cubertas polos seus titulares, con carácter xeral en todas as categorías de órganos xudiciais os corpos de tramitación xudicial e auxilio xudicial presentan de forma favorable en Galicia un índice superior de cobertura ao correspondente á media

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 44 a 98

nacional. De forma non tan notoria, o corpo de xestión procesual presenta ratios para Galicia máis favorables que as correspondentes ao conxunto nacional.

Pola súa parte, os datos referidos a prazas vacantes presentan en Galicia, con carácter xeral, un valor superior ao que amosa a media nacional.

Máis destacable son os datos das prazas cubertas por interinos, nos que Galicia presenta ratios inferiores en todos os órganos xudiciais e todos os corpos de funcionarios coas únicas excepcións do corpo de xestión procesual nos xulgados do Contencioso e Vixilancia Penitenciaria e no corpo de auxilio xudicial no Tribunal Superior de Xustiza.

IX. ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA

9.1. O artigo 24 da nosa Constitución garante o dereito fundamental a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais a todas as persoas no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos. Este dereito fundamental compleméntase co disposto no artigo 119 do mesmo texto normativo, onde se establece que a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar.

Neste eido, no ámbito estatal a Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, concreta o desenvolvemento lexislativo deste dereito determinando o contido e alcance do que se entende como dereito á asistencia xurídica gratuíta e, ademais, regula o procedemento para o seu recoñecemento e efectividade. O contido material deste dereito queda concretado no artigo 6 da lei como o compendio das seguintes prestacións:

1. Asesoramento e orientación gratuítos previos ao proceso
2. Asistencia de avogado ao detido, preso ou imputado
3. Defensa e representación gratuítas por avogado e procurador no procedemento xudicial
4. Inserción gratuíta de anuncios ou edictos
5. Exención do pago de taxas xudiciais, así como do pago de depósitos necesarios para a interposición de recursos
6. Asistencia pericial gratuíta no proceso xudicial
7. Obtención gratuíta de copias, testemuñas, instrumentos e actas notariais
8. Redución do importe dos dereitos arancelarios que correspondan

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 45 a 98

Polo que atinxe a esta materia, a Comunidade Autónoma de Galicia posúe plenas competencias, xa que a través do Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, lle foron transferidos pola Administración do Estado os medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza, e a cuxo abeiro a nosa Comunidade procedeu a complementar o desenvolvemento normativo da dita Lei 1/1996 mediante o Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia, modificado polo Decreto 138/2012, do 21 de xuño.

Neste regulamento establecéronse as normas que desenvolven o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta, así como a regulación das relacións entre a Administración autonómica e as institucións colexiais competentes para a xestión do servizo de asistencia letrada, defensa e representación gratuítas e os seus aspectos administrativos, particularmente o recoñecemento, pago e control das compensacións económicas pola actuación profesional desenvolta polos avogados e procuradores en favor dos que teñan recoñecido dito dereito.

Para acceder ao desfrute das prestacións comprendidas no dereito á asistencia xurídica gratuíta deberá instarse o procedemento para o recoñecemento mediante modelo normalizado, xunto coa documentación precisa, ante o colexio de avogados do lugar no que se atope o xulgado ou tribunal que teña que coñecer do proceso principal ou ante o xulgado do seu domicilio.

Posteriormente, por parte dos colexios de avogados, darase traslado do expediente á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta, a cal realizará as comprobacións pertinentes e, como órgano competente, ditará resolución na que se recoñecerá ou denegará o dereito á asistencia xurídica gratuíta. Deseguido inclúese un cadro que resume os datos relativos á instrución deste procedemento entre os exercicios 2016 a 2020, amosando o total de solicitudes presentadas, así como as resolucións de concesión ou denegación ditadas.

Cadro 14: Solicitudes de xustiza gratuíta

	2016	2017	2018	2019	2020
Solicitudes presentadas	41.003	43.494	39.827	44.221	36.281
Resolucións ditadas	41.501	44.184	41.162	44.695	38.442
Resolucións denegatorias	7.066	7.526	7.287	7.088	6.431
Resolucións de recoñecemento	34.435	36.658	33.875	37.607	32.011

Fonte: Datos publicados no portal Xustiza.gal

O número de solicitudes presentadas acadou un máximo no exercicio 2019 con 44.221 reducíndose en 2020 ata os 36.281 en 2020. Unha pauta similar adopta o número de resolucións ditadas, se ben, por mor dos retrasos acumulados en exercicios anteriores, superan en cada exercicio o número de

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 46 a 98

solicitudes presentadas. Do total de resolucións ditadas, unha porcentaxe que oscila en torno ao 17% son denegatorias[11].

9.2. Non consta un sistema de indicadores de eficacia que permita unha avaliación dos resultados vinculados á xustiza gratuíta. Porén, nos últimos exercicios as leis de orzamentos veñen sinalando entre os obxectivos vinculados ao programa *131A Administración de Xustiza* un determinado nivel de usuarios da prestación de asistencia xurídica gratuíta, clasificados por sexo do solicitante. No seguinte cadro preséntase un resumo dos obxectivos sinalados neste sentido para os exercicios 2018 a 2020, así como os valores acadados para cada un dos sexos.

Cadro 15: Cumprimento de obxectivos no marco da asistencia xurídica gratuíta

	2018			2019			2020		
	Obxectivo sinalado	Valor acadado	Grao de cumprimento	Obxectivo sinalado	Valor acadado	Grao de cumprimento	Obxectivo sinalado	Valor acadado	Grao de cumprimento
Homes	21.000	16.813	80,06%	29.000	22.648	78,10%	29.000	18.591	64,10%
Mulleres	26.000	12.058	46,38%	18.000	15.145	84,14%	18.000	12.386	68,81%
Non consta		576			7			5	
Total recoñecementos*	**47.000**	**29.450**		**47.000**	**37.800**		**47.000**	**30.982**	

Fonte: Datos extraídos do portal Xustiza.gal

*O total de recoñecementos das táboas amosadas non coincide nos datos desagregados por sexo. Isto débese á distinta fonte e momento no que foron tomados os datos e a que un expediente pode ter máis dun solicitante e porque existen solicitudes de persoas xurídicas que non se asignan por sexo

Para o exercicio 2018 a lei de orzamentos sinalaba un obxectivo de 21.000 usuarios varóns, mentres que o valor de realización acadou un total de 16.813. Para as mulleres, o obxectivo situouse por riba do sinalado para os homes, cun valor de 26.000 mulleres, acadando un número de usuarias de 12.058, o que supuxo un grao de cumprimento do 46,38%.

No exercicio 2019 mantívose o obxectivo sinalado con carácter conxunto nun total de 47.000 usuarios, porén mudando a preponderancia que se lle atribuía ás mulleres para adaptar o obxectivo máis á realidade social que se estaba a producir cunha maior presenza masculina. Así, o obxectivo sinalado para os homes elévase ata 29.000 usuarios (acadando un grao de cumprimento do 78,1%), mentres que o de mulleres diminúe ata as 18.000 usuarias, acadando finalmente un grao de realización do 84,14%.

Finalmente, no exercicio 2020 o obxectivo sinalado non varía con respecto ao exercicio anterior, cuns niveis de cumprimento do 64,1% para os homes e do 68,81% para as mulleres.

[11] Cadro e parágrafo modificados como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 47 a 98

9.3. As resolucións das Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta que, de modo definitivo, recoñezan ou deneguen o dereito solicitado son, con frecuencia, obxecto de impugnación ante a xurisdición ordinaria. O seguinte cadro recolle o número destas impugnacións entre 2015 e 2019. Os recursos presentados acadaron un máximo en 2017 con 1.387 impugnacións, tomando un valor de 1.309 recursos no 2019. Se ben nos primeiros exercicios as sentencias revogatorias eran superiores ás sentencias con carácter confirmatorio –é dicir, anulaban na maioría dos casos a decisión administrativa sobre a concesión ou denegación–, nos últimos exercicios muda esta tendencia e as sentencias favorables á Administración superan ás sentencias revogatorias.

Cadro 16: Recursos contra resolucións das Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta

	2015	2016	2017	2018	2019
Recursos contra as resolucións adoptadas	1.302	945	1.387	1.260	1.309
Sentencias confirmatorias da resolución adoptada	833	587	684	684	759
Sentencias revogatorias da resolución adoptada	961	689	703	588	654

Fonte: Datos facilitados por Dirección Xeral de Xustiza

9.4. Para dar cobertura financeira á prestación deste servizo de asistencia xurídica gratuíta, desenvolto esencialmente por parte dos colexios de avogados e procuradores, a Administración autonómica debe financiar con cargo aos seus orzamentos os gastos necesarios para a implantación, atención e funcionamento do servizo. Esta financiación intégrase basicamente por dúas compoñentes:

a) Unha primeira compoñente estrutúrase en atención á tipoloxía das actuacións e procesos nos que interveñan os profesionais designados de oficio. Corresponde á consellería competente en materia de xustiza establecer anualmente os módulos e bases de compensación polos servizos de asistencia letrada e defensa e representación gratuíta.

A este respecto, desde 2009, coa entrada en vigor da Orde do 2 de xullo de 2009, ata o 30 de setembro de 2017, estes módulos permaneceron constantes. Con posteridade, coa aprobación da Orde da Xunta de Galicia do 22 de decembro de 2017 con vixencia a partir do cuarto trimestre de 2017, estableceuse un novo baremo no que se incrementan as compensacións polas intervencións da quenda de oficio, e se inclúen ademais novos conceptos e asuntos que van a ser retribuídos, que son os seguintes:

- Medidas provisionais coetáneas á demanda.

- Dúas saídas a prisión en calquera clase de procedemento.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 48 a 98

- Saídas a centros de internamento pechado de menores.

- A reconvención.

- Medidas cautelares e dilixencias preliminares en toda clase de procesos.

- Defensa xurídica do presunto agresor na comparecencia xudicial da orde de protección.

- Os recursos de apelación contra os autos finais.

- Os desprazamentos a vistas en recursos de apelación cando se celebren fóra do partido xudicial.

Esta actualización de honorarios levada a cabo en Galicia en 2017 segue a liña que no mesmo eido se estaba a levar a cabo neste exercicio tanto nos territorios comúns administrados polo Ministerio de Justicia como en outras comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza.

b) Unha segunda compoñente desta compensación é a que se retribúe en atención aos gastos de funcionamento operativo destes servizos de asistencia xurídica gratuíta e das unidades encargadas do asesoramento e orientación previa ao proceso aos cidadáns e da cualificación provisional das pretensións solicitadas. Ante a falta de aprobación dun sistema de módulos compensatorios, e segundo o artigo 45 do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, esta compensación determinarase pola contía que resulte de aplicar un 8 por cento ao custo económico xerado en cada período.

Por último, cómpre engadir que, á marxe destas compensacións e do ámbito deste informe, estaría o custo da asistencia pericial gratuíta levada a cabo polo Instituto de Medicina Legal de Galicia e o persoal técnico, os institutos ou as entidades ás que, a través de relación laboral, convenio ou contrato administrativo, a Xunta de Galicia adscriba funcionalmente á asistencia pericial.

9.5. O seguinte cadro amosa a evolución do custo da xustiza gratuíta para a Administración galega nos exercicios 2011 a 2019, integrada tanto pola compensación económica que a través dos colexios de avogados e procuradores se satisfán aos seus profesionais pola prestación dos servizos de asistencia letrada e de defensa e representación gratuítas como pola compensación económica destinada polos colexios a atender os gastos de organización, administración e xestión colexial destes servizos, así como outras compensacións por gastos en infraestruturas e servizos de orientación xurídica.

Apréciase o constante descenso desde o exercicio 2015 ata o 2018 nas cantidades aboadas a estes colexios de avogados e procuradores polos servizos de xustiza gratuíta prestados. Merece destacar que a pesares de incrementarse os baremos da compensación económica e da inclusión de novos conceptos de actuacións profesionais a retribuír no exercicio 2018, o importe total amosa unha

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 49 a 98

diminución, debida aos 114 días de folga na Administración de Xustiza durante ese exercicio. No exercicio 2019 prodúcese un incremento motivado en boa parte pola revisión dos baremos.

Cadro 17: Compensacións económicas por xustiza gratuíta. (Millóns de euros)

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Compensación económica aos colexios de avogados	11,95	8,92	9,16	11,04	10,45	9,98	9,85	9,44	10,07
Compensación económica aos colexios de procuradores	0,94	0,83	0,66	0,80	0,70	0,75	0,75	0,80	0,90
Total custo da xustiza gratuíta	**12,89**	**9,75**	**9,82**	**11,84**	**11,15**	**10,73**	**10,60**	**10,24**	**10,97**

Fonte: Elaboración propia a través das bases de datos facilitadas pola IXCA

O aboamento destas compensacións económicas aos colexios profesionais realízase mediante libramentos trimestrais, a través dun procedemento regrado no que dentro do mes natural seguinte ao da finalización de cada trimestre, os colexios de avogados e os colexios de procuradores da Comunidade Autónoma de Galicia remiten á Dirección Xeral de Xustiza unha certificación acompañada dun ficheiro electrónico cos datos relativos ás actuacións realizadas polos profesionais durante ese período. Unha vez recibida esta documentación, na Dirección Xeral de Xustiza contrástase coa información que resulta das resolucións ditadas polas Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta procedendo, no seu caso, a conceder un prazo de cinco días aos diferentes colexios para solucionar as discrepancias. Considerando as discrepancias notificadas e unha vez rectificados os datos, emítese por parte dos colexios profesionais unha segunda certificación en base á cal se procede por parte da Dirección Xeral a efectuar os libramentos que correspondan.

Verificouse, a través dunha mostraxe, o aboamento das contraprestacións con cargo a tarifas vixentes, así como a revisión e depuración dos listados remitidos polos colexios de avogados e procuradores.

O tempo que media entre a data de finalización do trimestre e a data de pago por parte da Dirección Xeral situouse no 2018 ao redor dos 63,73 días, se ben dito prazo adoita ser maior entre os colexios de procuradores. Convén sinalar que este prazo non se corresponde nin na súa concepción nin na súa metodoloxía de cálculo, co concepto denominado "período medio de pago aos provedores" establecido como instrumento de control da sostibilidade da débeda comercial[12].

9.6. O seguinte cadro amosa a evolución do custo deste sistema de asistencia xurídica gratuíta entre os anos 2015 e 2018 nas diferentes comunidades autónomas con competencias transferidas segundo os datos publicados polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

[12] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 50 a 98

Cadro 18: Evolución do custo da xustiza gratuíta nas CC.AA. nos exercicios 2015-2018

Comunidade	Execución (millóns de euros)						Media por habitante (euros)				Ratios evolución custo por habitante		
	2015	2016	2017	2018	Variación	%	2015	2016	2017	2018	2016	2017	2018
Andalucía	29,61	38,37	42,37	42,96	13,35	45,1%	3,53	4,57	5,06	5,12	29,7%	10,5%	1,4%
Aragón	2,81	4,74	4,41	4,08	1,27	45,2%	2,13	3,63	3,37	3,12	70,1%	-7,2%	-7,4%
Asturias	5,47	5,75	5,29	5,83	0,36	6,6%	5,20	5,51	5,11	5,67	6,0%	-7,2%	10,9%
Canarias	16,62	18,84	16,30	15,83	- 0,79	-4,8%	7,91	8,96	7,73	7,44	13,3%	-13,7%	-3,8%
Cantabria	2,27	2,01	2,08	2,27	0,00	0,0%	3,88	3,45	3,59	3,92	-10,9%	4,0%	9,1%
Cataluña	60,48	60,60	62,10	64,00	3,52	5,8%	8,05	8,06	8,22	8,42	0,0%	2,0%	2,5%
Galicia	**11,14**	**10,73**	**10,61**	**10,24**	**-0,90**	**-8,1%**	**4,08**	**3,95**	**3,92**	**3,79**	**-3,2%**	**-0,7%**	**-3,2%**
Madrid	35,43	40,01	47,12	44,81	9,38	26,5%	5,50	6,19	7,24	6,81	12,4%	17,1%	-5,9%
Navarra	2,91	2,99	3,10	3,51	0,60	20,6%	4,54	4,67	4,82	5,42	2,9%	3,2%	12,4%
País Vasco	13,58	14,24	14,58	14,62	1,04	7,7%	6,20	6,50	6,64	6,65	4,8%	2,2%	0,1%
La Rioja	0,95	0,90	0,97	1,08	0,13	13,7%	2,98	2,85	3,08	3,41	-4,6%	8,1%	10,7%
Conxunto CC.AA.	**181,26**	**199,18**	**208,92**	**209,23**	**27,97**	**15,4%**	**5,45**	**5,99**	**6,27**	**6,25**	**9,9%**	**4,7%**	**-0,3%**

Fonte: Datos de execución publicados polo CXPX e de poboación publicados polo INE. Non se inclúe a Comunidade Valenciana por non constar datos da execución no 2018

Apréciase como Galicia é a comunidade onde máis diminuíu o gasto en xustiza gratuíta neste período, pasando de 11,14 millóns de euros no exercicio 2015 ata 10,24 millóns no 2018, o que supón unha redución de 900 miles de euros, que representa unha diminución porcentual de 8,1 puntos. Pola contra, no conxunto das comunidades autónomas este gasto incrementouse para o mesmo período en 27,97 millóns de euros a unha taxa de evolución dun 15,4%.

9.7. En Galicia, no exercicio 2018 o custo medio por habitante da xustiza gratuíta supuxo un total de 3,79 euros. No cadro anterior apréciase como este valor sitúase moi por debaixo da media do conxunto das comunidades autónomas, que amosa un valor de 6,25 euros por habitante. Tan só La Rioja e Aragón presentan índices inferiores ao de Galicia.

A evolución amosada por esta ratio no mesmo período 2015-2018 revela como mentres no conxunto nacional acrecéntase o custo económico por habitante, Galicia amosa unha tendencia decrecente que se separa do comportamento do conxunto das comunidades autónomas, o que se pon de manifesto coa brecha existente entre as liñas que marcan a pauta de comportamento de ambas magnitudes.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 51 a 98

Gráfico 8: Evolución do custo por asistencia gratuíta por habitante. (Euros)



Fonte: Datos de execución publicados polo CXPX e de poboación publicados polo INE

X. PLAN DE INFRAESTRUTURAS XUDICIAIS

10.1. Polo Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, traspasáronse á Xunta de Galicia os medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza. A partir do ano 1995 a Xunta asumiu a competencia en materia de infraestruturas xudiciais para rehabilitar e manter as instalacións xudiciais xa existentes, para realizar as modificacións estruturais que implica a nova oficina xudicial e para construír novos edificios nos casos en que o crecemento da planta xudicial desborda a capacidade física dos xulgados. Actualmente, en Galicia existen 45 partidos xudiciais cun edificio xudicial cada un deles, salvo nas cidades, nas que hai máis dun edificio xudicial.

10.2. Dentro dun contexto xeneralizado de diminución de investimentos, que supón para o conxunto de comunidades unha redución do 45,64% (ver cadro no anexo I), as comunidades autónomas de Galicia e Madrid figuran como as únicas comunidades que incrementaron o seu nivel de investimentos no período 2009-2018, pero dun xeito máis destacado Galicia, que acadou ata un 500,51%, o que trae causa na execución das obras que se estaban a acometer no exercicio 2018 para a adaptación do complexo do antigo Hospital Xeral como futura Cidade da Xustiza de Vigo, das obras de construción do novo edificio xudicial de Pontevedra, así como da reforma do antigo centro de saúde de Tui para dotar dunha sede única aos xulgados nesa localidade.

O seguinte gráfico amosa a evolución do gasto en investimentos no período 2009-2018 para a Comunidade Autónoma galega, onde pode advertirse un incremento continuo a partir do exercicio

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 52 a 98

2012 do nivel de investimento na Administración de Xustiza, cun nivel de execución en 2018 de 20,74 millóns de euros.

Gráfico 9: Evolución da execución de gastos en investimentos reais en Galicia. (Miles de euros)



Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

10.3. A estacionalidade dos investimentos non aconsella facer unha comparación evolutiva entre as distintas comunidades autónomas, dado que estas procederon á realización dos seus investimentos en distintos exercicios. Neste sentido, prescindindo do momento temporal do investimento e facendo unha análise do volume total do investido no decenio analizado, no seguinte gráfico pode apreciarse como, a pesar do incremento manifestado nos últimos exercicios, o investimento acometido en Galicia no período analizado, que totaliza 54,69 millóns de euros, só supuxo un 3,85% do total agregado, acadando valores similares aos de Aragón e País Vasco.

Gráfico 10: Investimentos acumulados 2009-2018. (Miles de euros)



Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 53 a 98

10.4. No ano 2009 a Xunta de Galicia elaborou un Plan de infraestruturas en función das proxeccións de crecemento da planta xudicial. O plan contén, en primeiro lugar, a información do importe económico dos investimentos nos edificios xudiciais que se construíron ou rehabilitaron desde o ano 1995 ata o ano 2008. En total realizáronse 30 actuacións por importe de 41,73 millóns de euros.

A partir do ano 2009 a Xunta proxectou no Plan de infraestruturas as necesidades dos órganos xudiciais para un período de 6 anos (do 2010 ao 2015), distinguindo dúas etapas temporais. A primeira etapa, para as necesidades a curto prazo, abrangue os anos 2010-2013; e a segunda, para necesidades a medio prazo, comprende os anos 2014-2015.

Na actualidade, desas infraestruturas proxectadas non están construídos os novos edificios xudiciais de Muros e A Estrada, previstos como infraestruturas necesarias a curto prazo cun importe de 2,35 millóns de euros, nin os novos edificios xudiciais de Sarria, Cambados e Vilagarcía e a sede da Fiscalía Superior da Comunidade, previstos no plan como necesarios a medio prazo, por importe de 11,7 millóns de euros.

10.5. No seguinte cadro móstrase o importe das previsións económicas para a realización das infraestruturas do plan no período 2010-2015, e o importe de execución das infraestruturas xudiciais á data de fiscalización.

Cadro 19: Investimentos do plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015. (Euros)

Infraestruturas xudiciais 2010-2015	Previsión orzamentaria do Plan de infraestruturas	Importe execución infraestruturas xudiciais
Obras de nova construción, rehabilitación, ampliación	91.649.308	118.683.744
Obras menores de mantemento e para a implantación da nova oficina xudicial	5.549.174	4.417.825
Total	**97.198.482**	**123.101.569**

Fonte: Plan de Infraestruturas xudiciais e outra información facilitada pola Dirección Xeral de Xustiza

XI. IMPLANTACIÓN DA ADMINISTRACIÓN XUDICIAL ELECTRÓNICA

11.1. Entre as competencias da Comunidade Autónoma está a de dotar de medios tecnolóxicos á Administración de Xustiza en Galicia para desenvolver a Administración electrónica xudicial, implantar o expediente xudicial electrónico, operar de forma telemática coas demais Administracións públicas, profesionais da xustiza e cidadanía en xeral.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 54 a 98

Corresponde á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) a planificación estratéxica, deseño, desenvolvemento, adquisición, mantemento e implantación dos sistemas de información na Administración de Xustiza de Galicia. Tamén é a AMTEGA a que debe impulsar a utilización destas novas tecnoloxías entre o persoal da Administración de Xustiza e dar soporte e formación aos usuarios.

11.2. A modernización da Administración de Xustiza en Galicia iniciouse no ano 2010 co Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia: Senda 2010-2014. En agosto de 2015, en consonancia coa normativa para a implantación da Administración electrónica, aprobouse o II Plan tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia: Senda 2020, que ten como obxectivo principal a plena dixitalización da Administración de Xustiza e a consolidación da implantación do expediente xudicial electrónico (EXE).

No ano 2011 aprobouse a Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de Xustiza, que impulsa a axilización da tramitación procesual co uso xeneralizado das novas tecnoloxías, facendo efectivo o dereito dos cidadáns e profesionais a relacionarse coa Administración de Xustiza de xeito telemático. Dado que no proceso de modernización cooperan as distintas Administracións con competencias no ámbito xudicial, creáronse a Comisión Mixta de coordinación entre o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a Xunta de Galicia e a Comisión Mixta de coordinación entre a Fiscalía Superior de Galicia e a Xunta de Galicia.

A Lei 42/2015, do 5 de outubro, de reforma da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, promove a implantación total do expediente xudicial electrónico, dando á tramitación do expediente en papel un carácter secundario. Ademais, establece a obrigatoriedade de relación telemática de determinados colectivos coa Administración de Xustiza, a realización das comunicacións por medios electrónicos para facilitar as notificacións ás partes e aos profesionais, e a posibilidade de realizar poderes legais electrónicos.

11.3. Os sistemas de información utilizados neste ámbito son os seguintes: a) sede electrónica e portal da Administración de Xustiza; b) sistema de xestión procesual MINERVA, de apoio á xestión da actividade da oficina xudicial; c) o sistema de xestión procesual FORTUNY, de apoio á xestión da oficina fiscal; d) o sistema SIMELGA, de apoio á xestión forense; e) o sistema LEXNET, de comunicación electrónica entre as oficinas xudiciais e os avogados e procuradores para a presentación de escritos ou notificación das resolucións xudiciais; f) o E-FIDELIUS, para a gravación de vistas orais, videoconferencia, sala de vistas dixital e o arquivo físico.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 55 a 98

XI.1. EVOLUCIÓN DO INVESTIMENTO E DO GASTO EN SISTEMAS E MEDIOS TIC NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

11.4. O investimento e o gasto en sistemas e medios TIC na Administración de Xustiza rexístranse nos proxectos orzamentarios *201100082* e *201500002*. Coas asignacións orzamentarias destes proxectos execútanse as actuacións do II Plan tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia: Senda 2020, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 6 de agosto de 2015. Fóra destes proxectos realízanse gastos de carácter transversal, como son os da rede de comunicacións ou os da administración de sistemas da infraestrutura da Administración de Xustiza, rexistrados noutro proxecto orzamentario conxuntamente con outros gastos que non corresponden á Administración de Xustiza, polo que non se teñen en conta nesta análise.

No seguinte cadro móstrase, para o período 2015-2019, a porcentaxe dedicada nas asignacións orzamentarias á informatización respecto do total dos orzamentos asignados á Administración de Xustiza polas comunidades autónomas con competencias en xustiza, o Ministerio e o Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX). A información foi elaborada polo CXPX para atender as peticións da Comisión Europea para a eficiencia da xustiza (CEPEJ), adscrita ao Consello da UE, para presentar indicadores da xustiza da Unión Europea. Tomáronse os importes dos orzamentos inicialmente aprobados, para o funcionamento dos órganos xudiciais, correspondentes ás direccións xerais de relación coa Administración de Xustiza ou equivalentes. Porén, a Comisión Nacional de Estatística Xudicial, tendo en conta que a clasificación requirida pola CEPEJ non se adapta de xeito fácil ás prácticas orzamentarias españolas, instrumentou unha operación estatística de aproximación en cada un dos exercicios anuais, para mellorar a calidade da resposta, axustando os importes para incluír algunhas das partidas de departamentos horizontais.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 56 a 98

Cadro 20: Orzamento público asignado á informatización respecto do orzamento asignado á Administración de Xustiza

	2015	2016	2017	2018	2019
Andalucía	2,66%	1,78%	2,31%	2,49%	3,28%
Aragón	2,44%	3,55%	3,56%	3,50%	3,50%
Asturias	2,09%	3,18%	2,78%	3,27%	2,91%
Canarias	3,63%	4,34%	3,74%	4,21%	3,94%
Cantabria	4,23%	2,00%	8,43%	7,24%	7,44%
Cataluña	5,70%	5,24%	5,75%	5,74%	5,58%
C. Valenciana	3,25%	4,17%	0,00%	0,00%	3,76%
Galicia	3,39%	3,66%	3,78%	4,06%	4,32%
Madrid	2,98%	0,00%	3,24%	3,10%	3,78%
Navarra	4,86%	2,95%	3,49%	4,21%	2,05%
País Vasco	9,39%	11,65%	11,50%	10,48%	10,48%
La Rioja	2,52%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Ministerio	3,72%	4,38%	7,97%	6,62%	6,62%
CXPX	2,22%	15,79%	0,78%	15,98%	15,98%

Fonte: CXPX. Resposta ao cuestionario da CEPEJ

Este cadro reflicte, ademais da información correspondente ás comunidades autónomas con competencias en Administración de Xustiza, os datos referidos ao Ministerio de Justicia e do CXPX, que nalgúns exercicios presentan asignacións orzamentarias moito máis elevadas que as correspondentes ás das comunidades autónomas –coa excepción do País Vasco, que destaca sobre o resto–.

Advírtese como a Comunidade Autónoma galega situouse, con carácter xeral, entre as comunidades autónomas que máis recursos dedicaron á informatización (equipos, servizos de soporte e implantación, desenvolvemento de sistemas de información, mantemento), amosando ademais un crecemento continuado ao longo do período 2015-2019.

En canto á execución dos orzamentos para a informatización da xustiza na Comunidade galega, no seguinte cadro móstrase a evolución das obrigas recoñecidas no período 2011-2020, referidas aos dous proxectos analizados. O importe executado acadou un importe de 36,08 millóns de euros, do que tan só un 3,7% se destinou a gastos correntes.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 57 a 98

Cadro 21: Análise económica dos proxectos 201100082 e 201500002. Exercicios 2011-2020. (Miles de euros)

Proxecto 2011 00082	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Créditos definitivos	1.643,05	3.361,52	3.388,43	2.718,04	2.665,10	3.196,95	2.401,02	2.265,90	2.285,12	2.393,14
Obrigas recoñecidas	495,12	2.963,41	3.118,27	2.389,87	2.650,40	3.037,42	2.162,10	2.201,40	2.204,76	2.308,49
Obrigas/créd. definitivos	30%	88%	92%	88%	99%	95%	90%	97%	96%	96%
Proxecto 2015 00002	**2011**	**2012**	**2013**	**2014**	**2015**	**2016**	**2017**	**2018**	**2019**	**2020**
Créditos definitivos					1.312,50	1.881,94	2.313,22	2.808,82	5.010,30	4.525,09
Obrigas recoñecidas					0	1.858,04	1.965,45	1.640,47	2.936,08	4.149,01
Obrigas/créd. definitivos					0%	99%	85%	58%	59%	92%
Total obrigas	**495,12**	**2.963,41**	**3.118,27**	**2.389,87**	**2.650,40**	**4.895,46**	**4.127,55**	**3.841,87**	**5.140,84**	**6.457,50**
Total gasto Adm. Xustiza	**117.244,09**	**110.096,84**	**113.543,41**	**116.745,52**	**119.948,90**	**128.032,55**	**132.073,80**	**144.543,20**	**167.761,63**	**(1)**
Obr./gasto Adm. Xustiza	**0%**	**3%**	**3%**	**2%**	**2%**	**4%**	**3%**	**3%**	**3%**	

Fonte: Información facilitada pola AMTEGA

(1) Á data da fiscalización non dispoñemos da liquidación da Conta Xeral

11.5. O peso relativo do gasto executado con cargo a estes proxectos dentro do total do gasto na Administración de Xustiza acadou unha media dun 3% no período 2011-2019. A evolución económica dos proxectos, sen ter en conta os anos de inicio nos que apenas houbo execución, é dispar, con pequenos incrementos e diminucións no proxecto *201100082*. Pola contra, no caso do proxecto *201500002* destaca o progresivo incremento das dotacións orzamentarias definitivas, chegando a acadar no exercicio 2020 un incremento do 140% sobre as do ano 2016. O grao de execución do gasto deste segundo proxecto foi moi baixo nos exercicios 2018 e 2019, debido en boa parte ao desprazamento aos orzamentos do seguinte exercicio das obrigas esixibles nestes anos, desprazando o seu recoñecemento. Así, no exercicio 2020 obsérvase un cambio nesta tendencia, chegando a executarse o 92% dos créditos.

11.6. O gasto destes proxectos ten a súa orixe, maioritariamente, en contratos de servizos informáticos e compra de material informático. No exercicio 2019 destacan, polo seu importe, os seguintes contratos: para o servizo de soporte técnico especializado e xestión de aplicación e servizos TIC (1,52 millóns de euros); para a subministración de equipamentos informáticos para postos dixitais e equipamentos audiovisuais (0,84 millóns de euros); o referido aos novos módulos e funcionalidades para a implantación da Administración xudicial electrónica (0,63 millóns de euros); e o correspondente aos traballos para a implantación da Administración xudicial electrónica (0,47 millóns de euros).

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 58 a 98

XI.2. OBXECTIVOS E INDICADORES DO II PLAN TECNOLÓXICO SENDA 2020

11.7. Os obxectivos específicos dos proxectos para desenvolver o II Plan tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia: Senda 2020 sinálanse no contrato de xestión AMTEGA-Xunta de Galicia 2018-2021. Consisten, fundamentalmente, na continuación da implantación do expediente electrónico e no desenvolvemento do arquivo electrónico e dos sistemas de información para a oficina xudicial, fiscal e forense. Tamén se marcan obxectivos para a prestación de servizos a través da sede electrónica e portal de servizos á cidadanía, e a dotación de medios especializados para as salas de vistas sen papeis.

11.8. Para medir a consecución destes obxectivos fixáronse, no mesmo contrato de xestión, uns indicadores de avaliación, e por tratarse dun programa plurianual utilizouse como situación de partida a existente ao comezo do contrato de xestión. No seguinte cadro móstranse os indicadores do plan, a situación de partida, e o valor obxectivo dos indicadores de avaliación. Segundo a información facilitada pola AMTEGA, os valores dos obxectivos acadados que se mostran corresponden aos anos 2019 e 2020. Débese ter en conta que aínda non se completou o período de vixencia do plan, polo que os datos tan só mostran a tendencia na evolución cara á consecución dos obxectivos que se fixaron para o ano 2021.

Cadro 22: Obxectivos e indicadores do II Plan tecnolóxico Senda 2020

Indicador	Situación de partida	Valor obxectivo indicador avaliación	Indicadores Plan de acción 2019	Execución 2019	Execución decembro 2020
Núm. sistemas, servizos ou grandes funcionalidades novos ou renovados	0	10			12
% órganos xudiciais coa sinatura dixital integrada no procedemento de tramitación	5%	95%	60%	62,45%	100%
% órganos xudiciais usuarios sistema de xestión arquivos e pezas convicción	5%	95%	40%	20,75%	*(1)
Construción sistema información atención á cidadanía	Non	Si			
Núm. novos servizos publicados na sede electrónica xudicial	0	10	2		7
Sistema de análise de recursos da Administración de Xustiza en Galicia	Non	Si			Si
Posta en marcha sistema cita previa para oficinas atención cidadanía	Non	Si			Si
Deseño modelo sala vistas dixitais	Non	Si	100% sistema Fidelius	Si	
% salas vistas novo modelo sala vistas dixitais	0%	100%		40 salas	57 salas
Núm. horas formación capacitación dixital e servizos dixitais para o persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia	0	5.000	600		5.363
Núm. medio anual de contactos atendidos polo Centro de servizos a usuarios de Xustiza (CSU)		8%		65.600 chamadas	75.919 chamadas
% tíckets resoltos en menos dunha hora	-	60%		53,56%	*(2)

Fonte: Contrato Xestión AMTEGA-Xunta 2018-2021. Balance execución 2019 do II Plan tecnolóxico do Plan Senda e outra información facilitada pola AMTEGA

*(1) e (2) Para o ano 2020 a AMTEGA non dispón do dato actualizado

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 59 a 98

11.9. Un dos obxectivos estratéxicos do Plan Senda 2020 é lograr a implantación do expediente xudicial electrónico (EXE), co fin de poder acadar a tramitación completa dun procedemento por medios telemáticos, para o que son necesarios determinados elementos, como a extensión do uso da sinatura dixital. Á vista do cadro anterior pódese concluír que o obxectivo de órganos xudiciais con sinatura dixital cumpriuse ao 100% en decembro de 2020. Nesta data a totalidade dos órganos xudiciais teñen a sinatura dixital integrada no procedemento de tramitación MINERVA e o número de documentos asinados electronicamente increméntase de ano en ano. A modo de exemplo, os xuíces e maxistrados no ano 2019 asinaron dixitalmente a través de MINERVA 1.645.677 documentos, un 102% máis que no ano 2018, e en outubro de 2020 xa se asinaran 2.041.516 documentos. Tamén se implantou a sinatura dixital no procedemento de tramitación FORTUNY, como elemento necesario para a comunicación electrónica cos órganos xudiciais. En febreiro de 2020 estaba implantada na Fiscalía Superior de Galicia, nas fiscalías provinciais e en determinadas seccións territoriais.

Na execución do Plan Senda, a AMTEGA fai un seguimento do uso de determinadas funcionalidades que se impulsan en MINERVA e FORTUNY. Actualmente a aplicación MINERVA non está sendo utilizada pola totalidade do persoal, contando cun número aproximado de 2.749 usuarios, dos que forman parte a práctica totalidade dos letrados, un 75% dos xuíces e un 86% do resto do persoal. O programa FORTUNY utilízase por 316 usuarios das fiscalías.

Por outra parte, o Visor do expediente xudicial permite aos distintos colectivos de persoal ao servizo da Administración de Xustiza acceder á información dun procedemento xudicial depositada no Repositorio Unificado Dixital. A nova versión do Visor está implantada e evoluciona de forma continuada. O balance de execución 2019 do Plan Senda recolle que nese ano realizáronse 201.488 consultas de expedientes desde o Visor.

Por outra parte, a interoperabilidade xudicial é necesaria para lograr a implantación completa do expediente xudicial electrónico (EXE), e para intercambiar información electrónica coas distintas entidades e Administracións coas que se relaciona un órgano xudicial para tramitar un expediente xudicial. Na actualidade estase poñendo en marcha o intercambio de expedientes administrativos e, segundo a AMTEGA, esta funcionalidade implantarase de xeito masivo no ano 2021.

De xeito complementario ao EXE utilízase a aplicación do arquivo para a xestión dixital dos elementos físicos, como garante da súa trazabilidade, conservación ou expurgo. No balance de execución 2019 recóllese que todos os órganos xudiciais utilizan a aplicación para os labores de expurgo e 51 órganos xudiciais e os catro arquivos territoriais xestionan con ela os expedientes en papel. O contrato fixou como indicador que no 2019 o 40% dos 265 órganos xudiciais foran usuarios do sistema de xestión

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 60 a 98

de arquivos e pezas de convicción. Polo tanto, o valor do indicador do 20,75% en 2019 é baixo tendo en conta que no 2021 o 95% dos órganos xudiciais deberían estar incorporados ao sistema.

11.10. O valor do indicador de deseño do modelo de sala de vistas dixitais está executado co sistema eFIDELIUS, que permite a substitución da presenza do letrado da Administración de Xustiza na sala pola gravación dixital da vista ou do xuízo. En canto á porcentaxe de salas de vistas que contan co novo modelo de sala de vistas, no ano 2019 están dotadas con equipamento dixital 40 das 176 salas que contan con sistemas de gravación, e en 2020 este número incrementouse ata 57. O nivel de consecución do obxectivo é, polo tanto, dun 22,7% e dun 32,3%, respectivamente, que resulta baixo tendo en conta que a previsión é que no 2021 o 100% das salas de vistas estean dixitalizadas. Como dato positivo, o balance de execución 2019 do II Plan tecnolóxico pon de manifesto a mellora dos medios audiovisuais, dado que neste ano renovouse completamente a infraestrutura centralizada de sistema de xestión de videoconferencia. En outubro de 2020 a rede de puntos de acceso a videoconferencia é de 173, incrementándose en 30 respecto do ano 2019.

11.11. O indicador de número de sistemas, servizos ou grandes funcionalidades novos ou renovados, cun valor obxectivo de avaliación de 10, executouse no ano 2020 cun valor de 12. Neste número contabilizáronse tanto os sistemas novos postos en marcha como os sistemas nos que se levou a cabo algún cambio relevante, sen ter en conta os sistemas que desenvolven terceiros.

O indicador de construción dun sistema de información e atención á cidadanía está incluído no plan de acción do ano 2021. Respecto do indicador de sistema de análise de recursos da Administración de Xustiza, desde o ano 2020 existe unha versión inicial, susceptible de evolucionar segundo as necesidades.

Outro dos indicadores, relativo á posta en marcha do sistema de cita previa para oficinas de atención á cidadanía, non está totalmente executado pero está dispoñible desde o ano 2020 nos rexistros civís das cidades e en algunhas das oficinas de atención ás vítimas.

Sinalar que a sede xudicial electrónica da Administración de Xustiza creouse por Orde do 22 de setembro de 2016, como sistema de atención e información á cidadanía, a través da que pode acceder a distintos servizos. Estableceuse como valor obxectivo un indicador de dez servizos publicados nesta sede para o ano 2021. No ano 2019 puxéronse en marcha dous servizos para a presentación electrónica de escritos: proceso monitorio e monitorio social. No ano 2020 figuran na sede, ademais dos dous do 2019, os seguintes servizos: presentación electrónica da demanda de xuízo verbal, escrito

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 61 a 98

de trámite, contestación á demanda, e descarga de vídeos. O grao de cumprimento no 2020 indica que ao final do período 2021 podería acadarse o total cumprimento do valor obxectivo do indicador.

Por outra parte, como feito relevante destaca o número de comunicacións a través de LEXNET, que é a aplicación para a comunicación electrónica dos órganos xudiciais cos profesionais, como son os avogados e procuradores e os colectivos habilitados. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pon de manifesto na súa memoria do ano 2019 a total integración automática da aplicación LEXNET co sistema de xestión procesual MINERVA, de xeito que os escritos presentados telematicamente a través desta aplicación quedan incorporados en MINERVA. O número de presentacións a través de LEXNET no ano 2019 foi de 7,6 millóns de comunicacións, e no balance dese ano indícase que a integración de novas entidades que se comunican cos órganos xudiciais é continua.

Outros sistemas informáticos que ofrecen servizos aos colectivos profesionais son o sistema de Asistencia Xurídica Gratuíta (AXGnet), dirixido a todos os colectivos profesionais de Galicia involucrados na xustiza gratuíta; e o sistema de información SIMELGA, que dá soporte á actividade do Instituto de Medicina Legal (IMELGA).

11.12. Respecto das infraestruturas e medios TIC, no 2019 renováronse 696 equipos (16% do total, composto por 4.197 equipos) en sedes xudiciais, e finalizou a migración da configuración de usuarios ao directorio activo unificado da Xunta de Galicia, con 4.049 contas de usuarios activas. A creación de tres novos órganos xudiciais e un novo edificio de xulgados de Pontevedra no 2019 implicou a necesaria dotación de medios.

Segundo o balance de execución do 2019 do Plan Senda, o AMTEGA mantén unha liña de renovación para evitar a obsolescencia tecnolóxica dos equipos, e unha actualización continua do software de base. No 2021 prevense cambios no modelo de postos de traballo, o que necesariamente implicará a evolución dos equipos para adaptalos ás necesidades de cada posto de traballo.

11.13. O indicador de número de horas de formación, capacitación dixital e servizos dixitais para o persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia presenta un valor de avaliación de 600 horas no exercicio 2019. O valor obxectivo do indicador de 5.000 horas cumpriuse totalmente no exercicio 2020, xa que segundo a información facilitada pola AMTEGA a execución a decembro de 2020 foi de 5.363 horas, contabilizando tan só as sesións de acompañamento de implantación para a posta en marcha da Administración xudicial Electrónica, cunha estimación de 3 horas por sesión.

O centro de servizo a usuarios da xustiza (CSU), que atende as incidencias e consultas do persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia no uso das solucións ou medios TIC postos á súa

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 62 a 98

disposición, opera de xeito continuo. O CSU da xustiza atendeu no 2019 unhas 65.600 chamadas para resolver unhas 46.043 incidencias e peticións sobre sistemas de información e medios TIC en postos de traballo e medios audiovisuais. No ano 2020 o número de chamadas foi de 75.919, cun incremento dun 15,7% respecto do ano 2019. Por outra parte, o indicador de tíckets de soporte técnico[13] resoltos en menos dunha hora, a partir de solicitudes de usuarios, acadou no ano 2019 un valor alto (53,56%), tendo en conta que o valor obxectivo de valoración debe acadar un 60% no 2021.

XII. FEITOS POSTERIORES

Nun momento posterior ao período fiscalizado produciuse a declaración do estado de alarma en todo o territorio nacional, instaurado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. Os primeiros meses da pandemia a Administración de Xustiza estivo paralizada como consecuencia do estado de alarma, coa única excepción dos servizos considerados esenciais. A litixiosidade incrementouse con determinados asuntos consecuencia das medidas adoptadas fronte a pandemia, como son os ERES, ERTES, despidos, alugueres, crises matrimoniais, réxime de visitas e custodia dos menores. Esta maior litixiosidade veuse a unir ao estado de saturación preexistente dos xulgados e tribunais.

Para afrontar esta situación sen precedentes, o Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) elaborou en abril de 2020 un documento de directrices para a elaboración dun Plan de Choque na Administración de Xustiza tralo estado de alarma. Con este instrumento, o CXPX pretende evitar o colapso xeneralizado na Administración de Xustiza, axilizar ao máximo a resolución dos asuntos que máis poidan incidir negativamente na recuperación económica e na atención a colectivos vulnerables, e dotar a xuíces e maxistrados de medios materiais e humanos para facer fronte á maior carga de traballo. Este documento foi aprobado o 16 de xuño como Plan de Choque definitivo para a reactivación tralo estado de alarma declarado a consecuencia do COVID-19.

O plan de actuación aprobado mediante acordo do Consello de Ministros de data 7 de xullo de 2020, previsto na disposición adicional 19ª do Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, establece un conxunto de medidas de reforzo para a xurisdición social e os órganos do mercantil. As medidas poden ser: de auto-reforzo, nas que o persoal destinado no propio órgano percibe unha retribución extraordinaria por participar nun programa de actuación por obxectivos;

[13] Son boletos dixitais xerados polo sistema de tíckets a partir de solicitudes e entrantes de usuarios, sen importar a canle que utilizaran para comunicarse (correo, teléfono...)

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 63 a 98

reforzo externo con persoal que non presta servicios ordinariamente no órgano xudicial; e medidas estruturais a través da posta en funcionamento de novos órganos xudiciais cuxa creación estaba prevista antes da declaración do estado de alarma.

En concreto, a Xunta acordou prolongar a xornada dunha parte dos efectivos, isto é, unha retribución extraordinaria ao persoal destinado no propio órgano xudicial a través dun programa de actuación por obxectivos, e dotará de persoal aos novos xulgados do social da Coruña, Lugo e Vigo, cuxa creación aprobou o Ministerio de Justicia, ademais de apoiar a creación de xulgados "bis", coa designación dun xuíz, un letrado e cinco funcionarios para que temporalmente exista un xulgado de apoio. O plan de actuación da axilización da xustiza en Galicia estrutúrase en dúas fases: a primeira, de setembro a decembro de 2020, concéntrase en medidas de reforzo nos 26 xulgados do social e mercantís; e a segunda desenvólvese a partir de xaneiro de 2021 co mantemento das medidas de auto-reforzo consistentes na prolongación das xornadas de traballo do persoal e do reforzo externo con novas contratacións, implementadas na primeira fase. Por outra parte, aplícanse medidas similares para os órganos de segunda instancia competentes en social e mercantil. Previsiblemente, logo de contar con datos máis completos do impacto da crise, estenderanse á xurisdición contencioso-administrativa.

O CXPX, para mitigar a maior litixiosidade, propón apoiar e impulsar a mediación para a resolución extraxudicial de conflitos como mecanismo transversal para todas as ordes xudiciais e tamén a aprobación definitiva do anteproxecto de Lei de impulso de mediación no ámbito civil e mercantil. Outro dos elementos importantes para a transformación da xustiza é a conclusión do proceso de dixitalización, emprendida pola Lei 18/2011, do 5 de xullo, que garante unha maior axilidade e flexibilidade ao proceso xudicial tradicional. As modificacións legais que se aproben nos próximos anos producirán cambios importantes na forma de administrar a xustiza. Estes cambios virán determinados pola potenciación dos procedementos de mediación na resolución de conflitos e a utilización dos medios electrónicos para determinados asuntos.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 64 a 98

ANEXO

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 65 a 98

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 66 a 98

ANEXO 1

Evolución autonómica do gasto de persoal na Administración de Xustiza. (Millóns de euros)

Comunidade Autónoma	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Variación 2009-2018	
											Absoluta	Porcentual
Andalucía	314,23	311,89	277,97	260,49	273,12	270,88	287,42	294,67	301,49	319,88	5,65	1,80%
Aragón	43,23	43,97	43,92	39,98	42,66	43,25	45,25	46,02	45,27	46,67	3,44	7,95%
Asturias	41,94	41,64	42,06	38,94	40,71	41,11	42,41	44,20	44,10	46,74	4,79	11,43%
Comunidad Valenciana	167,98	171,13	170,07	146,56	155,93	157,44	165,75	167,91	171,55	188,94	20,95	12,47%
Canarias	86,93	86,29	82,38	78,63	83,76	91,02	87,92	94,94	96,66	99,80	12,87	14,80%
Cantabria	21,51	22,34	22,12	20,58	20,57	21,35	21,36	22,37	22,72	23,57	2,06	9,56%
Cataluña	334,73	334,45	314,91	293,41	291,93	295,32	322,29	336,10	334,01	343,55	8,82	2,64%
Galicia	**91,15**	**88,90**	**89,73**	**80,08**	**83,04**	**83,54**	**87,07**	**88,79**	**91,96**	**93,56**	**2,41**	**2,64%**
Madrid	248,51	274,82	270,92	254,28	256,00	254,54	266,09	275,95	286,49	295,53	47,02	18,92%
Navarra	18,51	18,70	18,78	16,14	17,09	17,41	17,85	19,40	20,35	21,36	2,86	15,43%
País Vasco	93,69	95,01	96,49	91,82	97,27	98,78	102,12	105,94	105,34	109,35	15,66	16,72%
La Rioja			10,07	9,96	10,39	10,75	10,94	11,30	12,12	12,25	12,25	
Total	**1.462,42**	**1.489,15**	**1.439,43**	**1.330,85**	**1.372,48**	**1.385,39**	**1.456,47**	**1.507,60**	**1.532,07**	**1.601,20**	**138,78**	**9,49%**

Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

*Non figuran datos correspondentes á Comunidade Autónoma de La Rioja nos exercicios 2009 e 2010 dado que neses exercicios non se materializara a transferencia das competencias en materia de xustiza

Evolución dos gastos en bens correntes e servizos. (Millóns de euros)

Comunidade Autónoma	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Variación 2009-2018	
											Absoluta	Porcentual
Andalucía	101,79	76,18	74,55	90,84	88,16	93,38	76,88	77,89	82,15	156,99	55,20	54,22%
Aragón	11,63	10,88	8,11	7,47	14,25	16,88	17,18	15,36	14,01	15,27	3,64	31,27%
Asturias	7,41	6,88	6,94	6,80	6,80	6,17	5,78	5,70	6,51	6,36	-1,05	-14,19%
Comunidad Valenciana	44,56	63,49	68,04	73,16	32,25	62,89	29,07	36,48	29,34	30,43	-14,14	-31,72%
Canarias	26,99	28,02	22,34	23,39	25,27	20,38	21,19	26,09	22,55	23,57	-3,41	-12,65%
Cantabria	4,88	4,69	4,55	4,84	4,28	4,11	3,63	3,20	3,44	3,57	-1,31	-26,76%
Cataluña	197,93	209,94	193,17	181,57	180,59	168,94	175,36	180,23	175,84	179,16	-18,77	-9,48%
Galicia	**10,86**	**13,91**	**12,23**	**14,33**	**14,53**	**12,79**	**12,15**	**11,94**	**12,67**	**13,69**	**2,83**	**26,05%**
Madrid	120,86	88,79	97,11	174,36	105,39	94,13	83,89	89,72	97,78	93,06	-27,80	-23,00%
Navarra	4,71	4,84	4,87	4,35	4,56	4,45	4,50	4,05	3,80	4,02	-0,69	-14,67%
País Vasco	39,57	43,58	40,38	35,95	36,56	34,77	36,02	36,63	36,41	37,68	-1,88	-4,76%
La Rioja			1,21	1,82	1,43	1,31	1,23	1,97	2,93	2,71	2,71	
Total	**571,18**	**551,20**	**533,51**	**618,87**	**514,07**	**520,21**	**466,88**	**489,26**	**487,41**	**566,51**	**-4,67**	**-0,82%**

Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

*Non figuran datos correspondentes á Comunidade Autónoma de La Rioja nos exercicios 2009 e 2010 dado que neses exercicios non se materializara a transferencia das competencias en materia de xustiza

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 67 a 98

Evolución dos gastos en transferencias correntes. (Millóns de euros)

Comunidade Autónoma	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Variación 2009-2018	
											Absoluta	Porcentual
Andalucía	47,16	47,19	29,83	38,57	42,59	62,00	29,76	38,52	42,57	47,41	0,25	0,53%
Aragón	4,56	5,05	5,47	4,35	4,70	4,29	5,79	5,46	4,99	4,86	0,30	6,56%
Asturias	5,56	5,53	6,19	5,80	5,74	6,27	5,97	6,24	5,47	6,01	0,45	8,04%
Comunidad Valenciana	36,89	24,53	31,09	35,23	25,16	29,10	28,22	33,22	32,24	46,29	9,40	25,47%
Canarias	22,08	16,98	18,32	18,36	17,35	16,60	16,84	19,05	16,54	16,08	-6,00	-27,18%
Cantabria	1,94	2,19	1,80	1,54	2,67	2,27	2,41	2,33	2,44	2,52	0,58	29,90%
Cataluña	68,59	56,06	80,03	63,95	50,91	62,85	62,70	62,96	65,12	65,87	-2,72	-3,97%
Galicia	**13,94**	**11,90**	**14,34**	**12,37**	**12,43**	**14,42**	**13,60**	**13,19**	**13,21**	**12,71**	**-1,23**	**-8,80%**
Madrid	58,68	34,38	50,71	65,75	30,72	32,21	35,61	40,22	47,91	45,96	-12,73	-21,69%
Navarra	2,47	3,76	3,86	3,14	3,43	5,39	3,20	3,50	3,52	3,72	1,24	50,31%
País Vasco	17,24	17,98	17,57	19,24	16,63	20,66	20,24	18,96	19,69	20,92	3,68	21,32%
La Rioja			0,96	1,02	0,76	0,78	1,46	0,99	1,16	1,26	1,26	
Total	**279,11**	**225,54**	**260,16**	**269,31**	**213,09**	**256,84**	**225,80**	**244,64**	**254,87**	**273,59**	**-5,52**	**-1,98%**

Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

*Non figuran datos correspondentes á Comunidade Autónoma de La Rioja nos exercicios 2009 e 2010 dado que neses exercicios non se materializara a transferencia das competencias en materia de xustiza

Evolución dos gastos en investimentos. (Millóns de euros)

Comunidade Autónoma	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Variación 2009-2018	
											Absoluta	Porcentual
Andalucía	44,82	25,27	17,13	12,79	12,16	11,14	13,21	10,76	16,29	15,32	-29,49	-65,81%
Aragón	5,87	2,75	8,32	12,00	9,60	4,59	1,49	1,84	2,45	2,07	-3,80	-64,79%
Asturias	10,96	15,14	8,66	0,00	0,00	0,00	0,15	0,12	0,09	1,37	-9,59	-87,48%
Comunidad Valenciana	25,88	30,16	17,14	27,38	14,71	11,17	8,97	10,82	9,29	13,81	-12,07	-46,63%
Canarias	18,91	19,15	26,00	38,51	17,13	5,21	4,58	5,04	5,16	5,40	-13,52	-71,47%
Cantabria	5,83	4,68	4,23	1,77	0,10	0,22	0,61	0,51	0,68	0,52	-5,31	-91,11%
Cataluña	25,42	12,69	15,11	26,99	5,24	8,11	6,74	6,86	14,24	9,78	-15,64	-61,54%
Galicia	**3,45**	**1,85**	**0,45**	**0,35**	**0,43**	**3,61**	**4,48**	**9,21**	**10,11**	**20,74**	**17,28**	**500,51%**
Madrid	13,84	8,06	11,65	6,80	1,25	4,02	1,86	2,90	7,69	17,93	4,09	29,56%
Navarra	6,02	7,26	5,33	3,57	0,37	0,31	0,28	0,32	0,59	1,32	-4,70	-78,02%
País Vasco	9,86	11,91	10,24	3,88	1,52	2,41	2,61	3,34	3,10	4,44	-5,42	-55,01%
La Rioja			0,05	2,46	5,20	11,78	9,82	4,07	0,17	0,18	0,18	
Total	**170,86**	**138,92**	**124,32**	**136,51**	**67,73**	**62,56**	**54,81**	**55,80**	**69,87**	**92,87**	**-77,99**	**-45,64%**

Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

*Non figuran datos correspondentes á Comunidade Autónoma de La Rioja nos exercicios 2009 e 2010 dado que neses exercicios non se materializara a transferencia das competencias en materia de xustiza

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 68 a 98

Evolución da taxa de litixiosidade a nivel nacional e autonómico

Comunidade Autónoma	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Andalucía	188,4	193,9	197,9	204,8	203,5	212,6	212,4	228,0	235,6	232,2	224,0	225,1	218,0	220,1	211,1	145,5	145,3	145,1	148,6
Aragón	112,9	131,6	126,7	128,6	133,3	147,0	158,4	171,1	178,8	166,3	159,3	154,4	145,1	151,8	148,1	109,5	114,4	115,3	119,9
Asturias	125,0	136,9	139,1	137,2	144,9	151,2	154,4	158,3	168,7	167,0	169,3	170,7	166,9	170,0	163,6	123,7	128,7	136,2	139,5
Baleares	199,9	221,0	215,5	205,8	205,7	211,6	199,7	205,0	209,6	206,9	202,2	207,1	198,9	200,5	195,8	135,2	138,6	134,2	139,0
Canarias	190,8	188,9	193,1	186,1	192,1	197,2	201,4	211,0	214,3	213,3	205,3	206,9	196,6	197,0	197,8	158,7	164,5	167,5	173,8
Cantabria	138,9	149,0	147,9	151,1	154,5	168,0	175,2	186,0	200,0	203,5	196,0	199,9	195,7	197,7	191,4	125,4	129,6	131,2	134,6
Castilla y León	176,8	178,6	182,1	180,5	185,5	188,8	194,1	204,9	225,0	213,6	197,9	194,8	187,5	192,2	191,6	134,0	133,1	136,2	136,4
Castilla-La Mancha	79,0	84,2	86,9	89,2	95,5	101,5	105,9	116,8	128,3	124,2	126,0	128,9	124,6	125,3	125,9	85,3	86,5	90,3	92,9
Cataluña	170,7	170,8	167,0	166,4	168,1	170,1	173,4	183,9	194,6	193,0	184,3	184,6	178,0	177,3	166,6	113,0	119,0	123,1	132,5
Comunidad Valenciana	200,3	210,1	201,5	203,1	203,4	207,5	210,5	212,5	219,0	208,7	203,2	199,7	190,6	192,2	189,3	127,9	125,3	130,6	132,3
Extremadura	136,5	118,1	119,2	122,5	126,9	133,7	134,3	139,7	155,3	149,5	144,1	142,3	143,1	144,8	143,1	102,2	105,2	103,3	103,7
Galicia	**127,8**	**136,3**	**140,5**	**143,0**	**145,5**	**154,3**	**160,5**	**175,3**	**189,0**	**186,5**	**181,8**	**173,0**	**171,8**	**174,1**	**164,5**	**123,0**	**118,1**	**111,9**	**122,6**
Madrid	172,1	190,1	199,3	195,3	199,8	204,1	216,3	229,2	229,4	226,0	219,1	215,9	204,2	206,3	205,6	125,1	123,9	127,2	133,3
Murcia	138,9	157,8	161,2	168,7	167,0	175,9	183,0	195,6	208,2	209,8	200,3	199,7	190,8	194,9	185,2	128,9	128,0	130,1	135,2
Navarra	95,6	105,9	109,5	115,1	127,1	132,1	138,3	146,6	157,5	153,2	142,3	144,3	155,1	160,4	153,5	94,3	94,3	93,9	98,8
País Vasco	108,8	121,6	120,3	119,6	122,0	118,7	126,2	136,2	147,6	142,3	137,2	136,1	133,4	128,6	124,3	86,9	93,6	94,7	97,3
La Rioja	110,9	114,4	115,8	118,4	121,9	120,4	123,1	138,3	145,8	137,3	128,4	122,3	117,4	119,0	125,0	84,4	85,4	88,7	89,2
España	**165,4**	**169,9**	**171,5**	**172,5**	**175,1**	**180,5**	**185,0**	**196,0**	**204,7**	**200,5**	**193,7**	**192,7**	**185,6**	**187,1**	**181,9**	**124,9**	**126,2**	**128,3**	**133,5**

Fonte: Series estatísticas da actividade xudicial. CXPX

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 69 a 98

Distribución das contías destinadas á xustiza gratuíta no exercicio 2018. (Euros)

Destinatario	Obrigas recoñecidas	%
Ilustre Colexio de Avogados da Coruña	2.012.661,38	21,31%
Ilustre Colexio de Avogados de Ferrol	723.515,93	7,66%
Ilustre Colexio de Avogados de Santiago	766.499,13	8,12%
Total provincia da Coruña	**3.502.676,44**	**37,09%**
Ilustre Colexio de Avogados de Lugo	883.568,39	9,36%
Total provincia de Lugo	**883.568,39**	**9,36%**
Ilustre Colexio de Avogados de Ourense	1.020.291,62	10,80%
Total provincia de Ourense	**1.020.291,62**	**10,80%**
Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra	1.809.091,93	19,16%
Ilustre Colexio de Avogados de Vigo	1.514.780,73	16,04%
Total provincia de Pontevedra	**3.323.872,66**	**35,20%**
Total colexios de avogados	**8.730.409,11**	**92,46%**
Ilustre Colexio de Procuradores da Coruña	183.603,42	1,94%
Ilustre Colexio de Procuradores de Santiago	68.897,00	0,73%
Total provincia da Coruña	**252.500,42**	**2,67%**
Ilustre Colexio de Procuradores de Lugo	96.206,09	1,02%
Total provincia de Lugo	**96.206,09**	**1,02%**
Ilustre Colexio de Procuradores de Ourense	96.985,49	1,03%
Total provincia de Ourense	**96.985,49**	**1,03%**
Ilustre Colexio de Procuradores de Pontevedra	113.977,00	1,21%
Ilustre Colexio de Procuradores de Vigo	152.740,24	1,62%
Total provincia de Pontevedra	**266.717,24**	**2,82%**
Total colexios de procuradores	**712.409,24**	**7,54%**
Total gastos de defensa e representación	**9.442.818,35**	**100%**
Consello Galego de Procuradores	59.186,04	7%
Consello da Avogacía Galega	740.057,26	93%
Total gastos de funcionamento e infraestrutura	**799.243,30**	**100%**
Total gastos de xustiza gratuíta	**10.242.061,65**	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola IXCA

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 70 a 98

Consello de Contas de Galicia

ALEGACIÓNS

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 71 a 98

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 72 a 98

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Xustiza

galicia

Asunto: *Alegacións ao Anteproxecto de informe do Consello de Contas de fiscalización do programa 131A da Administración de xustiza 2014-2019.*

INTRODUCIÓN:

Para realizar unha correcta análise das distintas cuestións relativas á Administración de xustiza, debemos partir da premisa de que, tal e como recolleu o Tribunal Constitucional nas sentenzas 56/1990 e 62/1990, hai que distinguir entre Administración de xustiza en sentido estrito, consistente na función de xulgar e facer executar o xulgado (artigo 117 da CE), que é competencia do Poder Xudicial, e a Administración de xustiza en sentido amplo (ou administración da Administración de xustiza), que comprende, ademais, a utilización dos medios materiais e persoais necesarios.

A primeira, a denominada Administración de xustiza en sentido estrito, está reservada ao Poder Xudicial e concrétase en sentenzas ditadas por xuíces e maxistrados.

A segunda, chamada administración da Administración de xustiza, é a encargada de pór á disposición da primeira os medios materiais e persoais necesarios para o seu funcionamento. Cada comunidade autónoma transferida debe dotar os xulgados e os tribunais do persoal, das instalacións e dos medios informáticos para o adecuado desenvolvemento das funcións que desempeñan, de xulgar e facer executar o xulgado.

Atopámonos ante unha competencia exclusiva do Estado (artigo 149.1.5ª da C.E.), sen prexuízo de que determinadas materias instrumentais fosen transferidas, a través dos correspondentes reais decretos de traspasos, a aquelas comunidades autónomas que as quixeron asumir de acordo cos seus estatutos de autonomía.

En concreto, en materia de persoal, determinadas competencias seguen a ser exercidas polo Ministerio de Xustiza en razón de que os corpos de funcionarios teñen carácter de corpos nacionais e o seu estatuto xurídico está regulado por normativa estatal (artigo 470.2 da Lei orgánica do poder xudicial; en diante, LOPX).

A Administración do Estado é a competente para a creación de novas unidades xudiciais (xulgados, seccións das audiencias provinciais e maxistrados destas), de conformidade co establecido no artigo 36 da LOPX e nos artigos 20 e 41 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, e o Consello Xeral do Poder Xudicial ou a Fiscalía Xeral do Estado exercen outras competencias na materia en relación coas autoridades xudiciais que integran o Poder Xudicial.

As comunidades autónomas (CC.AA.) con competencias traspasadas, pola súa banda, facilitarán os medios que fornecen o funcionamento do Poder Xudicial (artigo 37 da LOPX) e realizarán a xestión do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza (médicos forenses, xestores, tramitadores e auxilios xudiciais). Agora ben, o feito de que

CVE: 5i6gkUqtb1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 73 a 98

estes funcionarios formen parte dos corpos de carácter nacional, con independencia de cal sexa o seu destino no territorio do Estado, é o que motiva que a elaboración da oferta de emprego público e a convocatoria dos procesos selectivos lle correspondan ao Ministerio de Xustiza (artigo 482 da LOPX), limitándose as comunidades autónomas a pór en coñecemento do Ministerio as prazas vacantes existentes no territorio, co obxecto de que se incorporen á oferta de emprego.

Actualmente, un total de doce comunidades autónomas asumiron competencias en materia de xustiza, e aínda non materializaron estes traspasos Castilla-La Mancha, Castilla-León, Illes Balears, Extremadura, Murcia e as dúas cidades autónomas.

En consecuencia, metodoloxicamente, nas comparativas que se efectúan, deberían computarse os gastos e os investimentos da Administración de xustiza correspondentes a esas comunidades que seguen a ser territorio do Ministerio, por non se ter traspasado as competencias na materia, xa que para eses efectos son tamén administracións territoriais.

Porén, a análise que se realiza non ten en conta o gasto orzado e o executado polo Ministerio de Xustiza, nas materias homólogas ás estudadas no anteproxecto de informe, neses territorios.

A maioría dos parámetros que se utilizan son os recollidos no documento elaborado polo Consello Xeral do Poder Xudicial "*La Justicia Dato a Dato",* documento en que, por ano vencido, se analizan a maioría das cuestións que, de xeito comparativo, se conteñen no anteproxecto de informe.

Pois ben, nin nel, nin nos propios orzamentos do Ministerio, figuran desagregadas as ditas partidas por territorios, globalizando, por exemplo, as partidas de gastos salariais dos funcionarios que o Ministerio xestiona, así como as dos xuíces, fiscais e letrados da Administración de xustiza de todo o Estado.

Por último, cómpre indicar que a fiscalización que se realiza debería comprender o "programa 131 A da Administración de xustiza" no período 2014-2019. No entanto, ao longo do anteproxecto do informe, a análise retrotráese a máis anos; en concreto, en moitos casos, aos anos 2009 e 2011.

A continuación, procedemos a realizar unha serie de alegacións ás conclusións do texto do anteproxecto de informe que se traslada.

CVE: 5l8gkJqtb1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 74 a 98

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Xustiza

galicia

ALEGACIÓNS:

1. Polo que se refire á **CONCLUSIÓN 3.1,** que analiza as taxas de litixiosidade, conxestión, pendencia e resolución[1], cómpre manifestar que os datos nesta materia teñen unha relación obxectiva co número de xuíces e maxistrados no territorio e coa actividade resolutiva (produtividade) laboral destes nun determinado período, carecendo a Comunidade Autónoma de Galicia de competencias para modificar ou incrementar a planta xudicial, competencia que, tal e como fixemos constar, reside na Administración do Estado de conformidade co establecido no artigo 36 da LOPX e nos artigos 20 e 41 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial.

   Respecto da taxa de resolución (actividade resolutiva ou produtividade) que comprende as resolucións que diten os titulares do Poder Xudicial, cómpre indicar que é unha cuestión complexa que ten relación directa, tanto co número de xuíces e maxistrados existentes no territorio, como coa complexidade dos asuntos de que se trate, e que non resulta pois uniforme ou semellante o número de resolucións ditadas por cada xuíz ou maxistrado individualmente considerado.

   Os datos de Galicia, que figuran no documento "*La Justicia dato a dato*", sobre a taxa de litixiosidade en 2019, son similares aos do resto do territorio do Estado, tal e como consta no cadro que se amosa a continuación:

Analizando la litigiosidad en las distintas Comunidades Autónomas, se ha dado una litigiosidad superior a la nacional en Canarias, 174; Andalucía, 149; Asturias, 140; Illes Balears, 139; Cantabria y Murcia, 135. Por el contrario, la menor tasa de litigiosidad se ha dado en La Rioja, 89; el País Vasco, 97; Navarra, 99; Extremadura, 104. La tasa de litigiosidad ha aumentado en todos los tribunales superiores de justicia, superándose el incremento nacional en Galicia, el 9,6%; Cataluña, 7,6%; Navarra, 5,3%; y Madrid, 4,8%.



[1] **Taxa de litixiosidade:** mide a entrada de asuntos por cada 100.000 habitantes nun determinado período.
Taxa de resolución: cociente entre os asuntos resoltos e os ingresados nun determinado período (pon en relación o volume de ingreso coa capacidade resolutiva).
Taxa de pendencia: cociente entre os asuntos pendentes ao final do período e os resoltos nese período.
Taxa de conxestión: cociente onde o numerador está formado pola suma dos asuntos pendentes ao comezo do período e os rexistrados nese período, e onde o denominador son os asuntos resoltos no dito período.
Taxa de sentenza: cociente entre o número de sentenzas e o de asuntos resoltos, expresado en tanto por cento.

CVE: 5t8gkJqb1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 75 a 98

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Xustiza

galicia

Ese mesmo ano 2019, Galicia supera a taxa nacional de resolución e sitúase no cociente do 0,98%, é dicir, próximo a resolver tantos asuntos como o número dos que entraron :



El único tribunal superior de justicia que ha llegado a una tasa de resolución de 1 (resolver tanto como ingresa) ha sido Aragón. También superan la tasa nacional de 0,97 los tribunales superiores de justicia de Cantabria y Castilla y León, 0,99; Canarias, C. Valenciana, Galicia y País Vasco, 0,98. Por el contrario, la tasa de resolución más baja se ha dado en Illes Balears y Murcia, 0,93.

En todo caso, a análise destas taxas deberían quedar fóra do ámbito do programa obxecto de fiscalización, toda vez que exceden o ámbito de competencias autonómicas por estaren incardinadas nas competencias estatais de fixación da planta xudicial.

2. Polo que se refire á **CONCLUSIÓN 3.2,** que analiza o gasto total executado no ámbito da Administración de xustiza en Galicia e a súa evolución, cómpre ter en conta as reflexións xa recollidas na introdución do presente documento, xa que non se computa o gasto executado polo Ministerio de Xustiza nas comunidades en que non se produciu o traspaso de competencias na materia.

   Sen prexuízo do anterior, deberán terse en conta, nas comparativas efectuadas, os gastos do programa 571A "Fomento da sociedade da información e do coñecemento", xa que na nosa comunidade autónoma todos os gastos en xustiza referentes á informatización da Administración de xustiza se dotan nesa liña orzamentaria que se vén engadir ás cantidades dotadas no programa 131A "Administración de xustiza".

CVE: 5t8gkJqtb1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 76 a 98

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Xustiza

galicia

A consignación das cantidades do programa 571A "Fomento da sociedade da información e do coñecemento", así como a súa evolución, reflíctense no seguinte cadro:

	Programa 571A. Fomento da sociedade da información e do coñecemento					TOTAL
	216	626.0	626.1	626.3	640.0	
	Equipamentos para procesos de información	Equipamentos para procesos da información. Xustiza	Dotación equipamento hardware e software. Xustiza	Desenvolvemento das TIC. Xustiza	Investimentos de carácter inmaterial	
2010			190.000,00 €	1.061.300,00 €		**1.251.300,00 €**
2011		804.157,00 €			1.918.824,00 €	**2.722.981,00 €**
2012		201.596,00 €			2.086.786,00 €	**2.288.382,00 €**
2013		1.421.682,00 €			2.236.722,00 €	**3.658.404,00 €**
2014		1.690.975,00 €			1.739.448,00 €	**3.430.423,00 €**
2015		2.399.304,00 €			1.620.869,00 €	**4.020.173,00 €**
2016		3.761.089,00 €			1.109.894,00 €	**4.870.983,00 €**
2017		4.535.274,00 €			756.109,00 €	**5.291.383,00 €**
2018		5.505.062,00 €			656.984,00 €	**6.162.046,00 €**
2019		6.155.098,00 €			79.500,00 €	**6.234.598,00 €**
2020	292.596,00 €	5.141.256,00 €			1.365.599,00 €	**6.799.451,00 €**

En consecuencia, a suma das cantidades orzadas no programa 571A "Fomento da sociedade da información e do coñecemento" e no programa 131A "Administración de xustiza" é a seguinte:

	Consellería Presidencia	Amtega	TOTAL
	Programa 131A	Programa 571A	
2010	99.115.219,00 €	1.251.300,00 €	**100.366.519,00 €**
2011	106.291.612,00 €	2.722.981,00 €	**109.014.593,00 €**
2012	105.463.767,00 €	2.288.382,00 €	**107.752.149,00 €**
2013	105.705.885,00 €	3.658.404,00 €	**109.364.289,00 €**
2014	110.214.070,00 €	3.430.423,00 €	**113.644.493,00 €**
2015	114.183.620,00 €	4.020.173,00 €	**118.203.793,00 €**
2016	128.243.751,00 €	4.870.983,00 €	**133.114.734,00 €**
2017	134.575.697,00 €	5.291.383,00 €	**139.867.080,00 €**
2018	146.115.252,00 €	6.162.046,00 €	**152.277.298,00 €**
2019	151.812.223,00 €	6.234.598,00 €	**158.046.821,00 €**
2020	149.514.607,00 €	6.506.855,00 €	**156.021.462,00 €**

O que determina que a evolución anual deste orzamento no período 2010-2020 amosa un incremento do 55,45 %.

3. Polo que se refire á **CONCLUSIÓN 3.3,** que analiza o gasto orzamentario na Comunidade Autónoma galega dedicado á Administración de xustiza en relación coa poboación, ademais de ter en conta as reflexións xa recollidas na introdución e no punto anterior deste documento, sobre o cómputo dos gastos do Ministerio de Xustiza nas comunidades en que non se produciu o traspaso de competencias na materia, cómpre destacar que, en efecto, Galicia é a comunidade autónoma onde máis medrou o gasto dedicado a xustiza en relación coa poboación.

CVE: 58gkcdb1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 77 a 98

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Xustiza

galicia

En todo caso, o custo por habitante non é do 52,08 euros en 2018, tal e como se afirma, senón de 56,1 euros, o que sitúa Galicia nunha posición intermedia en comparación coas restantes comunidades autónomas.

O anteproxecto de informe afirma que o *custo por habitante foi 52,08 euros no último exercicio,* é dicir, no ano 2018. Non obstante, considerando que o anteproxecto de informe se realiza sobre os exercicios 2014-2019, ao noso entender, ese dato debería referirse ao gasto executado en 2019.

De todos os xeitos, esta afirmación é incorrecta, porque se estamos a analizar o gasto orzamentario da Comunidade Autónoma galega dedicado á Administración de xustiza (no cal debemos incluír os orzamentos que a Amtega dedica para estes efectos), en 2018, o orzamento total para xustiza en Galicia acadou a cantidade de 151.620.314 euros, o 0,24% do PIB:

PRESUPUESTOS APROBADOS

	2017	2018	Evolución 2017/2018
Andalucía	437.413.540	452.063.855	3,3%
Aragón	74.304.532	74.766.425	0,6%
Asturias, Principado de	48.955.150	51.327.780	4,8%
Canarias	142.977.810	149.916.006	4,9%
Cantabria	30.313.498	31.443.571	3,7%
Cataluña	494.280.377	494.933.479	0,1%
Com. Valenciana	275.488.700	292.454.510	6,2%
Galicia	139.867.080	151.620.314	8,4%
Madrid, Comunidad de	421.699.398	440.543.934	4,5%
Navarra, Com. Foral de	28.735.365	30.792.785	7,2%
País Vasco	175.172.959	175.488.650	0,2%
Rioja, La	15.204.161	17.732.905	16,6%
[illegible]	[illegible]	[illegible]	[illegible]
Consejo General del Poder Judicial	56.274.670	58.126.140	3,3%
Ministerio de Justicia	1.588.491.270	1.635.803.050	3,0%
[illegible]	[illegible]	[illegible]	[illegible]

Do que se obtén un custo por habitante de **56,1 euros**, non de 52,08.

	% Presupuesto en justicia respecto al PIB	Presupuesto en justicia por habitante (euros)
Andalucía	0,28%	52,8
Aragón	0,20%	57,1
Asturias, Principado de	0,22%	49,9
Canarias	0,33%	70,5
Cantabria	0,23%	54,2
Cataluña	0,21%	65,1
Comunitat Valenciana	0,26%	58,9
Galicia	0,24%	56,1
Madrid, Comunidad de	0,19%	67
Navarra, Com. Foral de	0,15%	47,6
País Vasco	0,24%	79,8
Rioja, La	0,21%	56,2
[illegible]	[illegible]	[illegible]

(a fonte encóntrase no documento La Justicia Dato a Dato do ano 2018, do Consello Xeral do Poder Xudicial -páxinas 26 e 27 do documento- [2]*).*

[2] https://www.poderjudicial.es/stfls/ESTADISTICA/FICHEROS/JusticaDatoaDato/Datos%20Anteriores/Justicia%20Dato%20a%20Dato%202018.pdf

CVE: 5d9gKJqtb1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 78 a 98

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Xustiza

galicia

As táboas anteriores amosan un custo orzado por habitante de 56,1 euros (non de 52,08 euros).

Esta cantidade incluso é inferior á real, pois o Consello Xeral do Poder Xudicial non incluíu a cantidade de 656.984 euros correspondente ao concepto 640.0 do programa 571A "Fomento da sociedade da información e do coñecemento", polo que o orzamento para Xustiza, no ano 2018, foi de 152.277.298,00 euros e a cantidade por habitante/ano será, logo, de 56,3 euros.

Así, nese ano de 2018, Galicia situaríase de quinta das doce CC.AA. neste parámetro de habitante/ano, por riba de Navarra, Asturias, Andalucía e Cantabria, e a un só céntimo de euro de La Rioja.

A evolución deste parámetro foi ascendente.

En 2014 Galicia sitúase en terceiro lugar por riba de Navarra e Asturias (*La Justicia Dato a Dato*, ano 2014, do Consello Xeral do Poder Xudicial, páxina 24 do documento).

En 2015 Galicia segue a estar en terceiro lugar, por riba de Navarra e Asturias e moi próxima a Andalucía (*La Justicia Dato a Dato*, ano 2015, do Consello Xeral do Poder Xudicial, páxina 25 do documento).

En 2016 Galicia sitúase de cuarta, por riba de Navarra, Asturias e Andalucía (*La Justicia Dato a Dato*, ano 2016, do Consello Xeral do Poder Xudicial, páxina 28 do documento).

En 2017 Galicia está xusto na metade da táboa por riba de Navarra, Asturias, La Rioja, Cantabria e Andalucía (*La Justicia Dato a Dato*, ano 2017, do Consello Xeral do Poder Xudicial, páxina 27 do documento).

En 2018 Galicia sitúase de quinta das doce CC.AA., por riba de Navarra, Asturias, Andalucía e Cantabria, e a só céntimo de euro de La Rioja (*La Justicia Dato a Dato*, ano 2018, do Consello Xeral do Poder Xudicial, páxina 27 do documento).

En 2019, o documento do Consello Xeral do Poder Xudicial volve asignar erroneamente a cantidade de 151.620.314 euros no orzamento para Galicia, repetindo a de 2018, cando a suma do programa 131A "Administración de xustiza" e do programa 571A "Fomento da sociedade da información e do coñecemento" é de 158.046.821 euros, do cal resulta unha asignación por habitante e ano de 58,47 euros. Galicia sitúase de sexta -xusto na metade da táboa- e por riba da Comunidade Foral de Navarra, Principado de Asturias, Andalucía, Cantabria, La Rioja e Aragón, por esta orde (páxinas 26 e 27 do documento).

CVE: 518gxJqtb1
Verificación: https://sede.xunta.gal.cve

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 79 a 98

Por outra banda, atendendo ao gasto total executado no exercicio 2019, que foi de 167.761.630 (cadro 5 da páxina 27 do anteproxecto de informe), a asignación por habitante e ano sería de 62,00 euros, o que situaría a Galicia de quinta, por riba das anteriormente mencionadas e da Comunidade Valenciana.

Tal e como indicamos con anterioridade, en coherencia co abano de anos do informe de fiscalización, sería este ano 2019 o último do período e, polo tanto, o que se debería resaltar nas conclusións iniciais do informe (onde o gasto executado se sitúa case 10 euros por riba do de 2018).

En consecuencia, non se pode soster que o gasto dedicado á Administración de xustiza, na nosa comunidade autónoma, en relación coa poboación, se sitúe entre as máis baixas do Estado.

4. Polo que se refire á **CONCLUSIÓN 3.4,** que analiza a evolución de efectivos na Administración de xustiza e indica que o seu incremento non foi homoxéneo entre os diferentes corpos, cómpre sinalar que a dita evolución responde ao modelo tipo de composición e distribución dos funcionarios que integran os xulgados e tribunais, composición na que o corpo de tramitación duplica o de xestión procesual e cuadriplica o de auxilio xudicial.

   Os xulgados, con carácter xeral, contan cun cadro de persoal integrado por 2 xestores, 4 tramitadores e 1 auxilio xudicial, de forma que o número de tramitadores vai medrar de xeito exponencial, con respecto aos xestores e auxilios, a medida que se vaian creando novas unidades xudiciais.

5. Polo que se refire á **CONCLUSIÓN 3.5**, simplemente cómpre reiterar as manifestacións efectuadas en relación coa metodoloxía empregada, con carácter xeral, nas comparativas que se efectúan, que globalizan no territorio do Ministerio os datos referentes ás comunidades autónomas sen competencias traspasadas.

6. Polo que se refire á **CONCLUSIÓN 3.6,** que analiza o número de prazas vacantes existentes, así como a súa ocupación, cómpre destacar que existen uns procedementos regrados para a súa cobertura.

   O procedemento ordinario, principal e definitivo, consiste no concurso de traslados de prazas vacantes, que se debe convocar de xeito conxunto en todo o Estado e na mesma data, debido ao carácter de corpos nacionais dos funcionarios da Administración de xustiza (artigos 531 e 470 da LOPX).

CVE: 5d9gkJqtb1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 80 a 98

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Xustiza

galicia

En todo caso, o dato de desocupación é dinámico e obedece a xubilacións, incapacidades temporais ou permisos a tempo total (liberacións sindicais), con carácter xeral, o que determina que, mentres non se poida proceder á súa cobertura mediante o procedemento de concurso, se acuda aos outros procedementos tamén regrados: substitucións e comisións de servizos entre persoal funcionario de carreira, así como, subsidiariamente, a través de persoal interino.

O anteproxecto de informe parte dos datos existentes na data fixa do 18 de febreiro de 2021, que cifra a porcentaxe de prazas vacantes nun 2,41% (resultado das 67 prazas nesta situación, sobre un total xeral de 2.777 prazas).

Procede manifestar ao respecto, en primeiro lugar, que os datos facilitados incluían 24 prazas previstas para a creación de tres novos xulgados do social, que non entraban en funcionamento ata o 31 de marzo de 2021 e, polo tanto, non tiñan nin podían ter ocupación con data do 18 de febreiro de 2021, tendo sido incorporadas ao primeiro concurso de traslados que, como xa dixemos, se convoca de xeito conxunto e ao mesmo tempo en todo o Estado. Desta forma, as prazas vacantes non cubertas serían 43, non 67.

En segundo lugar, metodoloxicamente, outras 81 do total das 2.777 prazas son de persoal interino de reforzo, é dicir, prazas que non se poden considerar vacantes porque non son estruturais e non figuran creadas nas relacións de postos de traballo, de forma que non se poden ofertar en procesos de ocupación por seren prazas de apoio temporal.

En suma, o total xeral das prazas para computar sería de 2.696, o 18 de febreiro de 2021, polo que a porcentaxe de prazas vacantes non cubertas sería do **1,59%** e non do 2,41 % (43 prazas vacantes dun total de 2.696).

A cobertura de prazas vacantes mediante interinidades é o procedemento a que se acude cando non foi posible a súa cobertura mediante os procedementos do concurso, substitucións ou comisións de servizo, coa finalidade de dar resposta ás situacións derivadas de desocupacións produto de xubilacións, incapacidades temporais, liberacións sindicais a tempo completo ou traslados voluntarios mediante concursos, e a súa duración é equivalente ás situacións que as orixinan.

Na páxina 37 do anteproxecto de informe afírmase que *"...Por outra parte, destaca o feito de que 57 interinos ocupen prazas vacantes cunha antigüidade superior aos 3 anos*".

Mais esta observación non é correcta, pois, como se pode observar no cadro 11 da mesma páxina, do total dos 57 interinos só 31 están en praza vacante; os 26 restantes son interinos que ocupan prazas **NON** vacantes, prazas con reserva de praza para os seus titulares.

CVE: 518gLqtb1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 81 a 98

Por último, respecto da duración das comisión de servizos en prazas vacantes afirmase que o 24,2% tiñan unha duración superior a 2 anos. Pero, segundo se recolle na páxina 36 do informe, existe un total de 46 comisións de servizos e só unha delas supera os dous anos. Daquela, a porcentaxe será do **2,17%,** non do 24,2% (ese único suposto que superou a duración de 2 anos foi por razón de estar inmerso no proceso selectivo de estabilización do emprego temporal a través dun concurso de traslados, concurso que se estaba a desenvolver en febreiro de 2021).

7. Polo que se refire á **CONCLUSIÓN 3.7**, que analiza os datos das vacantes e as súas rotacións, debemos insistir en que as prazas vacantes son produto das circunstancias xa apuntadas como as xubilacións, incapacidades temporais, liberacións ou falta de cobertura nos períodos intermedios entre concursos de traslados (sempre que neste último caso a praza sexa solicitada directamente ou a resultas por funcionario de carreira), polo que o seu tempo de rotación vén vinculado a esas circunstancias.

   Así, por exemplo, as liberacións sindicais a tempo total, como mínimo, adoitan durar 4 anos, en coherencia coa permanencia no mandato que xorde das eleccións sindicais, razón pola cal o tempo de substitución ou cobertura por persoal interino vai vinculado ao tempo da dita liberación.

8. Polo que se refire á **CONCLUSIÓN 3.8,** que analiza os gastos de persoal, débese lembrar, tal e como se fixo constar na introdución do presente documento, que estes gastos van directamente vinculados ao crecemento da planta xudicial.

   Desde 2010 ata 2016 non se crearon xulgados en Galicia e, consecuentemente, non se crearon novas prazas de funcionarios e, tal e como indicamos con anterioridade, a competencia para a creación de novas unidades xudiciais corresponde á Administración xeral do Estado (artigo 36 da LOPX e artigos 20 e 41 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, e así se constata no punto 5.2 do anteproxecto do informe).

   Así, tras a creación en 2010 de nove xulgados, dúas prazas de maxistrado no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e dúas de xuíz de adscrición temporal, non se volveron crear novas unidades xudiciais en Galicia ata o ano 2017, pese a que en 2011 se remitiu ao Ministerio de Xustiza unha proposta da Comisión Mixta, que integran a Xunta de Galicia e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en que se pedía a creación de 10 novas unidades xudiciais.

CVE: 5i6gk-Jqtb1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 82 a 98

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Xustiza

galicia

Non foi ata o ano 2017 cando se volveron crear novas unidades xudiciais, concretamente 10 xulgados[3] (a finais de 2021 está previsto a creación dun novo xulgado do mercantil, o nº 3, na Coruña).

9. Polo que se refire á **CONCLUSIÓN 3.9,** que analiza as peticións e resolucións en materia de xustiza gratuíta, cómpre indicar que as comisións de asistencia xurídica gratuíta, órganos competentes para resolver as solicitudes presentadas, se configuran como órganos colexiados integrados por un representante do colexio de avogados, un representante do colexio de procuradores, un representante da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia e un funcionario da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, que actúa como secretario da Comisión.

Estas comisións ditan as súas resolucións de forma motivada con base nos criterios establecidos na Lei 1/1996, de asistencia xurídica gratuíta, axustándose aos parámetros económicos e patrimoniais que marca este norma, e son susceptibles de recurso.

A norma reguladora condiciona, pois, o sentido das resolucións das comisións colexiadas de xustiza gratuíta, que a deben observar de xeito imperativo.

Agora ben, en determinadas ocasións, os xuíces realizan unha valoración de conxunto das distintas circunstancias persoais ou familiares concorrentes no peticionario -máis alá dos seus ingresos e patrimonio-, que se traduce nunha interpretación máis ampla da norma e que determina a revogación, en consecuencia, das resolucións ditadas en vía administrativa.

En todo caso, a porcentaxe de resolucións impugnadas é do 3,1% no período estudado e as revogacións da autoridade xudicial, representan o 1,5% das solicitudes presentadas e un 8,7% das obxecto de denegación, o que implica que preto do 92% das denegacións realizadas en vía administrativa non son cuestionadas.

3

ANO 2017 (Real decreto 902/2017)	ANO 2019 (Real decreto 256/2019)	ANO 2020 (Real decreto 1050/2020*)
XULGADO DE 1ª INSTANCIA Nº 6 DE FERROL.	XULGADO DE 1ª INSTANCIA Nº 14 DA CORUÑA	XULGADO DO SOCIAL Nº 4 DE LUGO
XULGADO DE 1ª INSTANCIA Nº 7 DE OURENSE.	XULGADO DO SOCIAL Nº 4 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	XULGADO DO SOCIAL Nº 7 DA CORUÑA
XULGADO DE 1ª INSTANCIA Nº 15 DE VIGO.	XULGADO DO SOCIAL Nº 6 DE VIGO	XULGADO DO SOCIAL Nº 7 DE VIGO
XULGADO DO SOCIAL Nº 6 DA CORUÑA.		

*Entrada en funcionamento o 31 de marzo de 2021: Orde XUS/227/2021

CVE: 5t8gLqtb1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 83 a 98

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Xustiza

galicia

AXG	Solicitudes presentadas	Solicitudes denegadas		Solicitude impugnadas			
						Sentenzas revogatorias	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
2016	41.005	7.066	17,23	1.276	3,11	689	54,00
2017	43.494	7.526	17,30	1.387	3,19	703	50,68
2018	39.827	7.287	18,30	1.272	3,19	588	46,23
2019	44.221	7.088	16,03	1.413	3,20	654	46,28
2020	36.281	6.431	17,73	993	2,74	444	44,71
Media	**40.966**	**7.080**	**17,28**	**1.268**	**3,10**	**616**	**48,54**

10. Polo que se refire á **CONCLUSIÓN 3.10,** que analiza o custo medio por habitante en materia de xustiza gratuíta, cómpre ter en conta que este custo medio por habitante, en xustiza gratuíta, crece ou decrece en función do número de solicitantes e asuntos que as comisións correspondentes aproban, con independencia do orzamento inicial consignado.

    Así, a tendencia do gasto crecente ou decrecente obedecerá á existencia de maior ou menor número de solicitudes e, polo tanto, de resolucións de recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta.

    En definitiva, a diminución do gasto executado non se produce por unha minoración das cantidades orzadas, e débese salientar que, fronte aos 8.592.567 millóns de euros dotados en 2009, pasamos a 11.200.000 millóns de euros en 2019.

    En canto ao aboamento das compensacións económicas aos colexios profesionais pola prestación do servizo de asistencia xurídica gratuíta, o prazo medio de pagamento oscila entre os 23 e os 25 días, non ao redor dos 63,73 días.

    Debemos recordar que estamos ante un procedemento regrado mediante o cal, unha vez recibida na Dirección Xeral de Xustiza a certificación expedida polo correspondente colexio (comprensiva das actuacións prestadas polos profesionais da quenda de oficio no concreto período), deberá ser comprobada e devolta ao colexio respectivo para a súa modificación en casos de erros ou duplicidades (en ocasións máis dunha vez); será unha vez recibida a certificación correcta cando nacerá a obriga do pagamento, data a partir da cal se poderá realizar o aboamento efectivo (artigo 44.3 do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, na súa modificación operada polo Decreto 134/2017, do 7 de decembro – DOG do 24 de xaneiro de 2018).

    A obriga de pagamento nace, polo tanto, cando a Administración ten a certificación colexial correcta, sen erros ou duplicidades, polo que o prazo se computará a partir dese momento e non antes.

CVE: 5l8gk.kqtb1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 84 a 98

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Xustiza

galicia

11. Polo que se refire ás **CONCLUSIÓNS 3.11 e 3.12**, que analizan os investimentos en infraestruturas xudiciais, cómpre dicir que a súa execución vai directamente vinculada á evolución da planta xudicial e, polo tanto, á creación de novas unidades xudiciais.

Xa o Plan aprobado en 2009 indicaba o seguinte :

> "*.....marcar unha proxección cara ao futuro sempre resulta complicado, dado que hai factores non previsibles, polo que o informe realizado parte do recoñecemento das limitacións existentes á hora de realizar unha aproximación rigorosa ás que poden ser as necesidades dos órganos xudiciais nos vindeiros anos...*".

A planificación destas infraestruturas tiña unha natureza dinámica, non pechada, ligada á evolución e crecemento da planta xudicial que tamén nestes últimos anos se viu afectada por anteproxectos lexislativos estatais sobre a organización da Administración de xustiza, que determinaron a oportunidade de levar adiante determinados proxectos non previstos inicialmente en lugar doutros que si estaban previstos, en atención á evolución da planta xudicial. Exemplo disto constitúeno as actuacións realizadas na sede actual do Servizo Común de Actos de Comunicación e Execución no Casco Vello de Vigo, importantes obras de rehabilitación nos edificios xudiciais da Coruña e Ferrol, ou, singularmente, o edificio de Viveiro, entre outros.

Así mesmo, están en marcha dous novos proxectos: un edificio na Estrada para unificar nun só espazo os dous xulgados actuais situados en diferentes edificios, e unha nova sede para o Imelga.

Actualmente, a Xunta de Galicia leva destinados, desde 2009, máis de 122 millóns de euros á mellora das infraestruturas xudiciais, dos cales 118 millóns se corresponden con obras maiores nas que se inclúen: a rehabilitación da fábrica de tabacos, o novo edificio xudicial de Santiago de Compostela, o novo edificio xudicial de Ourense, o novo edificio xudicial de Pontevedra, a Cidade da Xustiza de Vigo, o novo edificio xudicial de Tui, así como outras actuacións nos xulgados de Ferrol e A Coruña, entre outras.

Finalmente, en relación coas recomendacións recollidas na epígrafe IV do anteproxecto do informe para o establecemento dun mecanismo que permita reducir, progresivamente, a ocupación mediante funcionarios interinos das prazas vacantes de longa duración, así como para instar a Amtega para completar a dotación dixital das salas de vistas, cómpre indicar que:

1º-. O mecanismo para evitar interinidades pasa necesariamente polo incremento de prazas de persoal funcionario de carreira nas ofertas de emprego público de forma que se iguale, progresivamente, o número de persoal de carreira co das prazas efectivamente vacantes, para o cal a Comunidade Autónoma carece de

CVE: 589gKJqtb1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 85 a 98

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Xustiza

galicia

competencias por atoparnos ante unha competencia da Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Xustiza (artigo 482 da LOPX).

2º-. Na actualidade, dun total de 194 salas, 142 xa están totalmente dixitalizadas e todas elas o estarán en 2022.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE
O director xeral de Xustiza
Juan José Martín Álvarez

Asinado por: MARTIN ALVAREZ, JUAN JOSE
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 29/09/2021 11:06:14

CVE: 5t8gkJqtb1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 86 a 98

Consello de Contas de Galicia

RÉPLICAS

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 87 a 98

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 88 a 98

RÉPLICAS DO CONSELLO DE CONTAS ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS POLA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA AO ANTEPROXECTO DE INFORME DE FISCALIZACIÓN DO *PROGRAMA 131A* DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA 2014-2019

Trámite de alegacións

En cumprimento do disposto no artigo 47.1. do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas, aprobado pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas o día 23 de febreiro de 2017 (DOG nº 46, do 7 de marzo de 2017), o director xeral de Xustiza, no prazo sinalado no escrito de remisión do informe de fiscalización do Consello de Contas, formulou alegacións ao Anteproxecto (Rexistro de entrada nº 2021-E-RE-1168, do 29 de setembro de 2021) que se xuntan a este informe de fiscalización.

Con relación ao seu contido e tratamento, independentemente das aclaracións e puntualizacións que en cada caso figuran nas réplicas, cómpre sinalar con carácter xeral que, excepto nos casos concretos que así o requiran, non se valoran as alegacións que confirmen deficiencias ou irregularidades sinaladas no informe; que expoñan criterios e opinións sen soporte documental ou normativo ou ben que non rebatan o contido do informe, senón que se trate de explicacións ou xustificacións sobre as actuacións da entidade fiscalizada. Nos supostos nos que se modifica total ou parcialmente o contido dalgún punto do informe, indicarase este feito expresamente mediante nota a pé de páxina.

Réplicas ás alegacións formuladas pola Dirección Xeral de Xustiza da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Réplica formulada á **introdución das alegacións**

Manifestan que nas comparativas que se efectúan entre comunidades autónomas deberían computarse os gastos e investimentos pola Administración de Xustiza tamén daquelas que non asumiron competencias nesta materia. Os parámetros utilizados para realizar as comparativas recóllense no documento elaborado polo CXPX (Consello Xeral do Poder Xudicial) cada ano. Nin neste documento nin nos orzamentos do Ministerio de Xustiza figuran desagregadas as partidas de gastos por territorios.

Indican que a fiscalización se refire ao período 2014-2019, porén no informe a análise retrotráese en moitos casos aos anos 2009-2011.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 89 a 98

O traballo levouse a cabo conforme aos principios fundamentais de fiscalización do sector público. No desenvolvemento da fiscalización aplicáronse procedementos de auditoría para obter evidencias sobre os importes e outra información relevante do programa orzamentario suxeito a fiscalización. Os procedementos de auditoría seleccionados foron deseñados en función da información dispoñible, extraída dos datos publicados polo Ministerio de Justicia, polo Ministerio de Hacienda e polo CXPX (Consello Xeral do Poder Xudicial), entre outros organismos públicos, na data na que se realizaron os traballos de fiscalización.

No informe sinálase que o ámbito temporal abranguerá os exercicios orzamentarios 2014-2019. E que, cando os obxectivos da fiscalización o requiran, o ámbito temporal estenderase indistintamente aos exercicios anteriores dos que traian causa, ou a feitos acontecidos con posterioridade que tivesen causalidade nos exercicios fiscalizados.

Dado que a alegación incorpora opinións sen soporte documental ou normativo, non supón a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas á conclusión **3.1** do informe de fiscalización, relativa ás taxas de litixiosidade, conxestión, pendencia e resolución.

Alégase que os datos nestas materias teñen unha relación obxectiva co número de xuíces e maxistrados e coa súa capacidade resolutiva, carecendo a Comunidade Autónoma de competencias para modificar ou incrementar a planta xudicial. Indican que tal e como consta no documento "La Justicia dato a dato" os datos da taxa de litixiosidade en Galicia no 2019 son similares aos do resto do territorio de España, e a taxa de resolución no ano 2019 é do 0,98.

A análise destas taxas debería quedar fóra do ámbito da fiscalización porque excede o ámbito das competencias da Comunidade Autónoma.

Os datos das taxas de litixiosidade e resolución que incorporan á alegación coinciden cos que constan no anteproxecto do informe. Non obstante, para facer máis comprensible a análise efectuada no punto 6.2 do informe e a conclusión 3.1, complétase para aclarar que na comparativa da taxa de litixosidade da Comunidade Autónoma co Estado referímonos aos niveis medios da taxa de litixiosidade. Neste sentido, complétanse o punto 6.2 e a conclusión 3.1 introducindo no texto que "a taxa de litixiosidade na Comunidade Autónoma de Galicia no período 2010-2019 situouse sempre por debaixo dos niveis medios do conxunto do Estado".

No informe móstranse os datos de determinados indicadores xudiciais, elaborados polo CXPX, para contextualizar dentro do ámbito nacional o funcionamento da Administración de Xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia. Dado que o alegado a este respecto non rebate nin contradí o indicado no anteproxecto do informe, non supón a súa modificación.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 90 a 98

Réplica á alegación formulada á conclusión **3.2** do informe de fiscalización, relativa ao gasto total executado na Administración de Xustiza en Galicia.

Alegan que non se computa o gasto executado polo Ministerio de Justicia nas Comunidades en que non se produciu o traspaso de competencias na materia. Por outra parte, alegan que nas comparativas débense ter en conta os gastos do programa 571A Fomento da sociedade da información e do coñecemento, no que se recollen os gastos referentes á informatización da Administración de Xustiza.

Introducen na alegación dous cadros que amosan a evolución orzamentaria dos créditos iniciais entre os anos 2010-2020 de ámbolos dous programas 131A e 717A, concluíndo que a evolución do orzamento nese período amosou un crecemento do 55,45%.

Para obter información de carácter homoxéneo, realizouse unha análise comparativa do gasto orzamentario en Administración de Xustiza tan só entre as comunidades autónomas que asumiron competencias nesta materia. Respecto daquelas outras que non asumiron esta competencia, non se dispuxo de información diferenciada do gasto executado en Administración de Xustiza no seu ámbito territorial. Tomáronse os importes de gasto orzamentario que constan nas estatísticas elaboradas polo CXPX, con información que procede das comunidades autónomas. Non se incluíron os gastos rexistrados no programa *571A* para non alterar a información do CXPX, que tampouco os incluíu. Por outra parte, sinalar que a alegación non modifica a conclusión 3.2 na que se mostra a evolución anual do gasto no ámbito da Administración de Xustiza en Galicia no período 2011-2019, sen relacionala con outras comunidades autónomas.

A parte da alegación referida á evolución anual das cantidades inicialmente orzadas no período 2010-2020, tanto nos programas *571A* como *131A*, non se pode ter en conta en tanto que os datos de evolución anual do gasto que se reflicte na conclusión 3.2 refírense a execución de gasto orzamentario e non a orzamentos iniciais.

Dado que a alegación non rebate nin contradí o indicado na conclusión 3.2 do anteproxecto do informe, non supón a súa modificación.

Réplica ás alegacións formuladas á conclusión **3.3** do informe de fiscalización, relativa ao gasto total executado na Administración de Xustiza en Galicia en relación coa poboación.

Alegan que o anteproxecto de informe refírese ao período 2014-2019, porén no informe o último exercicio da análise do gasto en Administración de Xustiza por habitante é do 2018. Tamén alegan que no 2018 o gasto por habitante sería de 56,1 euros e non de 52,08 euros. Ademais, no exercicio 2018 deberíanse incluír os gastos da AMTEGA. O orzamento total para xustiza en Galicia acadou o importe de 151.620.314 euros, o 0,24% do PIB. Este importe sería maior no caso de incluír o orzado no concepto 640 do programa 571A, o que determinaría que a cantidade habitante/ano fora de 56,3 euros. No informe deberíase resaltar

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 91 a 98

nas conclusións o gasto por habitante/ano no 2019 de 62 euros, ocupando o quinto lugar entre as comunidades autónomas con maior gasto.

Como se sinala no punto 7.2 do informe, o estudo económico comparativo con outras comunidades autónomas reproduce unha evolución do gasto orzamentario executado entre os anos 2009 e 2018, por ser este o último exercicio económico publicado polo Ministerio de Hacienda á data da finalización dos traballos de fiscalización. Non se resalta, polo tanto, o dato do gasto por habitante no ano 2019 en Galicia porque, coa información dispoñible á data de fiscalización, non se puido realizar a comparativa co resto das comunidades autónomas con competencias asumidas en Administración de Xustiza.

Convén lembrar aquí que este estudo económico reproduce os importes de execución do gasto orzamentario e non os importes dos orzamentos aprobados, o que supón que o gasto en Administración de Xustiza por habitante en Galicia no exercicio 2018 sexa de 52,08 euros e non de 56,3 euros como afirma o contadante. Sen embargo, noutra parte da alegación sinalan que a asignación por habitante no 2019 foi de 62 euros, tomando neste caso non o importe dos orzamentos iniciais senón o do gasto executado en xustiza na Comunidade Autónoma Galega. Alegan que a asignación por habitante neste ano situaría a Galicia en quinto lugar respecto das comunidades autónomas. No informe non se efectuou a comparativa para o ano 2019 porque no momento da súa elaboración non se dispuxo de información do gasto por habitante no resto das comunidades autónomas. Sen embargo, como xa se sinalou no informe, o gasto en Administración de Xustiza en Galicia vénse incrementando de xeito paulatino desde o ano 2012.

Tamén se sinala no punto 7.2 do informe que a comparativa dos gastos realizouse sobre os créditos do programa *131A*, onde non se inclúe o gasto xestionado pola AMTEGA en desenvolvemento do II Plan tecnolóxico da Administración de Xustiza de Galicia para non alterar os datos publicados polo CXPX. Cómpre sinalar a este respecto que no período 2011-2018 o gasto executado pola AMTEGA en desenvolvemento do II Plan tecnolóxico da Administración de Xustiza apenas representa un 2,5% do total executado na Administración de Xustiza, co cal, aínda admitindo esa eiva na análise, esta non desvirtúa *per se* o resultado da comparativa efectuada.

Sen prexuízo das consideracións efectuadas, convén salientar que na conclusión 3.3 se afirma que o gasto orzamentario por habitante na Comunidade Autónoma galega sitúase entre os máis baixos do Estado. Porén, na medida en que a análise só se refire a unha determinada mostra de comunidades autónomas –as que asumiron competencias en materia de xustiza– e non ao conxunto do Estado, interesa modificar os termos da mesma de forma que os resultados acadados queden circunscritos unicamente ás comunidades autónomas mostradas.

Polo tanto, as alegacións formuladas supoñen a modificación da conclusión 3.3 do anteproxecto do informe de acordo coas consideracións efectuadas no parágrafo precedente.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 92 a 98

Réplica á alegación formulada á conclusión **3.4** do informe de fiscalización, relativa á evolución dos efectivos de persoal na Administración de Xustiza en Galicia.

Alegan que o incremento dos efectivos non foi homoxéneo entre os diferentes corpos porque a evolución responde a un modelo tipo de composición e distribución dos funcionarios que integran os xulgados e tribunais, composición na que o corpo de tramitación duplica o de xestión procesual e cuadriplica o de auxilio xudicial.

No informe indícase a porcentaxe de incremento dos efectivos ao longo do período 2014-2019 para cada un dos corpos: xestión procesual, tramitación procesual, auxilio xudicial e médicos forenses. O número de efectivos que integran os diferentes corpos non inflúe na porcentaxe de incremento de efectivos de cada corpo.

Dado que a alegación non contradí o indicado na conclusión 3.4 do anteproxecto do informe, non supón a súa modificación.

Réplica á alegación formulada á conclusión **3.5** do informe de fiscalización, relativa á relación de funcionarios con respecto á poboación.

Reiteran as manifestacións efectuadas en relación coa metodoloxía empregada, que globaliza no Ministerio os datos referentes ás comunidades autónomas sen competencias traspasadas.

O CXPX dispón de información dos efectivos de persoal e da taxa de litixiosidade das comunidades autónomas, incluídas as que non teñen asumidas as competencias en Administración de Xustiza. Esta información, que se reflicte nos cadros 1 e 12 do informe, permitiu relacionar o número de funcionarios coa poboación e analizar a taxa de litixiosidade de todas as comunidades autónomas.

Dado que a alegación non rebate nin contradí o indicado na conclusión 3.5 do anteproxecto do informe, non supón a súa modificación.

Réplica ás alegacións formuladas á conclusión **3.6** do informe de fiscalización, relativa á ocupación das prazas vacantes.

A porcentaxe de prazas vacantes do 2,41% que se indica no anteproxecto de informe parte dos datos na data de 18 de febreiro de 2021. Para o cálculo desta porcentaxe tivéronse en conta 24 prazas previstas para a creación de tres novos xulgados do social que non entraban en funcionamento ata o 31 de marzo de 2021 e que foron incorporadas ao concurso de traslados que se convoca a nivel conxunto en todo o Estado. Alegan que por esta razón as prazas vacantes non cubertas serían 43 e non 67. Tamén alegan que 81 prazas do total de 2.777 son de persoal interino de reforzo que non se poden considerar vacantes porque non son estruturais e non figuran creadas nas relacións de postos de traballo, de forma que non se poden

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 93 a 98

ofertar en procesos de ocupación por ser prazas de apoio temporal. En suma, o total xeral das prazas para computar sería de 2.696 a data 18 de febreiro de 2021, polo que a porcentaxe de prazas vacantes non cubertas sería de 1,59% e non 2,41% (43 prazas vacantes dun total de 2.696).

Alegan que no punto 8.9 (páxina 37) do anteproxecto do informe indícase erroneamente que 57 interinos ocupan prazas vacantes cunha antigüidade superior aos tres anos e non 31 como figura no cadro 11 do anteproxecto do informe. Respecto da duración da comisión de servizos en prazas vacantes, na conclusión indícase que o 24,2% destas tiña unha duración superior aos dous anos pero, segundo se recolle na páxina 36 do anteproxecto de informe, existe un total de 46 comisións de servizos e só unha delas supera os dous anos.

No punto 8.6 do anteproxecto explícase que para verificar o grao de cobertura das prazas vacantes tomáronse os datos do cadro de persoal dun día concreto, o 18.02.2021. Débese ter en conta a variabilidade a que están sometidos, xa que diariamente poden darse circunstancias que determinan cambios frecuentes. Ademais, na alegación recoñécese que o dato de desocupación dos postos de traballo é dinámico e que obedece, entre outras causas, a xubilacións, incapacidades temporais, liberacións sindicais a tempo completo ou traslados voluntarios mediante concursos. Neste contexto, debe entenderse que tamén as 24 prazas previstas no cadro de persoal para dar cobertura ás prazas creadas nos tres novos xulgados do social, e con independencia de que aínda non entraran en funcionamento á espera do resultado do concurso, son prazas vacantes que o día 18.02.2021 non están ocupadas nin por funcionarios titulares nin por interinos nin en comisión de servizos. Por outra parte, considerando que os 81 postos ocupados polos interinos de reforzo son postos provisionais que teñen carácter excepcional e como tal non ocupan prazas vacantes, os postos do cadro de persoal con carácter definitivo son 2.696. Con base nesta consideración, os 67 postos non ocupados sobre os 2.696 do cadro de persoal definitivo supoñen un 2,48%. Como consecuencia da alegación, modifícase a porcentaxe de prazas vacantes non cubertas sobre o total de prazas do cadro de persoal que figura no primeiro parágrafo da conclusión 3.6, que pasa do 2,41% ao 2,48%. Tamén se modifica o punto 8.6 do informe no que respecta ao número dos postos do cadro de persoal, que pasan de 2.777 a 2.696, así como a porcentaxe de prazas non cubertas, que pasa a ser o 2,48%.

Respecto da alegación referida aos 81 interinos de reforzo, indicar que, aínda con carácter provisional mentres se tramita o proceso de aumento do cadro de persoal, ocupan postos de traballo e que representan xunto co resto do persoal interino o 20,6% do total dos postos de traballo, con independencia de que as prazas que ocupen non sexan prazas vacantes. Neste sentido, a alegación non supón a modificación do contido do informe.

Respecto do alegado ao punto 8.9 do anteproxecto do informe, procédese á corrección do erro, dado que, tal e como consta no cadro número 11, son 31 os interinos que ocupan prazas vacantes cunha antigüidade superior aos tres anos.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 94 a 98

Procédese a corrixir o erro do terceiro parágrafo da conclusión 3.6 referido á duración das comisións de servizos en prazas vacantes, en consonancia co indicado no punto 8.7 do anteproxecto de informe, no que se indica que existe un total de 42 comisións de servizos e só unha delas supera os dous anos.

Así, o último parágrafo da conclusión 3.6 queda redactado como se indica a continuación:

"Respecto das prazas vacantes cubertas por funcionarios de carreira a través de comisións de servizos, o 24,2%, só unha destas ten unha duración superior aos 2 anos."

Réplica ás alegacións formuladas á conclusión **3.7** do informe de fiscalización, relativa aos datos de prazas vacantes e a súa rotación.

Alegan que as prazas vacantes son produto das circunstancias tales como as xubilacións, incapacidades temporais, liberacións ou falta de cobertura nos períodos intermedios entre concursos de traslados, polo tanto a súa rotación está vinculada a estas circunstancias.

Trátase dunha explicación que non rebate nin contradí o indicado na conclusión 3.7 do anteproxecto do informe, polo que non supón a súa modificación.

Réplica á alegación formulada á conclusión **3.8** do informe de fiscalización, relativa aos gastos de persoal.

Alegan que os gastos de persoal están directamente vinculados ao crecemento da planta xudicial. Desde 2010 ata 2016 non se crearon xulgados en Galicia. Ata o ano 2017 non se volveron a crear novas unidades xudiciais, aínda que no ano 2011 se remitiu ao Ministerio de Justicia unha proposta da Comisión Mixta na que se pedía a creación de 10 novas unidades xudiciais.

No anteproxecto exponse a evolución das cifras dos gastos de persoal mostrando o seu comportamento no conxunto das comunidades autónomas no período 2009-2018, sen poñela en relación co crecemento da planta xudicial en cada unha delas.

Dado que a alegación efectúa unha explicación que non rebate nin contradí o indicado na conclusión 3.8 do anteproxecto do informe, non supón a súa modificación.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 95 a 98

Réplica ás alegacións formuladas á conclusión **3.9** do informe de fiscalización, relativa ao número de solicitudes presentadas para obter asistencia xurídica gratuíta.

Alegan que as comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta ditan as súas resolucións de forma motivada con base nos criterios establecidos na Lei 1/1996, de asistencia xurídica gratuíta, o que condiciona o sentido das resolucións dado que deben acatar a lei de xeito imperativo. Por outra parte, os xuíces nas súas sentenzas realizan unha valoración conxunta das distintas circunstancias persoais e familiares concorrentes no peticionario.

Indícase ademais que a porcentaxe de resolucións impugnadas representan un 8,7% das denegacións, o que implica que un 2% das denegacións realizadas en vía administrativa non son cuestionadas.

Novamente estamos ante unha explicación dos datos referidos que non rebate nin contradí o indicado na conclusión 3.9 do anteproxecto do informe, polo que non supón a súa modificación.

Porén, a raíz dos datos achegados coas alegacións advertíronse determinados erros no punto 9.1 do corpo do informe referentes ao número de solicitudes denegadas por parte das Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta, polo cal se procede á corrección do cadro 14 do informe.

Réplica á alegación formulada á conclusión **3.10** do informe de fiscalización, relativa ao custo da asistencia xurídica gratuíta e as compensacións económicas aos colexios profesionais.

Alegan, por unha parte, que a diminución do gasto executado non se produce por unha minoración das cantidades orzadas, salientando que dos 8,6 millóns de euros dotados en 2009 pasouse a 11,2 millóns de euros en 2019.

Por outra parte, en canto ao aboamento das compensacións económicas aos colexios profesionais pola prestación do servizo de asistencia xurídica gratuíta, o prazo medio de pagamento oscila entre os 23 e os 25 días, non ao redor de 63,73 días, dado que a obriga da pagamento nace cando a Administración ten a certificación colexial correcta unha vez corrixida de erros e duplicidades.

A primeira parte da alegación non cuestiona nin rebate os datos amosados no anteproxecto de informe de fiscalización respecto da execución orzamentaria vinculada á asistencia xurídica gratuíta e non supón, en consecuencia, a súa modificación.

Por outra parte, alegan que o prazo medio de pagamento aos colexios profesionais pola prestación do servizo de asistencia xurídica gratuíta oscila entre os 23 e os 25 días e non ao redor dos 63,73 días. Ao respecto, débese sinalar que no informe non nos referimos ao período medio de pagamento, senón ao tempo que media entre a data de finalización do trimestre e a data de pago por parte da Dirección Xeral. A referencia a este período que consta na conclusión relaciónase co feito de que as compensacións económicas aos colexios profesionais efectúanse a través de libramentos trimestrais. Considerando que a redacción da conclusión podería inducir a confusión,

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 96 a 98

procedemos a suprimir a última frase. As alegacións supoñen, en consecuencia, a modificación do informe de fiscalización dando unha nova redacción ao punto 3.10 das conclusións.

Réplica á alegación formulada ás conclusións **3.11** e **3.12** do informe de fiscalización, relativas aos investimentos en infraestruturas xudiciais.

Alegan que a planificación destas infraestruturas tiña unha natureza dinámica, non pechada, ligada á evolución e crecemento da planta xudicial, que tamén nestes últimos anos se viu afectada por anteproxectos lexislativos estatais que determinaron a oportunidade de executar proxectos non previstos inicialmente. Están en marcha dous novos proxectos: un edificio na Estrada e a nova sede do IMELGA. Actualmente a Xunta de Galicia leva destinado desde 2009 máis de 122 millóns de euros á mellora das infraestruturas xudiciais, dos cales 118 millóns de euros corresponden a obras maiores.

Coa alegación non se incorpora nova documentación nin se achega nova información que non se tivera en conta na elaboración do anteproxecto de informe.

Dado que a alegación non rebate nin contradí o indicado nas conclusións 3.11 e 3.12 do anteproxecto do informe, non supón a súa modificación.

Por último no documento das alegacións realízanse unhas **consideracións referidas ás recomendacións.**

Á recomendación de que se estableza un mecanismo que permita reducir, progresivamente, a ocupación mediante interinos de prazas vacantes de longa duración argumentan que o mecanismo para evitar estas interinidades pasa polo incremento de prazas de persoal funcionario de carreira nas ofertas de emprego público, sendo esta unha competencia do Ministerio de Justicia.

Sen embargo, aínda recoñecendo que é competencia da Administración xeral do Estado elaborar a oferta de emprego público e convocar os procesos selectivos, a Comunidade Autónoma non é allea a este procedemento en tanto que debe poñer en coñecemento do Ministerio Justicia as necesidades de recursos humanos para que este elabore a oferta de emprego público anual. A recomendación vai dirixida a que se estableza e se poña en funcionamento un mecanismo eficaz de comunicación co Ministerio de Justicia, propoñendo de xeito periódico e reiterado a creación de prazas de funcionarios para a cobertura de prazas vacantes. Neste sentido, procédese a modificar o texto da recomendación para facela máis explicativa, quedando redactada como segue: "Recoméndase establecer un mecanismo eficaz de comunicación co Ministerio de Justicia para a cobertura das prazas que permita reducir, progresivamente, a ocupación mediante funcionarios interinos das prazas vacantes de longa duración".

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 97 a 98

Respecto da recomendación a que se inste á AMTEGA para que complete, con celeridade, a implantación do sistema de xestión de arquivos e pezas de convicción nos órganos xudiciais e a dotación de salas de vistas co novo modelo de sala de vistas dixitais.

Coas alegacións achegan datos que serán obxecto de comprobación en posteriores informes de seguimento destas recomendacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 5RLK2AJQKFGG6EAKKA42EN9N9 | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 98 a 98

Consello de Contas
de Galicia

INFORME DE SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS INCLUÍDAS NOS INFORMES DE FISCALIZACIÓN DA DEPENDENCIA

EXERCICIOS 2008-2015

[1612019-02]

APROBADO NA SESIÓN DO PLENO DE DATA 9 DE NOVEMBRO DE 2021

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 77

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://conselldecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 77

ÍNDICE

I. INTRODUCIÓN 9

I.1. INICIATIVA DA ACTUACIÓN 9

I.2. ÁMBITO SUBXECTIVO 10

I.3. ÁMBITO TEMPORAL 10

II. OBXECTIVOS, ALCANCE E LIMITACIÓNS 10

II.1. OBXECTIVOS XERAIS 10

II.2. ALCANCE DA ACTUACIÓN 11

II.3. LIMITACIÓNS AO ALCANCE 15

III. MARCO NORMATIVO 15

IV. FEITOS POSTERIORES 17

V. RESPONSABILIDADE DOS ÓRGANOS DA ADMINISTRACIÓN 18

VI. RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS 18

VII. RESULTADOS DOS TRABALLOS 19

VII.1. EVOLUCIÓN DE DETERMINADOS ASPECTOS XERAIS SOBRE A APLICACIÓN DA LEI DE DEPENDENCIA EN GALICIA 2013-2019 19

VII.2. SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS DOS INFORMES SOBRE DEPENDENCIA 31

VII.2.1. Informe do Consello de Contas sobre prestacións económicas concedidas en aplicación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (2008) 32

VII.2.2. Informe do Tribunal de Cuentas Nº 1035 sobre as medidas de xestión e control adoptadas polas comunidades autónomas para a adecuada aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (2014) 38

VII.2.3. Informe do Consello de Contas do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes ... 46

VIII. CONSIDERACIÓNS FINAIS 51

ANEXOS 55

TRÁMITE DE ALEGACIÓNS 73

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 3 a 77

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 4 a 77

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Fiscalizacións aprobadas polo Consello de Contas de Galicia en materia de dependencia 9
Cadro 2: Recomendacións vixentes por materias incluídas nos informes do Consello de Contas e do TCu 11
Cadro 3: Vixencia actual das recomendacións realizadas no Informe sobre prestacións económicas concedidas en aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (2008) 12
Cadro 4: Recomendacións do Tribunal de Cuentas no seu Informe de fiscalización sobre as medidas de xestión e control adoptadas polas comunidades autónomas para a adecuada aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (2014) 13
Cadro 5: Vixencia actual das recomendacións realizadas no Informe de fiscalización do gasto en atención residencial .. 14
Cadro 6: Evolución do nº de solicitudes activas e ditames de recoñecemento da dependencia 2013-2019 19
Cadro 7: Evolución dos graos de dependencia recoñecidos 2013-2019 19
Cadro 8: Evolución do nº de persoas dependentes, beneficiarias con dereito e atendidas 2013-2019 20
Cadro 9: Evolución do nº de persoas beneficiarias activas e composición das prestacións efectivas 2013-2019 21
Cadro 10: Evolución da % Prestación por Servizos/PE na composición das prestacións efectivas 2013-2019 22
Cadro 11: Evolución do cumprimento dos prazos establecidos na Lei 39/2006 (en días) 23
Cadro 12: Evolución do nº de prazas públicas para a dependencia en residencias 2013-2019 24
Cadro 13: Evolución do nº prazas con dependencia en centros de titularidade públicos/privados 2013-2019 24
Cadro 14: Evolución da ratio nº beneficiarios residencia/ nº prazas públicas da Xunta de Galicia 2013-2019 25
Cadro 15: Evolución das inspeccións realizadas en centros ou programas de Servizos Sociais 2013-2019 25
Cadro 16: Evolución do nº de recursos resoltos en vía administrativa 2013-2019 26
Cadro 17: Evolución do gasto executado nos programas 312D, 312E e 311A 2013-2019. (Millóns de euros) 27
Cadro 18: Evolución do gasto certificado en dependencia CA de Galicia 2013-2019. (Millóns de euros) 28
Cadro 19: Financiamento do nivel mínimo de protección. (Euros) 29
Cadro 20: Evolución do custo estimado da dependencia na CA de Galicia 2013-2019 (Millóns de euros) 30
Cadro 21: Criterios para a cualificación do grao de cumprimento das recomendacións 31

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 5 a 77

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 6 a 77

ÍNDICE DE ANEXOS

Anexo I. Conclusións do informe do Consello de Contas sobre a dependencia de 2008 57
Anexo II. Recomendacións do informe de dependencia do Consello de Contas 2008 62
Anexo III. Conclusións do informe do Tribunal de Cuentas sobre a dependencia de 2014 64
Anexo IV. Recomendacións propostas polo Tribunal de Cuentas 65
Anexo V. Conclusións do informe do Consello de Contas sobre o gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes 67
Anexo VI. Recomendacións do Informe de fiscalización do gasto en atención residencial 71
Anexo VII. Correspondencias parciais ou totais entre recomendacións dos distintos informes sobre dependencia 72

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 7 a 77

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://conselldecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 8 a 77

ABREVIATURAS

AA.PP.	Administracións Públicas
AXE	Administración Xeral do Estado
CA	Comunidade Autónoma de Galicia
CC.AA.	Comunidades Autónomas
CLD	Coidados de longa duración
CT	Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia
EE.LL.	Entidades Locais
FUNGA	Fundación Pública para a Tutela de Persoas Adultas
HSUE	Historia social única electrónica
ICEX	Institucións Públicas de Control Externo
IMSERSO	Instituto de maiores e servizos sociais
IPREM	Indicador público de renda de efectos múltiples
LE	Lista de espera
MDD	Maiores, discapacidade e dependencia
OCEX	Órganos de Control Externo
PAT	Plan anual de traballo
PE	Prestación económica
PIA	Plan individual de atención
RD	Real decreto
RRICG	Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia
RUEPSS	Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais
SAAD	Sistema para a autonomía e atención á dependencia
SGAD	Servizo galego de autonomía e atención á dependencia
SIGAD	Sistema integrado galego de atención á dependencia
SISAAD	Sistema de información do sistema para a autonomía e atención á dependencia
SSSG	Sistema de servizos sociais de Galicia
TCu	Tribunal de Cuentas

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 9 a 77

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://conselldecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 10 a 77

I. INTRODUCIÓN

I.1. INICIATIVA DA ACTUACIÓN

1.1. O Pleno do Consello de Contas, no plan de traballo para o ano 2019, aprobou a realización do presente *Informe de seguimento das recomendacións incluídas nos informes de fiscalización da dependencia, exercicios 2008-2015.*

A comprobación do cumprimento das recomendacións formuladas en informes aprobados constitúe a última fase dos traballos de fiscalización, unha esixencia derivada da normativa reguladora do Consello, das recomendacións do Parlamento, e das propias directrices de traballo establecidas polo Pleno.

Os informes de fiscalización da dependencia aos que se refire o presente informe de seguimento de recomendacións son os que se recollen no seguinte cadro:

Cadro 1: Fiscalizacións aprobadas polo Consello de Contas de Galicia en materia de dependencia

FISCALIZACIÓNS APROBADAS DE DEPENDENCIA	PLAN DE TRABALLO	ANO DE APROBACIÓN
- Informe de fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes[1].	PAT 2016	2018
- Informe de fiscalización sobre prestacións económicas concedidas en aplicación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. (2008)[2]	PAT 2010	2011

Fonte: Elaboración propia

Por outra parte, este traballo de seguimento realizarase en colaboración co Tribunal de Cuentas (TCu) e os demais OCEX, no marco dunha fiscalización horizontal de seguimento das recomendacións realizadas polo Tribunal no seu *Informe de fiscalización sobre as medidas de xestión e control adoptadas polas comunidades autónomas para a adecuada aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, aprobado o 29 de maio de 2014[3]. Este traballo recollerá os resultados parciais obtidos con respecto de cada un dos ámbitos autonómicos analizados polos OCEX e o propio Tribunal respecto ás CC.AA. sen OCEX, así como daquelas que teñan decidido non participar.

[1] Pode consultarse en: https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/documents/2016/161_D_Gasto_Atencion_Residencial_Persoas_Maiores_e_Dependentes_G.pdf

[2] Pode consultarse en: https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/documents/2008/Prestacions_lei_dependencia_2008_G.pdf

[3] Pode consultarse en: https://www.tcu.es/repositorio/ec5afa2e-d9e6-411c-8251-175636a40726/I1035.pdf

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 11 a 77

89294

I.2. ÁMBITO SUBXECTIVO

1.2. Constitúe o ámbito subxectivo da presente fiscalización a consellería competente en materia de servizos sociais. A estrutura orgánica da Xunta de Galicia establecida no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, está integrada, entre outras, pola Consellería de Política Social. Esta consellería é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1982, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de Autonomía e coa Constitución, propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito social.

I.3. ÁMBITO TEMPORAL

1.3. Como ámbito temporal para a comprobación do seu cumprimento definiuse o exercicio 2018, sobre o que se centraron as probas substantivas realizadas. Non obstante, para a valoración do grao de implantación tívose en conta a evolución do marco normativo definido pola aplicación progresiva da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, sendo obxecto de análise actuacións acaecidas con anterioridade ou posterioridade a aquel exercicio.

II. OBXECTIVOS, ALCANCE E LIMITACIÓNS

II.1. OBXECTIVOS XERAIS

2.1. Os obxectivos xerais do informe de seguimento consistiron en:

• Realizar un seguimento sobre o grao de cumprimento das recomendacións formuladas por este Consello de Contas nos referidos informes de fiscalización realizados sobre a dependencia dos exercicios 2008 e 2015, así como das recomendacións formuladas polo Tribunal de Cuentas no seu informe de 2014. Tamén, a análise das medidas adoptadas, no seu caso, dirixidas a dar cumprimento a ditas recomendacións.

• Analizar a evolución de determinados aspectos xerais sobre a aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, en Galicia.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 12 a 77

II.2. ALCANCE DA ACTUACIÓN

2.2. A presente actuación ten como antecedentes os informes de fiscalización da dependencia (PAT2010) e do gasto en atención residencial a persoas maiores dependentes (PAT2016) realizados por este Consello de Contas, así como o informe elaborado polo TCu de *Fiscalización sobre as medidas de xestión e control adoptadas polas comunidades autónomas para a adecuada aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependen*cia, aprobado por aquel o 29 de maio de 2014.

2.3. O alcance da presente actuación, aprobada en coordinación co TCu, consiste na realización dun seguimento das recomendacións realizadas polo Consello de Contas e polo TCu nos seus respectivos informes. No cadro seguinte recóllese o número de recomendacións de cada informe agrupadas por materia:

Cadro 2: Recomendacións vixentes por materias incluídas nos informes do Consello de Contas e do TCu

Materia	Informe dependencia Consello Ctas	Informe dependencia TCu	Informe gasto residencial Consello Ctas
	Nº de recomendacións	Nº de recomendacións	Nº de recomendacións
Desenvolvemento normativo en materia de dependencia	1	2	0
Xestión das prestacións de dependencia	6	5	7
Control das prestacións de dependencia	1	2	3
Total	**8**	**9**	**10**

Nota: Cada materia identifícase mediante unha cor distinta.
Fonte: Elaboración propia

Así mesmo, completouse o anterior alcance coa consideración de determinados aspectos xerais sobre a aplicación da Lei de dependencia referidos fundamentalmente ao número de beneficiarios, gastos e ingresos, persoal da Consellería de Política Social, prazos de xestión, tempos medios de recoñecemento das prestacións, e expedientes con prestación recoñecida con demora de prazo.

Tamén, coa análise da información contida nas Memorias de xestión da Consellería de Política Social correspondentes ao período 2013-2019 e as estatísticas e os informes sobre dependencia elaborados polo IMSERSO, así como os Ditames do Observatorio da Dependencia, publicados pola Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 13 a 77

2.4. O Consello de Contas de Galicia foi un dos primeiros OCEX en analizar o desenvolvemento temperá da aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia[4].

Nas conclusións do *Informe de fiscalización sobre prestacións económicas concedidas en aplicación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (2008),* puxéronse de manifesto diversas incidencias en relación co SAAD e a súa xestión na Comunidade Autónoma, entre elas as relativas ao incumprimento dos prazos legais nos procedementos de recoñecemento do dereito á dependencia, á resolución dos Plans Individuais de Atención (PIA), e ao pagamento das prestacións, así como á coordinación do SISAAD cos sistemas de xestión da Comunidade.

O informe incluía un conxunto de dez recomendacións. O cadro seguinte mostra a descrición resumida das recomendacións e a súa actual vixencia:

Cadro 3: Vixencia actual das recomendacións realizadas no Informe sobre prestacións económicas concedidas en aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (2008)

Nº	Recomendación	Vixencia
1	Análise das causas da situación inicial de pirámide invertida xerada na aplicación da Lei 39/2006.	NVMA(*)
2	Análise da preponderancia das prestacións económicas de coidados sobre os servizos de catálogo previstos como prioritarios segundo a Lei 39/2006.	Vixente
3	Mellora da coordinación do SISAAD e os sistemas de xestión da Comunidade Autónoma coa incorporación de información orzamentaria sobre o financiamento, a execución dos gastos destinados aos distintos servizos e prestacións e custos do sistema.	Vixente
4	Revisión do contido e elaboración dos marcos de cooperación interadministrativa do financiamento do nivel acordado do sistema co obxectivo de conseguir marcos de cooperación de carácter plurianual que inclúan os aspectos básicos do sistema (obxectivos, medios, recursos para aplicación dos servizos e prestacións e grao de desenvolvemento da rede de servizos).	NVMA
5	Axilización dos prazos do procedemento de recoñecemento do dereito á dependencia e determinación do Plan Individual de Atención (PIA) fixado en 6 meses polo Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.	Vixente
6	Corrección dos notables e inxustificados retrasos que se producen no procedemento de resolución aprobatoria do Plan Individual de Atención (PIA).	Vixente
7	O sistema de Información do SGAD debería proporcionar información dos beneficiarios de todos e cada un dos servizos e prestacións do Sistema, aínda cando determinados servizos estean sendo xestionados dende fóra do ámbito da Administración xeral da Xunta de Galicia e, incluír un sistema de información económico orzamentaria.	Vixente
8	O sistema de Información do SGAD tamén debería proporcionar información periódica sobre a ocupación efectiva de prazas por beneficiarios do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) na rede de centros na Comunidade Autónoma de Galicia.	Vixente
9	Recoméndase a revisión e control dos cálculos económicos dos expedientes co obxectivo de evitar erros nos importes das prestacións. Axustarse á normativa aplicable no relativo aos procedementos de rectificación e revisión do PIA.	Vixente
10	Simplificar e axilizar os procedementos de recoñecemento da situación de dependencia e aprobación do PIA así como a análise do seu seguimento e cumprimento polos correspondentes órganos da Administración.	Vixente

Fonte: Elaboración propia (*) NVMA = Non válida no marco actual

[4] Transcorridos practicamente tres anos desde a súa entrada en vigor, o Pleno do Consello de Contas de Galicia acordou na súa reunión do 16 de decembro de 2009, no marco das actuacións a desenvolver durante o exercicio de 2010, a realización dunha fiscalización sobre prestacións económicas concedidas na Comunidade Autónoma en aplicación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Os obxectivos xerais do traballo realizado foron os seguintes: 1) Descrición e estudo do marco xeral do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) establecido na Lei 39/2006. 2) Análise e avaliación da xestión da aplicación en Galicia da Lei 39/2006 no relativo ás prestacións económicas no período 2007-2009. 3) Fiscalización das prestacións económicas recibidas polos beneficiarios do sistema durante o exercicio 2008, e avaliación da eficiencia da Administración no recoñecemento e pagamento das citadas prestacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 14 a 77
89297

2.5. Pola súa parte, o Tribunal de Cuentas, no seu *Informe de fiscalización sobre as medidas de xestión e control adoptadas polas comunidades autónomas para a adecuada aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependen*cia, aprobado por aquel o 29 de maio de 2014, formulou un total de nove recomendacións, dirixidas ás comunidades autónomas.

O cadro seguinte mostra a descrición resumida das recomendacións e a súa vixencia, así como a súa posible concorrencia parcial ou completa con algunhas das recomendacións formuladas polo Consello de Contas no seu *Informe sobre prestacións económicas concedidas en aplicación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (2008)*:

Cadro 4: Recomendacións do Tribunal de Cuentas no seu Informe de fiscalización sobre as medidas de xestión e control adoptadas polas comunidades autónomas para a adecuada aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (2014)

Nº	Recomendación	Vixencia	Concorrente con recomendación Consello de Contas
1	As CC.AA. deberían adoptar medidas de redución da excesiva dispersión normativa e de actualización e harmonización da existente.	Vixente	10
2	Adopción de medidas por parte das CC.AA. para o cumprimento do prazo máximo de 6 meses para o recoñecemento das prestacións da dependencia.	Vixente	5, 6 e 10
3	Adopción de medidas por parte das CC.AA. para a permanente e puntual actualización do SISAAD.	Vixente	3
4	Adopción de medidas por parte das CC.AA. para que todo usuario do Sistema dispoña dun número de identificación persoal, único e exclusivo, de carácter permanente.	Vixente	-
5	Aplicación efectiva por parte das CC.AA. dos criterios mínimos comúns para a determinación da capacidade económica persoal dos beneficiarios do SAAD e dos criterios para a súa participación económica nas prestacións do Sistema.	Vixente	-
6	Asegurar o control contable de todo o gasto destinado á atención da dependencia, na súa calidade de gastos de financiación afectada.	Vixente	3 e 7
7	En aplicación da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servicios públicos, e previo acordo co IMSERSO, as CC.AA. deberían establecer un sistema de formación de expedientes electrónicos relativos á xestión da dependencia.	Vixente	7
8	As CC.AA. deben mellorar o control dos supostos de cesación do dereito a percibir as prestacións de dependencia e en particular o control de vivencia dos beneficiarios, así como extremar a dilixencia na incoación dos expedientes de reintegro.	Vixente	-
9	As CC.AA. deberían intensificar as actuacións e programas formativos, previstos nos artigos 18.4 e 36 da Lei de dependencia, dirixidos aos coidadores non profesionais.	Vixente	-

Fonte: Elaboración propia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 15 a 77

2.6. No *Informe de fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes*, formuláronse dez recomendacións. O cadro seguinte mostra a descrición resumida das recomendacións e a súa vixencia, así como a súa posible concorrencia parcial ou total con algunhas das recomendacións formuladas polo Tribunal de Cuentas no seu *Informe de fiscalización sobre as medidas de xestión e control adoptadas polas comunidades autónomas para a adecuada aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*. Así mesmo, incluíuse o sentido das contestacións realizadas pola Administración autonómica, en relación co seguimento das recomendacións para o cumprimento do establecido no artigo 50.1.i) do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas[5]:

Cadro 5: Vixencia actual das recomendacións realizadas no Informe de fiscalización do gasto en atención residencial

Nº	Recomendación	Vixencia	Concorrente con recomendación Tribunal Ctas.	Contestación para Memoria art. 50.1.i) RRICG*
1	Continuar coa incorporación de prazas públicas residenciais ao SSSG	Vixente	-	Aceptada
2	Dotación de recursos necesarios para redución de prazos de recoñecemento prestación e LE	Vixente	2	Aceptada
3	Revisión anual da contía do copago e execución do cobro das cotas impagadas	Vixente	-	Aceptada
4	Reforzamento do labor inspector para vixiar incumprimentos e garantir os estándares de calidade	Vixente	-	Aceptada
5	Dotación dun sistema informático normalizado para a xestión do persoal dos centros propios	Vixente	-	Aceptada
6	Esixencia aos centros residenciais de manter actualizados permanentemente os datos do RUEPSS	Vixente	-	Aceptada
7	Designación de responsable dos contratos e publicación da súa identidade na Web da Consellería	Vixente	-	Aceptada
8	Adopción de criterio de facturación dos días de traslados entre centros e aplicación de desconto	Vixente	-	Non aceptada
9	Optimización dos recursos dispoñibles mediante ocupación total de prazas en centros propios	Vixente	-	Aceptada
10	Mellora do nivel de desagregación da información orzamentaria en ausencia de contabilidade analítica	Vixente	6	Non aceptada

Fonte: Elaboración propia. (*) Regulamento de Réxime interior do Consello de Contas de Galicia

[5] O artigo 50.1 do RRICG establece que a Memoria anual comprenderá un balance das actuacións practicadas polo Consello de Contas e un resumo da súa actividade e organización, e xuntaráselle a seguinte documentación. "... i) A información sobre o seguimento das recomendacións realizadas en informes de fiscalización anteriores".

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 16 a 77

II.3. LIMITACIÓNS AO ALCANCE

2.7. Os traballos de seguimento das recomendacións realizáronse coa colaboración do persoal responsable dos servizos encargados da xestión dos programas orzamentarios; porén, na obtención da información encontráronse determinadas limitacións, sendo as máis significativas, a relacionada coas eivas do control contable de todos os gastos destinados á atención da dependencia –na súa calidade de gastos de financiamento afectado–, a falla de integración completa dos mesmos en programas específicos, así como a ausencia da implantación dun sistema de contabilidade analítica que permita analizar obxectivamente o coste e rendemento dos servicios de atención ás persoas en situación de dependencia.

III. MARCO NORMATIVO

3.1. O marco normativo de aplicación vén integrado pola normativa estatal e a autonómica que se recolle a continuación:

A) NORMATIVA ESTATAL

• Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

• Real decreto-lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

• Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

• Real decreto 1082/2017, do 29 de decembro, polo que se determina o nivel mínimo de protección garantido ás persoas beneficiarias do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

• Real decreto 504/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

• Real decreto 614/2007, do 11 de maio, polo que se regula o nivel mínimo de protección do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia garantido pola Administración xeral do Estado para o exercicio 2007.

• Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos coidadores das persoas en situación de dependencia.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 17 a 77

• Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, polo que se establecen os criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

• Real decreto-lei 9/2008, do 28 de novembro, polo que se crea un Fondo estatal de Investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e do Emprego e se aproban créditos extraordinarios para atender a súa financiación.

• Real decreto 99/2009, do 6 de febreiro, polo que se modifica o RD 614/2007, do 11 de maio, sobre nivel mínimo de protección do sistema para a autonomía e atención á dependencia garantido pola Administración xeral do Estado.

• Real decreto 373/2010, do 26 de marzo, polo que se determina o nivel mínimo de protección garantido aos beneficiarios do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia para o exercicio 2010.

• Real decreto 374/2010, do 26 de marzo, sobre as prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia para o exercicio 2010.

B) NORMATIVA AUTONÓMICA

• Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

• Lei 8/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

• Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

• Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

• Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

• Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica (HSUE).

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 18 a 77

• Resolución do 23 de abril de 2013, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia sobre criterios, recomendacións e condicións mínimas para a elaboración dos plans de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal, datos básicos do sistema de información do SAAD, e Catálogo de referencia de servizos sociais.

• Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, horizonte 2020.

• Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.

• Decreto 99/2014, do 24 de xullo, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia.

• Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia.

• Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

IV. FEITOS POSTERIORES

4.1. Como é sabido, durante a primeira parte do ano 2020 aconteceu a aparición e evolución a nivel mundial da enfermidade causada polo virus SARS-CoV-2, coñecida como COVID-19. A crise sanitaria causada pola pandemia trouxo consigo unha grande cantidade de danos e implicacións de todo tipo, especialmente sanitario, social e económico. Entre eles, a especial incidencia desta pandemia nas residencias ou centros residenciais de maiores, cuxa xestión puxo de manifesto debilidades importantes no modelo de atención socio-sanitario actual, especialmente en relación coa coordinación co sistema sanitario.

Como consecuencia do anterior, aprobouse a principios do ano 2021, no seo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (CT), o *Acordo para a posta en marcha do Plan de Choque en Dependencia 2021-2023*, que ademais de contemplar un incremento dos recursos dispoñibles para o financiamento da dependencia –vinculados a melloras concretas como a redución da lista de espera e prazos de tramitación de solicitudes, condicións laborais e profesionais axeitadas para as persoas que traballan no SAAD, e a prestación de servizos de calidade–, prevé a realización, no marco estratéxico do *Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España,* dunha avaliación completa do sistema de atención á dependencia –que se levará a cabo en 2021– que permitirá a revisión do modelo de coidados de longa duración (CLD), así como a adopción e programación no medio prazo das medidas e dos investimentos necesarios. A maioría destes investimentos serán executados polas propias CC.AA.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 19 a 77

V. RESPONSABILIDADE DOS ÓRGANOS DA ADMINISTRACIÓN

5.1. A responsabilidade da xestión da aplicación da Lei de dependencia correspóndelle á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. É esta a que debe establecer os sistemas de control interno que considere necesarios para garantir que a aplicación da devandita lei se realice libre de incumprimentos legais e incorreccións materiais debidas a fraude ou erro.

VI. RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS

6.1. A responsabilidade do Consello de Contas limítase a concluír sobre o grao de cumprimento das recomendacións contidas nos informes de fiscalización da dependencia (PAT2010) e do gasto en atención residencial a persoas maiores dependentes (PAT2016) realizados por este Consello de Contas, así como no informe elaborado polo TCu de *Fiscalización sobre as medidas de xestión e control adoptadas polas comunidades autónomas para a adecuada aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, aprobado por aquel o 29 de maio de 2014.

O traballo levouse a cabo de conformidade cos principios fundamentais de fiscalización das Institucións Públicas de Control Externo (ICEX). Esta normativa esixe que se cumpran os requirimentos de ética, e que se planifique e execute a auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que a información estea libre de incorreccións materiais e que resulte, en todos os aspectos significativos, conforme á normativa vixente.

Así mesmo, aplicouse o disposto na Instrución 2/2019, aprobada polo Pleno do Consello de Contas, sobre o seguimento das recomendacións formuladas nos informes de fiscalización do órgano de control externo autonómico, xunto co disposto no Manual para a formulación e seguimento de recomendacións do Tribunal de Cuentas, aos efectos de acadar unha valoración homoxénea dos resultados.

Consideramos que as evidencias de auditoría que obtivemos proporcionan unha base suficiente e adecuada para fundamentar as nosas conclusións sobre o grao de cumprimento das recomendacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 20 a 77

VII. RESULTADOS DOS TRABALLOS

VII.1. EVOLUCIÓN DE DETERMINADOS ASPECTOS XERAIS SOBRE A APLICACIÓN DA LEI DE DEPENDENCIA EN GALICIA 2013-2019

A. Evolución do número de solicitudes e ditames de valoración da dependencia

7.1. No cadro seguinte recóllese a evolución do número de persoas que solicitaron o recoñecemento da situación de dependencia –con solicitudes activas a 31 de decembro de cada exercicio no período 2013-2019–, así como o número delas que contan co ditame de valoración e recoñecemento do grao de dependencia.

Cadro 6: Evolución do nº de solicitudes activas e ditames de recoñecemento da dependencia 2013-2019

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Nº de solicitudes activas	82.400	81.101	79.244	79.530	80.796	80.184	80.673
Nº de ditames (Resolucións)	80.636	79.262	76.654	77.804	79.293	79.727	80.292
% de recoñecemento de grao dependencia	**97,9%**	**98,1%**	**86,1%**	**97,8%**	**98,1%**	**99,4%**	**99,5%**

Fonte: Memorias de xestión da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia 2013-2019. Estatísticas SAAD-IMSERSO.

O artigo 26.1 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, define tres graos de dependencia (grao I ou moderada, grao II ou severa, e grao III ou gran dependencia) segundo as necesidades de apoio que o solicitante precisa doutra persoa. No cadro seguinte recóllese a evolución cuantitativa dos graos de dependencia recoñecidos a través dos ditames de valoración realizados pola Administración a 31 de decembro de cada exercicio.

Cadro 7: Evolución dos graos de dependencia recoñecidos 2013-2019[6]

	2013	%	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	2018	%	2019	%
Grao III	25.048	31,1%	23.302	29,4%	23.132	30,2%	24.907	32,0%	25.094	31,6%	25.204	31,6%	25.270	31,5%
Grao II	25.847	32,1%	25.367	32,0%	24.474	31,9%	23.560	30,3%	23.601	29,8%	23.520	29,5%	24.178	30,1%
Grao I	19.772	24,5%	20.116	25,4%	17.889	23,3%	18.027	23,2%	18.533	23,4%	19.179	24,1%	20.644	25,7%
Sen grao	9.969	12,4%	10.477	13,2%	11.159	14,6%	11.310	14,5%	12.065	15,2%	11.824	14,8%	10.200	12,7%
Total	**80.636**	**100%**	**79.262**	**100%**	**76.654**	**100%**	**77.804**	**100%**	**79.293**	**100%**	**79.727**	**100%**	**80.292**	**100%**

Fonte: Memorias de xestión da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia 2013-2019. Estatísticas SAAD-IMSERSO.

[6] En virtude do Real-decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, modifícase a clasificación de graos e niveis da dependencia, de xeito que a partir da súa entrada en vigor desaparece o nivel e recoñécese só o grao.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 21 a 77

89304

Como se pode comprobar no cadro anterior, a proporción do número dos distintos graos tendeu ao longo do período analizado a un reparto equilibrado dun terzo aproximadamente en cada un deles, de xeito que se superou o fenómeno da chamada "pirámide invertida" que se produciu nos primeiros anos de implantación da Lei de dependencia[7] e que veu condicionado polo propio calendario de desenvolvemento daquela, e que foi posto de manifesto no *Informe sobre dependencia* do Consello de Contas 2008 –ver conclusión I.2 do ANEXO I–.

B. Evolución do número de persoas dependentes, beneficiarios con dereito a prestación, e persoas atendidas

7.2. Do número total de persoas co grao de dependencia recoñecido, pódese observar no cadro seguinte a evolución ao longo do período analizado do número de beneficiarios co dereito a prestación recoñecido, así como do número de persoas cunha prestación efectiva (persoas atendidas ou beneficiarios activos), existentes a 31 de decembro de cada exercicio:

Cadro 8: Evolución do nº de persoas dependentes, beneficiarias con dereito e atendidas 2013-2019

		2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
(1)	Nº de ditames (Resolucións)	80.636	79.262	76.654	77.804	79.293	79.727	80.292
(2)	Nº de persoas beneficiarias con dereito a prestación	56.835	53.881	65.495	64.494	67.228	67.903	70.092
(3)	Nº de persoas atendidas (Beneficiarios activos)	38.729	39.004	41.823	49.101	55.370	60.099	61.636
(2)/(1)*100	**% persoas dependentes con dereito a prestación**	70,5%	68,0%	85,4%	82,9%	84,8%	85,2%	87,3%
(3)/(2)*100	**Ratio de atención (% Persoas con prestación efectiva)**	**68,1%**	**72,4%**	**63,9%**	**76,1%**	**82,4%**	**88,5%**	**87,9%**

Fonte: Memorias de xestión da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia 2013-2019. Estatísticas SAAD-IMSERSO.

Como se pode comprobar no cadro anterior, a ratio de atención –isto é, a porcentaxe de persoas beneficiarias con dereito a prestación que están percibindo prestacións efectivas– experimenta un continuo incremento ao longo do período analizado, agás a diminución producida no 2015.

[7] No seguinte cadro pode observarse como nos exercicios 2009 e 2010 os graos III recoñecidos supoñían aínda máis do 50% e do 40% do total, fronte ao menor peso dos graos II e I, situación que empeza a corrixirse a partir de 2011.

Fenómeno da pirámide invertida Evolución dos graos de dependencia recoñecidos 2009-2012

	2009	%	2010	%	2011	%	2012	%
Grao III	29.283	51,4%	31.802	44,6%	28.997	36,9%	27.718	32,9%
Grao II	15.693	27,6%	21.448	30,1%	25.668	32,7%	27.246	32,3%
Grao I	8.628	15,1%	12.878	18,1%	16.943	21,6%	19.925	23,7%
Sen grao	3.350	5,9%	5.174	7,3%	7.000	8,9%	9.334	11,1%
Total	**56.954**	**100%**	**71.302**	**100%**	**78.608**	**100%**	**84.223**	**100%**

Fonte: Memorias de xestión da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia 2013-2019. Estatísticas SAAD-IMSERSO.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 22 a 77

Esta minoración da ratio de atención veu motivada polo calendario de aplicación progresiva da Lei de dependencia, en virtude da cal desde o 1 de xullo de 2015 comezou o dereito efectivo ás prestacións derivadas da situación de dependencia para aquelas persoas valoradas co grao I de dependencia moderada, incrementando deste xeito o número de persoas con dereito a recibir prestación, que porén non a estaban a percibir. Con todo, o número de persoas dependentes beneficiarias con dereito a prestación que non recibían a prestación recoñecida –encadradas no denominado "limbo da dependencia"– pasou de 18.106 a 31 de decembro de 2013 a 8.456 a finais do ano 2019.

C. Evolución do número de persoas atendidas e composición das prestacións efectivas

7.3. No cadro seguinte recóllese a evolución do número de beneficiarios activos –isto é, as persoas que tiñan acceso á Carteira de servizos do sistema para a autonomía e atención ás persoas en situación de dependencia que están a percibir unha ou varias prestacións efectivas–, así como a composición das prestacións e da ratio de prestacións por persoa beneficiaria.

Cadro 9: Evolución do nº de persoas beneficiarias activas e composición das prestacións efectivas 2013-2019

		2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	Var13/19
(1)	**Total de beneficiarios activos**	**38.729**	**39.004**	**41.823**	**49.101**	**55.370**	**60.099**	**61.636**	**59,1%**
	Prevención e promoción	509	567	1.980	3.170	4.167	4.758	5.148	911,4%
	Teleasistencia	1.026	1.225	1.667	2.555	4.049	5.268	5.667	452,3%
	Axuda no fogar	9.714	11.107	12.340	16.571	20.465	23.309	23.884	145,9%
	Centro de día	5.547	5.731	6.112	6.722	7.062	7.173	7.345	32,4%
	Atención Residencial	7.584	7.317	7.647	7.738	7.660	8.516	8.205	8,2%
	Coidadores	12.263	10.865	10.989	12.930	13.392	12.953	13.069	6,6%
	Libranza vinculada a servizo	5.400	5.046	4.822	5.088	6.806	8.132	9.197	70,3%
	Libranza de asistente persoal	47	80	85	88	100	111	112	138,3%
(2)	**Total de prestacións**	**42.090**	**41.938**	**45.642**	**54.862**	**63.701**	**70.220**	**72.627**	**72,6%**
(2)/(1)	**Ratio prestacións/beneficiario**	**1,09**	**1,08**	**1,09**	**1,12**	**1,15**	**1,17**	**1,18**	**8,4%**

Fonte: Memorias de xestión da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia 2013-2019. Estatísticas SAAD-IMSERSO.

Como se pode comprobar no cadro anterior, o incremento experimentado no número de beneficiarios activos acadou o 59,1% ao longo do período analizado, fronte a un aumento do 72,6% do número total de prestacións efectivas, o que supuxo, á súa vez, un incremento do 8,4% na ratio prestacións/beneficiario. Cabe destacar os aumentos das prestacións de prevención e promoción da autonomía –que se multiplica por 10– e a de teleasistencia –que se multiplica por 5,6–, que partían de niveis moi baixos debido ao calendario de aplicación progresiva da Lei de dependencia.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 23 a 77

7.4. De acordo co establecido no artigo 14 da Lei de dependencia «*As prestacións de atención á dependencia poden ter natureza de servizos e de prestacións económicas e irán destinadas, por unha parte, á promoción da autonomía persoal e, por outra, a atender as necesidades das persoas con dificultades para a realización das actividades básicas da vida diaria*.». Deste xeito, os servizos recollidos no catálogo da lei teñen carácter prioritario, e só cando non sexa posible prestar a atención debida mediante algún deles procederá o recoñecemento das prestacións económicas.

No seguinte cadro reflíctese a evolución no número de prestacións recoñecidas a 31 de decembro de cada exercicio do período analizado, distinguindo entre prestacións por servizos e prestacións económicas.

Cadro 10: Evolución da % Prestación por Servizos/PE na composición das prestacións efectivas 2013-2019

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	% Var 13/19
Total prestacións por servizos[8]	29.827	31.073	34.653	41.932	50.309	57.267	59.558	99,7%
Total prestacións económicas	12.263	10.865	10.989	12.930	13.392	12.953	13.069	6,6%
Total de prestacións	**42.090**	**41.938**	**45.642**	**54.862**	**63.701**	**70.220**	**72.627**	**72,6%**
% servizos	**70,9%**	**74,1%**	**75,9%**	**76,4%**	**79,0%**	**81,6%**	**82,0%**	
% prestacións económicas	29,1%	25,9%	24,1%	23,6%	21,0%	18,4%	18,0%	

Fonte: Memorias de xestión da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia 2013-2019. Estatísticas SAAD-IMSERSO.

Como se mostra no cadro anterior, o incremento experimentado polas prestacións recoñecidas corresponde maioritariamente aos servizos, que medran nun 99,7%, fronte ao das prestacións económicas, que aumentaron nun 6,6%. Por outra parte, os servizos son maioritarios, representando en torno ao 80% do total das prestacións recoñecidas no período 2017-2019.

Esta evolución contrasta co posto de manifesto no *Informe sobre dependencia* do Consello de Contas 2008 –ver conclusión I.15 do ANEXO I– en relación co incumprimento do carácter prioritario das prestacións por servizos fronte ás prestacións económicas nos primeiros anos de aplicación da Lei de dependencia. E supón, como se verá máis adiante, que a Recomendación 2 que se formulaba en dito informe, e que se recolle no punto 7.13. do presente informe de seguimento, se considere parcialmente aplicada.

[8] As prestacións por servizo inclúen: prevención da dependencia e promoción autonomía persoal, teleasistencia, axuda no fogar, centro de día, e atención residencial. Ademais, inclúense as prestacións mediante servizos a través da prestación económica ou libranza vinculada ao servizo, e a prestación económica ou libranza de asistencia persoal.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 24 a 77

D. Evolución do cumprimento dos prazos establecidos na Lei de dependencia

7.5. A normativa vixente establece un prazo máximo de seis meses (180 días) entre a data do rexistro da solicitude e a da resolución de recoñecemento da prestación de dependencia. No cadro seguinte móstrase a evolución deste prazo na Comunidade Autónoma de Galicia e no conxunto das CC.AA. para o período 2010-2018.

Cadro 11: Evolución do cumprimento dos prazos establecidos na Lei 39/2006 (en días)[9]

Concepto	A 31 de decembro de 2010	A 30 de abril de 2013	A 31 de decembro de 2018	Evolución
	[1]	[2]	[3]	[4]=[3]-[1]
Prazo medio transcorrido Galicia	201	164	310	109
Prazo medio transcorrido total CC.AA.	268	219	383	115

Fonte: Informes do TCu Nº 977, do 21/03/2013 e Nº 1.409, do 22/12/2020

Como se pode comprobar no cadro anterior, a Comunidade Autónoma de Galicia incumpriría a 31 de decembro de 2018 o prazo legal establecido para o recoñecemento da prestación de dependencia, supondo un empeoramento con respecto á situación a 30 de abril de 2013 –onde o prazo estimado atopábase por debaixo dos 180 días–, cun incremento no período analizado do prazo medio de resolución de 109 días.

[9] As estimacións dos prazos que se recollen neste cadro –tal e como se pon de manifesto nos respectivos informes do TCu– realízanse a partir da información recollida na aplicación informática do IMSERSO (SISAAD), coas limitacións e incoherencias detectadas. Neste senso, destácase que as CC.AA., en trámite de alegación, manifestan que os tempos medios transcorridos no procedemento de recoñecemento das prestacións derivadas da situación de dependencia, de acordo coa información que figura nas súas aplicacións de xestión propias, son inferiores, sinalando ademais que nos expedientes xestionados durante 2018 os tempos medios téñense reducido dun xeito significativo co obxectivo de adecuarse ao prazo máximo dos seis meses legalmente establecido.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 25 a 77

E. Evolución do número de prazas públicas para a dependencia en residencias

7.6. No cadro seguinte recóllese a evolución do número de prazas públicas para a dependencia en residencias ao longo do período examinado 2013-2019.

Cadro 12: Evolución do nº de prazas públicas para a dependencia en residencias 2013-2019

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	% Var 13/19	% Var 15/19
Nº prazas para dependencia	5.661	5.776	5.836	5.921	5.921	5.962	5.959	5,3%	2,1%
Nº prazas con autonomía	970	970	970	970	970	970	970	0,0%	0,0%
Nº total prazas residencias públicas	6.631	6.746	6.806	6.891	6.891	6.932	6.929	4,5%	1,8%
% prazas para dependencia	**85,4%**	**85,6%**	**85,7%**	**85,9%**	**85,9%**	**86,0%**	**86,0%**		
% prazas con autonomía	14,6%	14,4%	14,3%	14,1%	14,1%	14,0%	14,0%		

Fonte: Memorias de xestión da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia 2013-2019.

Como se pode comprobar no cadro anterior, o número de prazas públicas para a dependencia incrementouse nun 5,3% (298 prazas) para o período 2013-2019, sendo o aumento de tan só do 2,1% (38 prazas) para o período 2015-2019. A maior parte das novas prazas foron concertadas con centros residenciais de titularidade privada, sendo menor o número de prazas residenciais en centros de titularidade pública, tal e como se reflicte no cadro seguinte.

Cadro 13: Evolución do nº prazas con dependencia en centros de titularidade públicos/privados 2013-2019

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	% Var 13/19	% Var 15/19
Nº prazas en centros de titularidade pública	2.484	2.484	2.504	2.509	2.509	2.509	2.509	1,0%	0,2%
Nº prazas concertadas en centros privados	3.177	3.292	3.332	3.412	3.412	3.453	3.450	8,6%	3,5%
Total prazas públicas para dependencia	5.661	5.776	5.836	5.921	5.921	5.962	5.959	5,3%	2,1%
% prazas en centros de titularidade pública	43,9%	43,0%	42,9%	42,4%	42,4%	42,1%	42,1%	-1,8 pp	-0,8 pp
% prazas concertadas en centros privados	56,1%	57,0%	57,1%	57,6%	57,6%	57,9%	57,9%	+1,8 pp	+0,8 pp

Fonte: Memorias de xestión da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia 2013-2019.

Como se pode observar, o maior incremento relativo no número de prazas públicas correspóndense coas concertadas con centros residenciais de titularidade privada, tanto no período 2013-2019 (cun 8,6% de aumento) como no período 2015-2019 (cun 3,5%), fronte a senllos incrementos do 1% e do 0,2%, respectivamente, para o número de prazas en centros de titularidade pública.

En relación coa evolución do *mix* de prazas en centros de titularidade pública/privada, pode constatarse un lixeiro incremento do peso relativo das prazas concertadas con centros privados.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 26 a 77

Con todo, como unha forma de aproximación ao grao de suficiencia do recurso residencial público para a dependencia, compárase a continuación a evolución do número de beneficiarios en relación co número de prazas residenciais públicas dispoñibles ao longo do período de análise 2013-2019.

Cadro 14: Evolución da ratio nº beneficiarios residencia/ nº prazas públicas da Xunta de Galicia 2013-2019

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	% Var 13/19	% Var 15/19
[a] Nº beneficiarios residencia	7.584	7.317	7.647	7.738	7.660	8.516	8.205	8,2%	7,3%
[b] Nº prazas con dependencia	5.661	5.776	5.836	5.921	5.921	5.962	5.959	5,3%	2,1%
Diferenza [a]-[b]	1.923	1.541	1.811	1.817	1.739	2.554	2.246	16,8%	24,0%
Ratio nº beneficiarios x praza	**1,34**	**1,27**	**1,31**	**1,31**	**1,29**	**1,43**	**1,38**	**2,8%**	**5,1%**

Fonte: Memorias de xestión da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia 2013-2019.

Pódese constatar no cadro anterior como a diferenza entre o número de beneficiarios e o número de prazas redúcese durante o período 2013-2017, para volver a incrementarse nos exercicios 2018 e 2019, feito que se reflicte na evolución da ratio de beneficiarios por praza.

F. Evolución do número de visitas da Inspección de Servizos Sociais

7.7. No cadro seguinte recóllese a evolución da actividade da Inspección de Servizos Sociais ao longo do período 2013-2019, en relación co grao de cumprimento das previsións contidas nos respectivos plans anuais de inspección, así como coa intensidade das inspeccións realizadas na Área de maiores, discapacidade e dependencia.

Cadro 15: Evolución das inspeccións realizadas en centros ou programas de Servizos Sociais 2013-2019

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Nº de visitas previstas plans de inspección	1.900	2.363	1.396	1.487	1.459	1.472	1.356
Nº de visitas a centros ou programas executadas	1.591	1.499	1.442	1.382	1.468	1.263	1.516
% de cumprimento dos plans de inspección	**83,7%**	**63,4%**	**103,3%**	**92,9%**	**100,6%**	**85,8%**	**111,8%**
Nº de denuncias e reclamacións tramitadas	232	247	255	303	321	379	446
Nº de expedientes sancionadores	46	39	83	13	16	9	23
Nº de visitas da Área de MDD*	531	480	409	395	423	423	423
% visitas Área MDD s/ total das executadas	**33,4%**	**32,0%**	**28,4%**	**28,6%**	**28,8%**	**33,5%**	**27,9%**

Fonte: Memorias de xestión da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia 2013-2019. (*) Maiores, discapacidade e dependencia.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 27 a 77

Como se pode comprobar no cadro anterior, o nivel de cumprimento dos plans de inspección en termos de visitas previstas e realizadas é relativamente alto, acadando nalgúns dos exercicios un número de visitas superior ao previsto no respectivo plan. Porén, o número de visitas realizadas na Área de maiores, discapacidade e dependencia mantense estable ao redor dunha media de 440 visitas anuais ao longo do período analizado. Polo que, dada a variabilidade anual observada no número de visitas totais cursadas, pasan de representar o 33,4% e o 32,0% nos anos 2013 e 2014 a unha porcentaxe ao redor do 28,5% do total de visitas executadas no período 2015-2017. Incrementándose no 2018 ata o 33,5% polo descenso do número total de visitas realizadas nese exercicio, e acadando finalmente o 27,9% no ano 2019.

En relación co número de denuncias e reclamacións tramitadas pola Inspección de Servizos Sociais, obsérvase un incremento interanual sostido ao longo do período considerado, de xeito que das 232 denuncias e reclamacións tramitadas no ano 2013 pásase ás 446 xestionadas no exercicio 2019, o que supón un incremento dun 92,2%.

Pola contra, en relación coa actividade sancionadora da Administración pódese constatar unha diminución significativa a partir do exercicio 2016, no que de tramitar 83 expedientes sancionadores no exercicio anterior pásase a xestionar 13 procedementos sancionadores. Nos exercicios seguintes 2017-2019, a pesar do incremento das denuncias e reclamacións, os expedientes sancionadores mantéñense nunha media anual de 16.

G. Evolución do número de recursos resoltos en vía administrativa

7.8. No cadro seguinte, como aproximación ao grao de litixiosidade en vía administrativa asociado á dependencia, recóllese a evolución do número de recursos resoltos, tanto contra resolucións de valoración de dependencia ou aprobacións de PIA como os referidos a resolucións desestimatorias do dereito á efectividade das prestacións económicas das persoas solicitantes de prestacións do sistema de atención á dependencia que faleceran antes de resolverse a súa solicitude.

Cadro 16: Evolución do nº de recursos resoltos en vía administrativa 2013-2019

Id. Proc.	Recursos	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
BS210A	Contra resolución de valoración de dependencia ou PIA	N.D.	3.049	567	870	1.171	104	458
BS211A[10]	Sobre o dereito de efectividade das prestacións de solicitantes falecidos	N.D.	112	58	158	157	124	203
	Total	**N.D.**	**3.161**	**625**	**1.028**	**1.328**	**228**	**661**

Fonte: Memorias de xestión da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia 2013-2019. N.D. Non dispoñible

[10] Este procedemento regúlase no Capítulo VII (artigos 88 e seguintes) da Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización dos órganos técnicos competentes.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 28 a 77
89311

Como se pode observar no cadro anterior, prodúcese unha diminución paulatina no número de recursos resoltos contra resolucións de valoración de dependencia ou PIA, mentres que os recursos contra resolucións desestimatorias do dereito á efectividade das prestacións económicas das persoas solicitantes falecidas experimentan un progresivo incremento, de xeito que no exercicio 2019 estes últimos veñen representando aproximadamente o 50% dos primeiros.

H. Gastos e ingresos da dependencia. Estrutura do seu financiamento

7.9. No cadro seguinte recóllese a evolución do importe total do gasto executado pola Administración autonómica con cargo aos programas *312D Programa de atención á dependencia, 312E Programa da autonomía persoal e prevención da dependencia para persoas con discapacidade e as persoas maiores*, e *311A Dirección e servizos xerais de promoción social* no período 2013-2019.

Cadro 17: Evolución do gasto executado nos programas 312D, 312E e 311A 2013-2019. (Millóns de euros)

Programa	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
312D Programa de atención á dependencia	274,3	272,6	288,9	317,0	332,3	356,6	376,8
312E Programa da autonomía persoal	52,2	50,4	27,2	24,6	29,9	29,9	33,3
311A Dirección e servizos xerais de promoción social	48,2	44,7	50,6	42,0	37,2	38,0	42,9
Total programas	**374,7**	**367,7**	**366,6**	**383,6**	**399,4**	**424,5**	**453,0**

Fonte: Liquidación das contas anuais da Administración xeral da Comunidade Autónoma 2013-2019.

Como se pode observar, aínda que existe un programa orzamentario diferenciado –o *312D Programa de atención á dependencia*– que recolle a maior parte das aplicacións orzamentarias para a execución dos servizos e prestacións recollidos na Lei de dependencia, existen outras partidas de gasto que non están incluídas naquel (gastos en sistemas de xestión, programas de prevención da dependencia, investimentos e gastos de persoal), e que figuran noutros programas orzamentarios, como o 312E e o 311A. Este feito, unido á ausencia dunha contabilidade analítica que permita unha adecuada cuantificación do custo dos servizos, fai que o gasto certificado como recursos económicos destinados pola Comunidade Autónoma ao financiamento da dependencia continúe a ser unha estimación, debido á imputación parcial dos créditos dos programas 311A e 312E á atención da dependencia[11].

[11] Con todo, a partir do exercicio 2016 a estrutura orzamentaria dos créditos xestionados pola Consellería de Política Social permite o seguimento dos créditos do programa 311A asignados á *Dirección Xeral de Maiores e persoas con discapacidade* responsable da xestión da dependencia, mellorando, en consecuencia a cuantificación do gasto destinado a tal finalidade. Concretamente, os gastos executados foron: 9,6 millóns de euros en 2016; 8,2 millóns de euros en 2017; 6,4 millóns de euros en 2018; e 6,6 millóns de euros en 2019.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 29 a 77

7.10. Con respecto ao financiamento das prestacións e servizos do SAAD, a Lei 39/2006 establece que constará de tres partes: as achegas anuais da Administración do Estado (AXE), as da comunidade autónoma, e o copago da persoa beneficiaria[12]. O sistema establece un mínimo de protección –cuxo financiamento é asumido exclusivamente pola AXE–, que se completa con achegas adicionais da propia AXE e das comunidades autónomas.

Deste xeito, a AXE, a través do IMSERSO, financia o nivel mínimo de protección en función do número de beneficiarios e do grao de dependencia recoñecido. Este pode incrementarse segundo o previsto no artigo 10 da Lei de dependencia, mediante a subscrición de convenios anuais ou plurianuais coas comunidades autónomas –o chamado nivel acordado–.

Ademais, as comunidades autónomas, en función dos seus recursos, teñen a capacidade para definir niveis de protección adicionais con cargo ás súas dispoñibilidades orzamentarias.

A continuación recóllese a evolución do denominado "nivel mínimo" satisfeito pola AXE en relación co gasto en dependencia certificado pola CA de Galicia ao longo do período 2013-2019:

Cadro 18: Evolución do gasto certificado en dependencia CA de Galicia 2013-2019. (Millóns de euros)

Gasto en dependencia	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Gasto certificado CA de Galicia[13]	304,9	296,7	310,7	329,5	339,8	362,3	382,7
Achega AXE (nivel mínimo de protección)	67,1	64,7	73,1	86,6	84,1	91,3	92,4
% achega AXE (nivel mínimo de protección)	22,0%	21,8%	23,5%	26,3%	24,7%	25,2%	24,1%
% achega CA de Galicia	**78,0%**	**78,2%**	**76,5%**	**73,7%**	**75,3%**	**74,8%**	**75,9%**

Fonte: Certificacións anuais e Liquidación das contas anuais da Administración xeral da CA 2013-2019. Estatísticas SAAD-IMSERSO.

Como se pode observar no cadro anterior, o gasto en dependencia financiado polo Estado en 2019 acada os 92,4 millóns de euros, o que supón o 24,1% do total. Polo que a Comunidade Autónoma asume o financiamento de cerca do 76% da dependencia.

Así, a Comunidade Autónoma cumpre co establecido no artigo 32 da Lei de dependencia, de financiar o sistema cunha achega ao menos igual á efectuada pola AXE en concepto de nivel mínimo de protección.

[12] As persoas beneficiarias das prestacións de dependencia participarán no custo dos servizos que reciban en función da súa capacidade económica, determinada pola renda e polo patrimonio.

[13] A obrigatoriedade de expedición de certificacións mensuais e anuais acreditativas das achegas das CC.AA. para o financiamento do SAAD foi introducida polo Real decreto 1050/2013, do 27 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de protección establecido na Lei de dependencia, ante as dificultades de establecer aplicacións orzamentarias específicas para a atención á dependencia nos seus orzamentos, e co fin de avanzar na transparencia e coñecer o custo total da dependencia.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 30 a 77

Con todo, a minoración do financiamento do nivel mínimo de protección operado polo Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, que se mantivo invariable ata a actualización levada a cabo polo Real decreto 1082/2017, do 29 de decembro, xunto coa supresión do nivel acordado e a falla de relación de dito financiamento co custo das prestacións –que se atopa moi por enriba do nivel mínimo establecido–, ten producido un desprazamento da carga financeira no sostemento do SAAD cara ás CC.AA.

No seguinte cadro recóllense as contías que estiveron en vigor para o financiamento do nivel mínimo de protección en función dos graos de dependencia.

Cadro 19: Financiamento do nivel mínimo de protección. (Euros)

Grao	[A] Contías antes do RDL 20/2012	[B] 2014-2017	[C] 2018-2020	Var [B]/[A]	Var [C]/[B]
Grao III Gran dependencia	214,64	177,86	190,13	**-17,1%**	**6,9%**
Grao II Dependencia severa	83,92	82,84	84,49	**-1,3%**	**2,0%**
Grao I Dependencia moderada	60,00	44,33	47,38	**-26,1%**	**6,9%**

Fonte: Elaboración propia.

Como pode comprobarse, os incrementos das contías derivadas da actualización realizada polo Real decreto 1082/2017, do 29 de decembro, que determina o nivel mínimo de protección garantido ás persoas beneficiarias do SAAD, aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2018, non conseguiron compensar as minoracións efectuadas anteriormente polo Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo.

Con todo, o *Acordo para a posta en marcha do Plan de Choque en Dependencia 2021-2023* promovido pola Secretaría de Estado de Derechos Sociales, e aprobado no seo do Consello Territorial de Servizos Sociais e para a Autonomía e a Atención á Dependencia en data 15 de xaneiro de 2021, contempla un incremento dos recursos dispoñibles para o financiamento da dependencia, que se traduce nun aumento das cantidades do nivel mínimo de protección para o 2021, así como a recuperación do nivel acordado[14].

[14] A Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, establece na súa DA 129 a actualización das contías do nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado para cada persoa beneficiaria do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, de grao III, gran dependencia, 235 euros/mes; grao II, dependencia severa, 94 euros/mes; e grao I, dependencia moderada, 60 euros/mes. Así mesmo, procédese ao establecemento do nivel acordado entre a Administración xeral do Estado e as Comunidades Autónomas de financiamento do SAAD, o cal terá unha dotación de 566.394.840 euros que será distribuído a cada comunidade autónoma de acordo coa distribución territorial da poboación potencialmente dependente.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 31 a 77

89314

7.11. No seguinte cadro recóllese a evolución do custo estimado da dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia ao longo do período 2013-2019, así como as achegas ao seu financiamento por parte da AXE, da CA, e dos beneficiarios do SAAD a través do copago.

As cifras son as que figuran nos *Ditames do Observatorio da Dependencia*, publicados pola Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais.

Cadro 20: Evolución do custo estimado da dependencia na CA de Galicia 2013-2019 (Millóns de euros)

Concepto	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Custo estimado da dependencia CA de Galicia	ND	339,9	ND	380,6	408,6	454,2	478,7
Achega AXE (nivel mínimo de protección)	67,1	64,7	73,1	86,6	84,1	91,3	92,4
Achega CA	ND	215,4	ND	226,3	252,1	281,4	299,7
Achega beneficiario (copago)	ND	59,8	ND	67,7	72,4	81,5	86,6
% Achega AXE (nivel mínimo de protección)	**ND**	**19,0%**	**ND**	**22,8%**	**20,6%**	**20,1%**	**19,3%**
% Achega CA	**ND**	**63,4%**	**ND**	**59,5%**	**61,7%**	**62,0%**	**62,6%**
% Achega beneficiario (copago)	**ND**	**17,6%**	**ND**	**17,8%**	**17,7%**	**17,9%**	**18,1%**



Fonte: Elaboración propia. Ditames do Observatorio da Dependencia – Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais.

Como se pode observar no cadro anterior, o custo estimado da dependencia na CA de Galicia pasou de 339,9 millóns de euros no ano 2014 a 478,7 millóns de euros no 2019, o que supón un incremento dun 40,8%. A achega da AXE, a través do financiamento do nivel mínimo, oscilou entre un mínimo do 19% no ano 2014 e un máximo do 22,8% en 2016.

Finalmente, polo que á creación de emprego se refire, segundo as estimacións contidas nos *Ditames do Observatorio da Dependencia*, o número de empregos directos na CA de Galicia vinculados ao SAAD por cada millón de euros de gasto público, acadaría os 45,1 no exercicio 2019. Mentres que en relación cos retornos, a taxa de recuperación (por IRPF, IVA, cotizacións...) para as arcas públicas acadaría nese mesmo ano o 42,5% –isto é, por cada 100 euros investidos na dependencia recuperaríanse 42,5 euros–.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 32 a 77

VII.2. SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS DOS INFORMES SOBRE DEPENDENCIA

7.12. Na análise e valoración do grao de cumprimento das recomendacións aplicáronse os seguintes criterios –recollidos na Instrución 2/2019 sobre o seguimento das recomendacións formuladas nos informes de fiscalización do Consello de Contas de Galicia –:

Cadro 21: Criterios para a cualificación do grao de cumprimento das recomendacións

CATEGORÍA	DESCRICIÓN
Total ou substancialmente aplicada	Considérase que a recomendación foi total ou substancialmente aplicada cando a entidade adoptou, no seu ámbito de competencias, as medidas correctoras suficientes e proporcionadas para valorar que a recomendación foi atendida e non quedou pendente de resolución ningunha cuestión de importancia significativa. Neste caso a recomendación considérase cumprida.
Parcialmente aplicada	Cando a entidade obxecto de control tomou en consideración as recomendacións e comezou a realizar actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se puxeran de manifesto, nunha parte delas ou nalgúns aspectos, sen completar a súa execución. Neste caso considerarase a recomendación parcialmente cumprida polo que se manterá a mesma axustándoa ou reformulándoa no caso que sexa procedente.
Non aplicada	Cando a entidade obxecto de control non acepta a recomendación por discrepancia, neste caso manterase vixente a recomendación; non ten contestado no prazo concedido, neste caso mantense vixente a recomendación; acepta a recomendación pero non leva a cabo ningunha actuación orientada ao seu cumprimento, neste caso mantense a recomendación; acepta a recomendación aínda que ten realizado actuacións de forma insuficiente ou incompleta de xeito que a recomendación segue sen aplicarse, neste caso manterase vixente a recomendación; acepta a recomendación estando a levar a cabo actuacións que permiten considerar que está en proceso de aplicación, estase diante dunha recomendación non aplicada en proceso de aplicación, polo que se manterá a recomendación axustándoa ou reformulándoa no caso que sexa procedente.
Non válida no marco actual	Trátase de recomendacións que, aínda que válidas e pertinentes cando se emitiu o informe e para o exercicio fiscalizado, e aínda sendo aceptadas e recoñecidas pola entidade obxecto de control, non se poden aplicar no contexto actual, ao non darse as circunstancias que o permitan ou a mesma casuística de entón, é dicir, non se dan no momento actual os supostos de feito en función dos cales se efectuou a recomendación no pasado.
Non verificada	Trátase de recomendacións que, aínda que aceptadas e mesmo aplicadas e corrixidas pola entidade obxecto de control, necesitarían obrigatoriamente da realización dalgunha proba adicional para contrastar ou aclarar o manifestado pola entidade fiscalizada que excede o alcance previsto para o obxectivo do informe.

Fonte: Elaboración propia. Instrución 2/2019 do Consello de Contas de Galicia

A continuación recóllense os resultados obtidos tanto para as recomendacións contidas nos informes do Consello de Contas como para as incluídas no informe do Tribunal de Cuentas.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 33 a 77

VII.2.1. INFORME DO CONSELLO DE CONTAS SOBRE PRESTACIÓNS ECONÓMICAS CONCEDIDAS EN APLICACIÓN DA LEI DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA (2008)

7.13. No Anexo I inclúense as conclusións que acadou este Consello de Contas no seu *Informe de fiscalización sobre prestacións económicas concedidas en aplicación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. (2008),* no cal se incluíron as recomendacións, que son as que se detallan a continuación, analizando o seu grao de implantación:

Recomendación 1

Os responsables do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia deberían analizar e avaliar no seo do Consello Territorial as causas reais do traspaso producido de dependentes de grao I e II (dependencia moderada e severa) cara os de grao III (gran dependencia), con respecto ás estatísticas de evolución de poboación dependente en España utilizadas na elaboración da Lei; o que xerou unha situación actual de pirámide invertida na estrutura da poboación dependente no relativo aos graos de dependencia; afectando esta circunstancia ao encarecemento do financiamento do Sistema por canto os custos dos servizos e prestacións son superiores nos maiores graos e niveis de dependencia.

Esta recomendación **carece de validez no marco actual** dada a evolución experimentada na estrutura da poboación dependente no relativo aos graos de dependencia, tal e como se analiza no punto 7.1. deste informe.

Recomendación 2

Tamén deberían ser analizadas, avaliadas e corrixidas polo Consello Territorial do Sistema as causas reais de que os servizos do catálogo, previstos na Lei como prioritarios sobre as prestacións económicas, sexan no período analizado, minoritarios; e que, a prestación económica de coidados no contorno familiar, prevista na Lei como excepcional, sexa, na práctica, maioritaria; apuntándose como posibles causas destes desaxustes a insuficiencia da rede de centros do Sistema, o menor custo das prestacións económicas e a maior preferencia por estas.

Esta recomendación considérase **parcialmente aplicada** dada a evolución experimentada na fase posterior á aplicación inicial da Lei de dependencia, tal e como se pon de manifesto no punto 7.4. deste informe.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 34 a 77

Recomendación 3

O sistema de información do Sistema para Autonomía e Atención á Dependencia (SISAAD) e os correspondentes sistemas de información das CC.AA. deberían proporcionar información homoxénea e equivalente imposibilitando a existencia de desfases entre as mesmas; así como incorporar ao sistema información económico-orzamentaria sobre o financiamento, a execución dos gastos destinados aos distintos servizos e prestacións e custos do sistema.

Esta recomendación –parcialmente concorrente coas formuladas polo Tribunal de Cuentas, ver Recomendacións 3 e 6– considérase **parcialmente aplicada** en relación coa existencia de desfases entre os sistemas de información do SAAD, e **non aplicada** en relación co control contable da totalidade do gasto destinado á atención da dependencia e a existencia dunha contabilidade analítica que permitira a cuantificación do custo dos distintos servizos e prestacións do sistema.

Recomendación 4

Debería revisarse o contido e elaboración dos marcos de cooperación interadministrativa do financiamento do nivel acordado do sistema co obxectivo de conseguir marcos de cooperación de carácter plurianual que inclúan os aspectos básicos do sistema (obxectivos, medios, recursos para aplicación dos servizos e prestacións, así como o grao de desenvolvemento da rede de servizos). Neste senso, o Consello Territorial do SAAD vén de aprobar en xullo de 2010 un novo marco de cooperación interadministrativa para o período 2010-2013.

Esta recomendación **carece de validez no marco actual** dada a evolución experimentada na fase de aplicación inicial e consolidación posterior da Lei de dependencia. No marco establecido polo Real decreto-lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, e o Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, e as sucesivas leis de orzamentos aprobadas, supuxeron a supresión dos concertos coas CC.AA. e en consecuencia a suspensión do nivel acordado.

Porén, tal e como se analiza no punto 7.10. deste informe, o recente *Acordo para a posta en marcha do Plan de Choque en Dependencia 2021-2023* promovido pola Secretaría de Estado de Derechos Sociales, e aprobado no seo do Consello Territorial de Servizos Sociais e para a Autonomía e a Atención á Dependencia en data 15 de xaneiro de 2021, prevé a recuperación do nivel acordado, e así se recolle na Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2021.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 35 a 77

89318

Recupéranse deste xeito os convenios bilaterais entre as comunidades e a AXE correspondentes a este nivel acordado, que incluirán as medidas especificamente destinadas ao cumprimento dos obxectivos prioritarios de mellora do SAAD, entre eles a redución substancial da lista de espera e dos tempos de tramitación das solicitudes, asegurar as condicións laborais e profesionais adecuadas das persoas que traballan no SAAD, e a introdución de melloras nos servizos e prestacións para garantir unha atención adecuada e de calidade ás persoas dependentes.

En relación cos criterios de reparto do nivel acordado entre as CC.AA. de réxime común, teranse en conta a poboación potencialmente dependente, a atención efectiva á poboación dependente, o custo da prestación dos servizos, o cumprimento dos estándares de calidade na atención e o emprego, o cumprimento dos prazos de tramitación, e a redución da lista de espera.

Recomendación 5

Na Comunidade Autónoma de Galicia deberían axilizarse os prazos do procedemento de recoñecemento do dereito á dependencia e determinación do Plan Individual de Atención (PIA), fixado en 12 meses no período analizado. Na actualidade, o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, reduciu á metade o prazo máximo do procedemento (3 meses para o recoñecemento do grao e nivel de dependencia e 3 meses para resolver o procedemento de determinación do PIA).

Esta recomendación –concorrente coa formulada polo Tribunal de Cuentas, ver Recomendación 2– considérase **non aplicada en proceso de aplicación.** O cumprimento dos prazos na xestión da dependencia en todas as súas fases desde a solicitude ata o recoñecemento e a efectividade da prestación segue constituíndo unha das grandes debilidades do sistema.

Recomendación 6

Deberían corrixirse os notables e inxustificados atrasos que se producen no procedemento de resolución aprobatoria do Plan Individual de Atención (PIA) que fan que máis da metade dos beneficiarios con dereito recoñecido estean a 31 de decembro de 2009 pendentes de recibir unha prestación ou servizo.

Esta recomendación considérase **parcialmente aplicada**. Tal e como se analiza no punto 7.2. do presente informe, a evolución ao longo do período 2013-2019 da ratio de atención –isto é, a porcentaxe de persoas beneficiarias con dereito a prestación que están percibindo prestacións efectivas– experimenta un continuo incremento ao longo do período analizado, agás a diminución producida no 2015.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 36 a 77

Con todo, o número de persoas dependentes beneficiarias con dereito a prestación que non recibían a prestación recoñecida ascendía a 8.456 a finais do ano 2019 –o que supón 12,1% das beneficiarias–.

Recomendación 7

O sistema de información do Servizo Galego de Atención á Dependencia (SGAD) debería proporcionar información dos beneficiarios de todos e cada un dos servizos e prestacións do Sistema, aínda cando determinados servizos estean sendo xestionados dende fóra do ámbito da Administración Xeral da Xunta de Galicia, e incluír un sistema de información económico-orzamentaria que permita identificar a execución dos créditos destinados a cada un dos servizos e prestacións, así como presentar unha execución de ingresos e gastos vinculados ao Sistema de financiamento do SAAD consolidada coa do resto dos Organismos e Entidades que xestionan competencias do mesmo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta recomendación –parcialmente concorrente coas formuladas polo Tribunal de Cuentas, ver Recomendacións 7 e 6– considérase **parcialmente aplicada** en relación coa integración da información de todos os servizos e prestacións correspondentes aos beneficiarios, e **non aplicada** en relación co control contable da totalidade dos ingresos e gastos consolidados vinculados coa xestión e financiamento da dependencia.

Recomendación 8

O sistema de información do SGAD tamén debería proporcionar información periódica sobre a ocupación efectiva de prazas por beneficiarios do Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD) na rede de centros na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta recomendación considérase **parcialmente aplicada**. Na actualidade o sistema integrado galego de atención á dependencia (SIGAD), en relación coa xestión do proceso de provisión de prazas xestionado no marco da dependencia, dispón dun módulo específico aberto aos centros con funcionalidade orientada a facilitar o proceso de asignación aos residentes. Porén, existen dúas aplicacións non integradas con SIGAD que realizan funcións relacionadas coa provisión das prazas, unha para os Centros de maiores (NICM) e outra para os Centros de dependentes (LISOCED).

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 37 a 77

Con todo, a pandemia da COVID-19 e o seu impacto nos centros residenciais puxo de manifesto a necesidade de dispor dun censo global e actual de todas as persoas residentes no centros de maiores e discapacidade autorizados pola Consellería de Política Social, integrado co sistema de dependencia e cos sistemas sanitarios, que permita un control adecuado do número de persoas residentes e o seguimento individualizado de cada unha delas.

Neste senso, procedeuse no exercicio 2021 á contratación do *servizo de desenvolvemento dun sistema de información para a xestión do censo ampliado de residentes en centros de maiores e discapacidade* (AMT-2021-0050), co obxecto de evolucionar o sistema inicial de censo de residentes e centros residencias (CENRES) cara a dispoñer dun núcleo de datos poboacionais único, homoxéneo e fiable do ámbito residencial.

Recomendación 9

Recoméndase a revisión e control dos cálculos económicos dos expedientes co obxectivo de evitar erros nos importes das prestacións; así como axustarse ao procedemento establecido na Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e en concordancia co disposto no Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, no relativo aos procedementos de rectificación e revisión do PIA.

Esta recomendación considérase **non verificada**.

Recomendación 10

Resulta urxente a simplificación e axilización dos procedementos de recoñecemento da situación de dependencia e aprobación do PIA, así como a análise do seu seguimento e cumprimento polos correspondentes órganos da Administración.

Esta recomendación –parcialmente concorrente coas formuladas polo Tribunal de Cuentas, ver Recomendacións 1 e 2– considérase **non aplicada en proceso de aplicación**. Como xa se indicou, o cumprimento dos prazos na xestión da dependencia en todas as súas fases desde a solicitude ata o recoñecemento e a efectividade da prestación e segue constituíndo unha das grandes debilidades do sistema, relacionada tanto coa falla de recursos como coa complexidade dos procedementos aplicados.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 38 a 77

Con todo, no marco do recente *Acordo para a posta en marcha do Plan de Choque en Dependencia 2021-2023* promovido pola Secretaría de Estado de Derechos Sociales, e aprobado no seo do Consello Territorial de Servizos Sociais e para a Autonomía e a Atención á Dependencia en data 15 de xaneiro de 2021, a Comunidade autónoma prevé adoptar diversas medidas de mellora relacionadas coa simplificación normativa e administrativa, cambios na concepción do Plan individual de atención (PIA), niveis mínimos de atención, descentralización das valoracións, optimización de rutas de valoración, melloras na xestión e notificación de citas e confirmación a través de SMS, priorización de determinadas patoloxías na valoración da dependencia, e reforzo de persoal.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 39 a 77

VII.2.2. INFORME DO TRIBUNAL DE CUENTAS Nº 1035 SOBRE AS MEDIDAS DE XESTIÓN E CONTROL ADOPTADAS POLAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS PARA A ADECUADA APLICACIÓN DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA (2014)

7.14. O Tribunal de Cuentas no seu *Informe de fiscalización sobre as medidas de xestión e control adoptadas polas comunidades autónomas para a adecuada aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependen*cia, aprobado o 29 de maio de 2014[15], formulou as recomendacións que se detallan a continuación, sobre as que procedemos á análise do seu grao de implantación:

Recomendación 1

As comunidades autónomas deberían adoptar medidas para reducir a excesiva dispersión normativa, así como para actualizar e harmonizar a normativa existente mediante a incorporación dos criterios acordados no Consello Territorial de Asuntos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

Esta recomendación considérase **parcialmente aplicada**, por canto a Comunidade Autónoma de Galicia ten sistematizada a normativa aplicable dentro da regulamentación correspondente aos servizos sociais, sendo respectuosa coas establecidas na normativa estatal e o seu correspondente desenvolvemento a través dos Acordos do Consello Territorial, e acorde coa doutrina sentada nesta materia polo Tribunal Constitucional. Porén, a actual vixencia dunha pluralidade de normas e outras disposicións que desenvolven diversos aspectos relacionados coa dependencia, tanto a nivel estatal coma autonómico, continúan a desafiar os principios de universalidade e igualdade que inspiran ao SAAD, sen que favoreza, desde o punto de vista do beneficiario, a transparencia e accesibilidade respecto da información que precisen.

Con todo, cabe destacar o esforzo realizado pola Administración autonómica tanto no seu portal WEB sobre dependencia[16], que recolle a normativa estatal e autonómica aplicable, como nas Memorias anuais de xestión da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, onde se recolle información sobre os proxectos normativos aprobados durante o exercicio, así como dos proxectos normativos en desenvolvemento e os distintos instrumentos de planificación e mellora relacionados coa dependencia.

[15] Pode consultarse en: https://www.tcu.es/repositorio/ec5afa2e-d9e6-411c-8251-175636a40726/I1035.pdf

[16] Ver: https://politicasocial.xunta.gal/gl/temas/maiores-e-dependencia/que-e-dependencia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 40 a 77

Recomendación 2

Os órganos competentes das Comunidades Autónomas deberían adoptar as medidas necesarias, tanto de xestión como orzamentarias, para dar cumprimento ao prazo máximo de seis meses, contado desde a solicitude da persoa interesada, para ditar a resolución de recoñecemento das prestacións derivadas da situación de dependencia, tal e como establece a Disposición final primeira da Lei 39/2006, así como para que ese recoñecemento resulte efectivo de forma inmediata.

Esta recomendación considérase **non aplicada en proceso de aplicación**. O cumprimento dos prazos na xestión da dependencia en todas as súas fases desde a solicitude ata o recoñecemento e a efectividade da prestación segue constituíndo unha das grandes debilidades do sistema.

Como se recolle no Informe de fiscalización Nº 1.409, do 22 de decembro de 2020[17], relativo ao seguimento das recomendacións efectuadas polo Tribunal de Cuentas no "*Informe de fiscalización da xestión económico-financeira e de aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoa en situación de dependencia*", do 21 de marzo de 2013, o prazo medio a nivel nacional para a resolución das prestacións derivadas da situación de dependencia, obtidas segundo os datos do SISAAD a 31 de decembro de 2018, tense incrementado ata os 383 días –fronte aos 262 días recollidos no Informe Nº 977 do TCu, referidos a 31 de decembro de 2010–.

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, o prazo medio de resolución entre a data de solicitude e a data de recoñecemento da prestación acada os 310 días a 31 de decembro de 2018 –fronte aos 201 días recollidos no Informe Nº 977 do TCu, referidos a 31 de decembro de 2010–.

En relación co anterior, a Administración autonómica manifesta que o SAAD presenta na actualidade problemas estruturais que necesitan ser abordados para a mellora do procedemento e poder dar resposta ás solicitudes de valoración e atención rexistradas evitando demoras excesivas. Sinalando, ademais, que as melloras no procedemento deben ir acompañadas dun aumento dos recursos dispoñibles para a atención, configurando recursos viables e sostibles do sistema que garantan niveis mínimos de atención para todas as persoas en situación de dependencia recoñecida.

É por elo que se está a analizar o alcance de distintas medidas de mellora no sistema e debatendo cambios profundos na súa configuración a través do *Acordo para a posta en marcha do Plan de Choque en Dependencia 2021-2023* promovido pola Secretaría de Estado de Derechos Sociales, e aprobado no seo do Consello Territorial de Servizos Sociais e para a Autonomía e a Atención á Dependencia en data 15 de xaneiro de 2021, que ten como punto de partida un incremento dos recursos dispoñibles para o seu financiamento.

[17] Ver Informe Nº 1.409 do TCu: https://www.tcu.es/repositorio/feb69661-cd45-4147-9cc6-928cc7dfb2c9/I1409.pdf

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 41 a 77

89324

No marco anterior, a Comunidade Autónoma está a desenvolver o seu propio plan de choque en dependencia, co obxectivo de axilizar o sistema, reducir os tempos de espera nas valoracións, e crear novas vías preferentes. Entre as medidas de mellora previstas atópanse a simplificación normativa e administrativa, cambios na concepción do Plan individual de atención (PIA), niveis mínimos de atención, descentralización das valoracións, optimización de rutas de valoración, melloras na xestión e notificación de citas e confirmación a través de SMS, priorización de determinadas patoloxías na valoración da dependencia, e reforzo de persoal.

Recomendación 3

Os órganos competentes das comunidades autónomas deberían adoptar as medidas necesarias para a permanente e puntual actualización do SISAAD, particularmente no relativo aos datos necesarios para a liquidación do nivel mínimo, nos termos previstos na Orde SSI/2371/2013, do 17 de decembro, pola que se regula o Sistema de Información do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, evitando as excesivas demoras observadas tanto no rexistro das altas e baixas de solicitudes, das resolucións de recoñecemento da situación de dependencia e das prestacións e efectividade do dereito, como das modificacións ou baixas por revisión de grao ou prestación, por traslado, renuncia, falecemento ou calquera outras circunstancias, garantindo a correspondencia en todo momento da información contida no SISSAD coa situación real das persoas dependentes e coa información existente nos sistemas de información utilizados polas Comunidades Autónomas.

Esta recomendación foi **parcialmente aplicada**. Como se pon de manifesto no Informe de fiscalización relativo ao seguimento das recomendacións efectuadas polo Tribunal de Cuentas no "Informe de fiscalización da xestión económico-financeira e de aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia", aprobado o 21 de marzo de 2013 *«a persistencia das diferenzas e incoherencias verificadas entre a información obrante no SISAAD e os sistemas de información das distintas CC.AA., motivadas, en gran parte, pola falla de actualización desta información por estas Administracións autonómicas, provoca que a liquidación do nivel mínimo de protección, polo IMSERSO, non se efectúe coas debidas garantías de adecuación á realidade existente en materia de dependencia, incumprindo, en consecuencia, unha das finalidades para as que foi creado dito sistema de información, así como o principio de cooperación interadministrativa promulgado na Lei de dependencia.».*

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 42 a 77

Porén o anterior, en relación co número de persoas beneficiarias de prestacións do SAAD que a 31 de decembro de 2019 non perciben a prestación recoñecida (269.854), que a nivel nacional continúa sendo moi elevado (o 19,5 % do total de persoas beneficiarias con dereito a prestación), no caso da Comunidade Autónoma de Galicia ascendía a 8.456 persoas, o que representa o 12,1% do total de persoas beneficiarias con dereito a prestación.

Recomendación 4

As comunidades autónomas deberían adoptar as medidas necesarias para que todo usuario do Sistema dispoña dun número de identificación persoal, único e exclusivo, de carácter permanente, polo que a solución máis axeitada sería esixir en todo caso, independentemente da idade, o DNI ou NIE, como efectivamente esixen xa algunhas CC.AA., como é o caso de Castilla-La Mancha, Cataluña ou a Comunidade Valenciana.

Esta recomendación considérase **parcialmente aplicada**. Na Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica (HSUE)[18], establece no seu artigo 5.2.a) que toda a información contida na HSUE estará vinculada cunha única persoa usuaria, identificada de maneira única na base de datos poboacional de referencia, tomando para tal efecto os datos contidos na base de datos poboacional do sistema da tarxeta sanitaria a que se refire o punto 1 do anexo II da Orde do 12 de xullo de 1995 de desenvolvemento do Decreto 177/1995, do 16 de xuño, polo que se regula a tarxeta sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia[19]. Ademais, permitirá favorecer o labor dos ou das profesionais que, xunto á información contida na historia social única electrónica, poidan acceder, conforme a normativa aplicable, á información sobre a persoa usuaria existente noutros ámbitos, en particular á información clínica da que dispoña o Servizo Galego de Saúde.

[18] O artigo 2 do Decreto 89/2016 establece que «*De conformidade co artigo 16.5 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a historia social única electrónica é o conxunto de información e documentos en formato electrónico nos cales se conteñen os datos, as valoracións e as informacións de calquera tipo sobre a situación e a evolución da atención social das persoas usuarias do sistema galego de servizos sociais ao longo do seu proceso de intervención, así como a identificación dos ou das profesionais e dos servizos ou prestacións que interviñeron sobre este.*»

[19] Na HSUE o concepto principal é a persoa, rexistrada de forma única, á que se lle asignará un número de historia social único que identificará toda a súa información do ámbito social dunha maneira integrada e non duplicada, garantindo ademais a trazabilidade coa súa historia clínica correspondente compartindo información co poboacional do SERGAS.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 43 a 77

Recomendación 5

As comunidades autónomas deberán promover as disposicións normativas que resulten necesarias para dar cumprimento ao previsto no Acordo do 10 de xullo de 2012 do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, no que, de conformidade co previsto no artigo 33 da Lei de dependencia, establecéronse os criterios mínimos comúns para a determinación da capacidade económica persoal dos beneficiarios do SAAD e criterios para a súa participación económica nas prestacións do Sistema. As modificacións normativas que se efectúen deberán comunicarse, como prevé o citado Acordo, á Administración xeral do Estado.

Esta recomendación considérase **substancialmente aplicada**. Como se pon de manifesto no propio informe Nº 1035 do Tribunal de Cuentas, a Comunidade Autónoma de Galicia –a través do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo[20]–, xa tiña en conta a renda e o patrimonio na consideración da capacidade económica dos beneficiarios, incorporando á súa normativa os criterios establecidos no Acordo do 10 de xullo de 2012 do Consello Territorial do SAAD[21], e efectuando o control da posible concorrencia de prestacións de análoga natureza e finalidade de protección social.

Recomendación 6

As comunidades autónomas deberían adoptar os procedementos contables necesarios para asegurar o control contable de todo gasto destinado á atención da dependencia, na súa calidade de gastos de financiamento afectado, de forma que todo gasto destinado á atención da dependencia estea debidamente identificado ao longo da súa vida por un código único e invariable que o individualice no sistema de información contable e posibilite que a memoria integrante das contas anuais ofreza a correspondente información. Así mesmo, os créditos destinados a estes gastos con financiamento afectado deberían tamén integrarse en programas ou aplicacións específicas e diferenciadas dos restantes gastos.

[20] Modificado polo Decreto 23/2018, do 15 de febreiro, a Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e a Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

[21] O Acordo do 10 de xullo de 2012 do Consello Territorial do SAAD, no seu artigo 6, sinala que «…de acordo cos artigos 14.7 e 33.1 da Lei 39/2006, a capacidade económica persoal dos beneficiarios das prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, calcularase valorando o nivel de renda e patrimonio da persoa interesada e os beneficiarios participarán no financiamento das mesmas segundo o tipo e custo do servizo e a súa capacidade económica persoal.», porén, non establece os criterios para esa valoración da capacidade económica.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 44 a 77

Os mecanismos contables e de control que se establezan polas comunidades autónomas deberán permitir o adecuado cumprimento da obriga de certificar mensualmente a xestión incorporada ao Sistema e a veracidade de tal información, así como a de certificar anualmente as cantidades que aportaran ao financiamento do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia en cada exercicio, certificación que debería permitir a cuantificación tanto do nivel mínimo de protección como o custo de cada tipo de servizos e prestacións e a achega ou copago dos beneficiarios, de acordo co previsto no Real decreto 1050/2013, do 27 de decembro, e na Orde SSI/2371/2013, do 17 de decembro.

En tanto non se establezan métodos de contabilidade analítica ou de seguimento dos gastos de financiamento afectado que permitan a cuantificación exacta do custo dos servizos, estes deberán calcularse mediante a aplicación dos custos de referencia establecidos polo Consello Territorial ou os que, no seu caso, establezan, preservando ao máximo o principio de igualdade, as comunidades autónomas no seu ámbito.

Esta recomendación considérase **non aplicada**. Tal e como se analiza no punto 7.9. do presente informe, aínda que existe un programa orzamentario diferenciado, o *312D Programa de atención á dependencia*, que recolle a maior parte das aplicacións orzamentarias para a execución dos servizos e prestacións recollidos na Lei de dependencia, existen outras partidas de gasto que non están incluídas nel (gastos en sistemas de xestión, programas de prevención da dependencia, investimentos e gastos de persoal), e que figuran noutros programas orzamentarios: o *311A Dirección e servizos xerais de promoción social* e o *312E Programa da autonomía persoal e prevención da dependencia para persoas con discapacidade e as persoas maiores*.

O feito anterior, unido á ausencia dunha contabilidade analítica que permita unha adecuada cuantificación do custo dos servizos, fai que o gasto certificado coma recursos económicos destinados pola Comunidade Autónoma ao financiamento da dependencia continúe a ser unha estimación, debido á imputación parcial dos créditos dos programas 311A e 312E á atención da dependencia. Tampouco atopamos evidencia de que se teñan empregado os custos de referencia establecidos polo Consello Territorial na cuantificación dos custos da dependencia.

Recomendación 7

As comunidades autónomas, en aplicación da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e previo acordo co IMSERSO, deberían establecer un sistema de formación de expedientes electrónicos relativos á xestión da dependencia, suxeitos, tanto na súa estrutura e formato como nas especificacións dos servizos de remisión e posta a disposición, ás esixencias do Esquema Nacional de Interoperabilidade e do Esquema Nacional de Seguridade.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 45 a 77

Esta recomendación considérase **substancialmente aplicada**. A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu artigo 16.5 que a Xunta de Galicia creará a historia social única electrónica (HSUE), e o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no seu artigo 39 sinala que o órgano superior da Administración xeral da comunidade autónoma competente no sistema galego de servizos sociais implantará e manterá un sistema de información básica das persoas usuarias dos servizos sociais que estará conectado en rede cos sistemas de información e de xestión das prestacións e servizos incluídos no Catálogo de servizos do sistema galego de servizos sociais. En cumprimento das anteriores previsións normativas, aprobouse o Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica.

Segundo a Consellería de Política Social, o proceso de implantación da HSUE quedou finalizado mediante a Instrución nº 5/2018 da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade de data 13 de xullo, a través da cal se efectúa a ampliación da HSUE a todos os concellos de Galicia para a xestión do procedemento para o recoñecemento do grao de dependencia, acceso ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia e o recoñecemento do grao de Discapacidade, supoñendo esta implantación un grande avance no ano 2018, xa que permitirá acadar unha adecuada coordinación, minimizando a tramitación e simplificación dos procesos.

Finalmente, no marco do Plan de choque da dependencia que se ten previsto pór en marcha ao longo do exercicio 2021 recóllese, entre outras medidas de mellora, a universalización do uso da historia social única electrónica (HSUE) para a comunicación entre os servizos sociais autonómicos, os municipais e os servizos sanitarios.

Recomendación 8

As comunidades autónomas deben mellorar o control dos supostos de cesación do dereito a percibir as prestacións de dependencia e en particular o control de vivencia dos beneficiarios, implantando controis propios que poidan anticiparse aos efectuados polo IMSERSO. En todo caso deberán extremar a dilixencia na incoación dos expedientes de reintegro nos casos de aboamentos indebidos xa detectados ou que poidan detectarse no futuro.

Esta recomendación considérase **parcialmente aplicada**. As normas de procedemento relativas ao control do censo de beneficiarios, a efectos de verificar o mantemento do dereito á situación de alta, atópanse recollidas no Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, o procedemento para a elaboración do PIA e a organización e funcionamento dos órganos competentes.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 46 a 77

Tal e como xa se poñía de manifesto no informe Nº 1035 do Tribunal de Cuentas, a Comunidade Autónoma de Galicia realiza o control do falecemento dos beneficiarios a través de dúas vías principais.

Por unha parte, co cruce cos datos de vivencia facilitados polo IMSERSO con carácter mensual, realizándose, ademais, un segundo cruce cos datos persoais rexistrados no SISAAD, xa que conteñen datos sobre falecidos do INE. E por outra, a partir da información facilitada polos concellos implicados na xestión do servizo de axuda a domicilio, que notifican a través dos seus Servizos Sociais os falecementos dos beneficiarios deste servizo recoñecido por dependencia.

Recomendación 9

O Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia e as comunidades autónomas deberían intensificar as actuacións e programas formativos, previstos nos artigos 18.4 e 36 da Lei de dependencia, dirixidos aos coidadores non profesionais, que coadxuven de forma eficaz, mediante a súa axeitada cualificación profesional, ao fomento do emprego no marco dos servizos de atención á dependencia.

Esta recomendación considérase **parcialmente aplicada**. O Plan de formación de coidadores/as non profesionais da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade –que se vén desenvolvendo con carácter anual–, é o mecanismo elixido para coordinar e materializar as actuacións destinadas á consecución dunha maior e mellor atención das persoas en situación de dependencia co fin de difundir novas ferramentas e técnicas de intervención no coidado de persoas en situación de dependencia, crear novas canles de comunicación e preparar as persoas coidadoras do sistema. Ademais, dentro da Rede Galega de Apoio á Autonomía Persoal contémplase unha serie de servizos dirixidos aos coidadores/as non profesionais, entre eles, o servicio de formación non formal e apoio a través do programa "Xuntos nos Coidados". Este programa de formación non formal comprende a posta a disposición dos coidadores/as non profesionais de actuacións formativas que contemplan todas as áreas de intervención e inciden especialmente no coñecemento, o entrenamento en habilidades e o desenvolvemento de actitudes axeitadas no coidado.

Porén, obsérvase unha paulatina diminución no número de actuacións formativas ao longo do período 2015-2019, despois da actividade desenvolvida no bienio 2013-2014, onde estas acadaron un total de 81 e 86 accións formativas, respectivamente.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 47 a 77

VII.2.3. INFORME DO CONSELLO DE CONTAS DO GASTO EN ATENCIÓN RESIDENCIAL A PERSOAS MAIORES E DEPENDENTES

7.15. No Anexo V inclúense as conclusións que acadou este Consello de Contas no seu informe sobre o gasto en atención residencial a persoas maiores dependentes, no cal se incluíron as recomendacións que se detallan a continuación, analizando o seu grao de implantación:

Recomendación 1

Recoméndase á Xunta de Galicia que para atender as necesidades asistenciais do colectivo, cada vez máis numeroso, de persoas maiores e dependentes, continúe coa incorporación de prazas públicas residenciais ao sistema de servizos sociais de Galicia, tendo en conta o actual nivel de prestación e a situación da lista de espera para acceder a unha praza.

Esta recomendación foi aceptada pola Consellería de Política Social e considérase **parcialmente aplicada**, dado o incremento de prazas públicas residenciais que se pode observar ao longo do período 2015-2019, e que se analiza no punto 7.6. do presente informe. Porén, mantense a recomendación de incrementar anualmente o número de prazas de atención residencial, na medida en que as súas dispoñibilidades orzamentarias o permitan, para atender a demanda de prazas públicas existentes.

Recomendación 2

A Xunta debe dotarse de persoal suficiente e dos medios necesarios para que o recoñecemento do dereito ao servizo residencial se produza no prazo de seis meses que fixa a normativa desde a solicitude polos interesados. Débense reducir os tempos de espera ata un prazo que se aproxime aos tres meses que fixa a normativa aplicable nos procedementos ordinarios de acceso a unha praza residencial, unha vez recoñecido o dereito ao servizo.

Esta recomendación –parcialmente concorrente coa formulada polo Tribunal de Cuentas, ver Recomendación 2– foi aceptada pola Consellería de Política Social e considérase **non aplicada en proceso de aplicación**, dado que os prazos para o recoñecemento do dereito ao servizo residencial seguen a exceder os prazos legais establecidos, e o acceso efectivo ao recurso asistencial segue a depender da dispoñibilidade de prazas. En consecuencia, mantense a recomendación no senso de continuar nos esforzos de adecuar o nivel de recursos residenciais á evolución da súa demanda, especialmente naqueles ámbitos xeográficos restrinxidos onde a oferta de prazas é moi escasa debido a unha alta demanda.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 48 a 77

Recomendación 3

Co fin de que a contribución dos usuarios ao financiamento das prazas residenciais, en función da súa capacidade económica, contribúa a mellorar a calidade do servizo residencial, a Xunta debe revisar con periodicidade anual a contía do copago, adaptándoo ás súas variacións. Tamén debe iniciar actuacións administrativas dirixidas á execución do cobro das cotas impagadas.

Esta recomendación foi aceptada pola Consellería de Política Social e considérase **non aplicada en proceso de aplicación**, dado que a revisión da capacidade económica das persoas usuarias de prazas residenciais estase a realizar actualmente a petición das persoas interesadas e tamén de oficio cando se detectan cambios significativos.

Porén, a Administración pon de manifesto que está traballando no desenvolvemento das aplicacións informáticas para implementar unha solución que permita realizar unha revisión anual das capacidades económicas de todas as persoas usuarias e a actualización inmediata no copagamento que estas deben realizar polos servizos recibidos. Tamén se están tramitando procedementos para a execución do cobro ás persoas usuarias que teñen impagos.

En consecuencia, mantense a recomendación no que á revisión anual das capacidades económicas das persoas usuarias se refire.

Recomendación 4

A incorporación de novos centros residenciais ao sistema debe acompañarse dun incremento do número de efectivos da Inspección de Servizos que reforcen a vixilancia. O reforzamento do labor inspector debe dirixirse a vixiar os incumprimentos da normativa ou estándares de calidade esixidos, adoptando as medidas correctoras e sancionadoras que sexan precisas.

Esta recomendación foi aceptada pola Consellería de Política Social e considérase **non aplicada en proceso de aplicación**, dado que o incremento do número de efectivos da Inspección de Servizos depende da aprobación dos correspondentes cadros de persoal que se poidan realizar en función das dotacións orzamentarias dispoñibles. Porén o anterior, o labor inspector dos centros residenciais viuse reforzada de xeito extraordinario ao longo do ano 2020 polas actuacións da Inspección Médica do SERGAS debido á crise sanitaria da COVID-19. En consecuencia, mantense a recomendación.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 49 a 77

Recomendación 5

Recoméndase á Xunta que se dote dun sistema informático normalizado para a xestión do persoal dos centros residenciais xestionados con medios propios, co obxecto de facilitar a xestión e ofrecer información precisa da cobertura efectiva das xornadas de traballo con ocasión de permisos, vacacións e outras ausencias dos traballadores do cadro de persoal.

Esta recomendación foi aceptada pola Consellería de Política Social e considérase **parcialmente aplicada** dado o grao de integración das diversas aplicacións informáticas para a xestión de persoal acadado nos centros propios pilotos seleccionados: o Centro residencial de atención a persoas dependentes de Vigo e o Centro de atención a persoas con discapacidade da Coruña.

Porén, mantense a recomendación no senso de continuar co proceso de informatización da xestión de persoal no resto de centros residenciais de xestión propia da Xunta de Galicia, tan pronto a situación xerada pola crise sanitaria da COVID-19 o permita.

Recomendación 6

A Consellería de Política Social debe esixir aos centros residenciais que manteñan actualizados, permanentemente, os datos que consten no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) en canto instrumento público de publicación e ordenación do Sistema Galego de Servizos Sociais.

Esta recomendación foi aceptada pola Consellería de Política Social e considérase **parcialmente aplicada** dado que, segundo manifesta a Administración, con carácter previo á realización das visitas que se fan aos distintos centros e programas de servizos sociais o persoal inspector comproba os datos que figuran no RUEPSS, cuxa actualización é responsabilidade das entidades titulares ou xestoras dos centros. Recordándolles ás entidades, así mesmo, a obriga de manter permanentemente actualizados estes datos, e no caso de constatarse que non o están, requiríndolles para que o fagan.

Porén o anterior, mantense a recomendación no senso de que a Administración deberá estudar a adopción de medidas efectivas ou o establecemento de incentivos que garantan a actualización permanente dos datos que consten no RUEPSS por parte das entidades obrigadas.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 50 a 77

Recomendación 7

A Consellería de Política Social debe designar un responsable dos contratos e publicar a súa identidade na súa web.

Esta recomendación foi aceptada pola Consellería de Política Social e atópase **totalmente aplicada** ao incorporarse a designación desta figura nos pregos de cláusulas administrativas dos contratos de prazas de atención residencial para persoas maiores e dependentes. Dita designación recae sobre a persoa que ocupe a Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e de Atención Diúrna (dependente da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade). En consecuencia, retírase a recomendación.

Recomendación 8

A Consellería debe adoptar un criterio para a facturación dos días nos que se producen traslados entre centros e aplicar o desconto establecido no contrato para a facturación das prazas reservadas non vacantes.

Esta recomendación non foi aceptada pola Consellería de Política Social e considérase **non aplicada**, ao manter a Administración o criterio do pagamento do servizo polo día do traslado nos dous centros, por entender que ambos centros asumen no día do traslado o custo marxinal de persoal derivado de atender a persoa que se traslada, principal elemento de custo nos centros residenciais, ademais de parte do resto de custos dun día con ocupación plena. Tendo en conta a alegación realizada, reformúlase a recomendación no senso de que a Administración recolla de forma explícita nas cláusulas dos contratos o criterio de facturación aplicado.

Recomendación 9

Sendo a oferta de prazas públicas claramente insuficiente, recoméndase á Xunta que optimice os recursos públicos dispoñibles mediante a total ocupación das prazas residenciais existentes nos centros propios. Debe proceder a cubrir a totalidade das prazas na residencia do Carballiño, que está en condicións adecuadas de funcionamento, e axilizar as obras de reparación dos centros públicos nos que as deficiencias que presentan os inmobles non permiten a plena ocupación.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 51 a 77

Esta recomendación foi aceptada pola Consellería de Política Social e considérase **non aplicada en proceso de aplicación**, dado que a Administración licitou e adxudicou no exercicio 2020 un contrato de servizo de reserva e ocupación de 50 prazas de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia na residencia do Carballiño.

Isto supón un incremento de 25 prazas con respecto á ocupación anterior, porén mantense a recomendación no senso de que persiste a infrautilización do centro residencial, dada a súa capacidade para atender a 80 persoas dependentes.

Porén o anterior, a crise sanitaria derivada da COVID-19 e o seu impacto nos centros residenciais impediron continuar coa maximización da súa ocupación. En consecuencia, mantense a recomendación.

Recomendación 10

Mentres non se establezan métodos de contabilidade analítica que permitan a cuantificación dos custos do servizo asistencial, a Administración debería, no seu defecto, mellorar o nivel de desagregación da información orzamentaria aos efectos de obter unha aproximación ao gasto ocasionado pola prestación deste servizo.

Esta recomendación non foi aceptada pola Consellería de Política Social e considérase **non aplicada**, ao entender a Administración que a desagregación orzamentaria dos gastos correntes dos centros residenciais en conceptos distintos do 228 (gastos de funcionamento de centros e servizos sociais) suporía unha complicación para a xestión orzamentaria por parte dos seus responsables e sen que dita desagregación mellorase a información dos custos nos centros, da que se dispón mediante as ferramentas de xestión dos contratos centralizados e nas administracións de cada residencia.

A ausencia dunha contabilidade analítica que permita unha adecuada cuantificación do custo dos servizos asistenciais fai que a falla dunha maior desagregación orzamentaria impida ter unha mellor aproximación ao gasto ocasionado pola prestación deste servizo. En consecuencia, mantense a recomendación.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 52 a 77

VIII. CONSIDERACIÓNS FINAIS

8.1. A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, supuxo un avance importante de cara á atención que as Administracións públicas prestan ás persoas que se atopan nunhas condicións de especial vulnerabilidade, necesitadas de apoios, ben para promover a súa autonomía persoal ben para dar resposta axeitada ao seu problema de dependencia.[22]

Porén, tal e como se concluía no Informe do Consello de Contas sobre dependencia de 2008, a posta en funcionamento do SAAD supuxo un gran esforzo para as distintas Administracións e axentes implicados de adecuación de medios humanos, técnicos e materiais para dar resposta ás necesidades e retos do novo sistema, o que xerou nos primeiros exercicios de aplicación disfuncionalidades e dificultades propias do inicio e posta en marcha do sistema.

8.2. En relación co anterior, non debe esquecerse o feito de que a Lei 39/2006 naceu coa finalidade de sentar as condicións básicas de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, mediante a creación dun Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD), coa colaboración e participación de todas as Administracións públicas. Trátase dun nivel mínimo de protección que as comunidades autónomas complementan de modo importante e no que asumen un relevante papel.

Con todo, tanto o calendario de desenvolvemento como o nivel de aplicación do sistema víronse impactados dun xeito significativo pola crise económico-financeira de 2008, cuxos efectos sobre as contas das AAPP levaron á adopción de medidas de control e redución do déficit a través da aprobación do Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Entre elas, a diminución do nivel mínimo de protección da AXE e a supresión do nivel acordado supuxeron una minoración significativa dos recursos previstos para o financiamento da dependencia, que as CC.AA. só puideron compensar en parte. Neste senso, moitas das debilidades postas de manifesto nos informes do Consello e do Tribunal de Cuentas, sen prexuízo doutras causas intrínsecas relacionadas coa complexidade técnica do deseño e da xestión interadministrativa (Estado-CC.AA.-EE.LL.) do SAAD, están directamente relacionadas coa falla de financiamento da dependencia.

[22] Lémbrese que a Constitución española refírese, nos seus artigos 49 e 50, a un sistema de servizos sociais promovido polos poderes públicos, que permita garantir a protección e atención particulares que necesitan colectivos como o das persoas maiores ou as persoas con discapacidade.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 53 a 77

8.3. O sistema da dependencia foi obxecto de estudo do Informe do 7 de outubro de 2017 da *Comisión técnica para a análise da situación actual do Sistema da dependencia, da súa sostibilidade e dos actuais mecanismos de financiamento, para avaliar a súa adecuación ás necesidades asociadas á dependencia*[23], no que as CC.AA. integrantes –entre elas, a CA de Galicia– realizaban un diagnóstico dos problemas estruturais do SAAD que necesitaban ser abordados para a mellora dos procedementos evitando as demoras excesivas, sinalando ademais a necesidade dun aumento dos recursos dispoñibles para a atención á dependencia.

8.4. O número de persoas dependentes –isto é, con ditame e resolución de recoñecemento do grao de dependencia– ascendía na Comunidade Autónoma de Galicia, a 31 de decembro de 2019, a un total de 80.292. Mentres, o número de persoas beneficiarias con dereito a prestación recoñecido supuñan un total de 70.092, das cales 8.456 delas non recibían a prestación recoñecida, o que supón o 12,1% dos beneficiarios con dereito a prestación recoñecido. Esta cifra de persoas encadradas no denominado "limbo da dependencia", aínda que inferior á media nacional –19,5%–, continúa a ser moi elevada.

8.5. Do seguimento das recomendacións incluídas nos informes de fiscalización da dependencia, pódese concluír que se ben se cumpren, en parte, algunhas delas, e que se observa en xeral unha mellora na xestión, especialmente en relación coas recollidas no Informe do Consello de Contas de 2008 e as reflectidas no Informe do Tribunal de Cuentas do 29 de maio de 2014, faise necesario aínda continuar avanzando no relativo a algúns dos aspectos tratados en ditas recomendacións; entre eles, naqueles que se refiren ao cumprimento dos prazos máximos para ditar as resolucións de recoñecemento das prestacións, ao incremento e optimización dos recursos destinados á atención residencial das persoas maiores e dependentes para a redución da lista de espera, ao control do financiamento afectado dos gastos para a dependencia, á orzamentación dos créditos dentro dos programas específicos que os diferencien doutros, ou á implantación dun sistema de contabilidade analítica que permita coñecer os custos dos servizos e prestacións.

[23] A Comisión de análise da situación do Sistema da dependencia foi creada por Acordo do Consello de Ministros do 10 de febreiro de 2017, como consecuencia dos acordos adoptados na Conferencia de Presidentes celebrada o 17 de xaneiro do mesmo ano.

Ver o informe da Comisión en: https://www.imserso.es/InterPresent1/groups/imserso/documents/binario/inf_comision_analisis_20171006.pdf

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 54 a 77

8.6. Con todo, a crise sanitaria causada pola pandemia, e a súa especial incidencia nas residencias ou centros de maiores, veu pór de manifesto debilidades importantes no modelo de atención socio-sanitario actual, especialmente en relación coa coordinación co sistema sanitario.

Neste contexto, aprobouse a principios do ano 2021, no seo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (CT), o *Acordo para a posta en marcha do Plan de Choque en Dependencia 2021-2023*, que ademais de contemplar un incremento dos recursos dispoñibles para o financiamento da dependencia –vinculados a melloras concretas coma a redución da lista de espera e prazos de tramitación de solicitudes, condicións laborais e profesionais axeitadas para as persoas que traballan no SAAD, e a prestación de servizos de calidade–, prevé a realización, no marco estratéxico do *Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España*, dunha avaliación completa do sistema de atención á dependencia –que se levará a cabo en 2021– que permitirá a revisión do modelo de coidados de longa duración (CLD), así como a adopción e programación no medio prazo das medidas e dos investimentos necesarios. A maioría destes investimentos serán executados polas propias CC.AA.

No marco anterior, a Comunidade Autónoma de Galicia está a desenvolver o seu propio plan de choque en dependencia, co obxectivo de axilizar o sistema, reducir os tempos de espera nas valoracións, e crear novas vías preferentes.

Das medidas de mellora previstas cabe sinalar, entre outras, a simplificación normativa e administrativa, cambios na concepción do Plan individual de atención (PIA) e nos niveis mínimos de atención, a descentralización das valoracións, a optimización de rutas de valoración, melloras na xestión e notificación de citas e confirmación a través de SMS, a priorización de determinadas patoloxías na valoración da dependencia, e o reforzo de persoal.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 55 a 77

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 56 a 77

ANEXOS

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 57 a 77

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 58 a 77

ANEXO I. CONCLUSIÓNS DO INFORME DO CONSELLO DE CONTAS SOBRE A DEPENDENCIA DE 2008

Relativas ao marco xeral do SAAD no Estado

I.1. A posta en funcionamento do SAAD supuxo un gran esforzo para as distintas Administracións e axentes implicados de adecuación de medios humanos, técnicos e materiais para dar resposta ás necesidades e retos do novo sistema; o que xerou nos primeiros exercicios de aplicación disfuncionalidades e dificultades propias do inicio e posta en marcha do sistema, que se puxeron de manifesto nos seguintes aspectos:

a) Gran número de solicitudes rexistradas no primeiro exercicio de aplicación da Lei (2007); unhas novas e outras con orixe en situacións de dependencia existentes con anterioridade.

b) Implantación do SAAD a 1 de xaneiro de 2007 cun incompleto desenvolvemento normativo e, escaseza de tempo para a preparación e adaptación das distintas administracións e axentes implicados na posta en marcha e desenvolvemento do sistema.

c) Retraso na elaboración e publicación polo SISAAD das primeiras estatísticas do Sistema (31 de xullo de 2008).

d) Inexistencia dun único sistema de información da xestión do Sistema, e, utilización por algunhas CC.AA. de sistemas de información e procedementos propios o que provoca desfases entre a información da xestión subministrada polo SISAAD e a das distintas CC.AA.

I.2. As estimacións sobre a evolución da poboación en situación de gran dependencia contidas no *Libro Blanco da Dependencia* utilizado na elaboración da Lei quedaron moi por debaixo da súa evolución real (49,6% en xaneiro de 2010). Porén, as previsións sobre a evolución da poboación nos outros graos de dependencia (severa e moderada) é superior á evolución real. Produciuse pois, nos tres primeiros exercicios de aplicación da Lei un traspaso efectivo de dependentes de grao II e I hacia os de grao III con respecto ás previsións estimadas da Lei, o que provocou unha situación actual de pirámide invertida na estrutura da poboación dependente no relativo ós graos de dependencia, existindo máis dependentes nos graos superiores que nos inferiores, circunstancia que afectou aos custos de financiamento do sistema xa que, estes son superiores no grao III que nos outros dous graos.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 59 a 77

I.3. As previsións orzamentarias destinadas á dependencia contidas nos orzamentos xerais do Estado correspondentes aos 4 primeiros exercicios de aplicación da Lei (2007-2010), desviáronse en 792,83 millóns de euros (24,6%) sobre as previsións contidas na Lei; incrementándose a citada porcentaxe ata o 37,1% se se ten en conta o fondo especial destinado a dependencia mediante o RD 9/2008 do 28 de novembro.

I.4. A 1 de xaneiro de 2010 o 43,1% das prestacións do SAAD son servizos e o 56,9% son prestacións económicas; polo que na práctica, queda desvirtuado o carácter prioritario dos servizos sobre as prestacións económicas establecido na Lei.

I.5. A prestación económica de coidados no contorno familiar, prevista no art. 14.4 da Lei como excepcional é, na práctica maioritaria, xa que, a 1 de xaneiro de 2010 representa o 50% do total de servizos e prestacións.

I.6. O sistema de financiamento do nivel acordado resulta pouco áxil, xa que nos 3 primeiros exercicios de aplicación da Lei aprobáronse 3 marcos de cooperación interadministrativa distintos e, os convenios formalizados ao abeiro dos mesmos asináronse finalizando o exercicio da súa aplicación. Neste senso, o Consello Territorial do SAAD vén de aprobar en xullo de 2010 un novo marco de cooperación interadministrativa e criterios de reparto de fondos para o período 2010-2013; que supón, para Galicia, no exercicio 2010, unha cantidade inferior en 3,05 millóns de euros á recibida en 2009.

Relativas á aplicación e xestión do SAAD nas CC.AA.

I.7. O procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e aprobación do PIA na CAG é moi longo e complexo (12 meses) e, con carácter xeneralizado non se cumpre; circunstancia que xa ten sido denunciada nos informes do Valedor do Pobo correspondentes aos exercicios 2008 e 2009. Neste senso, o Decreto 15/2010 do 4 de febreiro reduce os tempos do citado procedemento á metade, 3 meses para o recoñecemento da situación de dependencia e outros 3 meses para a resolución de aprobación do PIA.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 60 a 77

I.8. Existencia de diferenzas entre a información estatística do Sistema de Información do SGAD relativa ao procedemento de recoñecemento da situación de dependencia, número de beneficiarios do sistema e evolución dos servizos e prestacións e a subministrada polo SISAAD; resultando destacable o feito de que as estatísticas do Sistema de Información do SGAD non ofrecen información sobre beneficiarios dos servizos de prevención das situacións de dependencia e de promoción da autonomía persoal nin dos beneficiarios da libranza de asistencia persoal (xestionada pola FUNGA).

I.9. No ámbito da xestión do procedemento de recoñecemento da situación de dependencia existen importantes e inxustificados desfases entre os beneficiarios con dereito a prestación e o número destes que están a recibir a mesma, localizados na fase do procedemento correspondente á resolución de aprobación do PIA, de xeito que, as porcentaxes de beneficiarios con dereito a prestación que non teñen resolución de aprobación do PIA son do 94,4%, 66,4% e 51,7% a 31 de decembro de 2007, 2008 e 2009 respectivamente.

I.10. A 31 de decembro de 2009 a porcentaxe de beneficiarios de prestacións económicas representa o 59,1% do total de servizos e prestacións, o que desvirtúa o carácter prioritario dos servizos sobre as prestacións económicas contemplado na Lei.

I.11. As prestacións económicas por coidados no contorno familiar representan a 31 de decembro de 2009 o 55% do total dos servizos e prestacións, é dicir son maioritarias a pesar de que na Lei están previstas como excepcionais.

I.12. A imputación orzamentaria dos créditos de servizos e prestacións económicas non permiten identificar con exactitude os importes destinados a cada un deles.

I.13. A Comunidade Autónoma de Galicia non utilizou a posibilidade que lle outorga o art. 7.3º da Lei 39/2006 de establecer un nivel adicional de protección; porén cumpriu co previsto no artigo 32.3 da Lei, xa que, a achega da mesma ao financiamento do Sistema foi superior para cada ano, no período 2007-2009, que á da Administración Xeral do Estado.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 61 a 77

I.14. A participación dos beneficiarios de prestacións económicas no financiamento do Sistema é inferior ás estimacións previstas na Lei.

Relativas á fiscalización de prestacións económicas

I.15. Incúmprese, de xeito xeneralizado, co previsto no art. 14.2 da Lei 39/2006 que establece o carácter prioritario dos servizos do catálogo sobre as prestacións económicas; xa que estas últimas son na práctica maioritarias; non acreditándose, con carácter xeral a súa mellor adecuación para a atención ás necesidades dos dependentes.

I.16. Incúmprese, na práctica, coa excepcionalidade da prestación económica de Libranza de coidados no contorno familiar, contemplada no art. 14.4 da mesma, xa que a 31-XII-2009 esta representa o 55% do total de servizos e prestacións.

I.17. Incúmprese o procedemento regulado no Decreto 176/2007 no relativo ás notificacións aos interesados das resolucións de recoñecemento da dependencia.

I.18. Detectáronse incidencias formais de carácter específico (Anexo II) en 276 expedientes o que supón o 69% da mostra analizada.

I.19. En 30 expedientes (7,5% da mostra) detectáronse erros de carácter material no cálculo do importe das prestacións aboadas aos beneficiarios, o que provocou, que nuns casos a prestación recibida por aqueles fora inferior e, noutros superior á que lles correspondería ter recibido; polo que a Administración deberá dar as instrucións oportunas para que se proceda a aboar aos beneficiarios os importes debidos e, noutros iniciar os procedementos de reintegro correspondentes.

I.20. Detectáronse supostos nos que a Administración, pese a ter coñecemento da totalidade das pensións percibidas polas persoas solicitantes da prestación de dependencia, non tivo en conta algunha para o cálculo da capacidade económica, dando lugar a percepcións indebidas.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 62 a 77

Detectado este feito polo departamento territorial correspondente, este tramitou incorrectamente o procedemento de rectificación de erros materiais, aritméticos ou de feito recollido no artigo 105.2 Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, debendo ter sido tramitados os mesmos de acordo co disposto nos artigos 102 e seguintes da citada Lei.

I.21. A análise dos expedientes revelou que o tempo medio dende a solicitude do beneficiario ata o primeiro pago da prestación é de 658 días (1,8 anos), prazo que, ademais de incumprir a normativa, considérase inaceptable, polas posibles continxencias que puideran producirse derivadas da delicada situación dos beneficiarios das prestacións que podería derivar en empeoramento da situación persoal, desamparo, e/ou falecemento.

I.22. Da análise das distintas fases do procedemento observouse que, as demoras máis altas prodúcense no procedemento de aprobación do PIA (323 días); sendo 158 días o prazo medio entre a Resolución de recoñecemento da dependencia e a Proposta do PIA e, 165 días o prazo medio entre esta e a súa aprobación polo Delegado Provincial; e 65 días o prazo medio entre a resolución de aprobación do PIA e o primeiro pagamento da prestación.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 63 a 77

ANEXO II. RECOMENDACIÓNS DO INFORME DE DEPENDENCIA DO CONSELLO DE CONTAS 2008

Nº	Recomendacións formuladas	Valoración Consello Contas
1	Os responsables do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia deberían analizar e avaliar no seo do Consello Territorial as causas reais do traspaso producido de dependentes de grao I e II (dependencia moderada e severa) cara os de grao III (gran dependencia), con respecto ás estatísticas de evolución de poboación dependente en España utilizadas na elaboración da Lei; o que xerou unha situación actual de pirámide invertida na estrutura da poboación dependente no relativo aos graos de dependencia; afectando esta circunstancia ao encarecemento do financiamento do Sistema por canto os custos dos servizos e prestacións son superiores nos maiores graos e niveis de dependencia.	**Non válida no marco actual**
2	Tamén deberían ser analizadas, avaliadas e corrixidas polo Consello Territorial do Sistema as causas reais de que os servizos do catálogo, previstos na Lei como prioritarios sobre as prestacións económicas, sexan no período analizado, minoritarios; e que, a prestación económica de coidados no contorno familiar, prevista na Lei como excepcional, sexa, na práctica, maioritaria; apuntándose como posibles causas destes desaxustes a insuficiencia da rede de centros do Sistema, o menor custo das prestacións económicas e a maior preferencia por estas.	**Parcialmente aplicada**
3	O sistema de información do Sistema para Autonomía e Atención á Dependencia (SISAAD) e os correspondentes sistemas de información das CC.AA. deberían proporcionar información homoxénea e equivalente imposibilitando a existencia de desfases entre as mesmas; así como incorporar ao sistema información económico orzamentaria sobre o financiamento, a execución dos gastos destinados aos distintos servizos e prestacións e custos do sistema.	**Non aplicada**
4	Debería revisarse o contido e elaboración dos marcos de cooperación interadministrativa do financiamento do nivel acordado do sistema co obxectivo de conseguir marcos de cooperación de carácter plurianual que inclúan os aspectos básicos do sistema (obxectivos, medios, recursos para aplicación dos servizos e prestacións, así como o grao de desenvolvemento da rede de servizos). Neste senso, o Consello Territorial do SAAD ven de aprobar en xullo de 2010 un novo marco de cooperación interadministrativa para o período 2010-2013.	**Non válida no marco actual**
5	Na Comunidade Autónoma de Galicia deberían axilizarse os prazos do procedemento de recoñecemento do dereito á dependencia e determinación do Plan Individual de Atención (PIA), fixado en 12 meses no período analizado. Na actualidade, o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, reduciu á metade o prazo máximo do procedemento (3 meses para o recoñecemento do grao e nivel de dependencia e 3 meses para resolver o procedemento de determinación do PIA).	**Non aplicada en proceso de aplicación**
6	Deberían corrixirse os notables e inxustificados atrasos que se producen no procedemento de resolución aprobatoria do Plan Individual de Atención (PIA) que fan que máis da metade dos beneficiarios con dereito recoñecido estean a 31 de decembro de 2009 pendentes de recibir unha prestación ou servizo.	**Parcialmente Aplicada**
7	O sistema de información do Servizo Galego de Atención á Dependencia (SGAD) debería proporcionar información dos beneficiarios de todos e cada un dos servizos e prestacións do Sistema, aínda cando determinados servizos estean sendo xestionados dende fóra do ámbito da Administración Xeral da Xunta de Galicia, e incluír un sistema de información económico-orzamentaria que permita identificar a execución dos créditos destinados a cada un dos servizos e prestacións, así como presentar unha execución de ingresos e gastos vinculados ao Sistema de financiamento do SAAD consolidada coa do resto dos Organismos e Entidades que xestionan competencias do mesmo na Comunidade Autónoma de Galicia.	**Parcialmente Aplicada**
8	O sistema de información do SGAD tamén debería proporcionar información periódica sobre a ocupación efectiva de prazas por beneficiarios do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) na rede de centros na Comunidade Autónoma de Galicia.	**Parcialmente aplicada**
9	Recoméndase a revisión e control dos cálculos económicos dos expedientes co obxectivo de evitar erros nos importes das prestacións; así como axustarse ao procedemento establecido na Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e en concordancia co disposto no Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, no relativo aos procedementos de rectificación e revisión do PIA.	**Non verificada**

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 64 a 77

Nº	Recomendacións formuladas	Valoración Consello Contas
10	Resulta urxente a simplificación e axilización dos procedementos de recoñecemento da situación de dependencia e aprobación do PIA, así como a análise do seu seguimento e cumprimento polos correspondentes órganos da Administración.	**Non aplicada en proceso de aplicación**

Fonte: Elaboración propia.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 65 a 77

ANEXO III. CONCLUSIÓNS DO INFORME DO TRIBUNAL DE CUENTAS SOBRE A DEPENDENCIA DE 2014

Pódense consultar en:

https://www.tcu.es/repositorio/ec5afa2e-d9e6-411c-8251-175636a40726/I1035.pdf

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 66 a 77

ANEXO IV. RECOMENDACIÓNS PROPOSTAS POLO TRIBUNAL DE CUENTAS

Nº	Recomendacións formuladas	Valoración Consello Contas
1	As Comunidades Autónomas deberían adoptar medidas para reducir a excesiva dispersión normativa, así como para actualizar e harmonizar a normativa existente mediante a incorporación dos criterios acordados no Consello Territorial de Asuntos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.	**Parcialmente aplicada**
2	Os órganos competentes das Comunidades Autónomas deberían adoptar as medidas necesarias, tanto de xestión como orzamentarias, para dar cumprimento ao prazo máximo de seis meses, contado desde a solicitude da persoa interesada, para ditar a resolución de recoñecemento das prestacións derivadas da situación de dependencia, tal como establece a Disposición final primeira da Lei 39/2006, así como para que ese recoñecemento resulte efectivo de forma inmediata.	**Non aplicada en proceso de aplicación**
3	Os órganos competentes das Comunidades Autónomas deberían adoptar as medidas necesarias para a permanente e puntual actualización do SISAAD, particularmente no relativo aos datos necesarios para a liquidación do nivel mínimo, nos termos previstos na Orde SSI/2371/2013, do 17 de decembro, pola que se regula o Sistema de Información do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, evitando as excesivas demoras observadas tanto no rexistro das altas e baixas de solicitudes, das resolucións de recoñecemento da situación de dependencia e das prestacións e efectividade do dereito, como das modificacións ou baixas por revisión de grao ou prestación, por traslado, renuncia, falecemento ou calquera outras circunstancias, garantindo a correspondencia en todo momento da información contida no SISSAD coa situación real das persoas dependentes e coa información existente nos sistemas de información utilizados polas Comunidades Autónomas.	**Parcialmente aplicada**
4	As Comunidades Autónomas deberían adoptar as medidas necesarias para que todo usuario do Sistema dispoña dun número de identificación persoal, único e exclusivo, de carácter permanente, polo que a solución máis axeitada sería esixir en todo caso, independentemente da idade, o DNI ou NIE, como efectivamente esixen xa algunhas CC.AA., como é o caso de Castilla-La Mancha, Cataluña ou a Comunitat Valenciana.	**Parcialmente aplicada**
5	As Comunidades Autónomas deberán promover as disposicións normativas que resulten necesarias para dar cumprimento ao previsto no Acordo do 10 de xullo de 2012 do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, no que, de conformidade co previsto no artigo 33 da Lei de dependencia, establecéronse os criterios mínimos comúns para a determinación da capacidade económica persoal dos beneficiarios do SAAD e criterios para a súa participación económica nas prestacións do Sistema. As modificacións normativas que se efectúen deberán comunicarse, como prevé o citado Acordo, á Administración Xeral do Estado.	**Substancialmente aplicada**
6	As Comunidades Autónomas deberían adoptar os procedementos contables necesarios para asegurar o control contable de todo gasto destinado á atención da dependencia, na súa calidade de gastos de financiamento afectado, de forma que todo gasto destinado á atención da dependencia estea debidamente identificado ao longo da súa vida por un código único e invariable que o individualice no sistema de información contable e posibilite que a memoria integrante das contas anuais ofreza a correspondente información. Así mesmo, os créditos destinados a estes gastos con financiamento afectado deberían tamén integrarse en programas ou aplicacións específicas e diferenciadas dos restantes gastos. Os mecanismos contables e de control que se establezan polas Comunidades Autónomas deberán permitir o adecuado cumprimento da obriga de certificar mensualmente a xestión incorporada ao Sistema e a veracidade de tal información, así como a de certificar anualmente as cantidades que aportaran ao financiamento do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia en cada exercicio, certificación que debería permitir a cuantificación tanto do nivel mínimo de protección como o custo de cada tipo de servizos e prestacións e a achega ou copago dos beneficiarios, de acordo co previsto no Real decreto 1050/2013, do 27 de decembro, e na Orde SSI/2371/2013, do 17 de decembro. En tanto non se establezan métodos de contabilidade analítica ou de seguimento dos gastos de financiamento afectado que permitan a cuantificación exacta do custo dos servizos, estes deberán calcularse mediante a aplicación dos custos de referencia establecidos polo Consello Territorial ou os que, no seu caso, establezan, preservando ao máximo o principio de igualdade, as Comunidades Autónomas no seu ámbito.	**Non aplicada**

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 67 a 77

Pto.	Recomendacións formuladas	Valoración Consello Contas
7	As Comunidades Autónomas, en aplicación da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e previo acordo co IMSERSO, deberían establecer un sistema de formación de expedientes electrónicos relativos á xestión da dependencia, suxeitos, tanto na súa estrutura e formato como nas especificacións dos servizos de remisión e posta a disposición, ás esixencias do Esquema Nacional de Interoperabilidade e do Esquema Nacional de Seguridade.	**Substancialmente aplicada**
8	As Comunidades Autónomas deben mellorar o control dos supostos de cesación do dereito a percibir as prestacións de dependencia e en particular o control de vivencia dos beneficiarios, implantando controis propios que poidan anticiparse aos efectuados polo IMSERSO. En todo caso deberán extremar a dilixencia na incoación dos expedientes de reintegro nos casos de aboamentos indebidos xa detectados ou que poidan detectarse no futuro.	**Parcialmente aplicada**
9	O Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia e as Comunidades Autónomas deberían intensificar as actuacións e programas formativos, previstos nos artigos 18.4 e 36 da Lei de dependencia, dirixidos aos coidadores non profesionais, que coadxuven de forma eficaz, mediante a súa axeitada cualificación profesional, ao fomento do emprego no marco dos servizos de atención á dependencia.	**Parcialmente aplicada**

Fonte: Elaboración propia.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 68 a 77

ANEXO V. CONCLUSIÓNS DO INFORME DO CONSELLO DE CONTAS SOBRE O GASTO EN ATENCIÓN RESIDENCIAL A PERSOAS MAIORES E DEPENDENTES

V.1. O importante incremento da poboación maior de 65 anos e dependente, unido ao cambio dos factores demográficos e sociais na Comunidade Autónoma de Galicia, demandan unha maior provisión pública de prazas residenciais.

O volume de prazas residenciais totais veuse incrementando ata acadar un total de 19.986 no ano 2015 cunha ratio de prazas do 3,05% sobre habitantes maiores de 65 anos, cunha maior intensidade de crecemento das prazas privadas, pero sen alcanzar a ratio do conxunto do estado Español, que se sitúa por encima do 4%.

Na Comunidade Autónoma de Galicia o 65% das prazas son privadas, destacando Ourense coa maior ratio de prazas para maiores de 65 anos e polo maior número de prazas privadas.

V.2. A Xunta xestiona directamente 19 dos 31 centros residenciais propios, sendo a concesión a modalidade de xestión máis elixida a partir da súa implantación no ano 1994.

Ademais, a Xunta, para atender as necesidades asistenciais, concertou prazas públicas con 74 centros privados, convertendo esta modalidade de provisión de prazas públicas na máis empregada nos últimos exercicios.

A evolución das prazas públicas, que acadaron as 6.891 no ano 2016, determinou un equilibrio entre o número de prazas en centros propios e centros alleos.

V.3. O prazo medio de trámite do procedemento para o recoñecemento do dereito a unha praza residencial no exercicio 2015 foi de 453 días, moi por riba dos 6 meses que marca a lexislación, e o tempo medio de espera ata acadar o ingreso no centro residencial, de 154 días, é moi superior aos tres meses estipulado pola normativa aplicable. O cálculo deste tempo medio aparece fortemente condicionado polas situacións de emerxencia social nas que non hai espera para o ingreso.

V.4. O número de persoas que accederon a prazas residenciais a través do sistema de emerxencia social amosa unha tendencia crecente, convertendo o que se estableceu inicialmente como unha excepción para o tratamento de situacións illadas nun procedemento cada vez máis empregado para o acceso a este servizo.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 69 a 77

V.5. Os obxectivos da planificación estratéxica para a atención ás persoas maiores desenvólvese a través dos programas orzamentarios *312D Servizos sociais de atención ás persoas dependentes* e *312E Servizos sociais de atención ás persoas maiores e con discapacidade*. Por outra parte, os obxectivos, actuacións e programas do plan sectorial *Plan galego de persoas maiores 2010-2013 Horizonte 2015* non se vincula cos orzamentos anuais, polo que non se pode facer un seguimento do seu cumprimento a través da execución daqueles programas orzamentarios.

V.6. O gasto do servizo residencial tivo unha evolución dispar no período 2010-2015, acadando un incremento do 8,31% ao final do período, e á súa vez unha diminución do seu peso no gasto da dependencia, pasando do 43,48% no exercicio 2010 ao 36,39% no exercicio 2015.

V.7. O importe das prestacións económicas para coidados no contorno familiar diminuíu no período analizado, pero o número de beneficiarios segue sendo elevado tendo en conta o carácter excepcional que lle atribúe a esta prestación a Lei de dependencia.

O número de beneficiarios da prestación económica vinculada ao servizo residencial amosa un crecemento continuo ata o ano 2015, no que empeza a diminuír.

V.8. O cálculo da contribución económica dos usuarios, que se efectúa en función da renda e do patrimonio neto coa garantía dun mínimo vital, determina que nun importante número de casos consista no 76% dos ingresos líquidos dos usuarios, sen que se teña en conta o valor do patrimonio.

V.9. Cómpre indicar que só se contabilizan como ingresos os correspondentes aos usuarios dos centros propios, xa que os copagos dos usuarios de prazas xestionadas nas modalidades de concesión ou concerto compensan o prezo da contratación das prazas públicas.

Da revisión efectuada sobre a xestión do ingresos dos usuarios despréndese que non se produciron actuacións administrativas de constrinximento para executar o cobro das cotas impagadas e que a revisión do copago dos usuarios non se efectúa con carácter periódico, senón só naqueles casos nos que os residentes o soliciten.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 70 a 77

V.10. Os centros a inspeccionar incrementáronse no período analizado mantendo a Inspección de Servizos Sociais a mesma estrutura interna e o mesmo número de efectivos. Por outra parte, atribuíuse á Inspección o control do cumprimento dos contratos de concesión e concertos, cando este labor de supervisión corresponde ao responsable do contrato.

V.11. Algunhas das incidencias detectadas nas actuacións de control nos centros residenciais, tamén recollidas nas actas da Inspección de Servizos Sociais, refírense a incumprimentos en materia de persoal, fundamentalmente da ratio do persoal de atención directa e a non diferenciación de funcións por categorías profesionais; uso inadecuado das instalacións; deficiencias nos protocolos de funcionamento; falta de rigor dos rexistros; e non actualización dos datos do RUEPPS. Apreciouse que, a pesar de que nos casos nos que as irregularidades observadas non se corrixiron, non se iniciaron expedientes sancionadores.

V.12. Apreciáronse diferenzas na ratio de persoal de atención directa entre os centros xestionados con medios propios e os xestionados externamente, resultando unha media teórica un 9% superior nos primeiros.

A diferenza na ratio de persoal de atención directa é un factor que pode repercutir na calidade do servizo, e tamén na valoración outorgada á calidade polos residentes e familiares.

V.13. Os gastos de persoal das residencias xestionadas pola Xunta experimentaron un descenso dun 7,1% no exercicio 2015 con respecto ao exercicio 2010, debido ás medidas de contención para corrixir o déficit público e a non cobertura das ausencias nas xornadas mediante contratacións temporais.

Os gastos de funcionamento descenden desde o ano 2012 a pesar de que o número de prazas residenciais permaneceu case inalterable.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 71 a 77

V.14. Respecto das prazas en réxime de concesión e concerto, observáronse importantes diferenzas no prezo praza/día e no prezo das prazas reservadas non vacantes, a veces nun mesmo centro, sen que estas diferenzas se poidan atribuír ao réxime de xestión elixido.

Nos procedementos contractuais tramitados con anterioridade ao ano 2014 non quedou constancia de que se efectuara un estudo do custo do servizo, previo á fixación do prezo de licitación. A ausencia de criterios para a determinación do prezo de licitación vénse paliando a partir da aprobación da regulación da carteira de servizos sociais para dependentes.

V.15. Non se apreciou que con anterioridade ao pago do prezo dos contratos se efectuara unha correcta supervisión dos seus requisitos, en tanto que a factura non se acompaña coa documentación requirida nos pregos de cláusulas, limitándose o control da Administración á comprobación das incidencias declaradas polos contratistas.

V.16. Do control efectuado sobre a liquidación e facturación das estancias dos usuarios despréndense incidencias respecto do importe pagado en concepto de prazas reservadas non vacantes, así como do pago de servizos que non foron obxecto do contrato.

A Consellería de Política Social non ten adoptado un criterio para a facturación dos días afectados no suposto de traslado entre centros residenciais, de xeito que se facturan polos dous centros.

V.17. A Xunta non elaborou plans de investimentos en centros residenciais públicos desde o exercicio 2010 ata o Plan de eficiencia enerxética 2016-2017, destacando como feitos posteriores o estudo pola Consellería de Política Social dun plan para a construción de novas residencias.

Como caso singular, advírtese a infrautilización dun centro residencial no concello do Carballiño, cunha capacidade para 80 persoas dependentes e cunha ocupación de tan só 25 prazas.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 72 a 77

ANEXO VI. RECOMENDACIÓNS DO INFORME DE FISCALIZACIÓN DO GASTO EN ATENCIÓN RESIDENCIAL

Nº	Recomendacións formuladas	Valoración Consello Contas
1	Recoméndase á Xunta de Galicia que para atender as necesidades asistenciais do colectivo, cada vez máis numeroso, de persoas maiores e dependentes, continúe coa incorporación de prazas públicas residenciais ao sistema de servizos sociais de Galicia, tendo en conta o actual nivel de prestación e a situación da lista de espera para acceder a unha praza	**Parcialmente aplicada**
2	A Xunta debe dotarse de persoal suficiente e dos medios necesarios para que o recoñecemento do dereito ao servizo residencial se produza no prazo de seis meses que fixa a normativa desde a solicitude polos interesados. Débense reducir os tempos de espera ata un prazo que se aproxime aos tres meses que fixa a normativa aplicable nos procedementos ordinarios de acceso a unha praza residencial, unha vez recoñecido o dereito ao servizo.	**Non aplicada en proceso de aplicación**
3	Co fin de que a contribución dos usuarios ao financiamento das prazas residenciais, en función da súa capacidade económica, contribúa a mellorar a calidade do servizo residencial, a Xunta debe revisar con periodicidade anual a contía do copago, adaptándoo ás súas variacións. Tamén debe iniciar actuacións administrativas dirixidas á execución do cobro das cotas impagadas.	**Non aplicada en proceso de aplicación**
4	A incorporación de novos centros residenciais ao sistema debe acompañarse dun incremento do número de efectivos da Inspección de Servizos que reforcen a vixilancia. O reforzamento do labor inspector debe dirixirse a vixiar os incumprimentos da normativa ou estándares de calidade esixidos, adoptando as medidas correctoras e sancionadoras que sexan precisas.	**Non aplicada en proceso de aplicación**
5	Recoméndase á Xunta que se dote dun sistema informático normalizado para a xestión do persoal dos centros residenciais xestionados con medios propios, co obxecto de facilitar a xestión e ofrecer información precisa da cobertura efectiva das xornadas de traballo con ocasión de permisos, vacacións e outras ausencias dos traballadores do cadro de persoal.	**Parcialmente aplicada**
6	A Consellería de Política Social debe esixir aos centros residenciais que manteñan actualizados, permanentemente, os datos que consten no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) en canto instrumento público de publicación e ordenación do Sistema Galego de Servizos Sociais.	**Parcialmente aplicada**
7	A Consellería de Política Social debe designar un responsable dos contratos e publicar a súa identidade na súa web.	**Totalmente aplicada**
8	A Consellería debe adoptar un criterio para a facturación dos días nos que se producen traslados entre centros e aplicar o desconto establecido no contrato para a facturación das prazas reservadas non vacantes.	**Non aplicada**
9	Sendo a oferta de prazas públicas claramente insuficiente, recoméndase á Xunta que optimice os recursos públicos dispoñibles mediante a total ocupación das prazas residenciais existentes nos centros propios. Debe proceder a cubrir a totalidade das prazas na residencia do Carballiño, que está en condicións adecuadas de funcionamento, e axilizar as obras de reparación dos centros públicos nos que as deficiencias que presentan os inmobles non permiten a plena ocupación.	**Non aplicada en proceso de aplicación**
10	Mentres non se establezan métodos de contabilidade analítica que permitan a cuantificación dos custos do servizo asistencial, a Administración debería, no seu defecto, mellorar o nivel de desagregación da información orzamentaria aos efectos de obter unha aproximación ao gasto ocasionado pola prestación deste servizo.	**Non aplicada**

Fonte: Elaboración propia.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 73 a 77

ANEXO VII. CORRESPONDENCIAS PARCIAIS OU TOTAIS ENTRE RECOMENDACIÓNS DOS DISTINTOS INFORMES SOBRE DEPENDENCIA

Recomendacións propostas polo Tribunal de Cuentas	Recomendacións do informe de dependencia	Recomendacións do informe sobre gasto en atención residencial
Núm. 1. Parcialmente aplicada	Núm. 10. Non aplicada en proceso de aplicación	-
Núm. 2. Non aplicada en proceso de aplicación	Núm. 5. Non aplicada en proceso de aplicación Núm. 6. Parcialmente aplicada Núm. 10. Non aplicada en proceso de aplicación	Núm. 2. Non aplicada en proceso de aplicación
Núm. 3. Parcialmente aplicada	Núm. 3. Non aplicada	-
Núm. 6. Non aplicada	Núm. 3. Non aplicada Núm. 7. Parcialmente aplicada	Núm. 10. Non aplicada
Núm. 7. Substancialmente aplicada	Núm. 7. Parcialmente aplicada	-
Núm. 8. Parcialmente aplicada	Núm. 9. Non verificada	-

Fonte: Elaboración propia.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 74 a 77

TRÁMITE DE ALEGACIÓNS

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 75 a 77

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://conselldecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 76 a 77

TRÁMITE DE ALEGACIÓNS

En cumprimento do disposto no artigo 47.1. do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas, aprobado pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas de Galicia o día 23 de febreiro de 2017 (DOG nº 46, do 7 de marzo de 2017), os resultados do informe de seguimento das recomendacións incluídas nos informes de fiscalización da dependencia correspondentes aos exercicios 2008-2015 foron remitidos á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia o 8 de setembro de 2021 para que, no prazo de 15 días hábiles, presentasen ante este Consello as alegacións e documentos xustificativos que considerasen pertinentes.

O 29 de setembro recibiuse escrito da Vicesecretaría Xeral da Consellería de Política Social polo que se solicita unha prórroga do prazo inicialmente concedido; con data 30 de setembro de 2021, este Consello de Contas comunicou á Consellería de Política Social a concesión dun novo prazo para presentar alegacións.

Transcorrido dito prazo, non se recibiron alegacións ao anteproxecto de informe de seguimento das recomendacións incluídas nos informes de fiscalización da dependencia correspondentes aos exercicios 2008-2015, polo que se dá por concluído o trámite de alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 93Y9CH3HEAGRCDSLMLFWAAQFC | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 77 a 77

Consello de Contas
de Galicia

INFORME DE FISCALIZACIÓN DE GASTOS DE PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN XERAL EXERCICIOS 2014-2019

[1612017_4]

APROBADO NA SESIÓN DO PLENO DE DATA 9 DE NOVEMBRO DE 2021

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 166

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 166

ÍNDICE

I. INTRODUCIÓN 11
I.1. INICIATIVA DA FISCALIZACIÓN 11
I.2. ÁMBITO, OBXECTIVOS E ALCANCE 11
I.3. RESPONSABILIDADES 12
I.4. NORMATIVA APLICABLE 13
II. CONCLUSIÓNS 14
III. RECOMENDACIÓNS 18
IV.RESULTADOS DO TRABALLO 20
IV.1. CONTEXTUALIZACIÓN E CONSIDERACIÓNS XERAIS 20
IV.2. INFORMACIÓN RENDIDA, TRANSPARENCIA E CONTROL INTERNO 23
IV.2.1. Información rendida ao Consello de contas 23
IV.2.2. A transparencia en materia de persoal 26
IV.2.3. Control interno 27
IV.3. EVOLUCIÓN DO GASTO E DO EMPREGO PÚBLICO 2007-2018. COMPARATIVA CCAA 30
IV.3.1. Evolución global do gasto e do emprego 30
IV.3.2. Evolución por áreas de actividade 32
IV.3.3. Evolución por vinculación do persoal. Temporalidade no emprego público 35
IV.4. PESO E COMPOÑENTES DO GASTO DE PERSOAL 37
IV.4.1. Orzamentación e liquidación do gasto consolidado 37
IV.4.2. Compoñentes do gasto na Administración xeral 39
IV.4.3. Incentivos ao rendemento 49
IV.5. XESTIÓN DO EMPREGO PÚBLICO NA ADMINISTRACIÓN XERAL 52
IV.5.1. Estrutura do cadro de persoal 53
IV.5.2. Instrumentos de planificación 59
IV.5.3. Procesos de incorporación e promoción 62
IV.5.4. Procesos de provisión, mobilidade e promoción 68
ANEXOS 77
ALEGACIÓNS 97
RÉPLICAS 151

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 3 a 166

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 166

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Colectivos de persoal 2019 22
Cadro 2: Avaliación da transparencia en materia de persoal 26
Cadro 3: Evolución de efectivos no sector público autonómico (número de efectivos) 31
Cadro 4: Evolución de efectivos no sector público autonómico (en número e porcentaxe) 31
Cadro 5: Evolución do gasto de persoal no sector público autonómico. (Millóns de euros) 32
Cadro 6: Evolución do gasto de persoal no sector público autonómico. (En millóns de euros e porcentaxe) 32
Cadro 7: Evolución de efectivos por áreas de actividade 33
Cadro 8: Evolución do gasto por áreas. (Millóns de euros) 34
Cadro 9: Evolución dos efectivos por tipoloxía de persoal 2009-2019 35
Cadro 10: Evolución das porcentaxes de temporalidade 2009-2019 36
Cadro 11: Evolución do gasto de persoal e do gasto non financeiro consolidado. (Millóns de euros) 37
Cadro 12: Gasto de persoal por entidades do sector público. Obrigas recoñecidas. (Millóns de euros) 39
Cadro 13: Gasto de persoal por artigos orzamentarios na Administración xeral 2008-2019. (Millóns de euros) 40
Cadro 14: Evolución do gasto de persoal na Administración xeral por períodos en porcentaxe e millóns de euros 40
Cadro 15: Gasto e número de altos cargos na Administración xeral 2008-2019. (Gasto en millóns de euros) 40
Cadro 16: Gasto de persoal eventual. (Millóns de euros) 41
Cadro 17: Persoal interino por consellerías nos centros da Administración xeral a 31.12.2019 42
Cadro 18: Número de interinos por antigüidade no posto a 31.12.2019. Xunta e Entidades instrumentais 43
Cadro 19: Gasto de persoal laboral. Administración xeral. (Millóns de euros) 44
Cadro 20: Gasto en persoal laboral temporal. (Euros) 45
Cadro 21: Antigüidade persoal laboral temporal no posto de traballo 46
Cadro 22: Evolución do persoal laboral indefinido non fixo e antigüidade no posto de traballo 46
Cadro 23: Gasto persoal laboral indefinido non fixo 2019. (Euros) 47
Cadro 24: Antigüidade do persoal indefinido non fixo no último posto de traballo 48
Cadro 25. Indemnizacións por despedimentos e salarios de tramitación 2014-2019. (Euros) 49
Cadro 27: Incentivos ao rendemento 2019. (Euros) 50
Cadro 28: Efectivos Administración xeral e entidades públicas instrumentais a 31.12.2019 52
Cadro 29: Evolución de postos ocupados e vacantes na Administración xeral e entidades instrumentais 2015-2019 53
Cadro 30: Prazas cubertas e vacantes por departamentos na Adm. xeral e entidades instrumentais a 31.12.2019 55
Cadro 31: Evolución do emprego público na Administración xeral e entidades instrumentais 2014-2019 55
Cadro 32: Persoal por grupos e niveis 2019 56
Cadro 33: Proporción de mulleres no emprego público de Galicia 57
Cadro 34: Proporción de mulleres no emprego temporal 57
Cadro 35: Evolución do persoal fixo por idade 2014-2019 58
Cadro 36: Previsión de xubilacións (67 anos) por grupo profesional de 2020 a 2030 59
Cadro 37: Prazas OPE 2014-2019 61
Cadro 38: Situación OPE 2018 a xaneiro de 2021 62
Cadro 39: Convocatorias dos procesos da oferta de emprego público 2015 67

CSV: BOPGDSPG-kPzej9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 5 a 166

Cadro 40: Funcionarios de carreira en libre designación 2014-2019 70
Cadro 41: Funcionarios de carreira en comisión de servizos 2014-2019 71
Cadro 42: Persoal en comisión de servizos a 31.12.2019 72
Cadro 43: Persoal en adscrición provisional 2014-2019 73
Cadro 44: Persoal en adscrición provisional por centros 2019 73

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 6 a 166

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1: Evolución efectivos en Galicia e na media das CCAA 31
Gráfico 2: Evolución persoal fixo e persoal temporal total 35
Gráfico 3: Evolución da temporalidade por colectivos 2009-2019 36
Gráfico 4: Evolución da gasto de persoal dentro do gasto consolidado 2009-2019 37
Gráfico 5: Evolución das obrigas e dos créditos iniciais 38
Gráfico 6: Evolución do gasto de persoal entidades consolidadas 2009-2019 39

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 7 a 166

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://conselldecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 166

ÍNDICE DE ANEXOS

Anexo I. Evolución empregados do sector público autonómico de Galicia 79
Anexo II. Evolución do emprego Público nas CCAA 2009-2019 81
Anexo III. Evolución do gasto de persoal nas CCAA 2009-2019 (millóns de euros) 84
Anexo IV. Número de empregados públicos e poboación nas CCAA 87
Anexo V. Clasificación dos funcionarios por grupo e nivel 89
Anexo VI. Variable de xénero por niveis e tipo de vínculo 90
Anexo VII. Antigüidade do persoal no último posto por tipoloxía 91
Anexo VIII. Procesos selectivos 2017-2020 93
Anexo IX. Previsión de xubilacións persoal Administración Xeral e entidades públicas instrumentais 96

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 9 a 166

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 166

ABREVIATURAS

AA.PP.	Administracións Públicas
AGE	Administración General del Estado
AGI	Axencia Galega de Infraestruturas
AMTEGA	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
CA	Comunidade autónoma
CC.AA.	Comunidades autónomas
CC.LL.	Corporacións Locais
CIXTEC	Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económica, Financeira e Contable
CPFF	Consello de Política Fiscal e Financeira
DOG	Diario Oficial de Galicia
DXARA	Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa
DXFP	Dirección xeral da Función Pública
EE.LL.	Entidades Locais
EGAP	Escola Galega de Administración Pública
IGAE	Intervención General de la Administración del Estado
IGAPE	Instituto Galego de Promoción Económica
IGE	Instituto Galego de Estatística
IGVS	Instituto Galego de Vivenda e Solo
INE	Instituto Nacional de Estadística
INEGA	Instituto Enerxético de Galicia
ISSAI-ES	Normas Internacionais de Auditoría do Sector Público adaptadas pala Comisión de Normas e Procedemientos formada polo Tribunal de Cuentas e os Órganos de Control Externo (ICEx)
IXCA	Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
LRFOG	Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia
LTBGG	Lei de transparencia e bo goberno de Galicia
MEH	Ministerio de Economía y Hacienda (2004-2011)
MINHA	Ministerio de Hacienda (2018-)
MINHAFP	Ministerio de Hacienda y Función Pública (2016-2018)
MINHAP	Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas (2012-2015)
OPE	Oferta pública de emprego
PIB	Produto interior bruto
PXCPG	Plan xeral de contabilidade pública de Galicia
RPT	Relación de postos de traballo
S.A.	Sociedade anónima
SEAGA	Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.
SERGAS	Servizo Galego de Saúde
SGI	Servizo Galego de Igualdade
SOGAMA	Sociedade Galega do Medio Ambiente
SPI	Sociedade Pública de Investimentos
TGDC	Tribunal Galego de Defensa da Competencia
TRLRFOG	Texto refundido Lei réxime financeiro e orzamentario de Galicia
U.E.	Unión Europea

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 11 a 166

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 166

I. INTRODUCIÓN

I.1. INICIATIVA DA FISCALIZACIÓN

1.1. O Pleno do Consello de Contas aprobou no plan anual de traballo para o ano 2017 a realización, a iniciativa do propio Consello, do informe de fiscalización sobre os gastos de persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

Esta fiscalización complementa as áreas de traballo dos informes da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, nos que xa se reflicte a liquidación dos gastos de persoal.

I.2. ÁMBITO, OBXECTIVOS E ALCANCE

1.2. Os obxectivos xerais desta fiscalización e o alcance dos traballos foron os seguintes:

- Verificar a calidade da información rendida en materia de persoal e o control interno exercido sobre esta área de gasto.

- Analizar a evolución do gasto e dos efectivos de persoal, así como impacto das medidas de axuste en comparación co resto das Comunidades Autónomas. A evolución do gasto analízase tanto no ámbito da Administración xeral como no ámbito do orzamento consolidado.

Aos efectos de poder establecer comparacións entre os datos das distintas CCAA, neste informe tómanse os ofrecidos polo Rexistro Central de Persoal. Este rexistro non considera os empregados do sector público empresarial ou fundacional das CCAA, nin tampouco computa os datos de determinado persoal en formación (persoal docente non universitario en formación).

- Verificar se determinados procesos da xestión de persoal na Administración xeral –procesos de planificación, incorporación, provisión de postos e progresión profesional– se desenvolven de acordo cos parámetros de boa administración. Conforman o alcance desta revisión o persoal das consellerías, sen prexuízo de ofrecer información sobre o conxunto de efectivos que configuran o emprego público autonómico suxeito integramente ao ámbito de aplicación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Exclúese desta análise o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, o persoal sanitario ou estatutario do SERGAS, e o persoal da Administración de Xustiza, polas diferentes características xurídicas de cada un destes colectivos, así como o persoal do sector público empresarial ou fundacional.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 166

O ámbito temporal previsto inicialmente estendíase aos exercicios orzamentarios 2014-2018. Non obstante, atendendo ao obxectivo fixado no plan estratéxico do Consello de acercar as fiscalizacións ao ano do informe, esténdese a análise ao exercicio 2019 para completar o traballo que en materia de persoal se realiza no informe da Conta Xeral deste exercicio.

Seguindo as pautas do Plan estratéxico, a fiscalización abórdase cun enfoque de riscos.

De acordo con estes obxectivos, efectuouse unha fiscalización combinada, incorporando aspectos financeiros, operativos e de cumprimento, conforme aos principios e normas de fiscalización contidos nas ISSAI-ES.

I.3. RESPONSABILIDADES

I.3.1. RESPONSABILIDADE DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA XUNTA EN RELACIÓN COS GASTOS DE PERSOAL

1.3. De acordo coa normativa da Comunidade Autónoma, a responsabilidade da xestión de persoal corresponde á Consellería de Facenda, máis especificamente ás direccións xerais da Función Pública e de Orzamentos.

A Intervención Xeral, como centro xestor da contabilidade pública, é responsable de elaborar a Conta da Administración xeral, na que figuran recollidos os gastos de persoal.

Os distintos órganos de dirección das consellerías e a Intervención Xeral deben garantir que as actividades de xestión de persoal, as operacións orzamentarias e a información reflectida nas contas anuais resultan conformes coas normas aplicables, e deben establecer os sistemas de control interno que consideren necesarios para esa finalidade e para permitir a preparación e presentación de contas anuais libres de incorrección material debida a fraude ou erro.

I.3.2. RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS

1.4. A responsabilidade do Consello de Contas é expresar unhas conclusións sobre o capítulo 1 de gastos de persoal do estado de liquidación do orzamento e os gastos de persoal reflectidos na conta do resultado económico-patrimonial da Administración xeral 2019 baseadas na nosa auditoría, que

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 14 a 166

ao ser de alcance limitado non versa sobre as contas anuais no seu conxunto, senón sobre o elemento sinalado.

Para iso, o traballo levouse a cabo de acordo cos principios fundamentais de fiscalización das institucións públicas de control externo e as guías prácticas de fiscalización aprobadas. Estes principios esixen que cumpramos os requirimentos de ética, así como que planifiquemos e executemos a fiscalización co fin de obter unha seguridade razoable de que os gastos de persoal recollidos na Conta Xeral da Administración de 2019 están libres de incorreccións materiais.

Unha fiscalización require a aplicación de procedementos para obter evidencias de auditoría sobre os importes e a información revelada no compoñente auditado das contas anuais. Os procedementos seleccionados dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración dos riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro. Ao efectuar ditas valoracións do risco, o auditor ten en conta o control interno relevante para a formulación por parte da entidade das contas anuais, co fin de deseñar os procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias.

No ámbito da auditoría de cumprimento de determinadas obrigacións legais e regulamentarias, a revisión limitouse basicamente á aplicación de procedementos analíticos e actividades de indagación sobre determinados aspectos da xestión de persoal.

Non levamos a cabo unha auditoría sobre cumprimento xeral, polo que a nosa conclusión proporciona só seguridade limitada sobre a xestión de persoal, de acordo co traballo realizado.

Consideramos que a evidencia de auditoría obtida proporciona unha base suficiente e adecuada para fundamentar as conclusións sobre os gastos de persoal de acordo co alcance que se expón neste apartado, sobre o cumprimento de determinadas obrigacións legais e regulamentarias, e sobre o estado dos controis internos.

I.4. NORMATIVA APLICABLE

1.5. A normativa aplicable máis relevante que configura o réxime xurídico en materia de persoal e se toma en consideración ao longo do informe é a seguinte:

- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 15 a 166

- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

- Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público de Galicia.

- Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

- Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2019.

- Decreto 92/1991, do 20 de marzo, relativo ás situacións administrativas dos funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 93/1991, do 20 de marzo, relativo á provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna dos funcionarios da Comunidade Autónoma.

- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, relativo á selección de persoal da Comunidade Autónoma.

- V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia. (DOG do 3 de novembro de 2008)

- Acordo do 17 de outubro entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais para o desenvolvemento dun plan de estabilidade no emprego dos servizos públicos.

- Orde do 15 de xaneiro de 2019 pola que se publica o Acordo de concertación de emprego público de Galicia.

II. CONCLUSIÓNS

2.1. Segundo os datos da Dirección Xeral da Función Pública, a 31.12.2019 prestaban servizos no sector público autonómico un total de 88.259 empregados públicos, dos que un 41% estaban no ámbito sanitario, un 38% no educativo, un 18% na Administración xeral e un 3% na Administración de Xustiza.

2.2. A información sobre o número de efectivos preséntase con diferenzas nas distintas fontes de información rendidas ao Consello de Contas. Da memoria da Conta Xeral de cada ano e das distintas memorias das entidades incluídas na Conta Xeral non resulta posible determinar con precisión os efectivos reais da Administración e das entidades instrumentais.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 166

2.3. O control interno realizado pola IXCA exércese coa fiscalización previa das retribucións e dos actos administrativos con incidencia en nómina -incorporacións e contratación de persoal, e altas e baixas- e fiscalización posterior da nómina. Este control revélase insuficiente para mitigar o elevado número de casos de prestacións laborais que veñen dando lugar a consolidacións de emprego, que constitúe unha área de riscos que esixe controis adicionais.

2.4. Os controis en materia de prevención da corrupción e integridade que figuran como medidas a adoptar no *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión* (Eixe 3) aprobado polo Consello da Xunta en maio de 2021 atenden boa parte das recomendacións realizadas polo Consello de Contas no *Informe diagnóstico dos sistemas de control interno na Administración xeral* en materia de xestión de persoal.

2.5. No conxunto das comunidades autónomas, o volume de gasto e o número de empregados públicos segue unha dinámica de crecemento sostido ata o 2009, un proceso de ralentización do emprego ata o período 2013/2014 como parte dos axustes derivados da consolidación fiscal, e unha nova fase expansiva do emprego ata o ano 2019.

Na Comunidade Autónoma galega, se ben no período de axuste a redución de efectivos e de gasto foi porcentualmente menos intensa que no conxunto daquelas, no período posterior a recuperación do emprego en número de efectivos foi menor, polo que a decembro de 2019 era unha das comunidades autónomas que aínda non tiñan alcanzado o emprego existente a finais de 2009.

2.6. Nos últimos anos, froito principalmente da limitada taxa de reposición de efectivos, elevouse de forma relevante a temporalidade do persoal, pasando a atender necesidades estruturais con persoal temporal que veu a substituír ao persoal fixo. No exercicio 2019 a temporalidade alcanza o 27,75% (aínda por debaixo do 36,19% no que se sitúa a media das CCAA), sendo especialmente significativa no persoal laboral (o 50%) e no persoal estatutario (33%). Nos exercicios 2017 e 2019 asináronse coas organizacións sindicais senllos acordos de concertación do emprego público de Galicia que teñen por obxecto incrementar a estabilidade no emprego e reducir a taxa de temporalidade.

2.7. A 31 de decembro de 2019 o persoal laboral alcanza na Administración xeral o 59,77% dos empregados públicos; e no conxunto do emprego público autonómico, definido pola Administración

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 17 a 166

xeral e as entidades públicas instrumentais, o 56,73%. Na actualidade, o desenvolvemento dos procesos de funcionarización postos en marcha na Administración autonómica van a reducir ese índice de persoal laboral.

2.8. As ofertas de emprego público configúranse como o instrumento da Administración autonómica de programación e racionalización das necesidades de persoal. Aínda que poidan responder, como se trata de xustificar, a análises e previsións da estimación plurianual das necesidades e da tendencia do envellecemento do cadro de persoal, a ausencia de plasmación desas análises e previsións neste ou noutro documento de planificación estratéxica non permite un adecuado control das orientacións e criterios estratéxicos seguidos para esa programación.

2.9. Un número significativo de postos de traballo que se rexistran nas relacións de postos facilitadas pola DXFP aparecen cualificados como postos fóra das RPT[1] (2.512 postos en 2019), o que é indicativo da necesidade de adecuación das actuais estruturas de postos ás necesidades de traballo, determinando aqueles que deban integrarse nas RPT por responder a necesidades actuais da Administración, e os postos incluídos no cadro que deban reducirse por non estar ocupados.

2.10. Existe unha excesiva prolongación na duración dos procesos selectivos de acceso ao emprego público convocados en desenvolvemento das OPE, que incide na prolongación de situacións de temporalidade, dificulta o desenvolvemento dos concursos e o relevo xeracional. A data 31.12.2019 encontrábanse abertos procesos da OPE de 2015.

2.11. A análise da permanencia do persoal en postos vacantes mediante situacións chamadas a ser transitorias -persoal interino, persoal en comisión de servizos en prazas vacantes ou na situación de indefinidos non fixos- pon de manifesto a existencia de supostos dunha elevada prolongación na prestación de servizos nesa situación, que ademais de desnaturalizar o seu carácter provisional, evidencia que non sempre se cumpriu coa obriga de incluír estas vacantes nas correspondentes OPE.

2.12. A necesidade de reducir paulatinamente a provisionalidade na función pública fixo necesario recorrer a procesos de estabilización e consolidación de emprego mediante procedementos de concurso-oposición, que se ben se desenvolveron nos termos e coas condicións permitidas pola

[1] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 18 a 166

lexislación aplicable, desprazaron a oposición libre como forma de selección que mellor garante unha libre e igual concorrencia e desbloqueo do acceso ao emprego público de persoas externas e mozos.

Estes procesos de estabilización e consolidación de emprego, unidos aos procesos restrinxidos de funcionarización e promoción interna, tamén desenvolvidos con habilitación legal, viñeron a supoñer que só o 22% das prazas das OPE 2018 e 2019 foran de acceso libre, sistema de oposición[2].

2.13. A 31.12.2019 existe un elevado número de persoal declarado indefinido non fixo por sentenzas xudiciais (1.462 empregados), cun incremento relevante respecto da mesma data do exercicio anterior (1.060 no 2018), o que denota a necesidade dun maior control na contratación temporal. A causa máis común aludida polos pronunciamentos xudiciais analizados que declaran esta situación no exercicio 2019 é a ocupación, con contratos temporais, de prazas vacantes na Administración por máis de tres anos desde que se asinou o contrato temporal sen que a Administración abrira un proceso selectivo para a cobertura da praza, e, en menor medida, a sucesión de contratos para cubrir necesidades permanentes da Administración ou a cesión ilegal de traballadores.

2.14. O sistema de provisión de postos por concurso non está funcionando adecuadamente como forma regular de provisión dos postos de funcionarios. Só o 56% das prazas de funcionarios ocupadas que teñen esta forma de provisión aparecen cubertas mediante este sistema. Menos operatividade aínda está tendo o concurso específico, que só se utilizou para a cobertura do 2% das prazas ocupadas que prevén este sistema de provisión, que na actualidade está pendente de desenvolvemento regulamentario.

2.15. Nas resolucións de adxudicacións de postos por libre designación non se está plasmando adecuadamente a motivación dos criterios concretos aplicados para decidir o nomeamento, nin as calidades profesionais consideradas nos funcionarios nomeados para apreciar que concorren en maior medida que nos restantes candidatos. Tampouco na provisión de postos en comisión de servizos consta unha motivación adecuada da designación do candidato seleccionado nin a publicación das adxudicacións das prazas convocadas.

2.16. A presenza de mulleres no emprego público de Galicia alcanza unha proporción superior (71,19%) á media das CCAA (69,07%), e mostra unha representación equilibrada nos postos de

[2] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 19 a 166

89379

maior responsabilidade correspondentes aos niveis 28 e 30, nos que habitualmente esta presenza é menor no conxunto das Administracións. Así mesmo[3], a posición das mulleres en situacións de temporalidade, cun 77,08%, é superior á dos homes.

2.17. Na Comunidade Autónoma de Galicia, a taxa de envellecemento do persoal constitúe (ao igual que no resto das Administracións) outro dos problemas actuais do emprego público, acentuado nos anos da crise a causa da fixación dunha restritiva taxa de reposición de efectivos. Na función pública galega a idade media dos empregados sitúase a finais de 2019 nos 52 anos, e máis do 56% do persoal supera os 50 anos.

2.18. Se ben a Comunidade Autónoma foi pioneira na adaptación da normativa autonómica ao Estatuto básico de emprego público, á data de emisión do presente informe aínda non se procedeu ao desenvolvemento regulamentario e á aplicación dos aspectos máis innovadores, como o estatuto do directivo público, a carreira profesional e a avaliación do rendemento. Neste sentido varias CCAA xa teñen avanzado na regulación destes dous últimos aspectos (Asturias e Valencia).

III. RECOMENDACIÓNS

3.1. Recoméndase implantar un sistema de información único de recursos humanos para todos os colectivos da Administración autonómica que serva de instrumento de xestión da planificación, seguimento e control, e permita unha conexión coas aplicacións informáticas de nóminas, e o manexo e intercambio de datos entre a Administración educativa, a sanitaria e o sector público empresarial e fundacional.

3.2. Recoméndase intensificar o control sobre os contratos e as prestacións laborais temporais por parte dos órganos de control interno establecendo, no control das nóminas, sistemas de alertas sobre o cumprimento dos límites temporais legais, co fin de evitar a conversión destas relacións laborais en indefinidas.

[3] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 166

3.3. Recoméndase aprobar unha planificación estratéxica que permita visualizar as análises e estimacións plurianuais de necesidades de persoal e realizar un adecuado control dos criterios seguidos na programación das OPE.

Cómpre adecuar as actuais estruturas de postos ás necesidades de traballo, determinando aqueles postos que deban integrarse nas RPT por responder a necesidades actuais da Administración, e os postos incluídos no cadro que deban reducirse por non estar ocupados.

3.4. Recoméndase establecer que como regra xeral unha porcentaxe de prazas (ao menos o 50%) da oferta de emprego público anual da Xunta se tramiten polo sistema de oposición, en garantía dunha maior libre e igual concorrencia e desbloqueo do acceso ao emprego público de persoas externas e mozos.

3.5. Recoméndase a creación de órganos especializados e permanentes para a organización dos procesos selectivos e a adopción de medidas de axilización, en particular de dixitalización, no seu desenvolvemento.

3.6. Recoméndase exteriorizar nos expedientes que resolven as libres designacións e comisións de servizos os criterios para decidir o nomeamento dos funcionarios seleccionados e darlle publicidade ás resolucións e aos criterios de selección.

3.7. Recoméndase regular e configurar o grupo directivo profesional da Administración e os seus organismos públicos, e avanzar nas pautas e medidas necesarias para implantar un sistema obxectivo de avaliación do desempeño dos empregados públicos.

3.8. Recoméndase reforzar os valores éticos do servizo fronte a corruptelas, abusos e incumprimentos, incluíndo medidas de protección dos empregados públicos que informen destas situacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 166

IV.RESULTADOS DO TRABALLO

IV.1. CONTEXTUALIZACIÓN E CONSIDERACIÓNS XERAIS

4.1. Segundo o Banco de España, o número de empregados das AAPP aumentou de forma sostida desde 1987 a un ritmo superior ao do incremento da poboación, en particular ata principios da década do 2000. Este proceso atópase asociado, en gran parte, á expansión do Estado do benestar, os servizos públicos e as transferencias de competencias ás CCAA.

A crise económica de 2008 supón unha minoración neste crecemento. As medidas aprobadas en 2008 e 2009[4], e en particular ao longo de 2012, para a corrección do déficit público afectaron significativamente ao volume de emprego das Administracións. Todas estas medidas adoptadas polo Estado[5] afectaron ás comunidades autónomas. E a maiores, no conxunto do sector público autonómico adoptáronse outras medidas adicionais á normativa básica do Estado[6].

Aínda así, nos primeiros anos da crise (entre 2009 e 2011) produciuse, segundo a EPA, un aumento do número de empregados públicos. Este feito foi o reflexo dalgunhas medidas de política fiscal contracíclica expansivas adoptadas en 2008 e 2009 e da inercia derivada das ofertas de emprego

---

[4] Desde o ano 2009 puxéronse en marcha distintas actuacións encamiñadas a unha maior restrición da contratación, limitando a reposición de efectivos e restrinxindo a contratación temporal. Nos anos 2009 e 2010 a taxa de reposición de efectivos indefinidos, fixada nun 30% e un 15%, respectivamente, supuxo un endurecemento relativo con respecto ao regulado ata 2008. En paralelo, reducíronse as excepcións existentes a esta taxa de reposición xeral. Con respecto á contratación temporal, mantívose a política vixente de contratar persoal temporal ou nomear funcionarios interinos só en casos excepcionais, urxentes e inaprazables.

[5] Se ben as políticas de persoal ao servizo das AAPP determínanse de maneira discrecional polas distintas Administracións no seu ámbito de competencia, as liñas marcadas nos orzamentos xerais do Estado son de aplicación ao conxunto das AAPP. Desde finais de 2011, non obstante, as necesidades de control do déficit público levaron á posta en marcha dun conxunto máis amplo de medidas. O Real decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, estableceu un endurecemento da taxa de reposición de efectivos, determinando que ao longo do exercicio 2012 non se procedería á incorporación de novo persoal, salvo o que puidese derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a ofertas de emprego público de exercicios anteriores, aínda que a conxelación da oferta de emprego público non era de aplicación a determinados sectores e Administracións, nos que a taxa de reposición se fixou no 10%.

[6] Particularmente, na Comunidade Autónoma de Galicia foron as seguintes:

- Redución do complemento específico anual no equivalente á suma das pagas adicionais de xuño a decembro.
- Reducións análogas ás do complemento específico nos complementos do persoal sanitario e de xustiza.
- Redúcese un 5% a masa salarial das universidades de Galicia.
- Redúcense as retribucións do presidente da Xunta e dos altos cargos, en porcentaxes que oscilan entre un 7% e un 5,4%.
- Limítanse as retribucións dos consellos de administración das sociedades mercantís públicas ou das entidades públicas empresariais, que non poderán exceder do 85% das contías globais estimadas para o ano 2011.
- Adóptanse cautelas en relación coas gratificacións por servizos extraordinarios.
- Establécese unha redución equivalente á dos gastos de persoal para os concertos, contratos e convenios de colaboración, transferencias a entidades financiadas maioritariamente pola Comunidade e as tarifas das encomendas de xestión ás entidades declaradas medio propio.

Medidas en relación coas prestacións de acción social e outras: Galicia, ao igual que practicamente todas as CCAA agás Aragón, Asturias, Cataluña e Estremadura, adopta medidas de supresión destas axudas, agás a axuda por discapacitados a cargo.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 22 a 166

público de anos anteriores, na medida en que os procesos de selección e contratación dilátanse máis alá do exercicio no que se convocan as vacantes, e a pesar das restricións paulatinas que se foron introducindo na taxa de reposición e nas ofertas de emprego público desde 2009.

A intensificación das devanditas restricións a partir de 2010 levou a que o emprego público se reducise en 2012 e 2013, e se estabilizara en 2014. Finalmente, a partir de 2015 fóronse relaxando as limitacións á taxa de reposición de efectivos, de maneira que esta superou o 80%, en termos agregados, en 2016 e 2017.

Segundo os datos do BEPSAP, o emprego público total no noso país presentou o seu nivel histórico[7] absoluto máis elevado en 2009 (xaneiro de 2010), alcanzando case os 2,7 millóns de empregados, tras rexistrar un incremento de 184.000 persoas desde o ano 2007. Entre os anos 2010 e 2014 produciuse unha redución de preto de 144.000 efectivos, parte dos cales se recuperaron entre 2015 e 2019 (53 mil).

Esta evolución agregada reflicte, con todo, unhas pautas diferenciadas por subsectores das AAPP, ramas de actividade e tipo de vínculo dos empregados.

Segundo a mesma fonte, o emprego público nas CCAA (que representa o 58,29% do total) alcanza nese mesmo ano 2010 a cifra máis alta (1.345.000), e presenta unha menor redución no período de axuste –xestionan servizos públicos máis intensivos en persoal: sanidade, educación e servizos sociais– e tamén unha maior recuperación a partir de 2015, de forma que no ano 2019 xa superou o nivel de emprego de 2009.

En Galicia alcánzase a cifra máis alta de empregados en 2010 (89.219 empregados), sufre no período de axuste unha redución de efectivos inferior á media das CCAA, e no ano 2019 aínda non recuperara o emprego de 2009. Aínda que a información estatística que reflicte a Dirección Xeral da Función Pública presenta datos diferentes do número de efectivos a partir de 2017[8], a dinámica que reflicte é similar.

Outros datos de interese sobre o emprego público das CCAA son os que indican o seu peso sobre o emprego total ou a relación empregados públicos/poboación.

No exercicio 2019, o persoal do sector público galego (centros que teñen a consideración de entidades públicas) supoñía o 7,9% do emprego total existente na Comunidade Autónoma, algo por encima da media nacional de empregados autonómicos sobre o emprego total (6,8%).

[7] Segundo a EPA, este máximo nivel histórico acádase no ano 2011 con 3,1 millóns de empregados públicos.

[8] A Xunta considera que o volume de efectivos que computa o Ministerio de Hacienda na docencia non universitaria é inferior ao real por non considerar o persoal en formación que existe nese ámbito, que si figura nas estatísticas da Dirección Xeral da Función Pública. No exercicio 2019 son 1.661 efectivos.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 23 a 166

Desde o punto de vista da relación empregados públicos/poboación, a media española sitúase en 29 empregados autonómicos por mil habitantes, mentres que a Comunidade galega mostra un valor superior con 32 empregados, ocupando a décima posición nesa relación empregados públicos/poboación.

Por último, tomando como fonte as estatísticas da Dirección Xeral da Función Pública, a distribución interna actual dos empregados públicos en Galicia revela que o 40,56% do persoal concéntrase na sanidade, o 38,22% na docencia non universitaria, e o 17,95% na administración das consellerías e os organismos públicos que delas dependen. A Administración de Xustiza representaba no último ano o 3,27% do persoal total.

Cadro 1: Colectivos de persoal 2019

Colectivo	Nº efectivos DXFP	Import. relativa
Persoal Administración e OOAA	15.843	17,95%
Persoal institucións sanitarias	35.796	40,56%
Persoal docente non universitario	33.732	38,22%
Persoal da Administración de Xustiza	2.888	3,27%
Total	**88.259**	**100,00%**

Fonte: Dirección Xeral da Función Pública. Información estatística ano 2019 (a xaneiro de 2020)

4.2. Polo que se refire ao gasto de persoal das Administracións autonómicas, este ascendeu en 2019 a un total de 64.574,49 millóns de euros, o que representa aproximadamente a terceira parte do orzamento inicial das CCAA.

A Comunidade Autónoma de Galicia, con 4.065,72 millóns de euros, dedica a persoal o 43% do gasto non financeiro dese ano. Esta participación sitúaa na banda das CCAA cun porcentaxe de gasto por encima da media (40%).

Galicia ocupa, en termos absolutos, a sexta posición no conxunto das Comunidades Autónomas, cunha cifra equivalente ao 6,38% do gasto de persoal total das CCAA.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 166

IV.2. INFORMACIÓN RENDIDA, TRANSPARENCIA E CONTROL INTERNO

IV.2.1. INFORMACIÓN RENDIDA AO CONSELLO DE CONTAS

4.3. Na medición do volume do emprego e do gasto de persoal das Administracións públicas é habitual utilizar diferentes fontes de información en función dos obxectivos a analizar (rexistros administrativos, datos de Contabilidade Nacional, estatísticas do mercado de traballo do Instituto Nacional de Estatística ou do IGE) que ofrecen diferentes resultados.

No ámbito desta fiscalización, pola natureza do traballo, acudimos en primeiro lugar aos rexistros administrativos e aos datos que deben renderse a esta Institución, e só cando non é posible cumprir os obxectivos con esa información utilizamos outras fontes, como os datos do IGE ou do Ministerio de Hacienda que atenden aos mesmos obxectivos de información (liquidacións orzamentarias e rexistros de persoal).

Un aspecto común da maioría destas fontes é considerar como emprego público só o emprego dos centros que teñen a consideración de entidades públicas, sen incluír polo tanto o sector público empresarial ou fundacional.

Información rendida sobre os gastos de persoal

4.4. No que respecta á información sobre o gasto, as liquidacións orzamentarias rendidas anualmente ao Consello de Contas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma dentro da Conta Xeral dan cumprimento ás esixencias de información relevantes. As liquidacións do gasto de persoal, tanto das entidades diferenciadas como de forma agregada, coinciden coas que ofrecen outras fontes como as liquidacións orzamentarias das CCAA publicadas polo Ministerio de Hacienda ou os datos de Contabilidade Nacional. Non debe ser doutra maneira, xa que estas últimas son unha explotación dos datos remitidos polas CCAA.

En calquera caso, como se vén reiterando nos informes de Conta Xeral, se ben a memoria da Conta Xeral ofrece información sobre os estados consolidados dos gastos de persoal da Administración xeral, dos organismos autónomos, das entidades de consulta ou asesoramento, e das axencias públicas, ata o exercicio 2019 non se rendeu unha información consolidada do estado de execución destes gastos.

Por outro lado, e a pesar de non cualificarse como emprego público, lévase advertindo nos informes de fiscalización da Conta Xeral da necesidade de elaborar un estado agregado de todos os gastos das

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 25 a 166

entidades públicas empresariais, sociedades mercantís autonómicas, consorcios, e fundacións públicas, que aínda que tecnicamente non constitúen emprego público, economicamente estarían dentro dos gastos de persoal.

Información sobre o número de empregados públicos

4.5. A cuantificación do número de empregados públicos presenta máis dificultades que no caso da magnitude do gasto e maiores variacións segundo as distintas fontes de información dispoñibles.

A diferencia do actual plan xeral de contabilidade pública de 2010, que dispón que na memoria debe renderse información do número medio de empregados durante o exercicio e a 31 de decembro, tanto de funcionarios como de persoal laboral, distinguindo por categorías e sexo, o plan xeral de contabilidade pública de Galicia –sen adaptar ao plan xeral de contabilidade pública– no apartado relativo ao contido da memoria non fai alusión á información sobre o número de empregados.

En calquera caso, na memoria anual ofrécese información sobre o número de empregados que prestou servizos na Administración xeral e en parte das entidades incluídas no perímetro de consolidación. A propia memoria indica que non se inclúe o persoal do Servizo Galego de Saúde, o persoal dependente do Parlamento de Galicia, do Consello de Contas, do Consello da Cultura Galega, nin o do Consello Consultivo de Galicia. O dato que ofrece a memoria da Conta Xeral de 2019 é de 59.558 efectivos.

Dentro da información remitida como complementaria á Conta Xeral de 2019 que se achega ao Consello, remítese unha base de datos de persoal ao servizo da Administración xeral e instrumental, sen incluír os docentes (con 23.640 rexistros), así como un cadro resumo do número de efectivos a 31 de decembro de cada ano incluído o persoal docente (49.575 efectivos en 2019). O número de efectivos da Administración xeral (dato común en ámbolos dous rexistros) tamén presenta diferenzas que non se puideron conciliar (21.414 fronte a 19.534).

As respectivas memorias das contas anuais das entidades do perímetro de consolidación tampouco informan sobre as cifras de traballadores.

Polo tanto, da memoria da Conta Xeral rendida cada ano non resulta posible cuantificar con precisión os efectivos reais da Administración autonómica a partir da súa información, nin tampouco a través das distintas memorias nin doutra información incluída na Conta Xeral.

A información rendida non permite tampouco distinguir aspectos como os distintos grupos de traballadores por categorías e escalas, nin sobre reducións de xornada ou contratacións a tempo parcial. Estas insuficiencias só permiten obter, en determinados casos, aproximacións sobre efectivos equivalentes a tempo completo.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 26 a 166

Fóra do ámbito da rendición de contas, a Administración autonómica, a través da DXFP, publica semestralmente unha estatística de persoal ao seu servizo, que é unha explotación dos datos do Rexistro de Persoal da Comunidade Autónoma; e o Ministerio de Hacienda publica semestralmente un Boletín estatístico de persoal ao servizo das Administracións Públicas, que recolle os datos do Rexistro Central de Persoal e dos respectivos rexistros das CCAA.

Aínda que ámbolos dous rexistros se realizan a partir da mesma fonte de explotación dos datos, mostran cifras de efectivos diferentes á mesma data. Mesmo considerando que o BEPSAP non inclúe o persoal do sector institucional nin os contratos temporais inferiores a seis meses, os datos de persoal difiren no exercicio 2019 en 1.661 efectivos.

4.6. Por outro lado, se ben nos anexos de persoal do orzamento de cada exercicio se presenta o cadro de persoal a data 1 de xaneiro con carácter provisional, non existe unha memoria de cumprimento dos programas orzamentarios que actualice as cifras de efectivos a final de exercicio e permita avaliar e comparar a razoabilidade das obrigas recoñecidas fronte ao número de empregados por programa orzamentario e obter ratios para valorar os custos de persoal e comparalos, así como utilizar o número de persoas para avaliar o cumprimento de obxectivos previstos en cada programa.

Sistemas de información

4.7. A Dirección Xeral da Función Pública, a través do Servizo de Actualización de Datos do Persoal, leva a xestión informatizada dos distintos procesos de persoal. Segundo a información facilitada, existen máis de 20 aplicacións informáticas para xestionar os distintos procesos de persoal. Entre elas, o RCP-Matrhix (Módulo Activo de Traballo sobre os Recursos Humanos Integrados na Xunta) dá soporte ás necesidades de rexistro de persoal.

En dita aplicación non está integrado o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o persoal de centros e institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, xestionados a través dos seus propios sistemas de información. Tampouco está integrado o persoal do sector público autonómico instrumental, xa que non forma parte da Administración xeral.

Este sistema integrado inclúe distintos procesos da xestión de persoal, desde o rexistro xeral de persoal, representativo do historial administrativo de cada empregado, ata a xestión das relacións de postos de traballo, aínda que sen conexión ou relación coa aplicación informática de xestión de nóminas, e polo tanto sen dispoñer dun reflexo mensual na correspondente nómina, para a súa posterior imputación ao orzamento de gastos da Administración autonómica.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 27 a 166

Á data da redacción deste informe non está implantado un sistema de información único de recursos humanos para todos os colectivos de persoal da Administración da Comunidade Autónoma que permita a xestión dos recursos humanos nos procedementos en materia de persoal, e como ferramenta de xestión da planificación, seguimento e control do persoal.

A Dirección Xeral da Función Pública é o órgano de vixilancia do cumprimento da normativa sobre tratamento de datos de carácter persoal, con especial referencia ao arquivo e uso da información recollida no Rexistro Central de Persoal. Os sistemas de información e instalacións de tratamento e almacenamento de datos sométense periodicamente ás auditorías sobre as medidas de seguridade no tratamento de datos de carácter persoal.

IV.2.2. A TRANSPARENCIA EN MATERIA DE PERSOAL

4.8. O artigo 10 da Lei de transparencia da Comunidade Autónoma de Galicia recolle as obrigas específicas de información en materia de persoal. Como resultado da comprobación realizada no portal de transparencia da Xunta de Galicia e nas páxinas web das distintas consellerías, en relación con dita materia, obtivéronse os seguintes datos:

Cadro 2: Avaliación da transparencia en materia de persoal

(Art. 10 Lei transparencia CA de Galicia)	Integridade información	Nº cliks	Estrutura comprensible	Constancia data actualización	Formato
a) Relacións de postos de traballo	Parcial	5	SI	20/04/2021	PDF/CSV
b) Efectivos de persoal	Parcial	7	SI	semestral	PDF/CSV
c) Permisos funcións sindicais, créditos horarios e custos	Mínima	3	SI	08/03/2016	PDF
d) Importes das retribucións máximas	Correcta	3	SI	18/02/2021	PDF
e) Perfil biográfico e a traxectoria altos cargos	Correcta	4	SI	09/06/2021	Texto WEB
f) Contías das retribucións persoal empregado público	Correcta	3	SI	18/02/2021	PDF
h1) Ofertas públicas de emprego e convocatorias	Correcta	>=3	SI	Continua	Enlace normativa
h2) Convocatorias de procesos selectivos	Correcta	>=4	SI	Continua	Enlace normativa
h3) Convocatorias de concursos de traslados	Correcta	>=4	SI	Continua	Enlace normativa
h4) Provisión transitoria de postos de traballo	Parcial	>=4	SI	Continua	Formulario consulta
h5) Listas de selección de persoal interino ou temporal	Parcial	>=4	SI	Continua	Enlace normativa
i) Contratos alta dirección; retribucións e indemnizacións	Parcial	3	SI	Continua	PDF
j) Declaracións de actividades e bens dos altos cargos	Correcta	>=4	SI	Continua	---
k) Acordos condicións de traballo, incentivos, convenios	Correcta	2	SI	16/03/2020	Enlace normativa
l) Retribucións dos altos cargos	Correcta	3	SI	Non consta	PDF
m) Viaxes dos altos cargos, con indicación dos obxectivos	Correcta	3	SI	Semestral	PDF
n) Autorización actividade privada tras cesamento altos cargos	Parcial	3	SI	Continua	PDF
ñ) Resolucións de autorización compatibilidade	Parcial	3	SI	Continua	PDF

Fonte: Elaboración propia

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 166

Nas páxinas web das consellerías inclúese unha pestana relativa á transparencia na que se recolle a información en materia de persoal. Pola súa parte, no portal común de transparencia da Xunta de Galicia establécense ligazóns con respecto a cada un dos apartados da Lei de transparencia.

Os criterios de valoración cualitativa da información dispoñible establecidos no artigo 5 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, permiten destacar os seguintes aspectos:

- No que respecta á accesibilidade da información, mentres en determinados apartados a información publicada atópase de forma intuitiva e/ou rápida, noutros supostos non resulta tan sinxelo, dada a complexidade da información a ofrecer[9] (relación de postos de traballo, efectivos de persoal), coa necesidade de rutas que esixen máis de catro cliks e cunha estrutura de contidos ou de menús pouco clara e comprensible.

- A información publícase de forma periódica (indicando a periodicidade de base), pero sen manter un arquivo histórico e sen referencia á data de actualización ou revisión da información (declaracións de bens, perfís, retribucións, ou viaxes de altos cargos).

- En determinados supostos a información necesitaría de descricións adicionais (en texto ou con táboas, gráficos ou interactivos) que facilitaran a súa visualización e comprensión.

- Por último, na maior parte dos casos a información publicada que se presenta (ou podería presentarse) de forma estruturada non se pode descargar en formatos reutilizables tales como folla de cálculo ou procesador de textos, que permitan aos interesados editala, agregala, facer cálculos, visualizala ou exportala a bases de datos.

IV.2.3. CONTROL INTERNO

Control económico-financeiro e control orzamentario

4.9. O control interno exercido pola IXCA, implantado a través do XUNCO, consistiu na fiscalización das retribucións e retencións, sobre as cales se calculan e elaboran as nóminas, na fiscalización previa dos actos administrativos con incidencia en nómina e na fiscalización posterior da nómina e dos pagos. Non se teñen implantado controis de carácter financeiro nin outros controis dirixidos ás áreas de riscos máis perceptibles, como a correcta e regular realización das prestacións laborais obxecto de

[9] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 166

contratación temporal que veñen dando lugar a consolidacións de emprego polos tribunais, ou tamén a prolongación inadecuada de situacións de provisionalidade na ocupación dos postos.

A Consellería de Facenda, a través da Subdirección Xeral de Custos de Persoal, ten entre as súas competencias a elaboración e seguimento do capítulo I do orzamento de gastos; estudar, analizar e emitir informes sobre estruturas orgánicas dos departamentos e sobre as modificacións das relacións de postos de traballo; e a emisión de informes preceptivos para a determinación ou modificación das condicións retributivas do persoal laboral e a autorización da masa salarial máxima, así como a emisión de informe sobre as ofertas de emprego público.

O informe emitido sobre o cumprimento do obxectivo de gasto do capítulo I establecido para o ano 2019 determinou un incumprimento global do mesmo. Só tres das doce consellerías da Xunta cumpriron co obxectivo fixado.

O informe conclúe que o gasto executado no ano 2019 ascende a 4.024 millóns de euros, o que supón un incremento do 3,2% en relación ao ano 2018 (en termos homoxéneos).

Segundo o propio informe, o incremento de gasto deriva da implantación da carreira profesional que ascende a 25,31 millóns de euros; do aumento do número de días (un 32% máis no ano 2019 con relación ao ano 2018) que o persoal estivo na situación de incapacidade temporal, isto supuxo en determinados ámbitos o incremento do gasto en persoal substituto e do feito que desde o 1 de xaneiro de 2019 todo o persoal en situación de incapacidade temporal ten un complemento que lle garante a percepción do 100% das súas retribucións previas a dita situación.

No exercicio 2019 informou favorablemente 23 modificacións de RPT das distintas consellerías da Xunta.

Controis en materia de prevención de riscos e políticas de integridade

4.10. O artigo 56 do RRI do Consello de Contas establece que todos os procedementos de fiscalización incluirán a revisión do contorno de control interno implantado nas entidades e realizarase unha avaliación de riscos, aplicando para tal fin os procedementos de auditoría que sexan fixados pola Sección de Fiscalización. Esta avaliación, que servirá para realizar un seguimento puntual dos plans ou sistemas de prevención nas entidades obxecto de fiscalización, figurará de forma diferenciada nos informes de fiscalización dentro dos traballos de revisión do control interno coa denominación «Controis en materia de prevención da corrupción e políticas de integridade».

En materia de control interno, o Código ético institucional da Xunta de Galicia xa incorpora medidas específicas nos procesos selectivos, como normas de funcionamento dos procesos para evitar

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 30 a 166

filtracións, causas de abstención para os preparadores de aspirantes, ou mecanismos de selección aleatoria de preguntas. Non se permite a elección ou designación política, de persoal eventual e de funcionarios interinos, entre outros, como membros dos órganos de selección.

Atendendo a recomendación do informe *Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral*, deste Consello de Contas, remitido ao Parlamento en decembro de 2019, relativa á aprobación dun programa de integridade institucional e prevención de riscos que articule os elementos de política de integridade ou infraestrutura ética e de xestión de riscos, a Administración autonómica presentou o *Programa marco de Integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024,* aprobado polo Consello da Xunta en maio de 2021, que contempla, dentro do *Eixo 3: Recursos humanos e compromiso coa competencia profesional,* as seguintes medidas concretas en materia de xestión de persoal:

- Reforzo das garantías de imparcialidade dos órganos ou tribunais e a súa especialización mediante a axeitada capacitación, competencia e preparación.

- Creación de órganos especializados e permanentes para a organización de procesos selectivos.

- Desenvolvemento da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación coa avaliación do desempeño. Os sistemas de avaliación do desempeño adecuaranse a criterios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non discriminación.

-Mellorar as ferramentas que permitan a cobertura definitiva de postos (concursos xerais/específicos) e reducir a taxa de temporalidade.

Sen embargo, algunhas outras medidas recomendadas polo Consello de Contas no referido informe diagnóstico non se contemplan expresamente no programa:.

- A identificación dos postos sensibles a prácticas irregulares de actuación, ou a determinación dun perfil ético para determinados postos sensibles mediante a inclusión da "formación en ética" como criterio de valoración para a súa cobertura.

- O reforzo da motivación dos criterios de cobertura dos postos de libre designación mediante o establecemento duns criterios mínimos xustificativos a determinar por todos os departamentos.

- O desenvolvemento nas normas sectoriais específicas, cando así proceda, de criterios de idoneidade para a cobertura de cargos específicos.

Por último, aínda que no programa marco de integridade referido se aborda como medida establecer un réxime legal de protección de denunciantes, cómpre materializalo no ámbito da función pública

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 31 a 166

para os empregados públicos que denuncien infraccións á integridade, por afectar ao réxime de deberes e obrigacións de autoridades e funcionarios[10].

A garantía consiste en protexer a identidade da persoa que realiza unha denuncia ou alerta dunha irregularidade, tanto para evitar que a súa actuación supoña unha divulgación pública da súa identidade como para dotalo da confianza de que non sufrirá ningún tipo de represalias por parte da Administración. De modo específico, débese prohibir calquera medida de discriminación fundada de maneira directa ou indirecta nese motivo durante todo o desenvolvemento da súa relación de emprego público[11]. En paralelo, tamén pode resultar oportuno definir algún tipo de protección para os que puideran ser vítimas de denuncias difamatorias, incluíndo entre as infraccións sancionables en materia de función pública a presentación de denuncias realizadas dolosamente ou de mala fe.

IV.3. EVOLUCIÓN DO GASTO E DO EMPREGO PÚBLICO 2007-2018. COMPARATIVA CCAA

IV.3.1. EVOLUCIÓN GLOBAL DO GASTO E DO EMPREGO

4.11. O emprego público na Comunidade Autónoma de Galicia ten unha dimensión parecida ao doutras comunidades autónomas, situándose na parte alta da banda de comparación tanto no número de efectivos por habitante e no número de efectivos sobre o emprego rexional total como na porcentaxe de gasto de persoal sobre o gasto público total e sobre o PIB rexional.

Como xa se indicou, a xaneiro de 2020 na Administración autonómica prestaban servizos 86.598 empregados, unha cifra equivalente ao 6,38% do persoal de todas as CCAA.

O esforzo relativo de redución do número de empregados como consecuencia da crise foi inferior na Comunidade Autónoma galega (2,80% dos empregados) que na maioría delas (dez CCAA superan ese índice, tal e como reflicte o anexo II.1).

No seguinte cadro reflíctese a evolución dos efectivos de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia e do resto das CCAA no período 2009-2019.

[10] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

[11] Neste sentido, algunha normativa pública autonómica vén establecendo que serán nulos os actos administrativos ou as medidas que vulneren esa prohibición, ou invertendo a carga da proba nos procedementos administrativos, partindo da presunción de que as medidas desfavorables adoptadas contra o denunciante son de carácter represivo

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 32 a 166

Cadro 3: Evolución de efectivos no sector público autonómico (número de efectivos)

Concepto	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Galicia	88.590	89.219	87.714	87.026	86.322	86.108	86.499	86.268	86.098	85.612	86.598
CCAA	1.345.892	1.342.285	1.351.883	1.307.343	1.284.646	1.284.026	1.294.765	1.303.574	1.326.185	1.339.111	1.357.761
% efectivos Galicia	**6,58%**	**6,65%**	**6,49%**	**6,66%**	**6,72%**	**6,71%**	**6,68%**	**6,62%**	**6,49%**	**6,39%**	**6,38%**

Fonte: Boletín estatístico de persoal M. de Hacienda. Datos a xaneiro do ano seguinte. Inclúen as cidades autónomas.

Esta evolución distingue dous períodos diferenciados. De 2009 e 2014 no que as CCAA reduciron efectivos e de 2015 en adiante no que se inicia unha nova fase de recuperación daqueles.

Na Comunidade Autónoma galega, se ben no período de axuste a redución de efectivos -ao igual que a de gasto- foi porcentualmente menos intensa que no conxunto daquelas, na etapa de recuperación de emprego o incremento de efectivos tamén foi menor, polo que a decembro de 2019 inclúese entre as CCAA que aínda non tiñan recuperado o emprego existente en 2009.

No Anexo II móstrase esta evolución por comunidade autónoma. Os datos desta evolución de Galicia e do conxunto das CCAA, en número de efectivos e porcentaxe, nas dous períodos diferenciados apreciase no seguinte cadro:

Cadro 4: Evolución de efectivos no sector público autonómico (en número e porcentaxe)

Concepto	2009/2014	2014/2019	2009/2019
Galicia	-2,80% (-2.482 efectivos)	0,57% (+490 efectivos)	-2,25% (-1992 efectivos)
CCAA	-4,60% (-61.866 efectivos)	5,74% (+73.735 efectivos)	0,88% (+11.869 efectivos)

Fonte: Boletín estatístico de persoal M. de Hacienda

Gráfico 1: Evolución efectivos en Galicia e na media das CCAA



CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 33 a 166

4.12. De forma coherente e similar á evolución do número de efectivos, na evolución do gasto pode diferenciarse unha etapa de crecemento ata 2009; á que lle segue unha etapa de contención, neste caso ata o ano 2013, e unha posterior recuperación do gasto que se prolonga ata o 2019.

- Desde 2009 ata 2013 prodúcese un descenso interanual xeneralizado en todas as comunidades autónomas (-12,8%) que en Galicia é algo menos acusado e se sitúa nun -11,61%.

- De 2013 a 2019 prodúcese unha recuperación do gasto de persoal no conxunto das CCAA, que alcanza o 30%, superando xa no exercicio 2016 o nivel de gasto do 2009, a diferenza de Galicia, que non o acadará ata o ano 2019.

A Xunta xustifica que a evolución do gasto de persoal se enmarcou nun obxectivo de financiamento sostible que permitira acadar os obxectivos de gasto definidos pola normativa de estabilidade orzamentaria para eses exercicios.

Cadro 5: Evolución do gasto de persoal no sector público autonómico. (Millóns de euros)

Concepto	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Galicia	3.899,49	3.823,24	3.729,81	3.440,69	3.446,93	3.451,09	3.559,66	3.667,77	3.748,96	3.845,00	4.065,72
Total CCAA	57.182,34	56.011,86	54.562,62	49.872,18	49.831,51	53.080,20	55.466,74	57.290,10	58.857,09	61.200,94	64.574,49
% Gal/Total	**6,82%**	**6,83%**	**6,84%**	**6,90%**	**6,92%**	**6,50%**	**6,42%**	**6,40%**	**6,37%**	**6,28%**	**6,30%**

Fonte: Conta Xeral da Administración

Cadro 6: Evolución do gasto de persoal no sector público autonómico. (En millóns de euros e porcentaxe)

Concepto	2009/2013	2013/2019	2009/2019
Galicia	-12% (-452 millóns)	18% (+618 millóns)	+4% (166 millóns)
CCAA	-13% (-7.350 millóns)	30% (+14.742 millóns)	+13% (7.392 millóns)

Fonte: Elaboración propia. Conta Xeral da Administración

IV.3.2. EVOLUCIÓN POR ÁREAS DE ACTIVIDADE

4.13. A xaneiro de 2020 a distribución interna dos empregados públicos por colectivos en Galicia revela que o 37,03% do persoal concéntrase na docencia non universitaria, o 41,34% na sanidade e o 18,29% na administración das consellerías e os organismos públicos que dependen delas. A Administración de Xustiza representaba no último ano o 3,33% do persoal total.

O peso relativo dos distintos colectivos encóntrase algo por encima da media das CCAA, coa excepción dos empregados públicos docentes, que presentan un menor peso relativo do 38,22% (un 39,3% co cómputo de efectivos que realiza a Xunta), fronte á media das CCAA, do 43,05%.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 34 a 166

No conxunto das comunidades autónomas, os axustes realizados no período 2009-2014 mostran que a redución de efectivos afectou fundamentalmente ao persoal das consellerías e organismos autónomos. Tanto a área sanitaria como a educativa sufriron un retroceso en torno ao 3%, e a finais de 2019 tíñase recuperado o persoal de 2009.

En Galicia, pola contra, a redución afectou principalmente á área da docencia non universitaria, que viu diminuído o seu persoal nun 9,7% e, en menor medida, ás consellerías (2,9% e 475 efectivos). A finais de 2019 tíñase superado o volume de efectivos que existía en 2009 tanto en sanidade como no persoal de xustiza, pero está incluída entre as CCAA que aínda non tiñan recuperado o emprego na área da docencia.

De todos xeitos, como xa se leva advertido, a Xunta considera que o volume de efectivos que computa o Ministerio de Hacienda na docencia non universitaria é inferior ao real en 1.661 efectivos no ano 2019 por non considerar o persoal en formación que existe nese ámbito, que si figura nas estatísticas da Dirección Xeral da Función Pública. De considerar este persoal, o diferencial con respecto ao 2009 reduciríase a un -5%.

No seguinte cadro móstrase esa evolución anual nos distintos colectivos tanto respecto da media das CCAA como no caso de Galicia.

Cadro 7: Evolución de efectivos por áreas de actividade

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	V.19_09
Consellerías e OOAA												
CCAA	243.397	240.322	227.601	219.945	213.793	211.069	208.312	206.164	205.951	208.006	210.718	-13,43%
Galicia	16.318	16.220	16.855	17.011	16.666	16.210	15.944	15.902	15.735	15.491	15.843	-2,91%
Docencia												
CCAA	546.571	543.037	550.306	527.469	527.948	531.030	539.224	540.960	555.951	553.014	563.428	3,08%
Galicia	35.551	35.265	34.521	34.117	34.125	34.032	33.963	33.030	33.031	32.174	32.071	-9,79%
Inst. sanitarias												
CCAA	470.707	472.222	484.915	473.083	457.163	455.981	461.078	469.600	477.142	490.194	494.276	5,01%
Galicia	33.966	34.948	33.798	33.372	32.985	33.331	34.057	34.568	34.544	35.136	35.796	5,39%
Xustiza												
CCAA	37.789	38.348	39.373	37.719	37.037	37.408	38.078	38.915	39.255	39.762	40.290	6,62%
Galicia	2.755	2.786	2.540	2.526	2.546	2.535	2.535	2.768	2.788	2.811	2.888	4,83%

Fonte: Boletín estatístico de persoal Ministerio de Hacienda. O número de efectivos no ámbito da xustiza que ofrece este boletín estatístico defire do que ofrece a Dirección Xeral de Xustiza da Xunta, utilizado no informe de fiscalización do Programa 131A Administración de Xustiza 2014-2019. A xaneiro de 2019 esa Dirección Xeral cuantifica 2.645 efectivos fronte aos 2.811 do Boletín estatístico.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 35 a 166

89395

4.14. Polo que se refire ao gasto, a súa evolución nas áreas de sanidade e educación presenta dinámicas similares á evolución de efectivos. Engádese a esta análise a área de servizos sociais, por dispoñer de información nas liquidacións orzamentarias desta función de gasto que ofrece o Ministerio de Hacienda. Pola contra, non dispoñemos de datos relativos á área de xustiza.

En sanidade, no período de axuste (2009 a 2013) Galicia é unha das que menos acusa a redución do gasto (-6,5%), e posteriormente xa no ano 2017 Galicia é unha das sete comunidades autónomas que recuperan o importe de gasto de persoal rexistrado en 2009. No exercicio 2019 dedica ao persoal desta área o 46,39% (1.884 millóns de euros) do gasto total de persoal, situando á Comunidade Autónoma na banda das comunidades con porcentaxe de gasto en persoal sanitario por encima da media (44,74%).

De forma coherente coa evolución dos efectivos, o ámbito da docencia non universitaria constitúe a área na que a redución do gasto no período de axuste foi máis significativa. No ano 2019, Galicia continúa coa tendencia de recuperación do gasto, pero sen alcanzar os niveis do ano 2009. O gasto en persoal de educación nese exercicio 2019, situado no 35,47%, coloca a Galicia na banda das comunidades cun porcentaxe en gasto de persoal nesta área algo inferior á media das CCAA, que está nun 37,47%.

No seguinte cadro móstrase esa evolución anual do gasto por áreas tanto respecto da media das CCAA como no caso de Galicia:

Cadro 8: Evolución do gasto por áreas. (Millóns de euros)[12]

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	V.19_09
Docencia non universitaria												
Galicia	1.489,07	1.451,78	1.395,26	1.205,06	1.213,52	1.223,60	1.260,40	1.296,85	1.338,45	1.370,16	1.442,06	**-3,16%**
CCAA	22.491,10	21.922,16	21.237,16	19.283,09	19.182,47	19.564,07	20.624,51	21.305,33	21.942,33	22.933,61	24.077,25	**7,05%**
Institucións sanitarias												
Galicia	1.720,66	1.683,96	1.657,25	1.608,80	1.608,00	1.602,43	1.653,40	1.710,53	1.738,11	1.783,81	1.884,15	**9,50%**
CCAA	23.921,45	23.409,88	22.888,63	20.941,58	21.026,59	23.841,00	24.749,69	25.538,45	26.281,32	27.385,50	28.891,85	**20,78%**

Fonte: Liquidación orzamentaria. Ministerio de Hacienda

Nos anexos III.2. e III.3 detállase a evolución deste gasto nas dúas ramas de actividade en todas as CCAA e as porcentaxes de variación nas distintas etapas.

[12] Cadro modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 36 a 166

IV.3.3. EVOLUCIÓN POR VINCULACIÓN DO PERSOAL. TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO

4.15. De forma un pouco máis detallada, diferenciando o emprego fixo do temporal por tipoloxía de persoal, a evolución no período 2009-2019 do conxunto dos efectivos de persoal do sector público autonómico que presta servizos a 31 de decembro de cada ano é a seguinte:

Cadro 9: Evolución dos efectivos por tipoloxía de persoal 2009-2019

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	V 09-19
Estatutarios	**31.287**	**31.411**	**31.001**	**30.641**	**30.347**	**30.765**	**31.598**	**32.066**	**32.132**	**32.791**	**33.597**	**7,38%**
Fixos	23.937	23.738	26.410	25.743	24.978	24.295	23.940	23.780	23.327	22.580	22.446	**-6,23%**
Temporais	7.350	7.673	4.591	4.898	5.369	6.470	7.658	8.286	8.805	10.211	11.151	**51,71%**
Funcionarios	**45.293**	**45.765**	**44.135**	**43.532**	**43.240**	**42.874**	**42.559**	**42.668**	**42.577**	**42.394**	**42.212**	**-6,80%**
Fixos	41.721	42.781	41.127	40.175	39.006	38.108	37.097	35.916	35.716	35.003	35.147	**-15,76%**
Temporais	3.572	2.984	3.008	3.357	4.234	4.766	5.462	6.752	6.861	7.391	7.065	**97,79%**
Laborais	**12.010**	**12.043**	**12.578**	**12.853**	**12.735**	**12.469**	**12.342**	**12.528**	**12.268**	**12.130**	**12.450**	**3,66%**
Fixos	8.323	8.348	8.166	7.993	7.787	7.576	7.304	7.038	6.774	6.494	6.174	**-25,82%**
Temporais	3.687	3.695	4.412	4.860	4.948	4.893	5.038	5.490	5.494	5.636	6.276	**70,22%**
Totais	**88.590**	**89.219**	**87.714**	**87.026**	**86.322**	**86.108**	**86.499**	**87.262**	**86.977**	**87.315**	**88.259**	**-0,37%**
Totais fixos	**73.981**	**74.867**	**75.703**	**73.911**	**71.771**	**69.979**	**68.341**	**66.734**	**65.817**	**64.077**	**63.767**	**-13,81%**
T. temporais	**14.609**	**14.352**	**12.011**	**13.115**	**14.551**	**16.129**	**18.158**	**20.528**	**21.160**	**23.238**	**24.492**	**67,65%**

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da páxina web de Función Pública. Considérase o persoal en formación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade dos exercicios 2017, 2018 e 2019.

Gráfico 2: Evolución persoal fixo e persoal temporal total



CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 37 a 166

89397

Segundo se desprende dos cadros anteriores, considerando o persoal en formación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a evolución do número de efectivos de persoal pon de manifesto unha variación negativa pouco significativa no conxunto do persoal ao longo deste período (-0,37%), cun incremento relevante no persoal estatutario e unha diminución do persoal funcionario.

Porén, de forma particular, os datos do período analizado constatan unha redución do persoal fixo, porcentualmente máis elevada no caso do persoal laboral (25,82%), pero máis significativa en termos absolutos no que atinxe ao persoal funcionario, así como un importante incremento do emprego temporal.

O emprego fixo no sector público autonómico caeu no exercicio 2019 nun 13,81% respecto do 2009, e o emprego temporal creceu no mesmo período nun 67,65%, de forma especialmente significativa no persoal funcionario (98%).

Desta forma, o índice de temporalidade pasa do 16,49% no 2009 ao 27,75% no 2019, alcanzando un valor significativamente alto nos laborais (50,41%) e nos estatutarios (33,19%). A taxa de temporalidade dos empregados públicos nas comunidades autónomas está, segundo a EPA, no 36,19%.

Cadro 10: Evolución das porcentaxes de temporalidade 2009-2019

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Estatutarios	23,49%	24,43%	14,81%	15,99%	17,69%	21,03%	24,24%	25,84%	27,40%	31,14%	33,19%
Funcionarios	7,89%	6,52%	6,82%	7,71%	9,79%	11,12%	12,83%	15,82%	16,11%	17,43%	16,74%
Laborais	30,70%	30,68%	35,08%	37,81%	38,85%	39,24%	40,82%	43,82%	44,78%	46,46%	50,41%
Totais	**16,49%**	**16,09%**	**13,69%**	**15,07%**	**16,86%**	**18,73%**	**20,99%**	**23,52%**	**24,33%**	**26,61%**	**27,75%**

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da páxina web de Función Pública

Gráfico 3: Evolución da temporalidade por colectivos 2009-2019



CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 38 a 166
89398

Esta evolución do persoal pon de manifesto a existencia de necesidades estruturais que se están atendendo con persoal temporal que veu substituír ao persoal fixo, elevando a temporalidade no emprego público a índices relevantes. As últimas OPE publicadas, con convocatorias de prazas en todas as categorías de persoal, deben contribuír a mellorar estes indicadores.

IV.4. PESO E COMPOÑENTES DO GASTO DE PERSOAL

IV.4.1. ORZAMENTACIÓN E LIQUIDACIÓN DO GASTO CONSOLIDADO

4.16. Os gastos de persoal do sector público da Comunidade Autónoma representaron en 2019 o 32,20% do gasto consolidado da Administración xeral, os organismos autónomos, as entidades de consulta ou asesoramento e as axencias públicas.

A grandes trazos, en todo o período analizado mantense unha tendencia crecente do peso relativo dentro do orzamento non financeiro, que supera o 42% nos últimos tres anos, fronte ao 38% que representaba en 2009. A dinámica deste gasto no período 2009-2019 comparando co gasto non financeiro (GNF) e co gasto total é a seguinte:

Cadro 11: Evolución do gasto de persoal e do gasto non financeiro consolidado. (Millóns de euros)

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Capítulo I	3.899	3.823	3.730	3.441	3.447	3.451	3.560	3.668	3.749	3.845	4.066
Gasto non financeiro	10.321	9.520	8.790	8.705	8.459	8.335	8.744	8.645	8.930	9.104	9.518
Evolución capítulo I		-1,96%	-2,44%	-7,75%	0,18%	0,12%	3,15%	3,04%	2,21%	2,56%	5,43%
Evolución GNF		-1,95%	-2,43%	-7,75%	0,17%	0,12%	3,16%	3,03%	2,21%	2,56%	5,75%
% do capítulo I/GNF	37,78%	40,16%	42,43%	39,53%	40,75%	41,40%	40,71%	42,43%	41,98%	42,23%	42,72%

Fonte: Conta Xeral da Administración. Gasto non financeiro depurado IFL e PAC.

Gráfico 4: Evolución da gasto de persoal dentro do gasto consolidado 2009-2019



Fonte: Conta Xeral da Administración

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 39 a 166

89399

4.17. No que se refire á orzamentación do gasto, globalmente os créditos aprobados nas leis anuais de orzamentos, coa excepción do exercicio 2012, non viñeron sendo suficientes en ningún ano para atender as necesidades de gasto de persoal en todo o período analizado.

En calquera caso, existen diferenzas relevantes entre a Administración xeral e o SERGAS, no que se observa que os desfasamentos foron máis significativos e máis persistentes -o gasto nunca se cubre coas dotacións iniciais-, obténdose excesos entre os 9 millóns de euros no exercicio 2012 e os 175 millóns do exercicio 2009. No exercicio 2019 elévanse a 147 millóns de euros.

Na Administración xeral, o gasto axústase mellor ás previsións iniciais, rexistrándose excesos no gasto que oscilan entre os 0,83 millóns (exercicio 2016) e os 48 millóns (exercicio 2019). Nos exercicios 2010 a 2014 non existiron desfasamentos.

Gráfico 5: Evolución das obrigas e dos créditos iniciais



Fonte: Conta Xeral da Administración

4.18. Para o mesmo período, no seguinte cadro móstrase a evolución deste gasto atendendo á natureza das entidades integrantes do sector público. Fixando como punto de partida 2009, obsérvase como o axuste do gasto de persoal en termos agregados foi máis acusado na Administración xeral. Nas entidades instrumentais, a xeneralización do modelo de axencia provoca un incremento maior do gasto de persoal no conxunto destas entidades a partir do ano 2012.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 40 a 166

Cadro 12: Gasto de persoal por entidades do sector público. Obrigas recoñecidas. (Millóns de euros)

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Admon. xeral	2.129	2.083	2.011	1.805	1.793	1.794	1.840	1.892	1.945	1.993	2.099
SERGAS	1.731	1.699	1.674	1.568	1.566	1.562	1.612	1.658	1.685	1.731	1.830
Entidades instrumentais	40	41	45	67	88	95	107	118	119	122	137
Total	**3.899**	**3.823**	**3.730**	**3.441**	**3.447**	**3.451**	**3.560**	**3.668**	**3.749**	**3.845**	**4.066**

Fonte: Conta Xeral da Comunidade Autónoma

Gráfico 6: Evolución do gasto de persoal entidades consolidadas 2009-2019



IV.4.2. COMPOÑENTES DO GASTO NA ADMINISTRACIÓN XERAL

4.19. Nos gastos de persoal, a distribución por epígrafes constata que o núcleo principal do gasto de persoal, atendendo á clasificación económica, compóñeno as retribucións do persoal funcionario, que representan no ano 2019 o 74% do total (o 67% no ámbito consolidado). Tamén é significativo o gasto por cotas e outras prestacións sociais a cargo do empregador, que alcanza o 11,73 (14,76% no consolidado) do total, e o gasto en persoal laboral (un 13,45% na Administración xeral e o 14,51% no consolidado). O resto de categorías ten unha representatividade inferior ao 2%.

No ámbito da Administración xeral, atendendo a clasificación económica do gasto no exercicio 2019, a evolución do gasto desagregado por compoñentes é a que se reflicte nos seguintes cadros. Se ben no conxunto do gasto o cambio de tendencia (axuste) nesa evolución se advirte a partir de 2009, no que afecta aos altos cargos, persoal eventual de gabinete e incentivos prodúcese a partir do 2008, polo que para estes epígrafes se toma como punto de partida ese exercicio*[13].

[13] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 41 a 166

Cadro 13: Gasto de persoal por artigos orzamentarios na Administración xeral 2008-2019. (Millóns de euros)[14]

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Altos cargos	10.89	8,68	8,14	7,39	5,84	6,52	6,37	6,66	6,93	7,09	7,20	7,57
Eventual de gabinete	7,98	6,22	6,13	6,03	5,43	5,31	5,34	5,65	5,60	5,65	5,83	6,22
Funcionarios	1.513,96	1.619,85	1.573,39	1.513,01	1.365,93	1.353,97	1.350,23	1.387,68	1.420,62	1.453,57	1.481,31	1.549,04
Laboral fixo	200,94	217,29	212,90	205,60	183,18	188,61	188,26	190,97	194,84	190,48	197,95	208,20
Laboral temporal	66,81	69,59	71,14	38,20	54,73	54,52	55,29	58,34	61,24	67,25	66,38	74,17
Incentivos	6,22	5,27	4,79	4,9	5,45	5,55	6,22	5,81	5,86	6,98	6,91	7,.35

Fonte: Conta Xeral da Administración.

Cadro 14: Evolución do gasto de persoal na Administración xeral por períodos en porcentaxe e millóns de euros[15]

	*2008/2009-2014		2014-2019		*2008/2009-2019	
Concepto	%	Importe	%	Importe	%	Importe
Altos cargos *	-41,28%	-2,31	18,84%	1,20	-30,22%	-3,28
Eventual de gabinete*	-33,06%	-0,88	16,48%	0,88	-22,03%	-1,76
Funcionarios	-16,64%	-269,62	14,72%	198,81	-4,37%	-70,81
Laboral fixo	-13,36%	-29,03	10,59%	19,94	-4,18%	-9,09
Laboral temporal	-20,55%	-14,30	34,15%	18,88	6,58%	4,58

Fonte: Conta Xeral da Administración

Altos cargos e persoal eventual

4.20. Os altos cargos constitúen o colectivo no que o gasto diminúe en maior proporción no período analizado. As retribucións dos altos cargos (conselleiros, secretarios xerais, directores xerais, delegados territoriais e outros cargos asimilados en organismos autónomos e entidades de dereito público), caeron un 30,22% desde o ano 2008.

O gasto e o número de altos cargos, segundo a información facilitada pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, foi no período 2008-2019 o seguinte:

Cadro 15: Gasto e número de altos cargos na Administración xeral 2008-2019. (Gasto en millóns de euros)

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Gasto altos cargos	10,85	8,68	8,14	7,39	5,84	6,52	6,38	6,66	6,93	7,09	7,20	7,57
Número altos cargos	159	130	96	95	87	84	82	87	88	88	91	93

Fonte: Conta Xeral da Administración. O número de efectivos non inclúe o persoal dependente do Parlamento de Galicia, Consello de Contas, Consello da Cultura Galega, Consello Consultivo ou SERGAS.

[14] Cadro modificado como consecuencia das alegacións.
[15] Cadro modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 42 a 166

4.21. O gasto en eventuais de gabinete xa ten acadado no exercicio 2019 os niveis de 2009, aínda que está por debaixo do nivel de 2008 (un 22% menos). No último ano increméntase nun 6,38% respecto do exercicio anterior.

Segundo a información facilitada pola Dirección Xeral da Función Pública, o colectivo do persoal eventual no exercicio 2019 estaba integrado por un total de 179 traballadores[16].

Cadro 16: Gasto de persoal eventual. (Millóns de euros)

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Gasto persoal eventual	7,98	6,22	6,13	6,03	5,43	5,31	5,34	5,65	5,60	5,65	5,83	6,22
Número de efectivos	236	203	170	173	170	163	162	165	163	162	170	179

Fonte: Conta Xeral da Administración. O número de efectivos non inclúe o persoal dependente do Parlamento de Galicia, Consello de Contas, Consello da Cultura Galega, Consello Consultivo, que si está incluído no gasto.

A Lei do emprego público de Galicia limitou o nomeamento de persoal eventual a tarefas de apoio aos membros do Consello da Xunta e prohibiuno nas entidades públicas instrumentais. No exercicio 2019 as seccións con máis persoal eventual eran Presidencia (49 efectivos -polo peso da Secretaría Xeral de Medios-), seguida da Consellería de Medio Ambiente (12 efectivos) e a Consellería do Mar (11 efectivos). Ningunha das restantes consellerías baixa de 8 efectivos.

Nun número relevante de casos non se facilita ningunha descrición das tarefas ou funcións deste persoal (54 casos); e dos restantes, o persoal cualificado como asesor é o máis significativo en número (19), seguido do persoal de prensa e comunicación (15), o persoal de apoio e auxilio administrativo (8), o persoal xefe de gabinete (5), e finalmente persoal de condución ou protocolo.

Persoal funcionario e interino

4.22. O gasto en persoal funcionario experimentou de 2009 a 2014 unha diminución dun 16,64% como consecuencia tanto das reducións salariais no sector público, polas normas estatais e autonómicas, como pola conxelación das taxas de reposición. A partir de 2015 iníciase a recuperación, pero no exercicio 2019 aínda está lonxe do valor de 2009 (en 70,81 millóns de euros).

Dentro do persoal funcionario, advírtese un aumento de efectivos na categoría de persoal interino en detrimento dos funcionarios de carreira, entre outras circunstancias polos efectos desa conxelación da

[16] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 43 a 166

taxa de reposición sobre os procesos selectivos de incorporación de persoal como parte das medidas de contención do gasto[17].

Segundo a Lei do emprego público de Galicia, teñen a condición de persoal interino as persoas que por razóns xustificadas de necesidade e urxencia son nomeadas para funcións propias do persoal funcionario de carreira. Estas razóns poden atender á cobertura de postos vacantes, á substitución transitoria de persoas titulares de postos, á execución de programas temporais que non respondan a necesidades permanentes (cunha duración máxima de 3 anos) ou ao exceso e acumulación de tarefas (cunha duración máxima de 6 meses dentro dun período de 12 meses).

Sobre o colectivo de empregados que conforman o emprego público autonómico, os resultados do traballo destacan os seguintes aspectos:

- O número de interinos a 31.12.2019 ascendía a 2.147, dos que 1.891 efectivos estaban na Administración xeral e 256 nas entidades públicas instrumentais.

- Na Administración xeral, a distribución por consellerías mostra que o maior número de funcionarios interinos encóntranse na Consellería de Educación (601), na do Medio Rural (346), e en Economía, Emprego e Industria (270). Porén, en valores relativos algunhas consellerías ofrecen proporcións máis intensas de presenza deste persoal no conxunto dos funcionarios, como a Consellería do Mar.

Cadro 17: Persoal interino por consellerías nos centros da Administración xeral a 31.12.2019

Consellería	Funcionarios interinos	% sobre total funcionarios
Cultura e Turismo	35	9,43%
Educación, Universidades e Formación Profesional	601	31,70%
Economía, Emprego e Industria	270	25,99%
Facenda	61	14,88%
Infraestruturas e mobilidade	5	2,84%
Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	37	8,15%
Medio Rural	346	21,25%
Mar	152	26,57%
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia	95	15,55%
Política Social	123	18,11%
Presidencia da Xunta de Galicia	17	13,18%
Sanidade	149	21,38%
Total Xunta	**1.891**	**100%**

Fonte: Elaboración propia: BD Dirección Xeral da Función Pública

[17] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 44 a 166

- Un aspecto específico de risco na vinculación deste persoal está no posible abuso na temporalidade destas situacións chamadas a ser transitorias, e polo tanto no mantemento da situación de interinidade durante períodos de tempo excesivos.

Do traballo realizado constatouse que un 37% do persoal interino existente a 31.12.2019 levan prestando servizos no último posto por un prazo superior a tres anos. A distribución por tramos de antigüidade presenta os seguintes resultados:

Cadro 18: Número de interinos por antigüidade no posto a 31.12.2019. Xunta e Entidades instrumentais

Grupo	< 1 año	1 e < 2	2 e < 3	3 e < 4	4 e <5	5 e < 6	6 e < 7	>= 7 anos	Total
A1	212	160	57	42	16	27	24	58	596
A2	137	48	133	51	22	20	47	28	486
C1	72	33	1	6	12	1	3	6	134
C2	173	105	60	114	9	16	11	44	532
E	74	39	52	37	9	36	14	138	399
Total	**668**	**385**	**303**	**250**	**68**	**100**	**99**	**274**	**2.147**

Fonte: Elaboración propia: BD Dirección Xeral da Función Pública

Á finalización dos traballos de campo deste informe (marzo 2021), a porcentaxe dos funcionarios interinos que tiñan superado os tres anos no último posto elévase ao 59% dun total de 2.230 efectivos.

- Aínda que non foi posible obter unha desagregación do número de efectivos en función das circunstancias que motivaron o nomeamento (vacante, substitución do titular, programa temporal, ou exceso e acumulación de tarefas), do contraste da información da Base de datos de postos e da Base de datos de efectivos, facilitadas pola DXFP, puido constatarse que dos interinos que están ocupando un posto vacante (1.159 casos), un 32% veñen ocupando ese posto desde antes do ano 2015 (máis de catro anos), o que é indicativo de que estas prazas non se incluíron nas sucesivas OPE aprobadas desde ese exercicio, ou que non foron cubertas de forma definitiva.

A Lei do emprego público de Galicia establece que os postos vacantes cubertos mediante nomeamentos de interinos deben incluírse na oferta de emprego público correspondente ao exercicio en que se produce o nomeamento ou, se non é posible, na seguinte, salvo que se dispoña a súa amortización, aínda que a inclusión destas prazas está condicionada a que o permita a taxa de reposición de efectivos establecida pola normativa orzamentaria.

En relación co período de permanencia do persoal funcionario interino na praza que ocupen temporalmente, como feito posterior á finalización dos traballos de campo desta fiscalización, o Real

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 45 a 166

decreto lei 14/2021, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, modifica o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, e establece que, con carácter xeral, transcorridos tres anos desde o nomeamento deste persoal producirase o fin da relación de interinidade, e a vacante só poderá ser ocupada por persoal funcionario de carreira.

Persoal laboral. Eventuais e indefinidos non fixos

4.23. A evolución do gasto en persoal laboral reflicte un aumento nas categorías de laborais temporais en detrimento do persoal laboral fixo, entre outras circunstancias polos efectos da taxa de reposición de efectivos na incorporación de persoal como parte das medidas de contención do gasto no ámbito da estabilización orzamentaria.

Cadro 19: Gasto de persoal laboral. Administración xeral. (Millóns de euros)

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	V 09-19
Laboral fixo	217,29	212,90	205,60	183,18	188,61	188,26	190,97	194,84	190,48	197,95	208,20	-4,18%
Laboral temporal	69,59	71,14	38,20	54,73	54,52	55,29	58,34	61,24	67,25	66,38	74,17	6,58%
Laboral eventual	*55,03*	*54,09*	*21,91*	*38,99*	*38,63*	*39,41*	*40,91*	*43,85*	*49,80*	*46,80*	*50,16*	*-8,85%*
Indefinidos non fixos	*14,56*	*17,05*	*16,29*	*15,74*	*15,89*	*15,88*	*17,43*	*17,39*	*17,45*	*19,58*	*24,01*	*64,90%*

Fonte: Conta Xeral da Administración

Persoal laboral temporal

Na Administración xeral o gasto en persoal laboral temporal só representa o 7,8% do gasto consolidado; a maioría deste gasto está no ámbito do SERGAS, que acumula máis do 90% do gasto consolidado total.

Segundo a Lei do emprego público de Galicia, os postos de traballo vacantes que poidan ser desempeñados por persoal laboral e se consideren de provisión urxente e inaprazable poden ser cubertos mediante a contratación de persoal laboral temporal. Os postos vacantes cubertos mediante estas contratacións incluiranse na primeira oferta de emprego público que se aprobe despois desa contratación e nos consecuentes concursos de traslados, salvo que se dispoña a súa amortización.

No traballo realizado sobre este gasto destacan os seguintes aspectos:

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 46 a 166

- O número de empregados con contrato temporal a 31.12.2019 (sen considerar os indefinidos non fixos) ascendía a 6.573, dos que 6.428 estaban na Administración xeral e 145 nas entidades públicas instrumentais.

- A Consellería de Política Social concentra o 78,4% deste gasto. A distribución por consellerías mostra que o maior número de persoal temporal encóntrase na Consellería de Política Social (3.143), na de Educación (1.932) e na do Medio Rural (1.823). En valores relativos, a proporción máis intensa de persoal temporal en relación co persoal laboral dáse na Consellería de Sanidade. A distribución do número de efectivos e do gasto a 31.12.2019 por este concepto por centros figura no cadro seguinte:

Cadro 20: Gasto en persoal laboral temporal. (Euros)[18]

Seccións Xunta	Artigo 131	132 P. Relixión	Efectivos a 31.12.19	% sobre laborais
Cultura e Turismo	20.283,70		75	1,17%
Educación, Universidades e Formación Profesional	3.031.591,18	27.697.627,79	1.742	27,10%
Economía, Emprego e Industria	121.850,60		105	1,63%
Facenda	29.546,30		3	0,05%
Infraestruturas e Mobilidade			5	0,08%
Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	17.368,40		35	0,54%
Medio Rural	254.497,45		1.463	22,76%
Mar	697.521,15		55	0,86%
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia	575.743,28		141	2,19%
Política Social	17.629.083,36		2.750	42,78%
Presidencia da Xunta de Galicia	17.613,38		19	0,30%
Sanidade	70.274,65		35	0,54%
Total Xunta	**22.465.373,45**	**27.697.627,79**	**6.428**	
Total resto entidades (Sen SERGAS)	**3.689.207,22**		**145**	
Total consolidado	**26.154.580,67**	**27.697.627,79**	**6.573,00**	

Fonte: Conta Xeral da Administración. Sen considerar os indefinidos non fixos

- O 30% do persoal temporal existente a 31.12.2019 leva prestando servizos no último posto por un prazo superior a tres anos (un 38,44% a marzo de 2021). Constátanse casos de máis longa duración de permanencia deste persoal nun determinado posto, o que é indicativo de que estas prazas ou ben non se incluíron nas sucesivas OPE aprobadas desde as contratacións, ou se se incluíron, non se procedeu á súa cobertura. A análise da antigüidade do persoal laboral temporal no posto de traballo mostra os seguintes resultados:

18 Cadro modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 47 a 166

Cadro 21: Antigüidade persoal laboral temporal no posto de traballo

	< 3 anos	Entre 3-5	Entre 6-10	Entre 11-15	Entre 16 e 20	Máis de 21	Totais
Admon. xeral	4.592	1.312	432	181	40	17	**6.573**
% sobre total	69,85%	19,96%	6,57%	2,75%	0,61%	0,26%	**100,00%**

Fonte: Datos DXFP: Persoal laboral temporal sen considerar os indefinidos non fixos

- Sobre unha mostra de expedientes de persoal solicitados a tres consellerías (Educación, Política Social, e Medio Rural), dedúcese que en todos os casos se cumpriu o trámite de xustificación das contratacións e a preceptiva autorización da Consellería de Facenda.

Persoal laboral indefinido

4.24. Dentro do persoal temporal, o persoal laboral indefinido non fixo constitúe unha modalidade singular que ten a súa orixe nunha irregularidade na contratación ou na prestación de servizos do persoal temporal. Ao respecto, o actual artigo 28.4 da LEPG establece que incorrerá en responsabilidade quen coa súa actuación dea lugar á conversión dun contrato temporal en indefinido.

O gasto rexistrado no exercicio 2019 neste persoal elévase a 24,01 millóns de euros. Aínda que cuantitativamente non é o máis significativo, destaca a porcentaxe de incremento do 23,53% con respecto ao exercicio anterior, en coherencia co maior número de persoal que presenta esa condición.

Sobre este colectivo de empregados públicos, nos resultados do traballo destacan os seguintes aspectos:

- Segundo a información da DXFP, a 31 de decembro de 2019 prestaban servizos con este vínculo 1.462 empregados, tres dos cales estaban aínda pendentes de sentenza firme que declarara esta condición. No exercicio anterior había 1.060 empregados nesta situación.

Cadro 22: Evolución do persoal laboral indefinido non fixo e antigüidade no posto de traballo

	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Xunta	683	717	737	775	949	1.327
Entidades	100	102	104	106	111	135
Total	783	819	841	881	1.060	1.462
Total persoal	**21.362**	**21.898**	**22.222**	**22.681**	**22.916**	**23.639**
% s/total persoal	**3,67%**	**3,74%**	**3,78%**	**3,88%**	**4,63%**	**6,18%**

Fonte: Datos DXFP. O contraste destes datos da DXFP cos dispoñibles nos tres centros nos que se realizou unha revisión de expedientes (consellerías de Educación, Política Social e Medio Rural) mostraron diferenzas no número de persoal con esta condición recoñecida (7 máis nas C.MR; 24 menos na C.EU; e 27 máis na C.PS)

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 48 a 166

- Como pode advertirse no cadro, o número de empregados que adquiren esta condición vén mostrando unha tendencia á alza nos últimos anos, alcanzando ao 6,18% do persoal.

Nos tres centros analizados puido constatarse que, á marxe do número de efectivos que teñen recoñecida esta condición de indefinido non fixo, existe un significativo número de reclamacións presentadas en vía administrativa ou xudicial en recoñecemento desa situación pendentes de resolución: 601 reclamacións e 310 demandas na Consellería de Política Social; 231 reclamacións na Consellería do Medio Rural, e 117 na Consellería de Educación.

A situación parece indicar a insuficiencia de controis preventivos que eviten estas incidencias, e a necesidade de actuacións de seguimento polos órganos de control de cada departamento para poñer en coñecemento dos órganos competentes, coa suficiente antelación que permita adoptar as medidas que correspondan, as situacións en que se atopa o persoal temporal e a data de finalización do seu contrato, co fin de evitar a súa conversión en indefinido.

- A distribución por consellerías mostra que o maior número de persoal indefinido non fixo encóntrase na Consellería de Política Social (394 traballadores), na do Medio Rural (360), e na de Educación (190). En valores relativos, as proporcións máis intensas de indefinidos non fixos en relación co persoal temporal danse nas consellerías de Infraestruturas e Mobilidade (72,22%), Medio Ambiente (67,89%), e Sanidade (67,46%). A distribución por centros de gasto destes efectivos preséntase no seguinte cadro:

Cadro 23: Gasto persoal laboral indefinido non fixo 2019. (Euros)

Seccións Xunta	133 P. indefinido	134 DA 9ª bis CC	Efectivos a 31.12.2019	% efectivos/ Lab. temp.
Cultura, Educación e Universidade	1.148.741,43	318.585,52	270	20,35%
Economía, Emprego e Industria	1.334.465,28		100	7,54%
Facenda	96.331,30		4	0,30%
Infraestruturas e Mobilidade	346.874,27		13	0,98%
Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	2.201.482,25		74	5,58%
Medio Rural	7.140.923,22	79.646,04	360	27,13%
Mar	763.521,87		28	2,11%
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia	328.298,68		10	0,75%
Política Social	8.017.312,67	40.690,60	393	29,62%
Presidencia da Xunta de Galicia			5	0,38%
Sanidade	1.931.696,57	256.861,11	70	5,28%
Totais	**23.309.647,54**	**695.783,27**	**1.327**	100,00%
Total resto entidades	**3.711.125,08**	**1.205.753,84**	**135**	---
Total consolidado	**27.020.772,62**	**1.901.537,11**	**1.462**	---

Fonte: Conta Xeral da Administración

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 49 a 166

89409

- Da análise da información obtida nos tres centros nos que se realizou unha revisión de expedientes (consellerías de Educación, Política Social e Medio Rural), constátase que as circunstancias máis habituais que levaron aos tribunais a declarar a situación de indefinidos non fixos a estes traballadores foron a existencia de necesidades estruturais atendidas con nomeamentos de interinos ou contratos temporais e a ocupación de prazas vacantes de carácter estrutural por períodos de tempo superiores aos tres anos.

Na maioría das sentenzas analizadas (seleccionáronse 30 sentenzas das últimas altas de persoal realizadas no exercicio 2019 de indefinidos non fixos) alúdese ao incumprimento do artigo 70 do EBEP, por deixar transcorrer o prazo de tres anos fixado para executar a oferta de emprego público. Os tribunais outorgan a condición de indefinidos non fixos aos traballadores que estivesen ocupando, con contratos temporais, prazas vacantes na Administración naqueles casos nos que transcorren máis de tres anos desde que se asinou o contrato temporal sen que a Administración abrira un proceso selectivo para cubrir a devandita praza. Esta situación é cualificada maioritariamente como irregular porque, como sinalan varias sentenzas, "desde o momento en que se superan os límites razoables establecidos no ordenamento xurídico para a cobertura das vacantes, frústrase ou descoñécese a finalidade" do contrato temporal.

Dúas das sentencias desta mostra basean a declaración de indefinidos non fixos na cesión ilegal de traballadores, e outras dúas na sucesión de contratos para cubrir necesidades permanentes da Administración.

- En relación coa permanencia do persoal nesa situación, puido constatarse que do total do persoal indefinido non fixo existente a 31.12.2019, un 33% leva nesa situación de indefinido non fixo máis de tres anos. A marzo de 2021 este porcentaxe sitúase no 53%. Tamén nestes casos a lei obriga a incluír estes postos nas RPT de persoal funcionario, ou excepcionalmente laboral, e incorporalos á oferta de emprego público, a non ser que se dispoña a súa amortización.

Cadro 24: Antigüidade do persoal indefinido non fixo no último posto de traballo

	Menos de 3 anos	Entre 3 e 5 anos	Entre 6 e 10 anos	Entre 11 e 13 anos	Totais
Admon xeral e entidades	978	257	223	3	**1.462**
%	66,94%	17,59%	15,26%	0,21%	**100%**

Fonte: Datos DXFP

- A situación irregular do persoal indefinido non fixo vénse resolvendo mediante a conversión en persoal fixo ou, se procede en razón do posto, en funcionario (mediante procesos de consolidación), salvo que se estime pertinente a amortización da praza ou que o empregado opte pola indemnización

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 50 a 166

nos casos en que se recoñece esa posibilidade/opción por sentenza. O cese na condición de indefinido non fixo por cobertura definitiva da vacante por outro persoal vén dando lugar a dereito a indemnización destes traballadores. Nos últimos seis anos, a Administración aboou 1,3 millóns de euros en indemnizacións por este concepto.

Cadro 25. Indemnizacións por despedimentos e salarios de tramitación 2014-2019. (Euros)

Concepto	2014	2015	2016	2017	2018	2019	Total
130.04	18.075,30	52.324,00					**70.399,30**
133.04	132.827,75	188.884,00	245.133,80	327.382,84	199.253,40	172.739,00	**1.266.220,79**
Total	**150.903,05**	**241.208,00**	**245.133,80**	**327.382,84**	**199.253,40**	**172.739,00**	**1.336.620,09**

Fonte: Conta Xeral da Administración

Dos tres centros nos que se realizou unha revisión de expedientes, solicitouse unha relación de reclamacións presentadas a 31.12.2009 das que puideran derivarse continxencias económicas. Só a Consellería de Política Social cuantificou continxencias por importe de 130,2 miles de euros en concepto de indemnizacións por despedimento.

IV.4.3. INCENTIVOS AO RENDEMENTO

4.25. A diferenza dos restantes compoñentes de gasto analizados, os incentivos ao rendemento na Administración xeral incrementáronse nun 39,5% desde o ano 2009. En calquera caso, só representa un 3,86% do gasto en incentivos do orzamento consolidado (máis do 90% xestiónase no ámbito do SERGAS) e destínase na práctica totalidade ao persoal da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Vicepresidencia, AAPP e Xustiza. O gasto rexistrado no exercicio 2019 por centros e por conceptos detállase no seguinte cadro:

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 51 a 166

Cadro 27: Incentivos ao rendemento 2019. (Euros)[19]

Seccións Xunta	150	151	Total art. 15
	Produt. persoal non estatutario	Gratificacións	Incent. ao rendemento
PARLAMENTO		38.090,00	38.090,00
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA		5.160,10	5.160,10
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, AAPP E XUSTIZA	1.907.405,46	1.171.084,97	3.078.490,43
CONSELLERÍA DE FACENDA		80.681,63	80.681,63
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	251.189,04		251.189,04
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUCTURAS E MOBILIDADE		5.435,22	5.435,22
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA		2.511,40	2.511,40
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL		1.970.337,89	1.970.337,89
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO		8.780,70	8.780,70
CONSELLERÍA DE SANIDADE	602.616,08	67.433,25	670.049,33
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL		35.949,59	35.949,59
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	1.062.369,46	89.245,01	1.151.614,47
CONSELLERÍA DO MAR	5.580,00	2.978,40	8.558,40
CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA	43.892,22	0,00	43.892,22
Total Xunta	**3.873.052,26**	**3.477.688,16**	**7.350.740,42**
Total resto entidades (Excluído SERGAS)	**67.720,08**	**52.381,70**	**120.101,78**
Total consolidado	**3.940.772,34**	**3.530.069,86**	**7.470.842,20**

Fonte: Conta Xeral da Administración

Dentro do epígrafe *Produtividade persoal non estatutario* retribúense distintos conceptos, entre os que destacan as quendas realizadas polo persoal de extinción de incendios na Consellería do Medio Rural; ou a mellora das condicións de traballo na Administración de Xustiza establecidas no acordo entre a Administración autonómica e as organizacións sindicais o 23 de maio de 2018.

As gratificacións por servizos extraordinarios ou horas extraordinarias son retribucións que perciben os traballadores por traballos realizados fóra da xornada ordinaria de traballo, ou por horas por causa de forza maior, ou para atender imprevistos ou períodos de produción, ausencias, cambios de quendas ou outras circunstancias de carácter estrutural derivadas da natureza ou actividade de que se trate.

No caso do persoal laboral, o convenio colectivo regula no seu artigo 27 que as horas extraordinarias que non sexan por causa de forza maior non poderán superar o límite de 80 horas anuais.

[19] Cadro modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 52 a 166

4.26. Seleccionouse para a súa análise unha mostra de 40 empregados (20 funcionarios e 20 laborais) que percibiron este tipo de retribucións nas consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; Vicepresidencia, AAPP e Xustiza; e do Medio Rural. En concreto, revisáronse as prestacións aboadas en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios ou horas extraordinarias dos meses de xaneiro e decembro do exercicio 2019.

Polo que se refire ás retribucións vinculadas á realización de traballos fóra da xornada laboral, o artigo 24 do EBEP regula as gratificacións do persoal funcionario, sinalando que deben responder a servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo e, en ningún caso poderán ser fixas na súa contía nin periódicas no seu pagamento.

Pola súa banda, para o persoal laboral, o artigo 35 do Estatuto dos Traballadores dispón que terán a consideración de horas extraordinarias aquelas horas de traballo que se realicen sobre a duración máxima da xornada ordinaria de traballo, podendo optarse, mediante convenio colectivo ou, na súa falta, contrato individual, entre aboar tales horas extraordinarias na contía que se fixe, que en ningún caso poderá ser inferior ao valor da hora ordinaria, ou compensalas por tempos equivalentes de descanso retribuído.

A análise realizada puxo de manifesto os seguintes aspectos:

- En todos os centros, a realización de horas extraordinarias conta cunha autorización previa e a xustificación da efectiva realización do servizo.

Nos expedientes de produtividade e nocturnidade nos que non existe este documento de xustificación da necesidade de realización do servizo (só existe nos de gratificacións) os importes percibidos teñen a súa orixe na Orde do 18 de xaneiro de 2019, conxunta das consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e do Medio Rural, pola que se establece o réxime de prestación de servizos das escalas de axentes forestais e axentes facultativos ambientais e na Instrución pola que se regula o procedemento para o aboamento do complemento de produtividade e das axudas de custo ao persoal técnico e axentes técnicos en xestión medioambiental da Consellería do Medio Rural, sen que sexa polo tanto necesaria tal autorización.

- En xeral, non se atoparon aboamentos en concepto de incentivos ao rendemento realizados con regularidade -carácter mensual- que retribuíran as condicións de determinados postos de traballo e que resultara máis adecuado incluílos no complemento específico dos postos de traballo en caso de valorarse a especial dedicación ou a actividade extraordinaria.

Como excepción, nos expedientes de gratificacións correspondentes aos servizos prestados por determinado persoal funcionario no Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais coa finalidade de reforzar os centros de coordinación durante os períodos de alto risco, fóra de ser algo

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 53 a 166

excepcional, tal e como establece a norma ao respecto no artigo 21.un.f) da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, véñense producindo de maneira reiterada e estrutural todos os anos, dado que este persoal non ten os complementos específicos de incendios, tal e como xustifica a Dirección Xeral de Defensa do Monte.

- En xeral, tampouco se atoparon aboamentos de horas extraordinarias pola realización de traballos cualificados como urxentes realizados fóra da xornada laboral, que teñan un carácter estrutural, percibidas polos mesmos empregados e por importes fixos.

Nos expedientes de aboamento de horas de nocturnidade destaca o elevado importe das aboadas na Xefatura Territorial da Coruña co motivo de cubrir as quendas do persoal de postos que estaban vacantes, polo que estes traballadores tiveron que dobrar quendas nocturnas para cubrir as ausencias; situación que de acontecer de forma reiterada podería concluírse que se trata de vacantes de longa duración.

IV.5. XESTIÓN DO EMPREGO PÚBLICO NA ADMINISTRACIÓN XERAL

4.27. A análise da xestión do emprego público céntrase nos cadros de persoal da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais, sen ter en conta o persoal de institucións sanitarias, o persoal docente e o de xustiza, por ter un réxime xurídico diferenciado.

Tampouco se contempla o persoal do sector público empresarial e fundacional por non formar parte do que xuridicamente se coñece como emprego público.

Segundo as estatísticas achegadas pola Dirección Xeral da Función Pública, o persoal así definido suma, a 31.12.2019, un total de 23.639 efectivos.

Cadro 28: Efectivos Administración xeral e entidades públicas instrumentais a 31.12.2019

	Consellerías	Entidades públicas instrumentais	Totais
FUNCIONARIOS	**8.573**	**1.655**	**10.228**
F. de carreira	6.687	1.394	8.081
F. interinos	1.886	261	2.147
LABORAIS	**12.741**	**646**	**13.413**
Fixos	4.986	390	5.376
Temporais	7.755	280	8.035
Totais	**21.314**	**2.325**	**23.639**

Fonte: Datos da DXFP

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 54 a 166

IV.5.1. ESTRUTURA DO CADRO DE PERSOAL

Cadros de persoal. Prazas cubertas e vacantes

4.28. Segundo a información da BD *Relación de postos 2019*, facilitada pola DXFP, no conxunto das consellerías e entidades públicas instrumentais existían a 31.12.2019 un total de 25.688 postos de traballo, dos que 22.547 correspondían á Administración xeral e 3.141 ás entidades públicas. A desagregación entre ocupados e vacantes e a súa evolución no período 2015-2019 móstrase no seguinte cadro:

Cadro 29: Evolución de postos ocupados e vacantes na Administración xeral e entidades instrumentais 2015-2019[20]

	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Total postos	25.584	25.012	25.772	25.583	25.688	25.688
Postos fóra de RPT	1.420	1.556	1.911	2.116	2.262	2.512
Postos fóra de RPT ocupados	346	321	641	778	895	962
Postos ocupados	19.813	20.131	20.249	20.306	20.234	19.902
Vacantes totais	8.329	8.439	8.705	8.445	8.419	8.451
Vacantes libres	2.811	2.790	3.040	2.566	2.547	2.549
Vacantes cubertas provisionalmente	5.518	5.649	5.665	5.879	5.872	5.902
Postos ocupados/total postos RPT	81,99%	85,82%	84,86%	86,53%	86,37%	85,87%
% vacantes s/ total postos RPT	34,47%	35,98%	36,48%	35,99%	35,94%	36,46%
% vacantes cubertas s/ vacantes totais	66,25%	66,94%	65,08%	69,62%	69,75%	69,84%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da DXFP

- Na base de datos facilitada salienta, en primeiro lugar, o número de postos que se cualifican como postos fóra de RPT (2.512 postos no exercicio 2019), que corresponden, segundo as explicacións ofrecidas, a postos que non figuran nas RPT aprobadas. A metade destes postos aparecen concentrados nas consellerías de Educación, Formación Profesional e Universidades, na de Política Social, e na de Economía e Industria. Unha porcentaxe menor destes postos corresponden a persoal que está na situación de "a disposición" do órgano competente en materia de persoal; outros postos figuran como pendentes de tramitación de RPT ou de incorporación a aquela; e finalmente, recolle postos con traballadores vinculados á Administración mediante contratos laborables temporais que non son de RPT[21].

20 Cadro modificado como consecuencia das alegacións.
[21] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 55 a 166

- Nos exercicios 2018 e 2019 actualizáronse a práctica totalidade das RPT das consellerías da Xunta sen que, segundo se desprende do número de postos fóra de RPT existentes ao final de cada ano, se teñan regularizado estes postos. Á marxe da RPT non consta que se teñan realizado estudos dirixidos a determinar os postos que estando fóra do cadro de persoal deban integrarse neste por responder a necesidades actuais da Administración, nin dos postos incluídos no cadro que deban reducirse por non estar ocupados.

- Destaca en segundo termo o número de vacantes sobre o total de postos, que se mantén nos catro últimos exercicios por encima do 35%. En calquera caso, só un 14% estarían libres sen ocupante de ningún tipo (nin provisional nin titular), xa que un 86 % dos postos están efectivamente ocupados, ben polo seu titular ou ben provisionalmente por unha persoa distinta do titular.

- O número de vacantes ocupadas provisionalmente é outro aspecto a resaltar. No exercicio 2019 existen 5.902 postos sen titular (vacantes) que están ocupados, e outros 2.218 que teñen titular, pero ocupados por persoa distinta deste último, é dicir, en ambos casos, postos non ocupados por quen debeu acceder a eles por concurso ou libre designación se os mecanismos ordinarios de selección e provisión funcionaran con normalidade. (vid. cadro 30).

Se consideramos como situacións normais aquelas nas que o posto está ocupado polo seu titular, podemos apreciar que só o 60% dos postos de traballo se atopan nesa situación.

Esta cifra proporciona unha aproximación ao grao de provisionalidade global do persoal que afecta no exercicio 2019 a 40 de cada 100 empregos da función pública da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais.

Por departamentos, o maior número de postos ocupados de forma provisional en relación cos ocupados totais atópase na Consellería de Política Social (44 de cada 100 empregados están provisionais), na Consellería do Mar (36 de cada 100), e na Consellería de Economía, Emprego e Industria (33 de cada 100). No cadro seguinte detállase o índice de provisionalidade por departamentos.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 56 a 166

Cadro 30: Prazas cubertas e vacantes por departamentos na Adm. xeral e entidades instrumentais a 31.12.2019

Consellería	(A) Prazas sen titular (vacantes) ocupadas	(B) Prazas con titular ocupadas provisionalmente	(C)= (A+B) Total prazas ocupadas provisionalmente	(D) Prazas ocupadas totais	(C)/(D)
Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	196	28	224	917	24,43%
Sanidade	217	25	242	958	25,26%
Educación	1.413	112	1.525	4.940	30,87%
Economía, Emprego e Industria	528	75	603	1809	33,33%
Facenda	149	25	174	750	23,20%
Infraestruturas e Mobilidade	174	43	217	737	29,44%
Medio rural	883	239	1.122	3.500	32,06%
Mar	236	18	254	700	36,29%
Vicepresidencia	296	42	338	1.100	30,73%
Política Social	1.674	99	1.773	3.972	44,64%
Presidencia da Xunta	134	23	157	517	30,37%
Total	**5.902**	**2.218**	**8.120**	**19.902**	**40.79%**

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da DXFP

Relación xurídica. Índice de temporalidade no emprego

4.29. A evolución dos efectivos no período 2014-2019, distribuídos segundo a relación xurídica e o vínculo permanente ou temporal, foi a seguinte:

Cadro 31: Evolución do emprego público na Administración xeral e entidades instrumentais 2014-2019

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	%
FUNCIONARIOS	**9.760**	**9.907**	**10.046**	**10.225**	**10.187**	**10.228**	**43,27%**
F de carreira	8.601	8.565	8.529	8.399	8.240	8.081	34,19%
F interinos	1.159	1.342	1.517	1.826	1.947	2.147	9,08%
LABORAIS	**11.599**	**11.989**	**12.174**	**12.454**	**12.728**	**13.411**	**56,73%**
Fixos	6.041	5.738	5.458	5.155	4.849	5.376	22,74%
Temporais	5.558	6.251	6.716	7.299	7.879	8.035	33,99%
Totais	**21.359**	**21.896**	**22.220**	**22.679**	**22.915**	**23.639**	**100,00%**

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da DXFP

Das cifras anteriores dedúcese, en primeiro lugar, o maior peso do persoal laboral tanto na Administración xeral (59,77%), como no conxunto da Administración xeral e entidades públicas instrumentais (56,73%) sobre o persoal funcionario (43,27%). Debe lembrarse a preferencia legal do emprego público polo persoal funcionario.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 57 a 166

Tres consellerías son determinantes desta situación: Política Social, na que o peso do persoal laboral é do 86,65% fronte ao persoal funcionario que só representa o 13,35%; e as consellerías do Medio Rural e Educación, nas que o persoal laboral ronda o 60%.

En segundo lugar, constátase que algo máis do 43% do persoal non é persoal fixo. Na liña xa avanzada anteriormente neste informe, obsérvase un proceso de redución de persoal fixo que trouxo por extensión un aumento da cobertura das necesidades de persoal mediante contratacións temporais e nomeamentos de interinos que xerou unha situación do emprego público con altas taxas de temporalidade.

A distribución por consellerías do persoal fixo e temporal permite apreciar que o peso deste último é especialmente significativo en determinados centros, como na Consellería de Educación (o 48,57%, preto da metade do persoal), na Consellería do Medio Rural (43,32%), e na Consellería de Política Social, que presenta a maior proporción de persoal en situación de temporalidade (64,18%). Estes tres departamentos integran conxuntamente o 77,71% do total de efectivos temporais da Administración xeral.

Clasificación por grupos, corpos e niveis

4.30. A distribución dos 10.828 funcionarios e interinos por grupos profesionais mostra que o 23,57% corresponde ao grupo A1; o 14,34% ao grupo A2; o 20,04% ao grupo C1; o 31,42% ao grupo C2; e o 10,62% restante ao grupo E.

Cadro 32: Persoal por grupos e niveis 2019

Niveis	Grupo A1	Grupo A2	Grupo C1	Grupo C2	Grupo E	Total
30	269					269
28	507	294				801
26	336	85				421
25	356	499	694			1.549
24	599	45	9			653
22	77	211	55			343
20	265	17	81	94		457
19			61	3		64
18		88	428	1.187		1.703
17			205	12		217
16		228	217	90		535
14			300	952	17	1.269
12				874	16	890
10					1.048	1.048
0	1				1	2
	23,57%	14,34%	20,04%	31,42%	10,62%	100,00%
Total	**2.411**	**1.467**	**2.050**	**3.214**	**1.086**	**10.228**

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da DXFP

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 58 a 166

Variables de xénero na función pública

4.31. A proporción de mulleres no emprego público de Galicia alcanza o 71,19% do total, algo superior á media das CCAA (69,07%). No ámbito das consellerías e OOAA, aínda presentando unha proporción máis baixa (un 57,16%), tamén está por encima da media das CCAA (56,51%). No seguinte cadro figura esta distribución nos distintos sectores do emprego público autonómico.

Cadro 33: Proporción de mulleres no emprego público de Galicia

	Homes	Mulleres	Total	% mulleres
Consellerías e OOAA	6.637	8.854	15.491	57,16%
Sanitarios en Institucións Sanitarias	5.426	21.528	26.954	79,87%
Non sanitarios en Institucións Sanitarias	2.731	5.451	8.182	66,62%
Docentes en docencia non universitaria	8.806	21.330	30.136	70,78%
Non docentes en docencia non universitaria	744	2.997	3.741	80,11%
Xustiza	810	2.001	2.811	71,18%
Total	**25.154**	**62.161**	**87.315**	**71,19%**

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da DXFP

Porén, o emprego público da Administración autonómica presenta tamén algunhas características diferenciais que non son positivas, e neste sentido destaca a posición da muller en situacións de temporalidade cun 77,08%, proporcionalmente moi superior á dos homes. No conxunto do sector público autonómico galego a proporción das mulleres no emprego temporal é a seguinte:

Cadro 34: Proporción de mulleres no emprego temporal

	Homes	Mulleres	Total	% mulleres
Persoal estatutario temporal	1.679	8.532	10.211	83,56%
Funcionarios interinos	1.713	3.936	5.649	69,68%
Persoal laboral temporal	1.213	3.015	4.228	71,31%
Total	**4.605**	**15.483**	**20.088**	**77,08%**

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da DXFP

Por último, no ámbito das consellerías e entidades públicas instrumentais, ademais da presenza maioritaria das mulleres en todos os grupos, existe tamén unha representación equilibrada nos postos

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 59 a 166

de maior responsabilidade correspondentes aos niveles 28 e 30. O 55% e o 51% dos postos dos indicados niveis están ocupados por mulleres.

Envellecemento do cadro de persoal

4.32. Outro dos problemas actuais do emprego público na nosa Comunidade Autónoma, común a outras Administracións españolas, é o envellecemento do persoal, que se acentuou nos anos da crise a causa da baixa taxa de reposición de efectivos.

Na función pública galega constátase que en 2019 preto do 50% do persoal supera os 50 anos e que na franxa inmediatamente anterior (de 41 a 50 anos) atópase outro 37% do persoal. En consecuencia, só o 13% dos empregados contan con menos de 40 anos e unicamente o 0,4% ten entre 18 e 29 anos.

Este efecto é común no conxunto das Administracións pola incorporación masiva de persoal concentrada en poucos anos e resulta agravada pola limitación de incorporacións logo da crise financeira de 2008.

Cadro 35: Evolución do persoal fixo por idade 2014-2019

	2018	%	2019	%
Menores de 30 anos	188	0,82%	276	1,17%
Entre 31-40 anos	2.361	10,30%	2.294	9,70%
Entre 41-50 anos	7.663	33,44%	7.597	32,14%
Entre 51-65 anos	12.586	54,92%	13.315	56,33%
Maiores de 65 anos	118	0,51%	157	0,66%
Totais	**22.916**	**100,00%**	**23.639**	**100,00%**
Idade media	**52**		**52**	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da DXFP

Da información do cadro anterior e das táboas que figuran como anexo a este informe referidas á previsión de xubilacións dos próximos anos (por cumprimento da idade de 67 anos), analizada por grupos e anos, poden deducirse as seguintes claves:

• Nos próximos 10 anos cumprirán a idade ordinaria de xubilación (67 anos) máis de 8.000 efectivos. Por grupos de funcionarios, supoñen o 34% do persoal dos grupos A1 e A2 e o 32% do persoal dos restantes grupos; do persoal laboral, o 35% son do grupo 1, o 31% do persoal do grupo 2, e o 35% do grupo 3.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 60 a 166

• En 20 anos acadarán esa idade 17.732 efectivos, o que equivale ao 80% dos efectivos actuais. Por grupos, nese prazo cumprirán a idade de xubilación o 42% dos funcionarios do grupo A1, o 41% do grupo A2 e o 47% do grupo D. Entre o persoal laboral, o 42% do grupo 1, o 32% do persoal do grupo 2, e o 39% do grupo 3.

A distribución de efectivos por grupos profesionais figura no cadro seguinte.

Cadro 36: Previsión de xubilacións (67 anos) por grupo profesional de 2020 a 2030

Grupo	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030	Total
1	4	5	25	21	35	35	23	34	45	45	34	**306**
2	5	9	18	39	54	40	41	40	44	40	34	**364**
3	39	108	240	350	382	460	452	473	504	475	530	**4.013**
A1	7	27	51	63	65	82	85	106	116	104	119	**825**
A2	6	13	31	49	42	50	46	64	66	64	64	**495**
C1	6	9	49	46	61	67	69	98	94	90	73	**662**
C2	2	16	52	75	73	87	119	131	134	152	141	**982**
E	2	6	29	26	36	40	52	50	46	41	36	**364**
Totais	**71**	**193**	**495**	**669**	**748**	**861**	**887**	**996**	**1.049**	**1.011**	**1.031**	**8.011**

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da DXFP

IV.5.2. INSTRUMENTOS DE PLANIFICACIÓN

4.33. A Lei do emprego público de Galicia contempla como instrumentos de planificación do emprego público os rexistros de persoal e de postos de traballo, os plans de ordenación de recursos humanos, e as ofertas de emprego público.

Os distintos decretos que aproban as OPE anuais aluden a estas como o instrumento da Administración autonómica de programación e racionalización das necesidades de persoal.

A Administración autonómica non está facendo uso doutros instrumentos de planificación estratéxica que a lei prevé con carácter potestativo para unha óptima utilización dos recursos e a análise das dispoñibilidades e necesidades de persoal, a través dun diagnóstico da situación e de medidas desde o punto de vista tanto do número de efectivos como dos seus perfís profesionais ou niveis de cualificación, no conxunto do persoal.

O informe da Comisión que preparou o EBEP avogou pola introdución da planificación estratéxica de recursos humanos na Administración co obxecto de dimensionar adecuadamente os seus efectivos, lograr a súa mellor distribución e facilitar a formación e promoción profesional e a mobilidade. Esta visión é a que recolle o TREBEP no seu artigo 69 e a LEPG no artigo 47.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 61 a 166

Distintos factores aconsellan no momento actual este deseño estratéxico. En primeiro lugar, o feito de que o gasto ligado aos servizos públicos cómpre enmarcalo nun financiamento sostible derivado dos marcos orzamentarios definidos pola lexislación de estabilidade orzamentaria.

Por outro lado, a temporalidade do persoal que aconsella afrontar esta situación cunha planificación que permita verificar que non se recorra en exceso a novas incorporacións para atender necesidades ou acumulacións conxunturais de tarefas, á vista das posibilidades que ofrecería un coñecemento exhaustivo do persoal existente.

Tamén, a necesidade de afrontar de cara a sustentabilidade dos servizos públicos o volume de xubilacións dos próximos anos como consecuencia da alta porcentaxe de efectivos que ingresaron masivamente cando empezaron a desenvolverse gran parte dos servizos autonómicos.

Por último, a dimensión vinculada á transparencia que ten a planificación -a lexislación de transparencia obriga a facer públicos os plans, programas, obxectivos e indicadores en calquera ámbito relevante da xestión pública- permitiría o control polos órganos competentes e pola opinión pública das decisións que a Administración está a adoptar en materia de incorporación de persoal, que hoxe non se fan públicas nas OPE.

O rexistro de persoal e de postos de traballo

4.34. A Lei do emprego público de Galicia prevé que en cada Administración pública existirá un rexistro de persoal e de postos de traballo, así como o desenvolvemento regulamentario dun rexistro único para a Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

Estes rexistros xestiónanse a través de distintas aplicacións da DXFP, e constitúen a fonte das bases de datos remitidas ao Consello.

Xa quedou indicado en parágrafos anteriores as dificultades para conciliar distintas informacións sobre os datos do emprego público autonómico, en especial se transcendemos o ámbito da Administración xeral cara aos ámbitos docente, sanitario e de xustiza. Na actualidade estes datos están máis accesibles e susceptibles dun mellor tratamento a través da información do Ministerio de Hacienda.

Neste sentido, parece conveniente que se impulse un sistema de información agregada en materia de emprego público, que permita o manexo e intercambio de datos entre a Administración xeral e os seus sectores educativo, sanitario e público empresarial e fundacional, así como coas entidades que integran a Administración local e as universidades públicas e faciliten unha xestión integrada, transparente e fundada en datos, dos recursos humanos da Comunidade Autónoma, todos eles afectados polas limitacións de gasto das leis anuais de orzamentos.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 62 a 166

As ofertas de emprego público

4.35. As necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poden ser cubertas cos efectivos de persoal existentes -deben incluír todas as vacantes desempeñadas por persoal funcionario interino ou laboral temporal- constitúen a oferta de emprego público.

Os riscos que se dan en relación coa planificación das OPE están relacionados con ofertas de emprego público non baseadas en necesidades senón en vacantes; coa falta de ferramentas para a análise das propias necesidades de postos; co recurso á contratación externa ou ás encomendas de xestión para atender necesidades de RPT. As limitacións en relación coa planificación de persoal xa quedaron expostas en apartados anteriores deste informe.

As ofertas de emprego aprobadas nos últimos anos inclúen as prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e véñense distribuíndo entre prazas para persoal de novo ingreso, prazas para procesos de estabilización de emprego temporal, prazas para persoal laboral indefinido non fixo derivado de sentenzas xudiciais, prazas que se ofertan de promoción interna, e prazas que se ofertan de promoción interna para o persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que van ser obxecto dun proceso de funcionarización.

A oferta de emprego público para o ano 2019 aprobouse polo Decreto 3/2019, do 28 de marzo. As prazas convocadas nos exercicios 2014-2019 foron as seguintes:

Cadro 37: Prazas OPE 2014-2019

	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Acceso libre	53	264	332	404	502	543
Proceso de estabilización					720	983
Proceso consolidación persoal funcionario		1		12		
Proceso consolidación persoal laboral				213		
Proceso de consolidación persoal indefinido no fixo					226	17
Promoción interna		108		150		
Promoción interna persoal funcionario			116		200	227
Promoción interna persoal laboral fixo (p. funcionarización)			266		577	847
Total prazas	**53**	**373**	**714**	**789**	**2.225**	**2.617**

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da DXFP

Para os exercicios 2018 e 2019, Galicia dispuxo –ao ter cumprido os obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e a regra de gasto– dunha taxa de reposición do 100%, e

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 63 a 166

adicionalmente dunha taxa do 8% destinada a aqueles ámbitos ou sectores que requiran un reforzo de efectivos. A reserva da cota para persoas con discapacidade na oferta de acceso libre foi dunha porcentaxe do 9,37% das vacantes.

As OPE están informadas pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e remitidas ao Ministerio de Hacienda en cumprimento do establecido na LPGE de cada ano.

Non foi posible obter o estado de execución das OPE dos exercicios anteriores ao 2018 en número de prazas ofertadas, convocadas e resoltas. A Dirección Xeral da Función Pública só remitiu a situación da OPE de 2018, coa seguinte información:

Cadro 38: Situación OPE 2018 a xaneiro de 2021

OPE (1)	Nº procesos ofertados	Nº procesos convocados	Nº procesos sen convocar	Nº procesos rematados	Prazas ofertadas	Prazas convocadas
2018	96	44	52 (2)	1 (3)	1.648	1.316

Fonte: Dirección Xeral Función Pública

(1) Non inclúe funcionarización. (2) Hai 2 procesos convocados (C2 auxiliar e AP subalterno) polo sistema de acceso libre e discapacidade xeral, pero falta convocar 6 prazas en C2 e 12 en AP para persoas con discapacidade intelectual. (3) O único proceso que xa ten relación de aprobados é A1 Letrados, pero aínda non foi nomeado, quedando 3 prazas sen cubrir

IV.5.3. PROCESOS DE INCORPORACIÓN E PROMOCIÓN

Sistemas selectivos

4.36. Os sistemas ordinarios de selección tanto do persoal funcionario de carreira como do laboral fixo son a oposición e o concurso-oposición, e só excepcionalmente pode seleccionarse por concurso de valoración de méritos o persoal laboral fixo, e só en virtude de norma con rango de lei pode aplicarse, con carácter excepcional, este sistema para o persoal funcionario.

Os riscos asociados á utilización dos sistemas selectivos estarían en dar maior peso a aqueles sistemas que garanten menos a libre concorrencia, así como na utilización de sistemas restrinxidos que supoñan excepcións ao carácter aberto do sistemas selectivos.

Por outro lado, no concurso-oposición o risco está na posibilidade de alterar o selectivo coa determinación e ponderación dos méritos que se poden valorar na fase de concurso, ou que se estean puntuando máis os servizos prestados na Administración convocante que noutras.

Nos procesos de incorporación de persoal interino ou temporal, un risco común é o do escaso rigor nas probas de selección deste persoal, e que ademais poida supoñer a obtención de condicións

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 64 a 166

favorables para as posteriores consolidacións de emprego e acentúe así a desigualdade de oportunidades.

Selección de funcionarios e persoal laboral fixo

4.37. Nos últimos cinco anos, aínda que a oposición foi un sistema presente en todas as OPE, o concurso-oposición tivo un peso maior ao ser o procedemento habitual dos procesos de estabilización, consolidación de emprego ou funcionarización do persoal laboral, que foron os máis comúns neste período.

A situación derivada da excesiva temporalidade ou provisionalidade da función pública fixo necesario que se fora tratando de reducir paulatinamente ata límites razoables, ofrecendo ao persoal interino e temporal oportunidades de consolidación do seu emprego mediante procedementos de concurso-oposición, nos termos e coas condicións en que o permite a lexislación básica.

Desta forma, nos exercicios 2018 e 2019 só un 22% das prazas convocadas se ofertaron polo sistema de oposición, e nos últimos cinco anos esta porcentaxe estivo por debaixo do 32%.

Aínda coa xustificación indicada, esta utilización residual do sistema de oposición afecta á libre concorrencia, e limita o acceso ao emprego público de persoas novas que carecen dos méritos indispensables para competir co persoal interino ou contratado temporal.

Polo tanto, cara ao futuro a regra xeral debería ser non só que os procesos de selección teñan carácter aberto, senón tamén que se utilice en maior medida o sistema de oposición, de forma que unha porcentaxe maioritaria de prazas (ao menos o 50) no conxunto do emprego público da Xunta se seleccionen polo procedemento de oposición.

4.38. Polo demais, nos concursos oposicións celebrados, as convocatorias examinadas compren coa esixencia de que os concursantes deben superar a puntuación mínima da fase de oposición e que a experiencia non supoña máis do 40% da puntuación máxima alcanzable no proceso. Tampouco se advertiu que se estean puntuando máis os límites dos servizos prestados na Administración convocante que noutras Administracións. Polo tanto, as puntuacións outorgadas na fase de concurso en ningún caso teñen determinado por se mesmas o resultado do proceso selectivo como se ten determinado pola xurisprudencia..

Con carácter xeral, tamén se comprobou que se garante un nivel adecuado de transparencia nos distintos sistemas selectivos, incluídos os do persoal laboral, ofrecendo aos aspirantes na páxina web da DXFP e portais das consellerías competentes toda a información en relación coas probas, temarios,

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 65 a 166

os criterios aplicables e cuantos aspectos resultan consubstanciais aos devanditos procesos. Quizais como aspectos a mellorar pode apuntarse dotar de maior transparencia ao modo de designación dos membros do tribunal, aos criterios de selección que van a empregarse polos tribunais ou a necesaria motivación das decisións dos órganos de selección, sen prexuízo do carácter secreto das súas deliberacións.

Selección de interinos e persoal laboral temporal

4.39. A incorporación de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal está sometida aos mesmos principios xerais de acceso ao emprego público, aínda que normativamente prevese que se articulen a través de procedementos máis áxiles ou de conformidade co previsto nos convenios colectivos (para o persoal laboral). No caso dos interinos, detállanse legalmente as circunstancias habilitantes do seu nomeamento, e para o persoal laboral só se prevé para aqueles postos que se consideren de provisión urxente e inaprazable.

A Comunidade Autónoma conta con procedementos regrados para a incorporación deste persoal dando cumprimento aos principios de mérito e capacidade. O Decreto 37/2006, modificado polo Decreto 60/2019, regula o procedemento para a provisión destes postos, que se efectúa a través dun sistema de listas abertas conforme a un baremo que determina a prelación dos aspirantes.

O baremo aplicable prima aos aspirantes que superaron probas selectivas dos últimos procesos (ata 40 puntos) fronte aos servizos prestados (ata 20 puntos), pero sen requirir en todos os casos unha proba de coñecementos, que evite que o proceso se converta nun simple concurso de méritos xa contraídos no servizo.

Das 4.837 solicitudes presentadas que se tramitaron nas convocatorios de 2019, só un 1% tiñan valorada a nota de oposicións e boa parte dos seleccionados presentan largos períodos de servizos como interinos ou laborais temporais que acceden sen ningunha proba que acreditara dun xeito obxectivo os seus coñecementos da materia.

Por outro lado, a normativa que regula estes nomeamentos e contratacións establece a constitución dunha comisión permanente, como órgano colexiado encargado da elaboración e control do funcionamento das listas, na que participa o director xeral da Función Pública[22] e tres persoas designadas polas organización sindicais. Aínda que a lei só prohibe a participación destes colectivos nos sistemas selectivos de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, parece que o criterio debía ser extensible aos que xestionan as bolsas de persoal interino ou laboral temporal, especialmente tendo en conta que na actualidade é o procedemento máis habitual para acceder ao emprego público;

[22] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 66 a 166

todo isto sen prexuízo de que as organizacións sindicais deban recibir puntual información sobre a xestión das bolsas e dos criterios obxectivos polos que han de rexerse.

Sen prexuízo da valoración positiva da regulación dos procesos selectivos, hai que advertir o elevado número de persoal declarado nos últimos anos indefinido non fixo por sentenzas xudiciais (pasaron de 1.060 no exercicio 2018 a 1.461 no 2019), que esixe controis preventivos sobre a duración dos contratos temporais ou sobre a vinculación irregular de traballadores procedentes de contratacións externas de servizos.

Procesos de consolidación de emprego, procesos de funcionarización e procesos de promoción interna

4.40. A alta porcentaxe dos interinos existentes veu desembocando en procedementos de consolidación de emprego temporal de longa duración, é dicir, de transformación de emprego precario en permanente. Un 28% das prazas ofertadas nas últimas catro OPE están reservadas a procesos de estabilización e consolidación de emprego, segundo se desprende dos datos do apartado deste informe relativo ás ofertas de emprego público.

A información soporte das OPE á que se tivo acceso para realizar este traballo non permite analizar nin cantos nin cales dos postos ocupados por interinos deben manterse ou convén amortizar, sexa de inmediato ou cando as persoas que os ocupan cesen por calquera causa (xubilación, renuncia, etc.).

Das probas realizadas constatouse que os procedementos de consolidación fundáronse en criterios de mérito e capacidade e respectaron os límites do TREBEP (disposición transitoria 4ª), entre eles que se trate de procedementos abertos nos que se outorgue á fase de concurso unha «puntuación proporcionada, que non determinará, en ningún caso, por si mesma o resultado do proceso selectivo». A xurisprudencia esixe un límite temporal para a aplicación desa disposición transitoria, de maneira que esas convocatorias separadas só poidan aprobarse para as prazas ocupadas interina ou temporalmente antes do 1 de xaneiro de 2005.

Nos últimos anos, a Administración autonómica tamén abordou distintos procesos de funcionarización de persoal laboral fixo que desempeñaba postos de funcionarios. Un 20,2% das prazas ofertadas nas últimas cinco OPE son para funcionarización de persoal laboral. A xustificación deriva de que as sucesivas regulacións da función pública viñeron a determinar os postos que debían reservarse a funcionarios e algúns postos ata ese momento cubertos por persoal laboral indefinido quedaron reservados a funcionarios, o que supuxo un problema transitorio de non prescindir do persoal laboral e non descoñecer a obriga de prover os postos con persoal funcionario. Desta forma, primeiro a LMRFP e logo o EBEP (DT 2ª) habilitaron os procesos de funcionarización deste persoal.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 67 a 166

A disposición transitoria primeira da LEPG habilitou á Administración a desenvolver un proceso selectivo por unha soa vez, polo sistema de concurso-oposición, de forma independente aos procesos selectivos de libre concorrencia en cada un dos corpos aos que figure adscrito o persoal laboral.

Desta forma, estes procesos realízanse como procesos restrinxidos que constitúen unha excepción ao disposto no artigo 61 do EBEP, que establece a carácter aberto dos procesos selectivos en garantía da libre concorrencia e sen prexuízo da promoción interna e das medidas de discriminación positiva.

Por último, a promoción interna configúrase como unha modalidade da carreira profesional para a que a lei efectúa unha reserva de prazas nas convocatorias de probas selectivas –un mínimo dun vinte e cinco por cento das prazas convocadas reservarase para persoal funcionario pertencente a corpos ou escalas do subgrupo ou grupo de clasificación–. Tamén, froito dos acordos de estabilización do emprego, nos dous últimos anos -2018 e 2019- viñéronse convocando procesos independentes para a promoción interna de funcionarios e laborais, de carácter restrinxido ao abeiro dos supostos contemplados pola lei que permiten excepcións ao principio de libre acceso no emprego público.

En conxunto, os procesos restrinxidos de funcionarización e promoción interna, xunto cos de consolidación de emprego, aínda sen cuestionar a súa habilitación legal, viñeron a supoñer máis dun 77% das prazas convocadas nas OPE de 2018 e 2019.

A duración dos procesos de selección

4.41. Un dos principios reitores que se establecen para o desenvolvemento dos procesos selectivos é o de axilidade, deixando sempre a salvo a necesaria obxectividade (artigo 55 do EBEP e 49.h da LEPG). Sen prexuízo do cumprimento dos prazos establecidos para a convocatoria desde que se publica OPE -a oferta debe desenvolverse no prazo máximo de tres anos contado a partir do día seguinte ao da publicación no DOG-, parece necesario reducir considerablemente os prazos dos procesos de selección co fin de cumprir con ese principio de axilidade e tamén favorecer a substitución xeracional nun contexto marcado polo significativo envellecemento da función pública autonómica.

Nos procesos da OPE de 2015 o tempo medio transcorrido desde a data publicación no DOG da oferta á data da convocatoria é de máis de 22 meses, e en catro dos procesos a convocatoria realizouse ao límite dos tres anos; pero o tempo medio transcorrido entre a convocatoria e o 3º exercicio (non se dispón en todos os casos da data de nomeamento) non é inferior e supera os 28 meses. A determinación dun prazo máximo para a finalización das probas, a contar desde a súa convocatoria, podía ser unha medida de aceleración destes procesos selectivos.

No seguinte cadro preséntase o seguimento realizado dos procesos selectivos que se desenvolven en execución da OPE de 2015, publicada no DOG do 7 de marzo de 2015.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 68 a 166

Cadro 39: Convocatorias dos procesos da oferta de emprego público 2015

Código	Nº prazas	Convocatoria	Design. tribunal	1º exercicio	Finalización probas	Estado actual do proceso
Grupo A1 Escala 205G	4	07/03/2018	19/07/2018	30/11/2019		Terceiro exame 13/10/2020
Grupo A1 Escala 2067	55*	07/04/2017	09/02/2018	20/05/2018	10/12/2019	Convoc. elección dest. prov. 06/10/2020
Grupo A1 Escala 2071	4	04/05/2016	27/02/2017	18/04/2017	20/12/2017	Nomeamento 05/01/2018
Grupo A1 Escala 2083	4	03/05/2016	02/12/2016	02/01/2017	08/01/2018	Nomeamento 25/06/2018
Grupo A1 Escala 2086	8	07/04/2017	07/06/2019	08/07/2019	26/02/2020	Convo. dest. prov. 06/10/2020
Grupo A1 Escala 2086	6	08/03/2018	07/06/2019	11/07/2019		Cuarto exame o 16/11/2020
Grupo A2 Escala 205F	9	08/03/2018	07/06/2019	10/07/2019	17/07/2020	
Grupo A2 Escala 210B	3	07/03/2018	07/06/2019	12/07/2019		Punt. 3º exame 16/10/2020
Grupo C1 escala 2053	19	18/06/2015	27/05/2016	09/07/2016	02/05/2017	Nomeamento 15/11/2017
Grupo C1 escala 207C	20	27/12/2016	29/05/2017	23/06/2017	19/11/2018	Nomeamento 18/02/2019
Grupo A2 Escala 2059	41	18/06/2015	27/05/2016	30/06/2016	11/12/2017	Nomeamento 06/02/2018
Laborais G5 Cat. 003	6	07/03/2016	03/03/2017	22/03/2017	25/04/2018	Nomeamento 18/06/2018

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da DXFP

Órganos de selección

4.42. A Comisión de expertos do EBEP tiña sinalado que unha das claves fundamentais de credibilidade dos procesos de selección para o acceso ao emprego público xira en torno á imparcialidade e obxectividade dos órganos de selección. Unha resposta adecuada para este obxectivo ten que ver coa adopción e aplicación de medidas que garantan o cumprimento destes principios. Neste sentido, as medidas adoptadas e xa aplicadas na Comunidade Autónoma son as seguintes:

- A prohibición legal de formar parte dos tribunais de persoal de elección ou designación política, interinos ou persoal temporal ou persoal eventual.

- A prohibición legal de formar parte dos tribunais das persoas preparadoras de aspirantes.

- O Código ético institucional incorpora medidas específicas de reforzo da imparcialidade nos procesos selectivos, como normas de funcionamento dos procesos para evitar filtracións, as causas de abstención e recusación e as prohibicións para os preparadores de aspirantes, ou os mecanismos de selección aleatoria de preguntas.

- O desenvolvemento de procedementos de funcionamento dos órganos de selección.

- A limitación de presenza de representantes sindicais.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 69 a 166

Outros aspectos que están sen desenvolver, e que poderían abordarse como medida adicional nos casos en que sexa viable podían ser os seguintes:

- A creación de órganos especializados e permanentes para a organización dos procesos selectivos.

- A designación dos membros destes órganos para determinados procesos mediante técnicas de sorteo a partir de persoas seleccionadas previamente con capacitación, competencia e preparación.

- A gravación das probas orais dos procesos.

Polo demais, na constitución dos órganos de selección respectouse o requisito de pertenza ao grupo ou escala profesional esixidos, a pertenza a titulo individual, e a paridade entre homes e mulleres no conxunto das OPE.

IV.5.4. PROCESOS DE PROVISIÓN, MOBILIDADE E PROMOCIÓN

A provisión mediante concurso

4.43. Dentro da mobilidade do persoal funcionario, a lei establece como procedementos ordinarios de provisión de postos de traballo tanto o concurso, nas dúas variantes de concurso ordinario e específico, como a libre designación con convocatoria pública.

O concurso específico destínase, en particular, para a provisión dos postos de xefatura de servizo que non se cubran polo procedemento de libre designación, e a súa regulación establece como novidade a valoración do posto cada cinco anos co fin de determinar a continuidade ou o cesamento da persoa titular. A relacións de postos prevén o concurso específico para a provisión dun 6,2% dos postos de traballo.

O concurso ordinario é o procedemento previsto nas RPT para a de provisión do 84,3% dos postos de traballo de funcionarios. Sen embargo, na práctica a provisión por concurso ordinario dos postos que teñen esta forma de provisión estivo lonxe da realidade, fundamentalmente polas coberturas provisorias con outros sistemas de cobertura excepcionais. Así, o 44% das prazas de funcionarios que teñen como forma de provisión o concurso ordinario aparecen cubertas a 31 de decembro de 2019 de forma provisional mediante comisións de servizos, adscricións provisionais, ou mediante a incorporación de interinos.

Menos operatividade aínda está tendo o concurso específico, que só se utilizou para a cobertura do 2% das prazas ocupadas que prevén este sistema de provisión, que na actualidade está pendente do desenvolvemento regulamentario previsto na LEPG.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 70 a 166

Esta elevada taxa de provisionalidade revela que o sistema de provisión de postos por concurso non está funcionando adecuadamente como forma regular de provisión, e foi substituído en gran medida pola ampliación de supostos de cobertura excepcional (comisións de servizos e adscricións provisionais).

Na medida en que esta limitación afecta tamén aos grupos superiores, a posibilidade de realizar unha carreira vertical na Administración xeral baseada no mérito vese limitada.

Nos últimos anos as convocatorias de concursos non están seguindo unha periodicidade adecuada. Para o persoal funcionario de corpos xerais, desde o ano 2014 só se convocaron dous concursos ordinarios, en 2015 e en 2019 (este último pendente de resolver); e non se convocou ningún concurso específico. No mesmo período existiron dúas convocatorias para as escalas de estatística, finanzas e gardacostas. Tampouco os concursos de persoal laboral se están convocando coa periodicidade anual que esixe o convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. Segundo a información facilitada, os últimos concursos convocados son dos anos 2011 e 2012.

A provisión mediante libre designación

4.44. A libre designación con convocatoria pública consiste na apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto.

O risco que presenta a utilización desta figura é que a discrecionalidade que cabe na designación dos candidatos quebre os principios de mérito e capacidade no seu nomeamento.

A LEPG contempla a libre designación como un procedemento ordinario de provisión, e resérvaa para as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos e, excepcionalmente, aqueloutros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo.

No exercicio 2019, o 3,7% dos efectivos (880 efectivos) ocupan un posto de traballo polo sistema de libre designación; aínda que só un 82% teñen esta forma de provisión como destino definitivo.

Dentro do persoal funcionario (866), máis da terceira parte dos postos reservados a libre designación corresponden ás subdireccións xerais (219 postos); séguenlle as xefaturas de servizo (436), os postos de niveis 20 a 26 (132 postos de habilitados, secretarios e colaboradores de altos cargos), e finalmente os postos de niveis 14 a 18 (79 casos).

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 71 a 166

Cadro 40: Funcionarios de carreira en libre designación 2014-2019

	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Destino definitivo por libre design.	1.081	1.075	983	925	896	880

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da DXFP. Inclúe os postos da Administración xeral e entidades públicas instrumentais e inclúe postos de funcionarios (866) e laborais (14 directivos de centros residenciais)

4.45. As resolucións de adxudicación de postos analizadas conteñen unha escasa motivación da elección do candidato, non precisan os criterios concretos elixidos como prioritarios para decidir o seu nomeamento, nin as calidades profesionais consideradas nos funcionarios nomeados para apreciar que concorren nel en maior medida que nos restantes candidatos. Non existe polo tanto unha publicidade adecuada dos méritos e dos criterios de valoración considerados para a selección dos candidatos.

Da análise da información obtida en tres centros nos que se realizou unha revisión de expedientes (consellerías de Educación, Política Social e Medio Rural), só nos da consellería de Educación se atopou algunha memoria proposta na que se alude os méritos considerados na persoa candidata seleccionada e a comparación con respecto aos restantes candidatos.

Parece necesario, polo tanto, afondar nas propostas de resolución sobre a motivación acerca dos criterios de baremación utilizados para a selección dos candidatos, de xeito que se faga máis transparente a información sobre a acreditación da súa idoneidade e de que estes criterios concorren en maior medida na persoa seleccionada fronte ao resto de participantes, e evitar así a posible xudicialización dos procedementos de selección.

Convén lembrar aquí o estándar de motivación que a este respecto aplican na actualidade os tribunais, esixindo, desde unha perspectiva obxectiva, a exposición circunstanciada dos méritos que segundo a convocatoria foron considerados prioritarios para elixir a un candidato sobre os demais aspirantes; e, desde unha perspectiva subxectiva, a exposición detallada dos méritos individuais do aspirante elixido, que xustifican situalo por encima dos demais candidatos, o que implica expoñer polo menos de maneira sucinta e en clave comparativa os méritos dos outros concursantes. Non basta con exteriorizar frases abstractas e estereotipadas que poidan ser igualmente aplicables a calquera outro nomeamento, nin cumpre o estándar mínimo de suficiencia unha motivación que se limita a afirmar que o candidato elixido cumpre satisfactoriamente todos os requisitos esixidos na convocatoria.

É máis, respecto aos demais aspirantes que non fosen elixidos, o acto administrativo polo que se asigna libremente o posto de traballo tamén debería xustificar como se valoraron os seus méritos e exteriorizar as razóns que levaron á conclusión de que a súa candidatura non era a máis idónea por razón do perfil profesional buscado.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 72 a 166

Os sistemas de provisión excepcional. Comisións de servizos e adscricións provisionais

4.46. A provisión de postos de traballo de maneira definitiva é un factor clave para a independencia, obxectividade e neutralidade no emprego público. Neste sentido, as situacións de provisionalidade prolongada na ocupación de postos mediante formas de provisión transitoria afectan ao cumprimento dos indicados principios.

A Lei do emprego público de Galicia establece como procedementos extraordinarios de provisión de postos de traballo a comisión de servizos voluntaria, a adscrición provisional, a adscrición por motivos de saúde ou rehabilitación, a permuta de postos de traballo e o traslado voluntario a sectores prioritarios de actividade pública con necesidades específicas de efectivos.

As dúas primeiras formas de provisión -comisión de servizos e adscrición provisional-, aínda que se consideran legalmente excepcionais, alcanzaron unha presenza moi destacada na función pública galega. Nos últimos exercicios, a utilización habitual destas fórmulas debe poñerse en relación coas limitacións impostas coa taxa na reposición de efectivos, e coa paralización das convocatorias periódicas dos concursos de provisión de postos de traballo, en especial coa falta de desenvolvemento dos concursos específicos.

Comisións de servizos voluntarias

4.47. A 31 de decembro de 2019, un total de 1.884 empregados públicos figuraban prestando servizos en comisión de servizos, cunha evolución que intensificou nos últimos anos esta forma provisional do desempeño.

Cadro 41: Funcionarios de carreira en comisión de servizos 2014-2019

	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Comisión de servizos	981	1.290	1.026	1.387	1.702	1.884

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da DXFP. Administración xeral e entidades instrumentais

Aínda que se trata dunha forma de provisión temporal, en determinados casos -excepcionais- a súa duración está a desnaturalizar ese carácter. Da información da Base de datos de efectivos da DXFP puido constatarse que, no conxunto das comisións vixentes a 31 de decembro de 2019, un 80%

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 73 a 166

daquelas non superan os dous anos de duración, un 14% exceden dese prazo, e outro 4,6% supera os cinco anos.

Non se dispuxo de información para comprobar os supostos nos que se están a desenvolver estas comisións de servizos (casos de vacantes, postos suxeitos a reserva legal, substitucións de persoal con crédito horario, ou supostos do artigo 100 da LEPG), e polo tanto para determinar se se están a cumprir os prazos máximos establecidos regulamentariamente.

Non obstante, do contraste de datos da *Base de datos de efectivos* e da *Base de datos de postos* da DXFP puido constarse que a 31.12.2019 existían polo menos 760 vacantes que estaban cubertas mediante comisión de servizos, e destas últimas un 44% superan os dous anos de duración.

Por centros e por grupos ou categorías de persoal, o número de postos ocupados por mediante comisión de servizos preséntase no seguinte cadro:

Cadro 42: Persoal en comisión de servizos a 31.12.2019

Consellería	Funcionarios					Laborais		Total
	A1	A2	C1	C2	E	2	3	
Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	41	12	53	46	2			**154**
Sanidade	66	4	31	54	2			**157**
Cultura e Turismo	12	13	19	24	1			**69**
Educación e Universidade	10	17	32	100	7			**166**
Economía, Emprego e Industria	22	14	40	44	3			**123**
Emprego e Igualdade	18	23	59	56	3			**159**
Facenda e Administración Pública	30	40	44	64				**178**
Infraestruturas e Mobilidade	16	16	29	37	2			**100**
Medio Rural	82	91	84	78	2		1	**338**
Mar	19	7	24	33	2			**85**
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia	25	19	41	69	8	1	1	**164**
Política Social	20	13	28	63		2	2	**128**
Presidencia da Xunta de Galicia	7	14	22	15	2			**60**
Outros	1		1		1			**3**
Total	**369**	**283**	**507**	**683**	**35**	**3**	**4**	**1.884**

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da DXFP. Administración xeral e entidades instrumentais

O carácter excepcional das comisións de servizos require de motivación xustificativa das razóns de urxencia e interese público para a cobertura do posto e da ausencia doutro procedemento para facelo. Nos expedientes analizados dos tres centros directivos nos que se realizaron probas non se constatou documentación que recollera esa xustificación; antes ben, as comisións de servizos estanse utilizando como unha fórmula máis de cobertura de vacantes, alternativa aos procedementos ordinarios de provisión. Tampouco consta nos expedientes a motivación da designación dos candidatos seleccionados, nin se lle está dando publicidade aos criterios de valoración dos candidatos.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 74 a 166

Adscricións provisionais

4.48. Esta situación provisoria está prevista para o persoal funcionario que cese nun posto sen obter outro polos procedementos ordinarios e quede a disposición do órgano competente en materia de persoal, ou nos casos de reingreso ao servizo activo ou rehabilitación en tanto non se obteña un posto definitivo. Este persoal ten a obriga de participar nos concursos que se convoquen para postos adecuados ao seu corpo ou escala.

O número de efectivos nesta situación de adscrición provisional nos últimos anos preséntase no seguinte cadro:

Cadro 43: Persoal en adscrición provisional 2014-2019

	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Adscrición provisional	226	327	301	361	395	494

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da DXFP. Administración xeral e entidades instrumentais

Por centros e por grupos ou categorías de persoal, o número de postos ocupados en adscrición provisional móstrase no seguinte cadro:

Cadro 44: Persoal en adscrición provisional por centros 2019

Consellería	Funcionarios					Laborais			Total
	A1	A2	C1	C2	E	1	2	3	
Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	19	3	7	5				4	**38**
Sanidade	10		2	6	1			2	**21**
Cultura e Turismo	2								**2**
Educación e Universidade	10	3	1	4	1			5	**24**
Economía, Emprego e Industria	2	4	4	16	1		1	14	**42**
Emprego e Igualdade	14	7	7	2	1				**31**
Facenda e Administración Pública	7	5	4	4	1	27	1	2	**51**
Infraestruturas e Mobilidade	6	11	3	8					**28**
Medio Rural	11		4	4	1			3	**23**
Mar	24	14	6	10				30	**84**
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia	15		26	3				1	**45**
Política Social	16	4	7	8	2	1		5	**43**
Presidencia da Xunta de Galicia	5	5	8	4	2	3	4	19	**50**
Outros	2	2	1	3					**8**
Total	**146**	**59**	**80**	**77**	**10**	**31**	**6**	**85**	**494**

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da DXFP. Administración xeral e entidades instrumentais. Inclúe persoal funcionario e laboral

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 75 a 166

Da información da *BD de efectivos da DXFP* puido constatarse que no conxunto das adscricións existentes a 31 de decembro de 2019, un 70% non superan os dous anos de duración, un 25% superan este prazo, e outro 5% supera os cinco anos. Tratándose dunha forma de provisión temporal, nestes casos excepcionais a súa duración está a desnaturalizar ese carácter.

A progresión profesional. A carreira profesional

4.49. Fronte aos sistemas de promoción vertical, que ligan a progresión unicamente ao cambio de posto, a carreira horizontal permite a progresión profesional sen obrigar a cambiar de posto de traballo. Desta forma favorece a retención de profesionais competentes e desincentiva as formas de provisión transitoria (comisións de servizos) ás que se recorre para suplir as dificultades de promoción e para evitar esa perda de persoal competente nas distintas unidades.

En desenvolvemento do previsto no EBEP, a Comunidade Autónoma galega, ao igual que o fixeron outras cinco CCAA, regulou na Lei do emprego público de Galicia de 2015 a carreira horizontal.

As características comúns da regulación son o establecemento de distintos graos de ascenso e a vinculación coa avaliación do desempeño.

Porén, a propia Lei do emprego público de Galicia adiou a súa posta en marcha ao desenvolvemento pormenorizado por vía regulamentaria, que ata o momento non se realizou. Só dúas Comunidades (Asturias e Valencia) desenvolveron de forma máis completa a avaliación do desempeño.

A disposición transitoria oitava da lei habilitou, en tanto non se implante o sistema de carreira profesional, a posibilidade de establecer un sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, complementario ao do grao persoal, que permita ao persoal funcionario de carreira progresar, e recoñecer a este persoal unha retribución adicional ao complemento de destino segundo o grupo ou subgrupo profesional de pertenza que remunere a progresión profesional.

A Orde da Consellería de Facenda do 15 de xaneiro de 2019 deu publicidade ao Acordo de concertación do emprego público de Galicia, que regula na súa sección segunda o sistema de carreira profesional ordinario e extraordinario, aplicable ao persoal empregado público da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das súas entidades instrumentais, ao persoal funcionario de carreira pertencente ás escalas de saúde pública e Administración sanitaria, e ao persoal laboral fixo suxeito ao V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia.

O sistema de carreira iniciouse cun grao inicial sen retribución e tres graos máis cun complemento de carreira adicional aos conceptos retributivos actuais con contías que serán actualizadas anualmente nas sucesivas leis de orzamentos para a retribución do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 76 a 166

de Galicia. O pagamento do complemento correspondente ao grao I recoñecido producirase de maneira progresiva en tres anualidades, en función das dispoñibilidades orzamentarias e con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de cada ano.

No exercicio 2019 recoñeceuse o grao I da carreira profesional aos empregados públicos da Administración xeral, que empezaron a percibir estas contías desde o 1 de xaneiro de 2019. O gasto rexistrado nese exercicio por este concepto foi de 3,7 millóns de euros.

O sistema constitúe a aplicación práctica dunha primeira aproximación á carreira horizontal regulada no EBEP e na LEPG, baseada fundamentalmente na antigüidade e sen conexión efectiva cun sistema de avaliación individual do desempeño.

Sendo conscientes de que as dificultades para a definición e implantación desta avaliación e a falta de recursos necesarios é o que condiciona a posta en práctica do modelo, parece necesario ir avanzando nas pautas ou requirimentos previos precisos para o desenvolvemento de sistemas de avaliación do desempeño.

Neste sentido, o Grupo de Traballo da Comisión de Coordinación do Emprego Público sobre avaliación do desempeño estableceu entre estas pautas, en primeiro lugar, o desenvolvemento regulamentario da forma ou metodoloxía para levala a cabo, a análise de postos de traballo, a definición de áreas funcionais e catálogos de competencias, e o establecemento dunha xestión por obxectivos que permita a aliñación dos obxectivos individuais cos estratéxicos da organización.

No *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024*, aprobado polo Consello da Xunta en maio de 2021, sinálanse como medidas a adoptar nesta dirección o desenvolvemento regulamentario e a análise da carga de traballo dos postos, iniciada pola DXARA en determinados centros directivos.

Como feito posterior ao peche dos traballos de campo deste informe, a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ditou unha sentenza que anula o acordo entre a Xunta e os sindicatos CC.OO. e UGT polo que se establece o sistema de carreira profesional para o persoal funcionario e laboral da Administración autonómica, por non incluír ao persoal interino e laboral temporal.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 77 a 166

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 78 a 166

ANEXOS

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 79 a 166

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 80 a 166

ANEXO I. EVOLUCIÓN EMPREGADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DE GALICIA

BLOQUE	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
CONSELLERÍAS E OOAA											
FUNCIONARIOS	**9.170**	**9.156**	**9.184**	**9.028**	**8.719**	**8.417**	**8.326**	**8.206**	**8.165**	**8.116**	**8.073**
F. de carreira	8.178	8.346	8.508	8.371	8.080	7.769	7.693	7.521	7.432	7.309	7.188
F. interinos	992	810	676	657	639	648	633	685	733	807	885
LABORAIS	**7.148**	**7.064**	**7.671**	**7.983**	**7.947**	**7.793**	**7.618**	**7.696**	**7.552**	**7.375**	**7.770**
Fixos	5.606	5.493	5.400	5.285	5.192	5.059	4.930	4.442	4.298	4.093	3.928
Fixos descontinuos	0	0	0	0	0	0	0	302	281	263	236
Temporais	1.542	1.571	2.271	2.698	2.755	2.734	2.688	2.952	2.973	3.019	3606
DOCENCIA NON UNIVERSIT.											
Docentes											
FUNCIONARIOS	**30.826**	**30.583**	**29.859**	**29.506**	**29.546**	**29.540**	**29.400**	**29.419**	**29.422**	**29.384**	**29.271**
F. de carreira	28.955	29.067	28.242	27.536	26.703	26.169	25.328	24.177	24.179	23.703	24.050
F. interinos	1.871	1.516	1.617	1.970	2.843	3.371	4.072	4.248	4.346	3.978	3.560
Docentes en formación	0	0	0	0	0	0	0	994	897	1.703	1.661
LABORAIS	**875**	**878**	**868**	**852**	**812**	**794**	**765**	**776**	**731**	**752**	**770**
Fixos	775	878	868	852	812	794	738	723	705	692	669
Fixos descontinuos	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Temporais	100	0	0	0	0	0	27	53	26	60	101
Non docentes											
FUNCIONARIOS	**1.338**	**1.137**	**1.359**	**1.333**	**1.333**	**1.338**	**1.332**	**1.385**	**1.377**	**1.353**	**1.352**
F. de carreira	1.093	1.150	1.114	1.073	1.051	1.061	1.045	1.030	963	921	893
F. interinos	245	187	245	260	282	277	287	355	414	432	459
LABORAIS	**2.512**	**2.467**	**2.435**	**2.426**	**2.434**	**2.360**	**2.466**	**2.444**	**2.398**	**2.388**	**2.339**
Fixos	1.776	1.696	1.656	1.631	1.639	1.587	1.533	1.465	1.383	1.345	1.256
Fixos descontinuos	0	0	0	0	0	0	0	0	3	3	2
Temporais	736	771	779	795	795	773	933	979	1.012	1.040	1.081
INSTITUCIÓNS SANITARIAS											
PERSOAL SANITARIO											
ESTATUTARIOS	**22.951**	**23.130**	**22.838**	**22.673**	**22.458**	**22.892**	**23.625**	**24.041**	**24.228**	**24.818**	**25.512**
Estatutarios fixos	17.343	17.343	19.384	18.892	18.337	17.870	17.643	17.525	17.303	16.722	16.723
Estatutarios temporais	5.608	5.787	3.454	3.781	4.121	5.022	5.982	6.516	6.925	8.096	8.789
FUNCIONARIOS	**1.033**	**1.742**	**1.046**	**1.009**	**905**	**852**	**786**	**738**	**684**	**606**	**513**
F. de carreira	1.032	1.740	1.045	1.008	905	852	786	738	684	606	513
F. interinos	1	2	1	1	0	0	0	0	0	0	0
LABORAIS	**103**	**165**	**155**	**143**	**85**	**83**	**69**	**139**	**132**	**122**	**56**
Fixos	89	147	145	137	80	78	65	65	59	53	38
Temporais	14	18	10	6	5	5	4	74	73	69	18
P. EN FORMACIÓN	**1.274**	**1.307**	**1.337**	**1.350**	**1.366**	**1.371**	**1.376**	**1.382**	**1.366**	**1.408**	**1.446**

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 81 a 166

BLOQUE	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
PERSOAL NON SANITARIO											
ESTATUTARIOS	**8.336**	**8.281**	**8.163**	**7.968**	**7.889**	**7.873**	**7.973**	**8.025**	**7.904**	**7.973**	**8.085**
Estatutarios fixos	6.594	6.395	7.026	6.851	6.641	6.425	6.297	6.255	6.024	5.858	5.723
Estatutarios temporais	1.742	1.886	1.137	1.117	1.248	1.448	1.676	1.770	1.880	2.115	2.362
FUNCIONARIOS	**171**	**161**	**147**	**130**	**191**	**192**	**180**	**152**	**141**	**124**	**115**
F. de carreira	171	160	146	129	189	190	178	150	138	121	113
F. interinos	0	1	1	1	2	2	2	2	3	3	2
LABORAIS	**98**	**162**	**112**	**99**	**91**	**68**	**48**	**91**	**89**	**85**	**69**
Fixos	77	134	97	88	64	58	38	41	45	45	45
Temporais	21	28	15	11	27	10	10	50	44	40	24
PERSOAL ADM. XUSTIZA											
FUNCIONARIOS	2.755	2.786	2.540	2.526	2.546	2.535	2.535	2768	2788	2.811	2.888
LABORAIS	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
E. PÚBLICAS EMPRESARIAIS											
AUGAS DE GALICIA	45	45	0	182	180	176	182	178	175	178	179
IGAPE	123	128	113	120	116	115	113	113	120	122	127
INEGA	38	46	49	47	35	28	28	28	29	30	31
INTECMAR	48	50	53	52	52	52	54	57	52	56	57
PORTOS DE GALICIA	122	115	113	112	107	106	107	304	107	106	108
OUTRO PERSOAL TEMPORAL (con contrato inferior 6 meses)											
Consellerías e OOAA									298		
Docentes non universitarios									1.388		
Non docentes									152		
Totais	**88.966**	**89.403**	**88.042**	**87.539**	**86.812**	**86.585**	**86.983**	**87.942**	**89.298**	**87.807**	**88.259**

Fonte: Datos estatísticos DXFP

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://conselldecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 82 a 166

ANEXO II. EVOLUCIÓN DO EMPREGO PÚBLICO NAS CCAA 2009-2019

II.1. EVOLUCIÓN GLOBAL EFECTIVOS CCAA 2009-2019

CCAA	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	V. 09-14	V. 14-19	V. 09-19
Andalucía	254.496	254.671	255.252	238.909	237.235	237.549	237.270	237.471	240.742	241.775	244.058	-6,66%	2,74%	-4,10%
Aragón	43.865	43.594	43.425	42.319	42.536	42.232	44.528	44.847	45.927	46.086	46.312	-3,72%	9,66%	5,58%
CF Navarra	23.921	23.950	23.809	23.095	23.037	23.055	23.405	23.440	24.409	25.008	26.122	-3,62%	13,30%	9,20%
C Madrid	162.078	159.702	157.108	154.530	149.479	149.220	150.587	153.640	155.452	158.259	161.756	-7,93%	8,40%	-0,20%
C. Valencia	126.967	126.751	129.617	127.824	116.569	117.037	118.016	119.376	122.564	123.283	126.656	-7,82%	8,22%	-0,24%
Canarias	60.992	61.963	61.867	59.948	59.522	59.293	57.766	60.925	61.345	62.149	65.040	-2,79%	9,69%	6,64%
Cantabria	20.425	20.210	19.996	19.555	19.442	19.536	20.235	19.979	20.471	20.586	20.221	-4,35%	3,51%	-1,00%
C. La Mancha	69.634	69.378	71.361	66.790	66.272	64.049	66.506	66.027	67.512	73.370	69.828	-8,02%	9,02%	0,28%
Castilla León	87.721	87.264	86.978	85.671	84.547	84.327	84.596	84.407	84.498	83.990	84.004	-3,87%	-0,38%	-4,24%
Cataluña	164.441	165.774	168.359	165.092	163.673	164.586	165.403	167.095	174.116	174.558	180.068	0,09%	9,41%	9,50%
Extremadura	48.541	48.568	49.462	49.327	48.971	49.993	51.030	51.114	51.879	50.984	52.237	2,99%	4,49%	7,61%
Galicia	**88.590**	**89.219**	**87.714**	**87.026**	**86.322**	**86.108**	**86.499**	**86.268**	**86.098**	**85.612**	**86.598**	**-2,80%**	**0,57%**	**-2,25%**
Illes Balears	27.202	27.331	29.425	27.947	27.802	27.179	28.982	28.379	28.306	28.325	29.061	-0,08%	6,92%	6,83%
La Rioja	10.035	10.052	10.401	9.884	10.393	10.240	10.517	10.675	10.926	10.883	10.935	2,04%	6,79%	8,97%
P. Asturias	35.921	36.303	35.792	34.744	35.259	35.665	35.865	36.327	36.658	37.049	37.520	-0,71%	5,20%	4,45%
P. Vasco	64.146	62.882	67.432	67.488	67.197	67.574	66.311	66.787	67.163	69.222	69.160	5,34%	2,35%	7,82%
R. Murcia	53.993	51.783	53.908	47.028	46.325	46.376	47.572	47.179	48.487	48.543	48.905	-14,11%	5,45%	-9,42%
Total	**254.496**	**254.671**	**255.252**	**238.909**	**237.235**	**237.549**	**237.270**	**237.471**	**240.742**	**241.775**	**244.058**	**-6,66%**	**2,74%**	**-4,10%**

Fonte: Central de Información do Ministerio de Hacienda. Efectivos de persoal

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 83 a 166

II.2. EVOLUCIÓN DE EFECTIVOS DAS CCAA INSTITUCIÓNS SANITARIAS 2009-2019

CCAA	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	V. 09-14	V. 14-19	V. 09-19
Andalucía	95.429	94.951	95.394	88.367	90.106	89.949	89.838	91.037	94.469	95.023	95.627	-5,74%	6,31%	0,21%
Aragón	16.696	16.333	16.545	16.301	16.295	15.890	17.371	17.383	17.630	17.700	17.856	-4,83%	12,37%	6,95%
CF Navarra	9.255	9.147	9.113	8.854	8.689	8.725	8.962	9.340	9.776	9.973	10.173	-5,73%	16,60%	9,92%
C Madrid	72.201	71.291	71.026	69.181	65.328	65.477	66.344	71.670	72.577	73.634	74.917	-9,31%	14,42%	3,76%
C. Valenciana	52.161	53.532	54.059	54.376	43.792	43.789	44.060	44.140	44.410	46.524	47.608	-16,05%	8,72%	-8,73%
Canarias	24.516	24.775	24.363	23.764	23.741	23.529	22.450	23.646	23.589	24.265	25.706	-4,03%	9,25%	4,85%
Cantabria	7.929	7.918	7.723	7.741	7.947	7.951	8.252	7.947	8.000	8.198	7.615	0,28%	-4,23%	-3,96%
C. La Mancha	22.988	22.688	27.985	26.472	25.710	25.204	25.003	24.914	25.141	30.003	26.055	9,64%	3,38%	13,34%
Castilla-León	34.197	34.531	34.291	34.206	33.695	33.531	33.983	34.064	33.973	34.011	34.211	-1,95%	2,03%	0,04%
Cataluña	35.450	35.456	39.106	39.089	38.036	38.691	38.823	39.759	41.523	42.536	44.729	9,14%	15,61%	26,17%
Extremadura	15.555	15.599	15.206	15.285	15.092	15.342	15.885	16.024	16.398	16.543	16.461	-1,37%	7,29%	5,82%
Galicia	**33.966**	**34.948**	**33.798**	**33.372**	**32.985**	**33.331**	**34.057**	**34.568**	**34.544**	**35.136**	**35.796**	**-1,87%**	**7,40%**	**5,39%**
Illes Balears	9.300	9.261	13.038	12.666	12.423	11.592	13.116	11.935	11.647	11.876	12.078	24,65%	4,19%	29,87%
La Rioja	3.530	3.612	3.542	3.357	3.440	3.332	3.299	3.363	3.449	3.356	3.550	-5,61%	6,54%	0,57%
P. Asturias	14.694	15.208	14.831	14.685	14.672	14.873	14.989	15.369	15.450	15.644	15.956	1,22%	7,28%	8,59%
P. Vasco	22.840	22.972	24.895	25.367	25.212	24.775	24.646	24.441	24.566	25.772	25.938	8,47%	4,69%	13,56%
R. Murcia	19.644	19.778	20.270	19.696	19.526	19.484	19.548	19.592	19.719	20.030	20.676	-0,81%	6,12%	5,25%
Total	**470.707**	**472.222**	**484.915**	**473.083**	**457.163**	**455.981**	**461.078**	**469.600**	**477.142**	**490.194**	**494.276**	**-3,13%**	**8,40%**	**5,01%**

Fonte: Central de Información do Ministerio de Hacienda. Efectivos de persoal

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 84 a 166

II.3. EVOLUCIÓN DE EFECTIVOS DAS CCAA DOCENCIA NON UNIVERSITARIA 2009-2019

CCAA	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	V. 09-14	V. 14-19	V. 09-19
Andalucía	113.479	114.945	115.567	108.153	108.015	108.165	108.188	107.837	107.996	108.525	110.277	-4,68%	1,95%	-2,82%
Aragón	16.588	16.877	16.754	16.197	16.071	16.337	16.984	17.187	18.227	17.948	17.992	-1,51%	10,13%	8,46%
CF Navarra	8.524	8.623	8.583	8.075	8.190	8.183	8.381	8.239	8.671	8.993	9.858	-4,00%	20,47%	15,65%
C Madrid	56.047	54.459	53.207	52.491	52.088	52.349	53.053	53.617	54.365	55.270	56.707	-6,60%	8,32%	1,18%
C. Valencia	56.661	55.416	57.896	56.783	56.232	56.703	57.157	58.426	61.014	59.078	60.254	0,07%	6,26%	6,34%
Canarias	25.943	26.622	26.432	25.897	25.951	26.110	26.216	27.234	28.053	28.188	29.719	0,64%	13,82%	14,55%
Cantabria	7.119	7.048	7.085	6.879	6.646	6.852	7.223	7.233	7.550	7.397	7.386	-3,75%	7,79%	3,75%
C. La Mancha	27.423	27.414	29.894	27.637	28.499	26.702	29.655	29.168	30.533	31.006	31.465	-2,63%	17,84%	14,74%
Castilla León	31.452	31.308	31.557	30.668	30.648	30.731	30.727	30.325	30.689	30.106	30.410	-2,29%	-1,04%	-3,31%
Cataluña	72.579	73.195	73.546	71.001	71.487	72.504	73.452	74.392	79.152	78.180	80.857	-0,10%	11,52%	11,41%
Extremadura	17.293	17.252	17.480	17.501	17.478	18.208	18.886	18.766	19.254	18.428	19.289	5,29%	5,94%	11,54%
Galicia	**35.551**	**35.265**	**34.521**	**34.117**	**34.125**	**34.032**	**33.963**	**33.030**	**33.031**	**32.174**	**32.071**	**-4,27%**	**-5,76%**	**-9,79%**
Illes Balears	12.445	12.668	12.449	11.662	11.840	12.061	12.446	12.831	12.826	12.529	12.950	-3,09%	7,37%	4,06%
La Rioja	3.714	3.693	3.904	3.618	3.918	3.827	4.143	4.165	4.368	4.369	4.214	3,04%	10,11%	13,46%
P. Asturias	12.537	12.258	12.256	11.887	12.023	12.318	12.283	12.273	12.786	12.590	12.465	-1,75%	1,19%	-0,57%
P. Vasco	24.834	23.587	24.983	24.755	24.789	25.551	25.135	25.343	25.457	26.606	26.461	2,89%	3,56%	6,55%
R. Murcia	24.382	22.407	24.192	20.148	19.948	20.397	21.332	20.894	21.979	21.627	21.053	-16,34%	3,22%	-13,65%
Total	**546.571**	**543.037**	**550.306**	**527.469**	**527.948**	**531.030**	**539.224**	**540.960**	**555.951**	**553.014**	**563.428**	**-2,84%**	**6,10%**	**3,08%**

Fonte:. Central de Información do Ministerio de Hacienda. Efectivos de persoal

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 85 a 166

ANEXO III. EVOLUCIÓN DO GASTO DE PERSOAL NAS CCAA 2009-2019 (MILLÓNS DE EUROS)

III.1. EVOLUCIÓN GLOBAL DOS GASTOS DE PERSOAL 2009-2019

CCAA	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	V. 09-13	V. 13-19	V. 09-19
Andalucía	10.630,72	10.268,10	10.209,91	9.306,22	8.957,14	9.134,03	9.548,35	10.144,97	10.294,08	10.793,82	11.238,87	-15,74%	25,47%	5,72%
Aragón	2.067,70	2.054,37	2.012,98	1.878,33	1.862,72	1.872,68	1.953,45	2.023,60	2.091,58	2.166,15	2.248,03	-9,91%	20,69%	8,72%
Asturias	1.675,06	1.589,45	1.555,71	1.459,53	1.486,99	1.502,53	1.545,80	1.563,76	1.602,65	1.634,86	1.727,71	-11,23%	16,19%	3,14%
Baleares	1.181,78	1.149,24	1.107,59	1.014,98	1.206,96	1.240,60	1.307,04	1.353,86	1.440,29	1.519,28	1.611,80	2,13%	33,54%	36,39%
Canarias	2.918,36	2.780,12	2.631,83	2.478,24	2.548,97	2.619,14	2.657,75	2.757,85	2.789,13	2.941,77	3.182,74	-12,66%	24,86%	9,06%
Cantabria	896,92	875,86	855,82	795,74	813,92	828,68	853,92	888,77	893,58	931,28	999,27	-9,25%	22,77%	11,41%
Castilla-León	3.792,10	3.750,64	3.706,90	3.413,26	3.464,20	3.455,48	3.565,13	3.616,55	3.660,14	3.707,02	3.812,44	-8,65%	10,05%	0,54%
Castilla-Mancha	3.493,06	3.494,55	3.373,67	2.833,25	2.750,92	2.753,50	2.873,90	2.905,18	3.010,35	3.148,34	3.303,83	-21,25%	20,10%	-5,42%
Cataluña	7.709,46	7.589,61	7.234,82	6.556,95	6.358,14	6.386,41	6.970,73	7.146,50	7.450,49	7.762,06	8.242,66	-17,53%	29,64%	6,92%
Extremadura	1.922,77	1.902,45	1.864,18	1.723,18	1.787,54	1.821,96	1.883,32	1.942,17	1.932,21	1.979,35	2.083,75	-7,03%	16,57%	8,37%
Galicia	**3.899,49**	**3.823,24**	**3.729,82**	**3.440,69**	**3.446,93**	**3.451,09**	**3.559,66**	**3.667,77**	**3.748,96**	**3.845,00**	**4.065,72**	**-11,61%**	**17,95%**	**4,26%**
Madrid	6.787,24	6.629,24	6.375,45	5.907,35	5.895,34	5.881,38	6.096,77	6.311,14	6.632,92	6.839,18	7.262,92	-13,14%	23,20%	7,01%
Murcia	1.176,73	1.162,60	1.119,83	1.030,09	990,20	1.945,85	2.032,26	2.098,34	2.163,19	2.215,84	2.372,84	-15,85%	139,63%	101,65%
Navarra	1.176,31	1.164,02	1.155,91	1.072,59	1.096,41	1.111,72	1.138,41	1.172,29	1.237,58	1.253,17	1.406,20	-6,79%	28,26%	19,54%
País Vasco	1.964,09	1.951,80	1.941,97	1.905,19	1.995,94	3.745,29	3.821,08	3.907,98	4.017,46	4.203,70	4.335,57	1,62%	117,22%	120,74%
La Rioja	463,94	450,28	443,04	409,77	419,35	429,50	436,82	447,21	454,93	465,03	489,87	-9,61%	16,82%	5,59%
C. Valenciana	5.426,62	5.376,28	5.243,20	4.646,82	4.749,85	4.900,36	5.222,33	5.342,17	5.437,54	5.795,10	6.190,26	-12,47%	30,33%	14,07%
Total	**57.182,34**	**56.011,86**	**54.562,63**	**49.872,18**	**49.831,51**	**53.080,20**	**55.466,74**	**57.290,10**	**58.857,09**	**61.200,94**	**64.574,49**	**-12,86%**	**29,59%**	**12,93%**

Fonte: Información orzamentaria das CCAA. Central de Información do Ministerio de Hacienda

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 86 a 166

III.2. EVOLUCIÓN DO GASTO DAS CCAA NA FUNCIÓN SANIDADE 2009-2019

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	V. 09-14	V. 14-19	V. 09-19
Andalucía	4.641,80	4.457,08	4.425,00	4.020,63	3.910,11	3.895,06	4.035,40	4.197,54	4.329,61	4.579,47	4.720,48	-15,76%	20,72%	1,70%
Aragón	1.051,17	1.049,76	1.033,69	981,19	959,90	967,25	1.023,65	1.041,37	1.064,62	1.096,25	1.141,17	-8,68%	18,88%	8,56%
Asturias	844,30	782,44	771,53	736,10	741,72	742,50	761,52	768,27	784,12	797,84	847,99	-12,15%	14,33%	0,44%
Baleares	517,25	501,73	481,12	443,27	637,09	649,76	688,89	712,24	758,75	797,21	840,23	23,17%	31,89%	62,44%
Canarias	1.406,85	1.368,73	1.331,56	1.225,34	1.263,62	1.297,91	1.333,40	1.397,40	1.406,88	1.488,15	1.636,65	-10,18%	29,52%	16,33%
Cantabria	420,75	404,55	396,06	370,86	378,27	385,21	397,66	407,32	408,69	425,51	457,58	-10,10%	20,96%	8,75%
Castilla-León	1.836,82	1.866,56	1.886,76	1.725,41	1.779,47	1.727,35	1.758,56	1.815,86	1.846,60	1.845,86	1.967,61	-3,12%	10,57%	7,12%
Castilla-Mancha	1.604,03	1.622,43	1.581,17	1.327,59	1.298,76	1.304,87	1.342,13	1.371,54	1.423,91	1.481,59	1.553,01	-19,03%	19,58%	-3,18%
Cataluña	2.230,05	2.171,16	2.001,89	1.767,56	1.686,20	1.730,86	1.867,75	1.903,32	1.988,32	2.059,13	2.246,25	-24,39%	33,21%	0,73%
Extremadura	862,67	831,67	817,81	760,72	780,81	795,39	815,87	837,33	830,77	847,23	890,19	-9,49%	14,01%	3,19%
Galicia	**1.720,66**	**1.683,96**	**1.657,25**	**1.608,80**	**1.608,00**	**1.602,43**	**1.653,40**	**1.710,53**	**1.738,11**	**1.783,81**	**1.884,15**	**-6,55%**	**17,17%**	**9,50%**
Madrid	3.476,38	3.394,43	3.303,58	3.075,60	2.994,76	2.980,27	3.081,09	3.253,80	3.452,22	3.542,75	3.735,68	-13,85%	24,74%	7,46%
Murcia	23,84	23,40	22,64	23,00	23,00	986,04	1.022,21	1.048,75	1.088,28	1.114,09	1.193,81	-3,55%	5091,54%	4907,15%
Navarra	502,98	492,23	487,02	452,91	469,36	475,03	485,77	498,10	530,42	537,58	572,92	-6,68%	22,06%	13,91%
País Vasco	45,18	44,85	43,77	40,67	42,69	1.778,09	1.805,02	1.845,83	1.903,14	2.061,14	2.066,12	-5,51%	4739,75%	4473,12%
La Rioja	201,50	194,45	186,87	172,37	173,35	176,51	175,80	180,88	183,17	189,19	200,30	-13,97%	15,55%	-0,60%
C. Valenciana	2.535,23	2.520,46	2.460,89	2.209,54	2.279,48	2.346,46	2.501,58	2.548,38	2.543,73	2.738,72	2.937,69	-10,09%	28,88%	15,87%
Total	**23.921,45**	**23.409,88**	**22.888,63**	**20.941,58**	**21.026,59**	**23.841,00**	**24.749,69**	**25.538,45**	**26.281,32**	**27.385,50**	**28.891,85**	**-12,10%**	**37,41%**	**20,78%**

Fonte: Información orzamentaria das CCAA. Central de Información do Ministerio de Hacienda

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 87 a 166

III.3. EVOLUCIÓN DO GASTO DAS CCAA NA FUNCIÓN DOCENCIA NON UNIVERSITARIA 2009-2019

CCAA	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	V. 09-14	V. 14-19	V. 09-19
Andalucía	4.351,99	4.245,30	4.214,06	3.869,87	3.809,85	3.902,20	4.121,57	4.299,98	4.329,86	4.549,09	4.669,21	-12,46%	22,56%	7,29%
Aragón	622,72	616,09	608,92	559,61	554,14	562,79	580,31	625,54	658,27	692,20	717,37	-11,01%	29,46%	15,20%
Asturias	509,13	493,48	468,69	434,97	447,30	447,84	463,61	471,04	485,26	492,81	516,56	-12,14%	15,48%	1,46%
Baleares	532,97	519,54	504,46	461,73	457,49	477,18	500,41	519,68	552,11	580,20	617,70	-14,16%	35,02%	15,90%
Canarias	1.123,73	1.039,98	951,70	911,74	936,36	967,37	978,28	1.018,79	1.025,74	1.089,66	1.167,42	-16,67%	24,68%	3,89%
Cantabria	299,02	294,70	288,02	266,26	276,49	283,37	293,00	313,62	317,27	332,77	353,76	-7,53%	27,95%	18,31%
Castilla-León	1.214,43	1.168,86	1.130,43	1.045,50	1.005,11	1.057,96	1.126,84	1.117,54	1.135,15	1.166,48	1.141,35	-17,24%	13,55%	-6,02%
Castilla-Mancha	1.351,46	1.375,54	1.328,66	1.105,26	1.054,10	1.057,00	1.112,82	1.122,72	1.176,74	1.246,26	1.314,93	-22,00%	24,74%	-2,70%
Cataluña	3.178,83	3.062,72	2.965,89	2.690,24	2.571,97	2.605,84	2.897,19	2.999,11	3.162,49	3.374,91	3.563,51	-19,09%	38,55%	12,10%
Extremadura	683,31	667,32	652,21	611,53	640,16	656,00	680,13	711,49	715,11	736,01	776,46	-6,31%	21,29%	13,63%
Galicia	1.489,07	1.451,78	1.395,26	1.205,06	1.213,52	1.223,60	1.260,40	1.296,85	1.338,45	1.370,16	1.442,06	-18,51%	18,83%	-3,16%
Madrid	2.228,16	2.139,66	1.998,25	1.839,62	1.891,51	1.890,52	1.968,46	1.995,08	2.077,05	2.157,19	2.306,34	-15,11%	21,93%	3,51%
Murcia	888,28	871,90	841,68	770,40	737,16	733,51	776,53	808,68	827,64	848,20	909,46	-17,01%	23,37%	2,38%
Navarra	365,29	362,98	358,16	317,53	324,36	331,28	340,76	356,00	374,57	379,65	419,71	-11,21%	29,40%	14,90%
País Vasco	1.222,69	1.208,32	1.190,95	1.140,32	1.196,13	1.219,99	1.257,95	1.286,11	1.330,10	1.359,87	1.454,04	-2,17%	21,56%	18,92%
La Rioja	151,65	149,07	146,46	138,06	141,42	147,11	153,24	159,52	164,36	167,34	175,63	-6,75%	24,20%	15,81%
C. Valenciana	2.278,37	2.254,94	2.193,36	1.915,41	1.925,41	2.000,49	2.113,03	2.203,59	2.272,16	2.390,81	2.531,73	-15,49%	31,49%	11,12%
Total	**22.491,10**	**21.922,16**	**21.237,16**	**19.283,09**	**19.182,47**	**19.564,07**	**20.624,51**	**21.305,33**	**21.942,33**	**22.933,61**	**24.077,25**	**-14,71%**	**25,52%**	**7,05%**

Fonte: Información orzamentaria das CCAA. Central de Información do Ministerio de Hacienda

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 88 a 166

ANEXO IV. NÚMERO DE EMPREGADOS PÚBLICOS E POBOACIÓN NAS CCAA

IV.1. POSICIÓN EFECTIVOS CCAA SOBRE TOTAL

A dita afirmación debería ser eliminada xa que a medida 1.3 do Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024prevé a habilitación dunha canle específica de denuncias, que garantirá en todo caso a confidencialidade da persoa denunciante. A incorporación desta canle de denuncias esixirá modificacións normativas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Pero ademais, resulta de especial relevancia que se prevé expresamente que "estableceranse medidas específicas que garantan a protección do denunciante de boa fe, para que non sufra, nin durante nin despois da investigación, ningún tipo de illamento, persecución ou empeoramento das condicións laborais ou profesionais, nin ningún tipo de medida que implique calquera forma de prexuízo ou discriminación"

Deste xeito, si se prevé o establecemento dun marco de protección de todas as persoas denunciantes de infraccións á integridade.

CVE: IMjZ9SLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 114 a 166

XUNTA DE GALICIA | INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Xacobeo 21·22

Ámbito temporal

Tal e como se sinala no anteproxecto o ámbito temporal previsto inicialmente estendíase aos exercicios orzamentarios 2014-2018. Non obstante, atendendo ao obxectivo fixado no plan estratéxico do Consello de Contas de acercar as fiscalizacións ao ano do informe, estendeuse a análise ao exercicio 2019. Sen embargo, nos cadros que conteñen as series históricas analizados a continuación, tanto de gasto como de número de efectivos o período para o que se ofrece información iníciase no ano 2009, recollendo ata o 2019.

A adopción do ano 2009 como ano base desta serie temporal determina necesariamente nesgos na propia análise, toda vez que foi o ano 2008 o ano no que se produciu o cambio na tendencia económica global. Para evitar estes nesgos sen renunciar á visión ampla que propón o anteproxecto de informe entendemos que o procedente é tomar como ano base un ano normal, isto é, o 2008 o cal permitiría que a serie temporal reflectise os cambios producidos por mor da situación económica.

Cadro 8: Evolución do gasto por áreas. (Páx 35)

Tanto en Docencia non universitaria como en Institucións sanitarias os importes están incorrectamente asociados e as porcentaxes de variación tamén están cambiadas de fila.

Cadro 8: Evolución do gasto por áreas. (Millóns de euros)

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	V. 19_08
Docencia non universitaria													
Galicia	1.401,78	1.489,07	1.451,78	1.395,26	1.205,06	1.213,52	1.223,60	1.260,40	1.296,85	1.338,45	1.370,16	1.442,06	2,87%
CCAA	21.102,43	22.491,10	21.922,16	21.237,16	19.283,09	19.182,47	19.564,07	20.624,51	21.305,33	21.942,33	22.933,61	24.077,25	14,10%
Institucións sanitarias													
Galicia	1.529,25	1.720,66	1.683,96	1.657,25	1.608,80	1.608,00	1.602,43	1.653,40	1.710,53	1.738,11	1.783,81	1.884,15	23,21%
CCAA	22.540,80	23.921,45	23.409,88	2.288,63	20.941,58	21.026,59	23.841,00	24.749,69	25.538,45	26.281,32	27.385,50	28.891,85	28,18%

Cadro 13: Gasto de persoal por artigos orzamentarios na Administración Xeral 2009-2019. (Páx 41)

CVE: iMjZ1SLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 115 a 166

Cadro 13: Gasto de persoal por artigos orzamentarios na Administración xeral 2008-2019. (Millóns de euros)

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Altos cargos	10,85	8,68	8,14	7,39	5,84	6,52	6,37	6,66	6,93	7,09	7,20	7,57
Eventual de gabinete	7,98	6,22	6,13	6,03	5,43	5,31	5,34	5,65	5,60	5,65	5,83	6,22
Funcionarios	1.513,96	1.619,85	1.573,39	1.513,01	1.365,93	1.353,97	1.350,23	1.387,68	1.420,62	1.453,57	1.481,31	1.549,04
Laboral fixo	200,94	217,29	212,90	205,60	183,18	188,61	188,26	190,97	194,84	190,48	197,95	208,20
Laboral temporal	66,81	69,59	71,14	38,20	54,73	54,52	55,29	58,34	61,24	67,25	66,38	74,17
Incentivos	6,22	5,27	4,79	4,90	5,45	5,55	6,22	5,81	5,86	6,98	6,91	7,35

Cadro 14: Evolución do gasto de persoal da Administración Xeral por períodos en porcentaxes e millóns de euros. (Páx 41)

Cadro 14: Evolución do gasto de persoal na Administración xeral por períodos en porcentaxe e millóns de eu

	2008-2014		2014-2019		2008-2019	
	%	Importe	%	Importe	%	Importe
Altos cargos	-41,28%	-4,48	18,84%	1,20	-30,22%	-3,28
Eventual de gabinete	-33,06%	-2,64	16,48%	0,88	-22,03%	-1,76
Funcionarios	-10,81%	-163,73	14,72%	198,81	2,32%	35,08
Laboral fixo	-6,31%	-12,68	10,59%	19,94	3,61%	7,26
Laboral temporal	-17,24%	-11,52	34,15%	18,88	11,02%	7,36

Cadro 15: Gasto e número de altos cargos na Administración xeral 2009-2019 (Gasto en millóns de euros. (Páx 42)

Ademais de adoptar o ano 2008 como ano base en lugar do ano 2009 tal como se indicou, propoñemos engadir unha liña co orzamento inicial, que permite apreciar e cuantificar o axuste realizado no ano 2009 entre o orzamento aprobado e o gasto realmente efectuado (11,60 – 8,68) 2,92 millóns de euros, que porcentualmente foron o 25,2%.

Cadro 15: Orzamento, gasto e número de altos cargos na Administración xeral 2008-2019. (Importes en millóns de euros

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Orzamento altos cargos	11,58	11,60	8,59	7,98	7,86	6,69	6,60	6,70	7,08	7,46	7,31	7,73
Gasto altos cargos	10,85	8,68	8,14	7,39	5,84	6,52	6,37	6,66	6,93	7,09	7,20	7,57
Número altos cargos	159	130	96	95	87	84	82	87	88	88	91	93

Deste xeito, o estudio podería ofrecer unha visión máis completa da evolución deste apartado de gasto. A maior abastanza, e para maior claridade, propoñemos que se consignen os orzamentos inicias nunha liña separada.

CVE: MJZ3LE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 116 a 166

En canto á liña que contén o número de altos cargos, a cifra que figura no cadro é a publicada anualmente no apartado de persoal da memoria da conta xeral, e na propia conta indica que os datos comprenden ao persoal da administración xeral da Xunta de Galicia e das entidades incluídas no perímetro de consolidación definido no orzamento, e que para o seu cálculo non se tivo en conta o persoal dependente do Parlamento de Galicia, do Consello de contas, do Consello da cultura galega, do Consello consultivo nin do Servizo Galego de Saúde. (Memoria conta xeral 2019, páx 55). Neste apartado da Memoria, ao lado do número de efectivos figuran as obrigas que corresponden a cada liña, sen embargo o importe non se corresponde co incluído na memoria da Conta Xeral, senón que é o correspondente a cifra agregada da Administración xeral, incluíndo aos órganos estatutarios.

Deste xeito dáse unha incoherencia posto que o numero de efectivos que se indican nos cadros non inclúen os dos órganos estatutarios, mentres que na cifra de gasto sí que se atopan incluídos. Así, no caso de dividir o importe agregado entre o número de efectivos amosaríase unha contía por efectivo errónea e superior á real.

Así os datos que describen a situación real e coherente entre o número de efectivos e o gasto é a que se desprende da Conta Xeral e que se sinala no cadro seguinte:

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Gasto altos cargos	10,85	7,42	5,93	5,65	4,74	4,61	4,61	4,83	4,93	5,22	5,48	5,85
Número altos cargos	159	138	96	95	87	84	82	87	88	88	91	93

Cadro 16: Gasto de persoal eventual. (Millóns de euros. (Páx 42)

Ao igual que no cadro nº 15, ademais de incluír o ano 2008 para sexa posible apreciar o importante axuste efectuado no ano 2009, propoñemos que se engada unha liña co orzamento inicial, que permite apreciar e cuantificar o axuste realizado no ano 2009 entre o orzamento aprobado e o gasto realmente efectuado (8,58 – 6,22) 2,36 millóns de euros, que porcentualmente foron o 27,5%.

CVE: IMIZ5SLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 117 a 166

Cadro 16: Orzamento e gasto de persoal eventual. (Importes en millóns de euros)

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Orzamento persoal eventual	8,51	8,58	6,90	6,66	6,57	5,84	5,67	5,79	5,70	6,03	6,05	6,35
Gasto persoal eventual	7,98	6,22	6,13	6,03	5,43	5,31	5,34	5,65	5,60	5,65	5,83	6,22
Número de efectivos	236	203	170	173	170	163	162	165	163	162	170	179

Este axuste é o fenómeno máis relevante que se ten producido na propia serie temporal deste apartado de gasto nas últimas décadas, como pode apreciarse neste gráfico:

A inclusión no período de análise do ano 2008 permite a comparación, tanto en dotacións orzamentarias como en gasto, entre dúas estruturas de goberno diferentes que completan unha anualidade. O resultado da dita comparación pon en cuestión a conclusión expresada no apartado 4.21 do anteproxecto segundo a cal se tería producido unha recuperación do correspondente nivel de gasto en persoal eventual toda vez que, como se aprecia, dita recuperación está moi lonxe de producirse.

En canto á liña que contén o número de efectivos, a cifra que figura no cadro é a publicada anualmente no apartado de persoal da memoria da conta xeral, e na propia conta indica que os datos comprenden ao persoal da administración xeral da Xunta de Galicia e das entidades incluídas no perímetro de consolidación definido no orzamento, e que para o seu cálculo non se tivo en conta o persoal dependente do Parlamento de Galicia, do Consello de contas, do Consello da cultura galega, do Consello consultivo nin do Servizo Galego de Saúde. (Memoria conta xeral 2019, páx 55).

Polo tanto dáse a mesa incoherencia que no apartado anterior entre os datos de gasto e o numero de efectivos, que no caso de dividir o importe agregado entre o número amosa unha contía por efectivo totalmente errónea.

Novamente a situación real entre número de efectivos e gasto é a que se desprende da Conta Xeral e pode observarse no cadro seguinte:

CVE: IM2jSLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 118 a 166

XUNTA DE GALICIA | INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Xacobeo 21·22

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Gasto persoal eventual	7,98	5,34	5,24	5,3	4,69	4.67	4,62	4,73	4,89	4,83	5,02	5,49
Número persoal eventual	236	203	170	173	170	163	162	165	163	162	170	179

Apartado 4.22 (páxina 43)

"Dentro do persoal funcionario, advírtese un aumento de efectivos na categoría de persoal interino en detrimento dos funcionarios de carreira, entre outras circunstancias pola paralización dos procesos selectivos de incorporación de persoal como parte das medidas de contención do gasto".

Non podemos compartir a afirmación da paralización dos procesos selectivos, neste sentido cómpre lembrar que os procesos selectivos derivan da correspondente Oferta de Emprego Público, e debemos destacar que esta Comunidade Autónoma aprobou Decretos de Oferta de Emprego Público todos os anos, excepto un (no ano 2010), e que ademais esas Ofertas Públicas de Emprego sempre foron aprobadas incluíndo o máximo permitido pola normativa básica estatal.

No período 2014 – 2019 se aprobaron un elevado número de convocatorias de procesos selectivos, cumprindo os prazos legais establecidos. O único factor que determinou demoras na realización dos procesos selectivos obedeceu á situación provocada pola pandemia do COVID -19.

Sobre este apartado consideramos oportuno matizar que nos exercicios 2014 a 2019 se produciu un incremento do persoal temporal como consecuencia das limitacións derivadas das taxas de reposición de efectivos establecidas polo goberno central a través das correspondentes Leis de orzamentos, limitacións que son de obrigado cumprimento para os gobernos autonómicos. Con todo, no último Boletín publicado polo Ministerio de Hacienda, Galicia é a Comunidade Autónoma con menor taxa de temporalidade de España.

CVE: MiZzISLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 119 a 166

XUNTA DE GALICIA | INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Xacobeo 21·22

Apartado 4.23 persoal laboral. Eventuais e indefinidos non fixos (páxina 45)

"A evolución do gasto en persoal laboral reflicte un aumento nas categorías de laborais temporais en detrimento do persoal laboral fixo, entre outras circunstancias pola paralización dos procesos selectivos de incorporación de persoal como parte das medidas de contención do gasto no ámbito da estabilización orzamentaria".

Sobre esta cuestión nos remitimos ao indicado no apartado anterior.

Cadro 19: Gasto de persoal laboral. (Millóns de euros). (Páx 45)

No cadro que se inclúe no informe categoriza o persoal laboral en fixo e temporal, e dentro deste á súa vez distingue entre "Laboral eventual" e "Indefinidos non fixos".

A utilización da palabra "eventual" pode dar lugar a confusións ao poder interpretarse erroneamente que se trata de persoal similar ao que se analizou no artigo 11, persoal eventual de gabinete. Tamén pode crear confusión con respecto ao persoal estatutario temporal das institucións sanitarias diferente do interino ou o substituto, toda vez que o Estatuto Marco que o regula tamén recibe a denominación de eventual.

Para evitar posibles confusións estimamos conveniente propoñer que se adopte unha nova formulación do cadro no que, ademais de engadir o ano 2008, se categorice o persoal laboral polos subconceptos orzamentarios que figuran na contabilidade. Partindo deste novo cadro poden facerse as agrupacións pertinentes pero, na medida do posible de polas razóns expresadas, propoñemos evitar a expresión "eventual".

CVE: IMZjSLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 120 a 166

Cadro 19: Gasto de persoal laboral. Administración xeral. (Millóns de euros)

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
130 Laboral fixo	200,94	217,29	212,90	205,68	183,18	188,62	188,27	191,00	194,86	190,48	197,95	208,20
131 Laboral temporal	28,77	27,50	24,66	21,91	14,23	11,77	13,80	15,17	18,35	23,72	20,41	22,47
132 Laboral temporal (Profesores de relixión)	26,10	27,53	27,45	26,95	24,76	26,85	25,61	25,74	25,50	26,07	26,40	27,70
133 Temporal indefinido	0,00	13,10	15,40	16,30	14,78	15,13	15,11	16,56	16,54	16,72	18,87	23,31
134 Laboral disposición transitoria 9ª bis	11,37	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
136 Persoal investigador en formación	0,52	1,47	1,65	1,62	0,96	0,76	0,77	0,82	0,80	0,73	0,71	0,70

Cadro 20: Gasto en persoal laboral temporal. (Euros). (Páx 46)

Respecto ao ámbito ao que se estende a fiscalización, ao longo do ante proxecto, nos cadros recóllese información, tanto de gastos como de efectivos, unhas veces da Administración xeral e noutras do perímetro de consolidación da Comunidade Autónoma. Neste cadro optase por ofrecer información das entidades incluídas no perímetro de consolidación.

Porén, aos efectos de maior claridade, e dado que dos 279,6 M€ de gasto no cadro aparecen recollidos 257,2 M€ (o 92% como "resto de entidades") propoñemos esta formulación na que, empregando os mesmos datos, desagrega a liña **Total resto entidades** para revelar cal é o importe que corresponde ás dotacións para o SERGAS, que do importe total absorbe 253,47 M€.

CVE: iMiZiSLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 121 a 166

XUNTA DE GALICIA | INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Xacobeo 21·22

Cadro 20: Gasto en persoal laboral temporal. (Euros)

	Concepto 131	132 P. Relixión	Efectivos a 31.12.2019	% sobre laborais
Cultura e Turismo	20.283,70	0,00	75	1,17%
Educación, Universidades e Formación Profesional	3.031591,18	27.697.627,79	1742	27,10%
Economía, Emprego e Industria	121850,60	0,00	105	1,63%
Facenda	29.546,30	0,00	3	0,05%
Infraestruturas e Mobilidade	0,00	0,00	5	0,08%
Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	17.368,40	0,00	35	0,54%
Medio Rural	254.497,45	0,00	1463	22,76%
Mar	697.521,15	0,00	55	0,86%
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia	575.743,28	0,00	141	2,19%
Política Social	17.629.083,36	0,00	2.750	42,78%
Presidencia da Xunta de Galicia	17.613,38	0,00	19	0,30%
Sanidade	70.274,65	0,00	35	0,54%
TOTAL ADMINIUSTRACIÓN XERAL	**22.465.373,45**	**27.697.627,79**	**6.428**	
SERGAS	253.468.582,97		145	
Resto de entidades en perímetro de consolidación	3.689.207,22			
TOTAL ENTIDADES	**257.157.790,19**		**145**	
TOTAL CONSOLIDADO	**279.623.163,64**		**6.573**	

A inclusión do gasto correspondente ao concepto 131 no Servizo Galego de Saúde nun cadro epigrafiado como de Gasto en persoal laboral temporal plantexa un problema de rigor, xa que neste organismo o gasto que se imputa non corresponde á contratación de persoal laboral senón ao nomeamento de persoal estatutario. O artigo 1 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde cualifica esta modalidade do emprego público como una relación funcionarial especial.

En canto aos efectivos das entidades debe faltar algunha información pois para un volume de 257 M€ sinala o cadro so 145 efectivos.

Cadro 27: Incentivos ao rendemento 2019. (Euros). (Páx 46)

Respecto ao ámbito ao que se estende a fiscalización, ao longo do ante proxecto, nos cadros recóllese información, tanto de gastos como de efectivos, unhas veces da Administración xeral e noutras do perímetro de consolidación da Comunidade Autónoma. Neste cadro optase por ofrecer información das entidades incluídas no perímetro de consolidación.

22

CVE: IMZjSLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 122 a 166

XUNTA DE GALICIA | INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Xacobeo 21·22

Porén, aos efectos de maior claridade, e dado que dos 156,85 M€ de gasto no cadro aparecen recollidos 149,5 M€ que corresponden a entidades e deste importe 149,16 M€ corresponden á produtividade factor fixo e factor variable do SERGAS e das Axencias de Xestión do coñecemento en saúde e a de Sangue, órganos e tecidos, propoñemos esta formulación na que, empregando os mesmos datos, desagrega a liña **Total resto entidades** para revelar cal é o importe que corresponde ás dotacións para o SERGAS. Así, do importe total do artigo 15 reflectido no cadro, 156,86 M€, , e deste importe 149,16 O peso do Servizo Galego de Saúde pode apreciarse se realizamos da liña *Total resto entidades*.

Cadro 27: Incentivos ao rendemento 2019. (Euros)

	150	151	152	153	Total art. 15
	Produt. persoal non estatutario	Gratificacións	Produt. factor fixo	Produt. factor variable	Incent. ao rendemento
PARLAMENTO		38.090,00			38.090,00
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA		5.160,10			5.160,10
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENC	1.907.405,46	1.171.084,97			3.078.490,43
CONSELLERÍA DE FACENDA		80.681,63			80.681,63
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E	251.189,04				251.189,04
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE		5.435,22			5.435,22
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA		2.511,40			2.511,40
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIO		1.970.337,89			1.970.337,89
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO		8.780,70			8.780,70
CONSELLERÍA DE SANIDADE	602.616,08	67.433,25			670.049,33
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL		35.949,59			35.949,59
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	1.062.369,46	89.245,01			1.151.614,47
CONSELLERÍA DO MAR	5.580,00	2.978,40			8.558,40
CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA	43.892,22	0,00			43.892,22
TOTAL ADMINIUSTRACIÓN XERAL	**3.873.052,26**	**3.477.688,16**	**0,00**	**0,00**	**7.350.740,42**
SERGAS	187.208,54	28.692,00	99.534.851,59	48.942.562,06	148.693.314,19
Resto de entidades en perímetro de consolidación	67.720,08	52.381,70	368.752,59	323.537,59	812.391,96
TOTAL ENTIDADES	**254.928,62**	**81.073,70**	**99.903.604,18**	**49.266.099,65**	**149.505.706,15**
TOTAL CONSOLIDADO	**4.127.980,88**	**3.558.761,86**	**99.903.604,18**	**48.942.562,06**	**156.856.446,57**

Dos máis de 156 M€ que totaliza o cadro en supostos incentivos ao rendemento, case 100 M€ corresponden ao complemento de produtividade fixa do persoal estatutario do SERGAS. O factor fixo de complemento de produtividade do persoal estatutario non é un incentivo ao rendemento. Trátase dunha retribución tabulada de contía fixa e devengo periódico sen relación algunha co desempeño do profesional, que se percibe polo mero feito de estar vinculado por un nomeamento estatutario xa sexa fixo ou temporal. Polas súas características non resulta comparable nin coa

CVE: IMZNSLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 123 a 166

produtividade do persoal funcionario nin coas gratificacións por servizos extraordinarios. Ademáis o gasto que se imputa ao concepto 153 desagrégase en 5 subconceptos: dous deles están referidos á produtividade variable dos equipos directivos e do persoal estatutario en xeral e vincúlanse directamente ao desempeño e consecución de obxectivos dos profesionais, polo que se configuran como auténticos incentivos ao rendemento. Sen embargo, nos tres epígrafes restantes impútanse os gastos derivados da participación en programas e actuacións concretas (transplantes, programas especiais e actividade non programada) de natureza diferencial, como se indicou, respecto á produtividade do persoal funcionario e non encadrables como incentivos ao rendemento.

Apartado 4.25, cadro núm. 27 (páxina 51)

No cadro núm. 27 da páxina 51 as columnas 152 produtividade factor fixo, e 153 produtividade factor variable fan referencia as cantidades de 99.903.604,18 e 42.266.099,65 están referidas ao ámbito do Servizo Galego de Saúde.

Apartado 4.28 Estrutura do cadro de persoal. Cadros de persoal. Prazas cubertas e vacantes (páxinas 54 e 55).

En relación ao cadro núm. 29 estimamos oportuno realizar as seguintes precisións:

A expresión "posto ficticio" é unha expresión coloquial que se recolle nunha aplicación informática de uso interno polos técnicos informáticos da Dirección Xeral da Función Pública pero con ela se fai referencia a postos de traballo que transitoriamente atópanse pendentes de ter asignado un código de posto conforme á relación de postos de traballo.

Polo tanto, non parece totalmente correcto empregar a expresión posto ficticio, non podemos compartir o uso desta expresión, posto que se trata dun posto

CVE: IMZ3SLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 124 a 166

temporalmente fóra da relación de postos de traballo, namentres se lle asigna unha codificación.

Na Xunta de Galicia non hai postos ficticios, todos aqueles postos de traballo desempeñados por empregados públicos polos que se reciben unhas retribucións con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma son postos de traballo reais. Isto con independencia da situación de incorporación ou non ás correspondentes relacións de postos de traballo na que se atope a súa computación nos instrumentos de ordenación de persoal e tamén nas bases de datos que manexa a Dirección Xeral da Función Pública.

O dito cadro reflicte a evolución de postos ocupados e vacantes na administración xeral e entidades instrumentais dos anos 2014 ao 2019 cunha totalidade de 25.688 postos. Destes postos 2.512 están identificados como postos fóra das relacións de postos de Traballo (RPT).

En primeiro lugar indicar que os datos contidos en dito cadro 29 non responden con exactitude á información facilitada relativa aos postos denominados "postos sen código de RPT", seguramente por unha incorrecta interpretación dos datos.
Ademais débese aclarar e concretar a que nos referimos cando se crea un rexistro desta natureza nos rexistros internos das aplicación de recursos humanos desta Administración Xeral da Xunta de Galicia:

Os rexistros denominados "Postos fora da RPT o dos cadros de persoal" créanse nos aplicativos informáticos, coa finalidade de poder levar un axeitado control interno de aquelas situacións que nun momento puntual podería atoparse un empregado público, pero que por a súa natureza non poden ser adscritos a un posto de traballo dos configurados na RPT do departamento correspondente.

CVE: iMiZ7iSLE0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 125 a 166

Por exemplo sucedería con traballadores cunha relación temporal, en postos que non son de natureza estrutural: contratos de acumulación de tarefas, programas europeos por un tempo determinado, etc. Tamén sucedería con persoal que se atópa en situacións tales como os servizos especiais, persoal a disposición que posteriormente será adscrito a postos da estrutura orgánica pendentes de creación nas rpts, etc., non se atopan ocupando un posto codificado na relación de postos de traballo.

Non resulta viable, polo menos na actualidade, a eliminación dun posto de fóra da RPT pola necesidade de manter un histórico relativo á súa ocupación. É dicir, para unha xestión efectiva dos efectivos de persoal da nosa administración o mantemento histórico destes postos responde á permanente necesidade de control e identificación, xa que contaron (ou contan) con dotacións orzamentarias aínda que non sexan postos nin de RPT nin de cadro de persoal.

O mantemento destes postos non garda relación cun período de tempo determinado, nin tan sequera cunha anualidade determinada senón que se mantén ao longo do tempo o que provoca o seu crecemento exponencial ano a ano, tanto do seu número como da información que facilita. En consecuencia cómpre explicar os postos de fóra de RPT con ocupación exclusivamente.

Por iso soamente debería terse en conta para facer a valoración que ese órgano considere, dos postos ou rexistros fóra da RPT que a 31 de decembro do ano correspondente, atópanse ocupados.

En consecuencia considérase máis axeitado ou polo menos se solicita a súa valoración, para substituír no cadro 29 a seguinte información, por considerarse máis precisa:

CVE: IMJZ0LE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 126 a 166

	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Postos fóra de RPT (sen ocupación)	508	438	815	933	1.064	1.286
Postos fóra de RPT (con ocupación)	346	321	641	778	895	**962**

- A cantidade de 962 postos fóra de RPT (con ocupación), do ano 2019, responde ao seguinte desglose:

CLASIFICACIÓN	TOTAL
PERSOAL A DISPOSICIÓN POR CESE DUN POSTO DE LIBRE DESIGNACIÓN (mentres no se lle asigna posto de RPT)	63
ACUMULACIÓNS DE TAREFAS (desempeñan funcións en unidades administrativas e non en postos de traballo)	138
INDEFINIDO NON FIXO (Pendente de incorporación a RPT)	3
IT (dunha persoa)	68
POSTOS DE NOVA CREACIÓN (mentres non se tramita a RPT correspondente)	143
PROGRAMAS, PLANS, ACCIÓNS ... (non se recollen nas RPT)	261
SENTENZAS XUDICIAIS (Pendente de incorporación a RPT)	35
PERSOAL TRANSFERIDO (Pendente de incorporación a RPT)	13
SERVIZOS ESPECIAIS (Indica a reserva dunha praza e non dun posto determinado)	18
OUTROS (*) Licencias por maternidade, funcións de segunda actividade ...	220
TOTAL	**962**

CVE: IMZ0SLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 127 a 166

Unha vez rematada a circunstancia que motivou a adscrición dunha persoa a un posto de fóra da RPT, este posto debe manterse igualmente pero cambiando o seu estado de "posto de RPT con ocupación" a "posto de RPT sen ocupación".

Finalmente queremos sinalar que a xestión do persoal ten un carácter dinámico, namentres que a elaboración da correspondente relación de postos de traballo ten un carácter máis estático, dado que se trata dun instrumento normativo, cuxa modificación require seguir un procedemento administrativo con moitas garantías e participación das organizacións sindicais. Isto provoca que a modificación dunha relación de postos de traballo non sempre sexa compatible coa dinámica da xestión do persoal.

Apartado 4.29 Relación xurídica. Índice de temporalidade no emprego (páxina 57)

"Das cifras anteriores dedúcese, en primeiro lugar, o maior peso do persoal laboral tanto na Administración xeral (59,77%), como no conxunto da Administración xeral e entidades públicas instrumentais (56,73%) sobre o persoal funcionario (43,27%). Debe lembrarse a preferencia legal do emprego público polo persoal funcionario".

Sobre esta cuestión estimamos oportuno sinalar que a fin de reverter esta situación indicada no informe, na Comunidade Autónoma de Galicia, iniciase, mediante a publicación do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Xunta de Galicia e convócanse os primeiros procesos para a adquisición da condición de funcionario de carreira de corpos da

CVE: IMjZ1jSLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 128 a 166

Administración xeral e especial do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes aos grupos I, II, III, IV, e V mediante o cambio do seu vínculo xurídico. O número de aspirantes que participaron nos procesos selectivos convocados foi superior ao 90%, así como o número de empregos públicos que superaron o proceso polo que pode cualificarse de éxito a dita actuación. Neste intre, continúan realizándose outros procesos de funcionarización correspondentes a outras categorías profesionais.

Apartado 4.31 Variables de xénero na función pública (páxina 59)

"Porén, o emprego público da Administración autonómica presenta tamén algunhas características diferenciais que non son positivas, e neste sentido destaca a posición da muller en situacións de temporalidade cun 77,08%, proporcionalmente moi superior á dos homes. No conxunto do sector público autonómico galego a proporción das mulleres no emprego temporal é a seguinte (...)".

Sobre este apartado nos remitimos ao sinalado no apartado 2.16.

Apartado 4.35 As ofertas de emprego público (páxina 63)

Respecto ás ofertas de emprego público consideramos oportuno sinalar o seguinte:

A oferta de emprego público é un instrumento para racionalizar e centralizar os procesos de selección de persoal. Trátase dun Decreto no que se publican as vacantes que van a ser cubertas durante un exercicio orzamentario a través de diferentes procedementos de selección de persoal.

Corresponde a cada Comunidade Autónoma concretar o seu contido, determinando que prazas se inclúen na oferta, cales delas se cobren mediante novos ingresos e que grupo, corpo ou escala está chamado a cubrir a praza. Isto entra dentro da potestade autoorganizatoria, que vén confirmada pola xurisprudencia do Tribunal Supremo.

CVE: IMZ0jSLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 129 a 166

A Sentenza do 30 de xuño de 1997 (RJ 1997/5432) sinala que "*la facultad para determinar las necesidades de recursos humanos que no puedan ser cubiertas con los efectivos de personal existentes, se encuentra dentro de la potestad organizatoria (o de autoorganización) de que dispone la Administración para estructurar sus órganos y distribuír las funciones del modo que mejor puedan prestarse los servicios públicos que tiene encomendados*".

Polo tanto, correspóndelle á Xunta de Galicia autorizar a convocatoria pública das prazas vacantes, dotadas orzamentariamente, que non poidan ser cubertas con efectivos de persoal existentes.

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no seu artigo 48 establece os criterios xerais en que debe enmarcarse a oferta de emprego público, sen prexuízo das especificidades que se poidan establecer nas convocatorias respectivas. Esta oferta concíbese como un instrumento de programación das necesidades de persoal, de racionalización do emprego público, e dos procesos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas, nos que deben primar os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

Por conseguinte, a oferta de emprego público é un instrumento de planificación dos recursos humanos que ten como obxectivo a consecución da eficacia na prestación dos servizos públicos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles.

Sen embargo cómpre resaltar que os Decretos polo que se aproban as ofertas de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral, das Administracións Públicas, deben adaptarse aos límites e aos restantes requisitos que se establezan na normativa básica estatal, regulados nas correspondentes Leis de Orzamentos do Estado.

Si atendemos á evolución das taxas de reposición 2009 a 2019, a taxa de reposición Xeral foi dun 0% nas Ofertas de Emprego Público correspondentes ao período 2010-

CVE: IMZ9SLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 130 a 166

2015 (salvo nas excepcións contempladas nos sectores prioritarios) como consecuencia das políticas de austeridade previstas nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado de eses exercicios.

No ano 2016, iniciase unha recuperación das taxas de reposición de efectivos que pode contemplarse máis claramente no gráfico seguinte:

Cómpre resaltar que esta Administración autonómica incorporou nos correspondentes decretos de oferta, o número máximo das prazas autorizadas pola lexislación estatal das taxas de reposición.

Os decretos de ofertas de emprego público para os anos 2014 ao 2019 relativas ao persoal funcionario de corpos e escalas da administración xeral, especial e categorías de persoal laboral indicar, en primeiro lugar, que os datos contidos no cadro 37 (prazas OPE 2014-2019) non responden con exactitude aos datos correctos, seguramente por unha confusión á hora da súa interpretación xa que os datos referentes as ofertas das prazas para o persoal sanitario funcionario e estatutario do Servizo Galego de Saúde desta comunidade autónoma e a prazas de persoal docente non se tiveron en conta. En consecuencia cómpre engadirlle ao cadro 37 a seguinte información:

ANO	ADMÓN. XERAL	SERGAS	EDUCACIÓN	**TOTAL**
2014	53	103	117	**273**
2015	373	344	446	**1163**
2016	714	818	1.112	**2.644**
2017	789	1.616	1.043	**3.448**
2018	1.648	1.461	2.050	**5.159**
2019	1.770	1.323	2.064	**5.157**

Apartado 4.36 Sistemas selectivos (páxina 64)

"Os sistemas ordinarios de selección tanto do persoal funcionario de carreira como do laboral fixo son a oposición e o concurso-oposición, e só excepcionalmente pode seleccionarse por concurso de valoración de méritos o persoal laboral fixo, e só en virtude

CVE: IMZdSLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 131 a 166

de norma con rango de lei pode aplicarse, con carácter excepcional, este sistema para o persoal funcionario".

Sobre a dita cuestión estimamos necesario realizar a seguinte precisión o concurso, como sistema de selección, ten carácter excepcional e soamente se aplica en virtude dunha norma con rango de lei, segundo o disposto no artigo 57 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego publico de Galicia. O artigo resulta de aplicación tanto para o persoal funcionario como para o laboral das administracións publica incluídas dentro de ámbito de aplicación da LEPG.

Apartado 4.36 Sistemas selectivos (páxina 64)

"Os riscos asociados á utilización dos sistemas selectivos son o estarían en de dar maior peso a aqueles sistemas que garanten menos a libre concorrencia, así como na utilización de sistemas restrinxidos que supoñan excepcións ao carácter aberto do sistemas selectivos".

Sobre esta cuestión nos remitimos ao sinalado no Apartado 2.12, segundo parágrafo (páxina 17).

Apartado 4.37 selección de funcionarios e persoal laboral fixo (páxina 64, parágrafo final)

"Desta forma, nos exercicios 2018 e 2019 só un 22% das prazas convocadas se ofertaron polo sistema de oposición, e nos últimos cinco anos esta porcentaxe estivo por debaixo do 32%".

Ademais do sinalado no apartado 2.12, sobre esta cuestión consideramos oportuno matizar que nos exercicios, 2014- 2015- 2016 e 2017, con carácter xeral, o sistema de selección empregado nas convocatorias dos procesos selectivos para ingreso libre foi a oposición, sendo o concurso oposición un procedemento excepcional. E nos

CVE: iMZ0SLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 132 a 166

exercicios 2018 e 2019,o sistema de selección elixido foi o concurso - oposición, resultado de aplicar os acordos de concertación de emprego publico.

E sinala o anteproxecto de informe na páxina 65 que:

"Aínda coa xustificación indicada, esta utilización residual do sistema de oposición afecta á libre concorrencia, e limita o acceso ao emprego público de persoas novas que carecen dos méritos indispensables para competir co persoal interino ou contratado temporal."

Sobre este aspecto queremos sinalar que consideramos que afirmación do informe non parece totalmente correcta e que o sistema de oposición non se utiliza de forma residual. A oposición foi, con carácter xeral, o sistema de selección empregado nos procesos selectivos convocados para o ingreso libre. O concurso oposición foi o sistema empregado basicamente nos procesos de estabilización e consolidación de emprego convocados nos exercicios 2018 e 2019. Ambos son sistemas ordinarios de selección segundo o disposto no artigo 57 da Lei 2/2015.

E tamén se sinala neste apartado do informe que:

"Con carácter xeral, tamén se comprobou que se garante un nivel adecuado de transparencia nos distintos sistemas selectivos, incluídos os do persoal laboral, ofrecendo aos aspirantes na páxina Web da DXFP e portais das consellerías competentes toda a información en relación coas probas, temarios, os criterios aplicables e cuantos aspectos resultan consubstanciais aos devanditos procesos. Quizais como aspectos a mellorar pode apuntarse dotar de maior transparencia ao modo de designación dos membros do tribunal, aos criterios de selección que van a empregarse polos tribunais ou a necesaria motivación das decisións dos órganos de selección, sen prexuízo do carácter secreto das súas deliberacións."

CVE: IMiZ6SLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 133 a 166

Sobre esta cuestión consideramos necesario matizar que os criterios de selección os fixa o tribunal e son publicados na páxina Web de Función Publica para coñecemento de todos os aspirantes. A publicación se realiza, seguindo a doutrina xurisprudencial, antes da realización de cada proba en aras a garantir a máxima transparencia.

Así mesmo, os tribunais de seleccións emiten decisións motivadas de todos os acordos que adoptan que figuran recollidos nas resolucións que se publican para coñecemento de todos os aspirantes e nas actas e informes aos recursos e reclamacións que elaboran.

Apartado 4.39 Selección de interinos e persoal laboral temporal (páxina 66)

"Das 4.837 solicitudes presentadas que se tramitaron nas convocatorios de 2019, só un 1% tiñan valorada a nota de oposicións e boa parte dos seleccionados presentan largos períodos de servizos como interinos ou laborais temporais que acceden sen ningunha proba que acreditara dun xeito obxectivo os seus coñecementos da materia".

Respecto aos datos recollidos no anteproxecto sobre esta cuestión, consideramos oportuno sinalar que os datos non son totalmente exactos o alo menos, deben ter en conta o seguinte:, no ano 2019, as persoas seleccionadas para formar parte nas bolsas de emprego temporal, non puideron alegar probas de coñecemento, porque no prazo de presentación das solicitudes de inclusión, non dispoñían do resultado das probas que se estaban a desenvolver nese intre e que se corresponden cos procesos selectivos correspondentes as ofertas de emprego do ano 2017/2018/2019, os cales se viron afectados polos retrasos ocasionados como consecuencia da situación de pandemia orixinada pola COVID- 19.

CVE: IMZ3SLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 134 a 166

Así mesmo, cómpre manifestar que o elemento determinante do lugar que se ocupa nas listas de contratación trae causa dos exercicios superados nos correspondentes procesos selectivos e polo tanto, isto determina as posibilidades de resultar seleccionado.

En calquera caso, as solicitudes de inclusión non representan o elemento parametrizable axeitado para valorar a porcentaxe de integrantes das listas que teñen superadas probas de coñecemento, dado que, dito mérito incorporase de oficio as listas de contratación unha vez remata o proceso selectivo, mediante o acto de elección de destino, o que provoca unha modificación automática no baremo de todos os incluídos nas listas correspondentes aos procesos selectivos que se celebran, provocando, deste xeito, unha mellor posición nas bolsas de emprego daqueles integrantes que superaron algunha proba.

Con esta forma de proceder, pode deducirse con claridade que as persoas con mellor posición nas listas de contratación teñen superadas probas de coñecemento e que son máis das que aparecen recollidas no anteproxecto de informe.

Noso sistema de selección temporal regulado polo Decreto 37/2006, prima a formación nun dobre senso, por un lado, a través do baremo establecido (40 puntos) que representa o dobre do mérito por experiencia, o que favorece que os aspirantes que superen algunha proba de coñecemento teñan mellor orde de preferencia para ser chamados e por outro lado, mediante a técnica de renovación dos méritos de formación, que fomenta o interese dos integrantes das listas por participar nos procesos selectivos que se convoquen coa finalidade de ocupar mellor posición nas listas e ter mais posibilidade de emprego.

E se indica no anteproxecto de informe que:

"Por outro lado, a normativa que regula estes nomeamentos e contratacións establece

35

CVE: iMIZKSLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 135 a 166

a constitución dunha comisión permanente, como órgano colexiado encargado da elaboración e control do funcionamento das listas, na que participan altos cargos e tres persoas designadas polas organización sindicais. Aínda que a lei só prohibe a participación destes colectivos nos sistemas selectivos de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, parece que o criterio debía ser extensible aos que xestionan as bolsas de persoal interino ou laboral temporal, especialmente tendo en conta que na-actualidade é o procedemento máis habitual para acceder ao emprego público; todo isto sen prexuízo de que as organizacións sindicais deban recibir puntual información sobre a xestión das bolsas e dos criterios obxectivos polos que han de rexerse".

Respecto á composición da comisión permanente de lista estimamos necesario realizar a seguinte aclaración: a composición da comisión permanente atópase regulada no artigo 4 do Decreto 37/2006; na práctica, o director xeral da Función Pública delega a presidencia da comisión na persoa titular da Subdirección Xeral de Provisión de Postos e Selección de Persoal, posto ocupado por persoal funcionario de carreira, e como secretario con voz e voto a persoa titular da xefatura de servizo de listas de contratación, posto tamén ocupado por persoal funcionario de carreira. E polo tanto, o director xeral da Función Pública nunca participou nesta comisión por dita delegación.

Esta comisión é un órgano colexiado de carácter técnico, integrado, ademais do anteriormente indicado, por tres empregados públicos fixos que traballan habitualmente no servizo de listas e por catro representantes de cada OOSS con representación na mesa xeral de empregados públicos, actúan como presidente o titular da subdirección xeral de provisión de postos e selección de persoal e como secretario con voz e voto a persoa titular da xefatura de servizo de listas de contratación.
Todos os integrantes da administración son profesionais que traballan habitualmente no servizo de listas e gozan dunha ampla experiencia nesta materia, a comisión reúnese unha vez ao mes, fundamentalmente para resolver as reclamacións e informar os recursos que presentan as persoas interesadas, sendo dita función a que

CVE: IMIZ9SLE9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 136 a 166

dende o punto de vista cuantitativo ten maior peso no seo da comisión.

Apartado 4.40 Procesos de consolidación de emprego público, procesos de funcionarización e procesos de promoción interna (páxina 67).

Alégase que o parámetro de comparación podería non ser totalmente correcto dado que a porcentaxe de mulleres cun vínculo fixo coa Administración acada case o 70% do total, pode considerarse normal que tamén se produza unha maior presenza da muller nas listas de contratación temporal.

Esta alegación reitera a xa formulada ao punto 2.16, polo que nos remitimos á réplica xa realizada que dá contestación a esa alegación.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado **4.35**, relativo ás ofertas de emprego público.

Alégase que os datos contidos no cadro 37 (prazas OPE 2014-2019) non responden con exactitude aos datos correctos, dado que os datos referentes ás ofertas das prazas para o persoal sanitario funcionario e estatutario do SERGAS e o persoal docente non se tiveron en conta, engadindo información ao citado cadro.

De acordo co obxectivo e alcance do traballo definidos no apartado 1.2 do informe, a análise da xestión do emprego público (apartado IV.5 do informe) –no que se encadra o cadro das OPE– céntrase no persoal da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais, sen ter en conta o persoal de institucións sanitarias, o persoal docente e o de xustiza, por ter un réxime xurídico diferenciado. Esa é a razón pola que o cadro 37 non recolle as ofertas das prazas para o persoal sanitario funcionario e estatutario do SERGAS e persoal docente.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado **4.36**, relativo aos sistemas selectivos.

Alégase que o concurso como sistema de selección ten carácter excepcional e soamente se aplica en virtude dunha norma con rango de lei, tanto para o persoal funcionario como para o laboral.

As alegacións formuladas non contradín o indicado no informe, polo que non supoñen a súa modificación.

Alégase que os procesos de consolidación e estabilización son procesos de acceso libre, non sendo correcto asociar o acceso libre unicamente ao sistema de selección dado que o sistema de concurso-oposición tamén é

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 163 a 166

un sistema de acceso libre, non sendo totalmente certo o dato facilitado sobre a porcentaxe de prazas reservadas para acceso libre como se recolle no cadro que xunta.

Esta alegación reitera a xa formulada ao punto 2.12, polo que nos remitimos á réplica xa realizada que dá contestación a esa alegación.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado **4.39**, relativo á selección de interinos e persoal laboral temporal.

Alégase que os datos recollidos no anteproxecto non son totalmente exactos, dado que o sistema de selección temporal prima a formación e ademais, en canto á composición da comisión permanente, que o director xeral da Función Pública nunca participou na comisión.

O informe xa indica que o baremo aplicable prima aos aspirantes que superaron probas selectivas dos últimos procesos (ata 40 puntos) fronte aos servizos prestados (ata 20 puntos), pero sen requirir en todos os casos unha proba de coñecementos, que evite que o proceso se converta nun simple concurso de méritos xa contraídos no servizo.

Tal e como se admite nas alegacións, a normativa que regula estes nomeamentos e contratacións establece a constitución dunha comisión permanente na que figura como presidente o director xeral da Función Pública, á marxe de que na práctica este delegue a presidencia e non participe.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización. Corríxese, non obstante, a referencia a alto cargo por director xeral da Función Pública.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado **4.40**, relativo aos procesos de consolidación de emprego público, procesos de funcionarización e procesos de promoción interna.

Alégase que a expresión "procesos restrinxidos" empregada no informe podería matizarse, dado que calquera persoa pode participar sempre que cumpra os requisitos de acceso.

A disposición transitoria primeira da LEPG habilitou á Administración a desenvolver un proceso selectivo por unha soa vez, polo sistema de concurso-oposición, de forma independente aos procesos selectivos de libre concorrencia en cada un dos corpos aos que figure adscrito o persoal laboral.

Desta forma, estes procesos constitúen unha excepción ao disposto no artigo 61 do EBEP, que establece o carácter aberto dos procesos selectivos en garantía da libre concorrencia e sen prexuízo da promoción interna e das medidas de discriminación positiva.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 164 a 166

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado **4.37**, relativo á selección de funcionarios e persoal laboral fixo.

Alégase que o sistema de selección empregado nas convocatorias dos procesos selectivos para ingreso libre, nos exercicios 2014 a 2017, foi a oposición, sendo o concurso-oposición un procedemento excepcional, e en 2018 e 2019 foi o concurso-oposición.

Alégase que o sistema de oposición non se utiliza de forma residual, sendo o sistema de selección empregado nos procesos selectivos convocados para o ingreso libre e o concurso-oposición o empregado nos procesos de estabilización e consolidación de emprego convocados nos exercicios 2018 e 2019.

Alégase que os criterios de selección os fixa o tribunal e son publicados seguindo a doutrina xurisprudencial en aras a garantir a máxima transparencia, e emiten decisións motivadas de todos os acordos.

Esta alegación reitera a xa formulada ao punto 2.12 parágrafo 3º, polo que nos remitimos á réplica xa realizada que dá contestación a esa alegación.

As alegacións formuladas non contradín o indicado no anteproxecto do informe, polo que non supoñen a súa modificación.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado **4.41**, relativo á duración dos procesos de selección.

Alégase que a duración dos procesos selectivos está dentro do prazo que establece a normativa e a súa prolongación está condicionada ou varía en función das características das súas bases, tales como número de aspirantes, complexidade das probas, número de exercicios etc. ademais dos prazos mínimos obrigatorios entre exercicios que hai que respectar. Sinálase que nas convocatorias dos exercicios 2019 e seguintes adoptáronse medidas dirixidas a simplificar, reducir e axilizar a duración dos procesos selectivos.

Este Consello de Contas valora os traballos que a Administración está a levar a cabo en aras á simplificación e axilización dos procesos. Remitímonos á réplica á alegación formulada ao punto 2.10 do informe.

As alegacións formuladas non contradín o indicado no anteproxecto de informe, polo que non supoñen a súa modificación.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado **4.43**, relativo á provisión mediante concurso.

Aléganse as causas polas que o sistema de provisión de postos por concurso experimentou certo retraso pero asegúrase que, co afán de modernizar e axilizar o procedemento de concurso de traslados, fixéronse melloras no sistema informático para adaptalo aos novos cambios.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 165 a 166

Este Consello de Contas valora os traballos que a Administración está a levar a cabo de cara á modernización e axilización do procedemento de concurso de traslados, porén as alegacións formuladas non contradín o indicado no anteproxecto de informe, polo que non supoñen a súa modificación.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado **4.47**, relativo ás comisións de servizo voluntarias.

Alégase que, seguindo o criterio que establece a sentenza ditada pola sala contencioso-administrativa do Tribunal Supremo do 24 de xuño de 2019 (rec.1594/2017), as convocatorias das comisións de servizo son ofertadas mediante convocatoria pública na plataforma da dirección xeral, cumprindo sobradamente o principio de igualdade ao acceso ao desenvolvemento de cargos e funcións públicas.

O carácter excepcional das comisións de servizos require de motivación xustificativa das razóns de urxencia e interese público para a cobertura do posto e da ausencia doutro procedemento para facelo, que non foi atopada nos expedientes analizados. Tampouco consta nos expedientes a motivación da designación dos candidatos seleccionados, nin se lle está dando publicidade aos criterios de valoración dos candidatos.

As alegacións formuladas non contradín o indicado no anteproxecto do informe, polo que non supoñen a súa modificación.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado **4.49**, relativo á carreira profesional.

Alégase que, de conformidade co acordo que implanta a carreira profesional, o sistema de carreira establecido consta dun grao inicial, que non leva retribución, e catro graos máis.

As alegacións formuladas non contradín o indicado no anteproxecto do informe, polo que non supoñen a súa modificación.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6XL52YGNGP9ZH37PZ3F6LQEZL | Corrección: https://conselllodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 166 a 166

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24689
Data envio: 09/11/2021 14:21:03.737
Data 09/11/2021 14:20

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 1ª -**número: 1403**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os datos referidos aos convenios asinados e as subvencións e axudas de calquera tipo concedidas por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ao Concello de Oza-Cesuras no exercicio 2019 e durante a décima lexislatura"**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de setembro de 2020), Convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"O Rexistro de Convenios regúlase polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo (DOG núm. 149, do 3 de agosto) e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro), e pretende ser un elemento de mellora dos mecanismos de transparencia e publicidade das actuacións da Administración autonómica galega.

Nesta páxina https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-economica-orzamentaria-e-estatistica/convenios/rexistro ponse a disposición da cidadanía a posibilidade de consultar a base de datos dos convenios asinados pola Xunta de Galicia e polas entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia, tanto da presente lexislatura como de lexislaturas anteriores, motivo polo que se poden efectuar buscas dos convenios polos nomes das actuais consellerías ou polos de anteriores estruturas organizativas.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24689
Data envio: 09/11/2021 14:21:03.737

Xacobeo 21·22

Ademais o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (Diario Oficial de Galicia núm. 30, do 15 de febreiro) impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios subscritos no cuadrimestre anterior, dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio y setembro de cada ano**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24689
Data envio: 09/11/2021 14:21:03.737

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:20:59

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24690
Data envio: 09/11/2021 14:21:13.753
Data 09/11/2021 14:21

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª -**número: 563**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os criterios empregados durante a X lexislatura pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para establecer convenios con determinados concellos galegos e respecto de se ten previsto darlles publicidade á totalidade dos convenios asinados pola dita consellaría con determinados concellos galegos na referida lexislatura, con indicación do nome do concello e da contía total recibida por cada un deles"**, (publicada no BOPG número 9 do 2 de setembro de 2020), Convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"O Rexistro de Convenios regúlase polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo (DOG núm. 149, do 3 de agosto) e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro), e pretende ser un elemento de mellora dos mecanismos de transparencia e publicidade das actuacións da Administración autonómica galega.

Nesta páxina https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-economica-orzamentaria-e-estatistica/convenios/rexistro ponse a disposición da cidadanía a posibilidade de consultar a base de datos dos convenios asinados pola Xunta de Galicia e polas entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia, tanto da presente lexislatura como de lexislaturas anteriores, motivo polo que se poden efectuar buscas dos convenios polos nomes das actuais consellerías ou polos de anteriores estruturas organizativas.

Ademais o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (Diario Oficial de Galicia núm. 30, do 15 de febreiro) impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios subscritos no cuadrimestre anterior, dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio y setembro de cada ano.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A publicación dos convenios dos últimos 2 cuadrimestres están publicadas no DOG mediante as seguintes resolucións:

• RESOLUCIÓN do 19 de maio de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería durante o primeiro cuadrimestre do ano 2020 (DOG Núm. 203 Mércores, 7 de outubro de 2020 Páx. 38636)

• RESOLUCIÓN do 28 de setembro de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se lle dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería durante o segundo cuadrimestre do ano 2020 (DOG Núm. 203 Mércores, 7 de outubro de 2020 Páx. 38636)

A próxima publicación dos convenios subscritos no terceiro cuadrimestre do año 2020 farase entre o 1 e 10 de xaneiro de 2021**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24690
Data envio: 09/11/2021 14:21:13.753

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:21:10

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24680
Data envio: 09/11/2021 14:19:16.284
Data 09/11/2021 14:19

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 8235**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións que está a levar a cabo e, se é o caso, as previstas polo Goberno galego para facer respectar o desenvolvemento propio do dereito civil de Galicia no que atinxe aos pactos sucesorios"**, (publicada no BOPG número 86 do 1 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego actuou con firmeza e lealdade institucional dende que tivo coñecemento da modificación do artigo 36 da Lei do IRPF que o Goberno central ía levar a cabo a través do Proxecto de Lei Medidas de Prevención e Loita contra a Fraude Fiscal e co que se penaliza as herdanzas en vida en Galicia.

A Xunta de Galicia sempre defendeu, en liña co pronunciamento da Comisión Superior de Dereito Civil, que esta reforma vai contra a nosa autonomía financeira, atenta contra a nosa capacidade para ter institucións de dereito civil propias, e vulnera os nosos dereitos recoñecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía e nas leis.

Ademais esta nova normativa que trata como defraudadores aos beneficiarios que transmiten os bens, atenta contra o principio de igualdade e contra o principio de neutralidade, xera inseguridade xurídica e prexudica principalmente á mocidade galega que se beneficia das herdanzas en vida para formar unha familia ou emprender unha actividade profesional.

Desde a Conselleira de Facenda e Administración Pública xa no mes de febreiro se remitiu unha carta a Ministra de Hacienda na que o Conselleiro lle expresaba a preocupación do Goberno galego polo impacto que tería esta modificación.

Tamén no mes de xuño o Conselleiro de Facenda volveu a dirixirse a Ministra de Hacienda para darlle traslado do acordo Parlamentario aprobado, con amplío consenso e sen ningún voto en contra, no pleno do 24 de xuño polo que

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia:

1. A dirixirse ao Goberno de España para demandarlle que respecte a autonomía financeira e a capacidade normativa en materia tributaria que a Constitución, o Estatuto de Autonomía e as leis lle recoñecen a Galicia.

2. A demandarlle ao Goberno de España que promova, na tramitación parlamentaria en curso do Proyecto de Ley de Medidas de prevención y lucha contra el fraude fiscal, actualmente no Congreso, a supresión do artigo que reforma a Ley 35/2006 del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas para introducir a ficción legal consistente en declarar como comportamento fraudulento, que non admite proba en contrario, toda venda dos bens recibidos a través dos pactos sucesorios en vida regulados no Dereito Civil de Galicia; por tratarse dunha clara e inxustificada vulneración da autonomía competencial e financeira da Comunidade Autónoma de Galicia, e do principio de lealdade institucional que debe presidir as relacións entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia.

3. E que, no caso de que sexa aprobada esta norma sen a supresión do citado artigo, empregue todas as ferramentas e recursos xurídicos ao seu alcance para defender a autonomía financeira, as competencias da Comunidade Autónoma e a defensa dos intereses dos galegos e das galegas'.

A Xunta de Galicia vén de solicitar a convocatoria da comisión bilateral de Cooperación entre o Estado e a comunidade autónoma de Galicia en relación coa Lei estatal de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal e ven de ser aceptada a súa apertura.

O Goberno Galego sempre apelou á vía da cooperación para negociar a resolución destas discrepancias co fin de evitar a presentación dun recurso de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24680
Data envio: 09/11/2021 14:19:16.284

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:19:12

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24820
Data envio: 11/11/2021 16:25:53.365
Data 11/11/2021 16:25

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9399**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **"a situación na que se atopa a elaboración pola Consellería de Facenda e Administración Pública do balance anual de seguimento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 correspondente ao exercicio 2019, a data prevista para a súa publicación na páxina web da consellaría e as súas intencións respecto da súa remisión ao Parlamento de Galicia"**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"Na páxina web do Plan estratéxico de Galicia pódense consultar os informes de seguimento do mesmo desde o ano 2016 ata o ano 2020 así como o balance do Plan Estratéxico 2015-2020 que se encontra dentro do informe de seguimento de 2020.

INFORME 2019

http://www.planestratexico.gal/documents/4752806/10339506/Informe+seguimiento+PEG+2019+vdef.pdf/4ac46c8c-941e-41c7-8222-c61be2ad4c99

INFORME 2020 CO BALANCE DO PLAN ESTRATÉXICO 2015-2020

http://www.planestratexico.gal/documents/4752806/4752831/PEG1520-informe-seguimiento-2020.pdf/2364222d-5247-4ab2-b5a4-47a1128b7076

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24820
Data envio: 11/11/2021 16:25:53.365

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/11/2021 16:25:50

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24676
Data envio: 09/11/2021 14:18:31.159
Data 09/11/2021 14:18

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ref: ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 11373,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a información, evolución e previsións da débeda de Galicia e da débeda no conxunto do Estado"**, (publicada no BOPG número 101 do 24 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública** que ten o seguinte contido:

Mantendo un déficit público do 0,1% Galicia pechou o ano 2020 cunha ratio débeda/PIB do 19,9%, o que supón 7,2 puntos menos que a media autonómica, o diferencial máximo da serie histórica.

Así, Galicia foi no 2020 a terceira comunidade autónoma de réxime común con menor endebedamento de toda España, 19,9% de ratio débeda/PIB, por un 27,1% de media.

O pasado 30 de xuño, o Banco de España publicou os datos de débeda segundo o Protocolo de Déficit Excesivo (PDE) correspondentes ao segundo trimestre do ano, os cales volven situar a Galicia como a terceira comunidade de réxime común con menor endebedamento de toda España.

En concreto, a ratio de débeda/PIB de Galicia situouse no 20,4% ao peche de este primeiro trimestre e subiu medio punto con respecto ao cuarto trimestre de 2020 para facer fronte ás necesidades extraordinarias derivadas da pandemia. Este indicador é 7,3 puntos inferior ao da media de comunidades (27,7%) e só superior ao de dúas comunidades autónomas de réxime común, Canarias e Madrid.

E en relación ao segundo trimestre de 2021, segundo os datos do Banco de España publicados o 30 de setembro, Galicia pechou o segundo trimestre do ano cun endebedamento do 20,1% baixando tres décimas a súa ratio no último trimestre é dicir 6,8 puntos por debaixo da media de CC.AA. que é do 26,9%.

Así Galicia segue a situarse como a terceira comunidade de réxime común con menor endebedamento de toda España.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

89538
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/11/2021 14:18:27

Xacobeo 21·22

En canto á evolución do volume de débeda, os datos do Banco de España indican que a débeda do conxunto das comunidades autónomas situouse nos 312.030 millóns de euros, dos cales o 3,87% se corresponden coa Comunidade Autónoma de Galicia.

O Banco de España ratifica ademais que Galicia é a comunidade autónoma con menor aumento de volume de débeda desde o ano 2008, exercicio no que comezou a tendencia ascendente na evolución do endebedamento no conxunto das administracións públicas de España, incluídas as comunidades autónomas.

Por outra parte, hai que lembrar que as emisións de débeda pública se autorizan mediante Orde do Conselleiro de Facenda, publicadas no DOG, nas que se establecen as súas características técnicas e financeiras, incluído o seu tipo de xuro.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24676
Data envio: 09/11/2021 14:18:31.159

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:18:27

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24675
Data envio: 09/11/2021 14:18:17.971
Data 09/11/2021 14:18

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 14307**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a xestión do Goberno galego en relación coa adaptación do proceso de declaración da renda ao contexto económico e social xerado pola covid-19"**, (publicada no BOPG número 127 do 22 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"A pandemia supuxo en 2020 un gasto extraordinario para a Xunta de Galicia de 629 millóns de euros, cun esforzo adicional para a Administración autonómica de 90 millóns, xa que tivo que gastar esa cantidade por riba dos recursos recibidos.

Hai que ter en conta que 2020 foi un ano excepcional no cal o Executivo galego tivo que tomar medidas orzamentarias extraordinarias. Neste sentido, xa no mes de marzo aprobou un Plan de tesouraría con 1.800 millóns de euros para dotar de liquidez a Tesouraría da comunidade e axudar s familias e empresas; creou un Fondo COVID-19 para poder financiar os gastos adicionais vinculados á pandemia no Sergas e nos servizos sociais, e aprobou un Plan de reactivación e dinamización para mobilizar máis de 3.000 millóns.

En relación as obrigas tributarias a incidencia da COVID-19 obrigou a tomar medidas de continxencia para acadar un equilibrio entre a estrita atención as medidas de protección da saúde pública e o cumprimento por parte da cidadanía das súas obrigacións tributarias.

Así a Xunta de Galicia aprobou a Orde de 27 de marzo de 2020, en virtude da que, os prazos de cumprimento das obrigacións tributarias relativas á presentación de autoliquidacións e ao ingreso da débeda tributaria dos impostos sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, sobre Sucesións e Doazóns, e dos Tributos cedidos sobre o Xogo cuxa xestión compete á Comunidade Autónoma galega que

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/11/2021 14:18:13

finalizasen no período comprendido entre a data de entrada en vigor desta orde e a data na que se levantase o estado de alarma quedaban ampliados ata o 30 de xuño do 2020.

Posteriormente, ante a ampliación da duración do estado de alarma publicouse a Orde da Consellería de Facenda do 15 de xuño de 2020 pola que os prazos que finalizasen no período comprendido entre a data de entrada en vigor do estado de alarma e o 31 de outubro de 2020, ampliáronse ata esta última data.

O impacto da suspensión do pagamento de impostos autonómicos entre o 14 de marzo e o 1 de novembro de 2020 por mor da pandemia fixo que se un de cada cinco contribuíntes se beneficiaran destes aprazamentos de impostos da Xunta, en total, 43.125 familias.

Por outra parte hai que lembrar que Galicia para o 2021 conta co orzamento máis elevado da súa historia co obxectivo de seguir combatendo a pandemia, impulsar a reactivación económica e atender as necesidades de familias, pemes e autónomos.

Ademais, Galicia vén apostando nos últimos anos polas baixadas de impostos, e no 2021 está a seguir nesa liña. Dende o Goberno galego sempre se transmitiu que non é o momento de subirlle os impostos nin ás familias nin ás empresas. É por elo que no 2021 a Xunta de Galicia mantén as grandes rebaixas de impostos**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24675
Data envio: 09/11/2021 14:18:17.971

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:18:13

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24671
Data envio: 09/11/2021 14:17:22.987
Data 09/11/2021 14:17

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 14569,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"a xestión do Goberno galego en relación coa garantía do acceso da cidadanía aos servizos financeiros básicos e da súa accesibilidade dixital á banca electrónica, así como a valoración que fai do proceso de concentración bancaria en Galicia"**, (publicada no BOPG número 131 do 29 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública** que ten o seguinte contido:

O pasado 14 de xullo o Conselleiro de Facenda dou resposta a esta mesma iniciativa no pleno do Parlamento de Galicia ao contestar a pregunta oral con Nº de rexistro 14567 do Grupo Parlamentario Socialista.

O Conselleiro transmitiu en primeiro lugar que o goberno galego comparte a preocupación do grupo socialista polas consecuencias que pode ter o acceso dos cidadáns a os servicios financeiros no ámbito rural.

Recordou que nos atopamos ante un problema de dimensión nacional que require dun tratamento e dunha solución coordinada por parte das diferentes AAPP e capitaneadas polo Goberno do Estado.

Ante a inacción do Goberno central e ante a falta de medidas coordinadas, a Xunta de Galicia leva meses traballando coa FEGAMP e así o pasado mes de decembro firmaron un Protocolo de Colaboración, co obxecto de instrumentar medidas para facilitar o acceso a servizos financeiros e bancarios básicos aos habitantes nos concellos galegos do medio rural, sinaladamente nos 45 concellos que carecen de oficina bancaria.

A Xunta foi unha das primeiras administracións en abordar –da man da Federación Galega de Municipios e Provincias- este problema de ámbito nacional co obxectivo de que "toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, teña acceso a servizos financeiros".

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

89544
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/11/2021 14:17:18

Xacobeo 21·22

O pasado 22 de xuño publicouse a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para fomentar a prestación de servicios bancarios básicos, prioritariamente nos concellos sen entidade financeira no seu territorio.

Explicou o Conselleiro que as medidas que se ían a por en marcha teñen tres liñas de actuación: a instalación de caixeiros automáticos nas dependencias municipais, a prestación dun servizo de asistencia financeira que permita, de xeito semellante a unha oficina bancaria convencional, solucionar de xeito presencial dúbidas e contratar produtos financeiros e, ademais, unha oferta de formación financeira e banca electrónica, para adquirir nocións básicas e aprender a utilizar os servizos bancarios a través das novas tecnoloxías.

Así mesmo o pasado 10 de setembro o Director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos explicou na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos ao responder a dúas preguntas da oposición sobre o acceso aos servizos financeiros que 55.000 cidadáns se beneficiarán das medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para facilitar que todos os galegos e galegas teñan acceso a servizos financeiros no seu concello.

Subliñou que grazas a esta iniciativa os veciños dos 38 concellos que se xa adheriron ao protocolo de colaboración asinado entre a Xunta e a FEGAMP, contarán cun caixeiro para retirar efectivo ou pagar recibos; un servizo de asistencia financeira que permita solucionar de xeito presencial dúbidas; e unha ampla oferta de formación financeira e banca dixital.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24671
Data envio: 09/11/2021 14:17:22.987

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:17:18

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2021 18:28:50
Nº Rexistro: 24792
Data envio: 10/11/2021 18:28:50.018
Data 10/11/2021 18:28

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 15886**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia relativas ás medidas a tomar diante do peche das oficinas de ABANCA en Vilaxoán e Carril no concello de Vilagarcía"**, (publicada no BOPG número 141 do 20 de maio de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"Como xa se ten manifestado O Goberno galego en numerosas ocasións, a exclusión financeira é unha preocupación compartida polo Goberno galego que xa foi tratada en numerosos ocasións no Parlamento de Galicia.

Os acontecementos e as novas que están xurdir nos últimos meses incrementaron a inquedanza e o descontento social por un problema, como é o do acceso aos servizos bancarios e financeiros, fundamentalmente no ámbito rural, que afecta xa a máis da metade dos municipios en España.

Unha preocupación, unha inquedanza que é compartida polo goberno galego, pero non de agora, senón xa de hai tempo, e de feito, a Xunta de Galicia foi unha das primeiras Comunidades autónomas en abordar o problema e leva desde o ano 2109, en coordinación e colaboración coa FEGAMP, na busca de solucións e de medidas que teñen como único obxectivo o de facilitar que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, teña acceso aos a servicios financeiros.

Estamos ante unha problemática nacional e así o pasado ano pecháronse en España máis de 1.600 oficinas e desde o ano 2008 pecháronse mais de 23.000 sucursais, o que supón un axuste de mais do 51% con Comunidades autónomas como Cataluña cunha caída dun 64%.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 10/11/2021 18:28:47

Xacobeo 21·22

Esta problemática, aínda que non é exclusiva, é nas zonas rurais onde se está vendo mais agravada e en España hai mais de 4.200 concellos que carecen de oficina bancaria no seu termo municipal.

Por todo isto a Xunta de Galicia ven reclamando unha diagnose, un tratamento e unha solución coordinada por parte das diferentes administracións e capitaneada polo Goberno de España porque estamos ante unha problemática xeneralizada.

Desta forma o Goberno galego xa ten reclamado, en diferentes ocasións, ao goberno central o que xa foi aprobado o 9 de setembro de 2020 nunha moción do grupo parlamentario socialista no Senado; a necesidade de que se elabore un estudo completo e detallado que analice a situación do mercado financeiro, para a partir do mesmo, elaborar unha estratéxica global con medidas que faciliten e garantan o acceso da poboación aos servizos financeiros**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2021 18:28:50
Nº Rexistro: 24792
Data envio: 10/11/2021 18:28:50.018

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/11/2021 18:28:47

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2021 18:28:33
Nº Rexistro: 24790
Data envio: 10/11/2021 18:28:33.690
Data 10/11/2021 18:28

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 16109**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños , e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións da Xunta de Galicia para obter a transferencia inmediata das contías que lle corresponden do imposto sobre o valor engadido de 2017 e o seu investimento no sistema sanitario público"**, (publicada no BOPG número 141 do 20 de maio de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta actuou sempre coa máxima lealdade institucional pero con firmeza na defensa dos intereses das galegas e dos galegos, por iso Galicia foi a primeira Comunidade en advertir desta situación en xullo de 2018.

Só cando tivo a evidencia de que o Goberno central non ía mudar a súa posición, o Executivo autonómico viuse obrigado a recorrer aos tribunais

O pasado mes de maio, a xustiza xa deu a razón a Galicia ao recoñecer o Tribunal Supremo o seu dereito a ser compensada pola mensualidade do IVE de 2017 –máis os xuros de demora- que o Goberno central se negaba a ingresar.

Grazas a esta sentenza e á de Castela e León, o Executivo central estendeu a todas as comunidades autónomas e ás entidades locais a recuperación dos recursos correspondentes a esa mensualidade.

O Ministerio de Hacienda e Función Pública tivo que dar a razón á Xunta na súa reclamación do importe da mensualidade do IVE de 2017 non transferido a Galicia.

Da mesma forma o Ministerio admitiu que a cifra que o Goberno central adebeda a Galicia pola sentenza do Tribunal Supremo ascende a 211 millóns de euros.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En diversas ocasións desde que se coñeceu a sentenza Galicia reclamou o seu cumprimento. O goberno central incluíu no Proxecto de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022 un apartado específico para facer fronte ao pago da mensualidade do IVE de 2017 ás comunidades autónomas**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2021 18:28:33
Nº Rexistro: 24790
Data envio: 10/11/2021 18:28:33.690

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/11/2021 18:28:30

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24669
Data envio: 09/11/2021 14:16:57.628
Data 09/11/2021 14:16

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 16329,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación coas subvencións públicas ás entidades bancarias e a esixencia do cese de prácticas abusivas"**, (publicada no BOPG número 144 do 26 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública** que ten o seguinte contido:

O pasado 14 de xullo o Conselleiro de Facenda dou resposta a esta mesma iniciativa no pleno do Parlamento de Galicia ao contestar a pregunta oral con Nº de rexistro 14567 do Grupo Parlamentario Socialista.

O Conselleiro transmitiu en primeiro lugar que o goberno galego comparte a preocupación do grupo socialista polas consecuencias que pode ter o acceso dos cidadáns a os servicios financeiros no ámbito rural.

Recordou que nos atopamos ante un problema de dimensión nacional que require dun tratamento e dunha solución coordinada por parte das diferentes AAPP e capitaneadas polo Goberno do Estado.

Ante a inacción do Goberno central e ante a falta de medidas coordinadas, a Xunta de Galicia leva meses traballando coa FEGAMP e así o pasado mes de decembro firmaron un Protocolo de Colaboración, co obxecto de instrumentar medidas para facilitar o acceso a servizos financeiros e bancarios básicos aos habitantes nos concellos galegos do medio rural, sinaladamente nos 45 concellos que carecen de oficina bancaria.

A Xunta foi unha das primeiras administracións en abordar –da man da Federación Galega de Municipios e Provincias- este problema de ámbito nacional co obxectivo de que "toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, teña acceso a servizos financeiros".

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

89553
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/11/2021 14:16:52

Xacobeo 21·22

O pasado 22 de xuño publicouse a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para fomentar a prestación de servicios bancarios básicos, prioritariamente nos concellos sen entidade financeira no seu territorio.

Explicou o Conselleiro que as medidas que se ían a por en marcha teñen tres liñas de actuación: a instalación de caixeiros automáticos nas dependencias municipais, a prestación dun servizo de asistencia financeira que permita, de xeito semellante a unha oficina bancaria convencional, solucionar de xeito presencial dúbidas e contratar produtos financeiros e, ademais, unha oferta de formación financeira e banca electrónica, para adquirir nocións básicas e aprender a utilizar os servizos bancarios a través das novas tecnoloxías.

Así mesmo o pasado 10 de setembro o Director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos explicou na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos ao responder a dúas preguntas da oposición sobre o acceso aos servizos financeiros que 55.000 cidadáns se beneficiarán das medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para facilitar que todos os galegos e galegas teñan acceso a servizos financeiros no seu concello.

Subliñou que grazas a esta iniciativa os veciños dos 38 concellos que se xa adheriron ao protocolo de colaboración asinado entre a Xunta e a FEGAMP, contarán cun caixeiro para retirar efectivo ou pagar recibos; un servizo de asistencia financeira que permita solucionar de xeito presencial dúbidas; e unha ampla oferta de formación financeira e banca dixital.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24669
Data envio: 09/11/2021 14:16:57.628

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:16:52

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24827
Data envio: 11/11/2021 16:26:53.428
Data 11/11/2021 16:26

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -**número: 7217**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a necesidade dun novo modelo de financiamento xusto para Galicia"**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"Galicia, xunto con outras comunidades vén defendendo que o sistema de financiamento debe garantir o principio de suficiencia e o dereito de todos os cidadáns a recibir uns servizos de igual calidade con independencia de onde residen.

Os cidadáns teñen idénticos dereitos con independencia do seu lugar de residencia, polo cal o modelo debe garantir a cobertura do total dos servizos públicos a financiar. En definitiva, trátase de financiar persoas, non territorios.

As comunidades máis afectadas pola crise demográfica e o avellentamento son onde menos medran os recursos do sistema de financiamento, o cal é inxusto.

O gasto de prestación de servizos esenciais, como o sanitario ou o educativo, é maior

A Xunta aposta por un sistema de financiamento autonómico que garanta os principios de suficiencia e de igualdade, ao tempo que insta a acadar un amplo consenso político pois consideramos que o actual modelo non é satisfactorio e non cumpriu os seus obxectivos**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24827
Data envio: 11/11/2021 16:26:53.428

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/11/2021 16:26:49

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24685
Data envio: 09/11/2021 14:20:16.581
Data 09/11/2021 14:20

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7277,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"a caída da recadación tributaria como consecuencia da crise económica derivada da covid-19 en relación co gasto público"**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública** que ten o seguinte contido:

A pandemia supuxo en 2020 un gasto extraordinario para a Xunta de Galicia de 629 millóns de euros, cun esforzo adicional para a Administración autonómica de 90 millóns, xa que tivo que gastar esa cantidade por riba dos recursos recibidos.

Hai que ter en conta que 2020 foi un ano excepcional no cal o Executivo galego tivo que tomar medidas orzamentarias extraordinarias. Neste sentido, xa no mes de marzo aprobou un Plan de tesouraría con 1.800 millóns de euros para dotar de liquidez a Tesouraría da comunidade e axudar s familias e empresas; creou un Fondo COVID-19 para poder financiar os gastos adicionais vinculados á pandemia no Sergas e nos servicios sociais, e aprobou un Plan de reactivación e dinamización para mobilizar máis de 3.000 millóns.

En relación as obrigas tributarias a incidencia da COVID-19 obrigou a tomar medidas de continxencia para acadar un equilibrio entre a estrita atención as medidas de protección da saúde pública e o cumprimento por parte da cidadanía das súas obrigacións tributarias.

Así a Xunta de Galicia aprobou a Orde de 27 de marzo de 2020, en virtude da que, os prazos de cumprimento das obrigacións tributarias relativas á presentación de autoliquidacións e ao ingreso da débeda tributaria dos impostos sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, sobre Sucesións e Doazóns, e dos Tributos cedidos sobre o Xogo cuxa xestión compete á Comunidade Autónoma galega que finalizasen no período comprendido entre a data de entrada en vigor desta orde e a data na que se levantase o estado de alarma quedaban ampliados ata o 30 de xuño do 2020.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/11/2021 14:20:12

Xacobeo 21·22

Posteriormente, ante a ampliación da duración do estado de alarma publicouse a Orde da Consellería de Facenda do 15 de xuño de 2020 pola que os prazos que finalizasen no período comprendido entre a data de entrada en vigor do estado de alarma e o 31 de outubro de 2020, ampliáronse ata esta última data.

O impacto da suspensión do pagamento de impostos autonómicos entre o 14 de marzo e o 1 de novembro de 2020 por mor da pandemia fixo que se un de cada cinco contribuíntes se beneficiaran destes aprazamentos de impostos da Xunta, en total, 43.125 familias.

Hai que ter en conta tamén que Galicia para o 2021 conta co orzamento máis elevado da súa historia co obxectivo de seguir combatendo a pandemia, impulsar a reactivación económica e atender as necesidades de familias, pemes e autónomos.

Ademais, Galicia vén apostando nos últimos anos polas baixadas de impostos, e no 2021 está a seguir nesa liña. Dende o Goberno galego sempre se transmitiu que non é o momento de subirlle os impostos nin ás familias nin ás empresas. É por elo que no 2021 a Xunta de Galicia mantén as grandes rebaixas de impostos.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24685
Data envio: 09/11/2021 14:20:16.581

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:20:12

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24683
Data envio: 09/11/2021 14:19:51.362
Data 09/11/2021 14:19

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7290,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"as garantías de acceso á oferta financeira ante os procesos de concentración bancaria"**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública** que ten o seguinte contido:

A reestruturación do sistema financeiro, os procesos de consolidación de entidades e a reformulación do negocio bancario é un feito xeneralizado a nivel global.

Desde a crise financeira, o sector bancario estivo inmerso nun proceso de reestruturación gradual, na busca de novos modelos de negocio axustados aos novos retos que se presentan: o novo marco regulatorio, os tipos de xuros negativos, a dixitalización do sector, a resolución de activos dubidosos, a entrada de novos competidores, etc. A crise sanitaria da Covid, co conseguinte efecto traumático na economía, acelerou este proceso consolidación bancaria, en de entidades máis fortes e resilientes.

O anuncio no ano 2020 de novas operacións de consolidación como a inicialmente anunciada entre o BBVA me o Banco Sabadell (se ben, con posterioridade anunciouse a ruptura de negociacións por parte das entidades) ou operacións similares en Italia ou Alemaña, anuncian a continuidade deste proceso nos vindeiros anos, incrementando o grado de concentración bancaria.

Porén, hai que ter en conta factores que matizan este incremen¬to, como son a dixitalización, que facilita a prestación dunha ampla gama de servicios financeiros, a presenza cada vez máis intensa de novos competidores non bancarios, ou o papel im¬portante que en determinados ámbitos territoriais poden xogar entidades mais enfocadas ao negocio domestico, neste sentido o propio Banco de España considera que o nivel de competencia no sector é elevado.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

89561
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/11/2021 14:19:43

Xacobeo 21·22

Na nosa Comunidade Autónoma, o Informe sobre a Concentración Bancaria, elaborado pola Comisión Galega da Competencia, realizou unha exhaustiva análise do mercado bancario galego, advertindo que os niveis de concentración no mercado galego tamén son máis elevados.

Con todo hai unha serie de factores como o que ningunha entidade teña unha posición dominante no mercado, a elevada competencia potencial, o papel da banca “en liña” ou a regulación e supervisión á que está sometido o sector por parte do Goberno do Estado e o Banco de España, que atenúan os riscos deste proceso.

Porén, como xa se ten manifestado en numerosas ocasións, a concentración bancaria é unha preocupación compartida polo Goberno galego. A este respecto, desde a Xunta de Galicia sempre estivemos, estamos e estaremos comprometidos a defender, dentro das nosas competencias, todas aquelas iniciativas que implican o mantemento de entidades financeiras radicadas en Galicia..

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24683
Data envio: 09/11/2021 14:19:51.362

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:19:43

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24826
Data envio: 11/11/2021 16:26:45.428
Data 11/11/2021 16:26

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -**número: 7348**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación da reclamación xudicial, se existe, da Xunta de Galicia ao Estado para a consecución da contía pendente do IVE de 2017"**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta actuou sempre coa máxima lealdade institucional pero con firmeza na defensa dos intereses das galegas e dos galegos, por iso Galicia foi a primeira Comunidade en advertir desta situación en xullo de 2018.

Só cando tivo a evidencia de que o Goberno central non ía mudar a súa posición, o Executivo autonómico viuse obrigado a recorrer aos tribunais

O pasado mes de maio, a xustiza xa deu a razón a Galicia ao recoñecer o Tribunal Supremo o seu dereito a ser compensada pola mensualidade do IVE de 2017 –máis os xuros de demora- que o Goberno central se negaba a ingresar.

Grazas a esta sentenza e á de Castela e León, o Executivo central estendeu a todas as comunidades autónomas e ás entidades locais a recuperación dos recursos correspondentes a esa mensualidade.

O Ministerio de Hacienda e Función Pública tivo que dar a razón á Xunta na súa reclamación do importe da mensualidade do IVE de 2017 non transferido a Galicia.

Da mesma forma o Ministerio admitiu que a cifra que o Goberno central adebeda a Galicia pola sentenza do Tribunal Supremo ascende a 211 millóns de euros.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En diversas ocasións desde que se coñeceu a sentenza Galicia reclamou o seu cumprimento. O goberno central incluíu no Proxecto de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022 un apartado específico para facer fronte ao pago da mensualidade do IVE de 2017 ás comunidades autónomas**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24826
Data envio: 11/11/2021 16:26:45.428

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/11/2021 16:26:41

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24682
Data envio: 09/11/2021 14:19:38.315
Data 09/11/2021 14:19

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -**número: 7364**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración das repercusións para Galicia da escalada de fusións bancarias no contexto da covid-19"**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"A reestruturación do sistema financeiro, os procesos de consolidación de entidades e a reformulación do negocio bancario é un feito xeneralizado a nivel global. O propio Banco Central Europeo publicaba en outubro de 2017 un informe que sinalaba que o proceso de consolidación no sector bancario cobrouse, dende o inicio da crise financeira do ano 2008, a desaparición dun 25% dos bancos europeos.

Desde a crise financeira, o sector bancario estivo inmerso nun proceso de reestruturación gradual, na busca de novos modelos de negocio axustados aos novos retos que se presentan: o novo marco regulatorio, os tipos de xuros negativos, a dixitalización do sector, a resolución de activos dubidosos, a entrada de novos competidores, etc. A crise sanitaria da Covid, co conseguinte efecto traumático na economía, acelerou este proceso de consolidación bancaria, de entidades máis fortes e resilientes.

Na nosa Comunidade Autónoma, o Informe sobre a Concentración Bancaria, elaborado pola Comisión Galega da Competencia, realizou unha exhaustiva análise do mercado bancario galego, advertindo que os niveis de concentración no mercado galego tamén eran elevados.

Con todo hai unha serie de factores como o que ningunha entidade teña unha posición dominante no mercado, a elevada competencia potencial, o papel da banca "en liña" ou a regulación e supervisión á que está sometido o sector por parte do Goberno do Estado e do Banco de España que atenúan os riscos dos elevados niveis de concentración e facilitan a existencia dunha maior competencia.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/11/2021 14:19:34

Porén, como xa se ten manifestado en numerosas ocasións, a concentración bancaria é unha preocupación compartida polo Goberno galego. A este respecto, desde a Xunta de Galicia sempre estivemos, estamos e estaremos comprometidos a defender, dentro das nosas competencias, todas aquelas iniciativas que implican o mantemento de entidades financeiras radicadas en Galicia**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24682
Data envio: 09/11/2021 14:19:38.315

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:19:34

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24825
Data envio: 11/11/2021 16:26:36.849
Data 11/11/2021 16:26

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -**número: 8029**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **"o control da corrupción por parte da Administración autonómica galega en relación co informe do Consello de Contas de Galicia Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Xunta, do 23 de decembro de 2019"**, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"O goberno da Xunta de Galicia ten dende 2009 un compromiso coa integridade institucional, así como coa prevención e loita contra a corrupción.

Boa proba diso son as múltiples iniciativas lexislativas, de impulso de medidas e de accións que se desenvolveron ao longo dese período.

Baste salientar o "programa de impulso democrático" que supuxo, a iniciativa do goberno galego, a aprobación de 5 leis e de moitas medidas que avanzaron na senda da integridade e da ética pública na Xunta de Galicia.

- En A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, para dotar a este órgano de control externo de facultades en materia de prevención da corrupción, creando no seu seo unha sección encargada de elaborar plans de riscos de prevención da corrupción; colaborar coas administracións galegas na elaboración de normas internas sobre prevención deses riscos

- A Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas

- A Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia

particular nese período aprobáronse as seguintes normas

- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/11/2021 16:26:32

- A Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público

O informe de diagnostico do Consello de Contas ao que se fai referencia na pregunta ten o seu feito causante nunha iniciativa do goberno galego formalizada o 16 de novembro de 2018 mediante a sinatura dun protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello de Contas para a implantación e seguimento de plans de prevención de riscos da corrupción no sector público autonómico de Galicia.

Dende que se publicou ese documento de diagnóstico o goberno leva traballado en diferentes accións en relación coa integridade e a ética pública, que se viron condicionados polas prioridade derivadas da loita contra a pandemia.

Así a Xunta de Galicia aprobou o pasado mes de maio o primeiro Programa Marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 que permitirá avanzar na transparencia, a obxectividade e na eficiencia da Administración autonómica. Este programa desenvolverase nos vindeiros catro anos e aplicarase tanto na Administración xeral da Xunta de Galicia como nas entidades instrumentais dependentes dela.

Galicia convértese así, na primeira Comunidade Autónoma en regular de xeito completo a súa política de integridade cun documento que recolle todas as medidas que afectan ao conxunto dos mecanismos de comportamento íntegro e ético.

En relación as recomendacións do Consello de Contas, as vinte e catro medidas, agrupadas en seis eixes, incluídas no Programa Marco de Integridade Institucional responden as recomendacións feitas polo Consello de Contas no seu Informe de Diagnose dos sistemas de control interno e estratexia de riscos da corrupción da Administración Xeral de Galicia de 2019.

Todo isto é unha boa mostra do compromiso do Goberno Galego coa prevención e loita contra a corrupción**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24825
Data envio: 11/11/2021 16:26:36.849

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/11/2021 16:26:32

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24679
Data envio: 09/11/2021 14:19:05.425
Data 09/11/2021 14:18

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -**número: 8236**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para facer respectar o desenvolvemento propio do dereito civil de Galicia no que atinxe aos pactos sucesorios"**, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego actuou con firmeza e lealdade institucional dende que tivo coñecemento da modificación do artigo 36 da Lei do IRPF que o Goberno central ía levar a cabo a través do Proxecto de Lei Medidas de Prevención e Loita contra a Fraude Fiscal e co que se penaliza as herdanzas en vida en Galicia.

A Xunta de Galicia sempre defendeu, en liña co pronunciamento da Comisión Superior de Dereito Civil, que esta reforma vai contra a nosa autonomía financeira, atenta contra a nosa capacidade para ter institucións de dereito civil propias, e vulnera os nosos dereitos recoñecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía e nas leis.

Ademais esta nova normativa que trata como defraudadores aos beneficiarios que transmiten os bens, atenta contra o principio de igualdade e contra o principio de neutralidade, xera inseguridade xurídica e prexudica principalmente á mocidade galega que se beneficia das herdanzas en vida para formar unha familia ou emprender unha actividade profesional.

Desde a Conselleira de Facenda e Administración Pública xa no mes de febreiro se remitiu unha carta a Ministra de Hacienda na que o Conselleiro lle expresaba a preocupación do Goberno galego polo impacto que tería esta modificación.

Tamén no mes de xuño o Conselleiro de Facenda volveu a dirixirse a Ministra de Hacienda para darlle traslado do acordo Parlamentario aprobado, con amplío consenso e sen ningún voto en contra, no pleno do 24 de xuño polo que

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/11/2021 14:19:01

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia:

1. A dirixirse ao Goberno de España para demandarlle que respecte a autonomía financeira e a capacidade normativa en materia tributaria que a Constitución, o Estatuto de Autonomía e as leis lle recoñecen a Galicia.

2. A demandarlle ao Goberno de España que promova, na tramitación parlamentaria en curso do Proyecto de Ley de Medidas de prevención y lucha contra el fraude fiscal, actualmente no Congreso, a supresión do artigo que reforma a Ley 35/2006 del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas para introducir a ficción legal consistente en declarar como comportamento fraudulento, que non admite proba en contrario, toda venda dos bens recibidos a través dos pactos sucesorios en vida regulados no Dereito Civil de Galicia; por tratarse dunha clara e inxustificada vulneración da autonomía competencial e financeira da Comunidade Autónoma de Galicia, e do principio de lealdade institucional que debe presidir as relacións entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia.

3. E que, no caso de que sexa aprobada esta norma sen a supresión do citado artigo, empregue todas as ferramentas e recursos xurídicos ao seu alcance para defender a autonomía financeira, as competencias da Comunidade Autónoma e a defensa dos intereses dos galegos e das galegas'.

A Xunta de Galicia vén de solicitar a convocatoria da comisión bilateral de Cooperación entre o Estado e a comunidade autónoma de Galicia en relación coa Lei estatal de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal e ven de ser aceptada a súa apertura.

O Goberno Galego sempre apelou á vía da cooperación para negociar a resolución destas discrepancias co fin de evitar a presentación dun recurso de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24679
Data envio: 09/11/2021 14:19:05.425

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:19:01

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24678
Data envio: 09/11/2021 14:18:54.190
Data 09/11/2021 14:18

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -**número: 11273**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as solucións que vai achegar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ante o inminente desaloxo de 22 persoas do poboado de chabolas do Caramuxo, no barrio de Navia, en Vigo, e as xestións realizadas ao respecto"**, (publicada no BOPG número 101 do 24 de febreiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"Coa finalidade de buscar unha solución ao problema xerado pola resolución xudicial que ordeaba o desafiuzamento de varias familias de etnia xitana dun poboado chabolista na zona de Navia no Concello de Vigo, dende a Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social ofrecéuselle colaboración a dito concello para executar un Programa integral de realoxo e transición á vida normalizada, que tería como obxectivo facilitar axudas económicas ás familias afectadas para o acceso á vivenda normalizada, así como realizar labores de acompañamento ás familias e mediación veciñal.

Esta proposta, que debería contar con financiamento ao 50% por parte da Xunta e do concello de Vigo, foi trasladada en febreiro deste ano á Concelleira de Políticas de Benestar Social do Concello de Vigo, sen obter ata o día de hoxe resposta pola súa banda**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24678
Data envio: 09/11/2021 14:18:54.190

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:18:50

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24673
Data envio: 09/11/2021 14:17:50.440
Data 09/11/2021 14:17

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno **-número: 14309**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto do exercicio da súa capacidade de autogoberno en materia fiscal para axudar os colectivos afectados polos ERTE, desemprego e contratos precarios que se ven prexudicados polos limiares que exixe a declaración da renda"**, (publicada no BOPG número 126 do 21 de abril de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"A pandemia supuxo en 2020 un gasto extraordinario para a Xunta de Galicia de 629 millóns de euros, cun esforzo adicional para a Administración autonómica de 90 millóns, xa que tivo que gastar esa cantidade por riba dos recursos recibidos.

Hai que ter en conta que 2020 foi un ano excepcional no cal o Executivo galego tivo que tomar medidas orzamentarias extraordinarias. Neste sentido, xa no mes de marzo aprobou un Plan de tesouraría con 1.800 millóns de euros para dotar de liquidez a Tesouraría da comunidade e axudar s familias e empresas; creou un Fondo COVID-19 para poder financiar os gastos adicionais vinculados á pandemia no Sergas e nos servizos sociais, e aprobou un Plan de reactivación e dinamización para mobilizar máis de 3.000 millóns.

En relación as obrigas tributarias a incidencia da COVID-19 obrigou a tomar medidas de continxencia para acadar un equilibrio entre a estrita atención as medidas de protección da saúde pública e o cumprimento por parte da cidadanía das súas obrigacións tributarias.

Así a Xunta de Galicia aprobou a Orde de 27 de marzo de 2020, en virtude da que, os prazos de cumprimento das obrigacións tributarias relativas á presentación de autoliquidacións e ao ingreso da débeda tributaria dos impostos sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, sobre Sucesións e Doazóns, e dos Tributos cedidos sobre o Xogo cuxa xestión compete á Comunidade Autónoma galega que

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/11/2021 14:17:46

finalizasen no período comprendido entre a data de entrada en vigor desta orde e a data na que se levantase o estado de alarma quedaban ampliados ata o 30 de xuño do 2020.

Posteriormente, ante a ampliación da duración do estado de alarma publicouse a Orde da Consellería de Facenda do 15 de xuño de 2020 pola que os prazos que finalizasen no período comprendido entre a data de entrada en vigor do estado de alarma e o 31 de outubro de 2020, ampliáronse ata esta última data.

O impacto da suspensión do pagamento de impostos autonómicos entre o 14 de marzo e o 1 de novembro de 2020 por mor da pandemia fixo que se un de cada cinco contribuíntes se beneficiaran destes aprazamentos de impostos da Xunta, en total, 43.125 familias.

Por outra parte hai que lembrar que Galicia para o 2021 conta co orzamento máis elevado da súa historia co obxectivo de seguir combatendo a pandemia, impulsar a reactivación económica e atender as necesidades de familias, pemes e autónomos.

Ademais, Galicia vén apostando nos últimos anos polas baixadas de impostos, e no 2021 está a seguir nesa liña. Dende o Goberno galego sempre se transmitiu que non é o momento de subirlle os impostos nin ás familias nin ás empresas. É por elo que no 2021 a Xunta de Galicia mantén as grandes rebaixas de impostos**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24673
Data envio: 09/11/2021 14:17:50.440

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:17:46

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2021 18:28:42
Nº Rexistro: 24791
Data envio: 10/11/2021 18:28:42.283
Data 10/11/2021 18:28

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -**número: 15887**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia relativas ás medidas a tomar diante do peche das oficinas de ABANCA en Vilaxoán e Carril no concello de Vilagarcía"**, (publicada no BOPG número 140 do 19 de maio de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"Como xa se ten manifestado O Goberno galego en numerosas ocasións, a exclusión financeira é unha preocupación compartida polo Goberno galego que xa foi tratada en numerosos ocasións no Parlamento de Galicia.

Os acontecementos e as novas que están xurdir nos últimos meses incrementaron a inquedanza e o descontento social por un problema, como é o do acceso aos servizos bancarios e financeiros, fundamentalmente no ámbito rural, que afecta xa a máis da metade dos municipios en España.

Unha preocupación, unha inquedanza que é compartida polo goberno galego, pero non de agora, senón xa de hai tempo, e de feito, a Xunta de Galicia foi unha das primeiras Comunidades autónomas en abordar o problema e leva desde o ano 2109, en coordinación e colaboración coa FEGAMP, na busca de solucións e de medidas que teñen como único obxectivo o de facilitar que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, teña acceso aos a servicios financeiros.

Estamos ante unha problemática nacional e así o pasado ano pecháronse en España máis de 1.600 oficinas e desde o ano 2008 pecháronse mais de 23.000 sucursais, o que supón un axuste de mais do 51% con Comunidades autónomas como Cataluña cunha caída dun 64%.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 10/11/2021 18:28:38

Esta problemática, aínda que non é exclusiva, é nas zonas rurais onde se está vendo mais agravada e en España hai mais de 4.200 concellos que carecen de oficina bancaria no seu termo municipal.

Por todo isto a Xunta de Galicia ven reclamando unha diagnose, un tratamento e unha solución coordinada por parte das diferentes administracións e capitaneada polo Goberno de España porque estamos ante unha problemática xeneralizada.

Desta forma o Goberno galego xa ten reclamado, en diferentes ocasións, ao goberno central o que xa foi aprobado o 9 de setembro de 2020 nunha moción do grupo parlamentario socialista no Senado; a necesidade de que se elabore un estudo completo e detallado que analice a situación do mercado financeiro, para a partir do mesmo, elaborar unha estratéxica global con medidas que faciliten e garantan o acceso da poboación aos servizos financeiros**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2021 18:28:42
Nº Rexistro: 24791
Data envio: 10/11/2021 18:28:42.283

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/11/2021 18:28:38

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2021 18:28:17
Nº Rexistro: 24788
Data envio: 10/11/2021 18:28:17.533
Data 10/11/2021 18:28

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -**número: 16112**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións da Xunta de Galicia para obter a contía que lle corresponde do imposto sobre o valor engadido de 2017 e o seu investimento en sanidade"**, (publicada no BOPG número 140 do 19 de maio de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta actuou sempre coa máxima lealdade institucional pero con firmeza na defensa dos intereses das galegas e dos galegos, por iso Galicia foi a primeira Comunidade en advertir desta situación en xullo de 2018.

Só cando tivo a evidencia de que o Goberno central non ía mudar a súa posición, o Executivo autonómico viuse obrigado a recorrer aos tribunais

O pasado mes de maio, a xustiza xa deu a razón a Galicia ao recoñecer o Tribunal Supremo o seu dereito a ser compensada pola mensualidade do IVE de 2017 –máis os xuros de demora- que o Goberno central se negaba a ingresar.

Grazas a esta sentenza e á de Castela e León, o Executivo central estendeu a todas as comunidades autónomas e ás entidades locais a recuperación dos recursos correspondentes a esa mensualidade.

O Ministerio de Hacienda e Función Pública tivo que dar a razón á Xunta na súa reclamación do importe da mensualidade do IVE de 2017 non transferido a Galicia.

Da mesma forma o Ministerio admitiu que a cifra que o Goberno central adebeda a Galicia pola sentenza do Tribunal Supremo ascende a 211 millóns de euros.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En diversas ocasións desde que se coñeceu a sentenza Galicia reclamou o seu cumprimento. O goberno central incluíu no Proxecto de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022 un apartado específico para facer fronte ao pago da mensualidade do IVE de 2017 ás comunidades autónomas**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2021 18:28:17
Nº Rexistro: 24788
Data envio: 10/11/2021 18:28:17.533

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/11/2021 18:28:13

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24668
Data envio: 09/11/2021 14:16:45.831
Data 09/11/2021 14:16

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -**número: 16331**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a consideración da Xunta de Galicia en relación coa financiación dos servizos que deben prestar a entidades bancarias"**, (publicada no BOPG número 144 do 26 de maio de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"O pasado 14 de xullo o Conselleiro de Facenda dou resposta a esta mesma iniciativa no pleno do Parlamento de Galicia ao contestar a pregunta oral con Nº de rexistro 14567 do Grupo Parlamentario Socialista.

O Conselleiro transmitiu en primeiro lugar que o goberno galego comparte a preocupación do grupo socialista polas consecuencias que pode ter o acceso dos cidadáns a os servicios financeiros no ámbito rural.

Recordou que nos atopamos ante un problema de dimensión nacional que require dun tratamento e dunha solución coordinada por parte das diferentes AAPP e capitaneadas polo Goberno do Estado.

Ante a inacción do Goberno central e ante a falta de medidas coordinadas, a Xunta de Galicia leva meses traballando coa FEGAMP e así o pasado mes de decembro firmaron un Protocolo de Colaboración, co obxecto de instrumentar medidas para facilitar o acceso a servizos financeiros e bancarios básicos aos habitantes nos concellos galegos do medio rural, sinaladamente nos 45 concellos que carecen de oficina bancaria.

A Xunta foi unha das primeiras administracións en abordar –da man da Federación Galega de Municipios e Provincias- este problema de ámbito nacional co obxectivo de que 'toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, teña acceso a servizos financeiros'.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/11/2021 14:16:40

O pasado 22 de xuño publicouse a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para fomentar a prestación de servicios bancarios básicos, prioritariamente nos concellos sen entidade financeira no seu territorio.

Explicou o Conselleiro que as medidas que se ían a por en marcha teñen tres liñas de actuación: a instalación de caixeiros automáticos nas dependencias municipais, a prestación dun servizo de asistencia financeira que permita, de xeito semellante a unha oficina bancaria convencional, solucionar de xeito presencial dúbidas e contratar produtos financeiros e, ademais, unha oferta de formación financeira e banca electrónica, para adquirir nocións básicas e aprender a utilizar os servizos bancarios a través das novas tecnoloxías.

Así mesmo o pasado 10 de setembro o Director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos explicou na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos ao responder a dúas preguntas da oposición sobre o acceso aos servizos financeiros que 55.000 cidadáns se beneficiarán das medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para facilitar que todos os galegos e galegas teñan acceso a servizos financeiros no seu concello.

Subliñou que grazas a esta iniciativa os veciños dos 38 concellos que se xa adheriron ao protocolo de colaboración asinado entre a Xunta e a FEGAMP, contarán cun caixeiro para retirar efectivo ou pagar recibos; un servizo de asistencia financeira que permita solucionar de xeito presencial dúbidas; e unha ampla oferta de formación financeira e banca dixital**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24668
Data envio: 09/11/2021 14:16:45.831

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:16:40

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24667
Data envio: 09/11/2021 14:16:32.378
Data 09/11/2021 14:16

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno -**número: 17602**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de recoñecer ao persoal público que conforma unha familia monoparental o dereito a ampliar até as 32 semanas o permiso por nacemento e coidado de fillas e fillo"**, (publicada no BOPG número 162 do 29 de xuño de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"A iniciativa presentada polo BNG comporta un gran descoñecemento da normativa do emprego público de Galicia xa que implica solicitar seis semanas menos (32 semanas) das que xa poden desfrutar hoxe en día os empregados públicos monoparentais na administración galega (40 semanas).

É importante salientar que todo o persoal dentro do ámbito de aplicación da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, ten idénticos dereitos e obrigacións con respecto aos permisos, vacacións e licenzas.

Así, os empregados públicos galegos teñen recoñecido un permiso de maternidade ou paternidade de 38 semanas que pode chegar a 40 semanas se fan uso do permiso preparto.

O artigo 94 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, modificado pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, recolle no apartado 3, que o persoal que este desfrutando dun permiso por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento poderá facer uso do permiso de 16 semanas inmediatamente a continuación da finalización do período de duración do permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla nos seguintes supostos:

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/11/2021 14:16:28

a) Cando a persoa titular do dereito falecera antes da utilización íntegra do permiso.

b) Se a filiación do outro proxenitor non está determinada.

En consecuencia, as 16 semanas máis as 16 semanas que lle corresponden a o outro proxenitor fan un total de 32 semanas.

Non obstante na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o artigo 124 recolle 22 semanas de permiso por nacemento, adopción ou acollemento, máis as 16 semanas do outro proxenitor cando a filiación non está determinada. En consecuencia, farían un total de 38 semanas, mellorando o permiso concedido a través da regulación estatal.

Ademais os empregados públicos galegos teñen ademais o coñecido como permiso preparto que comporta dúas semanas mais ata totalizar 40 semanas (Resolución de 24 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licencias)**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24667
Data envio: 09/11/2021 14:16:32.378

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:16:28

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24829
Data envio: 11/11/2021 16:27:09.834
Data 11/11/2021 16:27

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª -**número: 7204**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a necesidade dun novo modelo de financiamento para Galicia"**, (publicada no BOPG número 74 do 12 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"Galicia, xunto con outras comunidades vén defendendo que o sistema de financiamento debe garantir o principio de suficiencia e o dereito de todos os cidadáns a recibir uns servizos de igual calidade con independencia de onde residen.

Os cidadáns teñen idénticos dereitos con independencia do seu lugar de residencia, polo cal o modelo debe garantir a cobertura do total dos servizos públicos a financiar. En definitiva, trátase de financiar persoas, non territorios.

As comunidades máis afectadas pola crise demográfica e o avellentamento son onde menos medran os recursos do sistema de financiamento, o cal é inxusto.

O gasto de prestación de servizos esenciais, como o sanitario ou o educativo, é maior

A Xunta aposta por un sistema de financiamento autonómico que garanta os principios de suficiencia e de igualdade, ao tempo que insta a acadar un amplo consenso político pois consideramos que o actual modelo non é satisfactorio e non cumpriu os seus obxectivos**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24829
Data envio: 11/11/2021 16:27:09.834

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/11/2021 16:27:06

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24688
Data envio: 09/11/2021 14:20:52.362
Data 09/11/2021 14:20

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión -**número: 7205**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a satisfacción das demandas das plataformas de emigrantes retornados en relación coa tributación das súas pensións e o cumprimento dos acordos plenarios na materia"**, (publicada no BOPG número 74 do 12 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"En canto ao tratamento igualitario hai que dicir unha vez mais que non existe discriminación na tributación dos pensionistas que estiveron na emigración e aqueles que traballaron exclusivamente en España, posto que de acordo coa lexislación vixente teñen a mesma tributación. Aplicase o mesmo réxime que a calquera traballador que percibe rendas de máis dun pagador e o importe das mesmas é superior a 12.000 euros.

En canto o colectivo de pensionistas retornados que reciben dúas pensións (unha de España e outra do estranxeiro), e os pensionistas que reciben unha única pensión, na maioría dos caso procedente do Estado español, entendese que non existe ningunha discriminación.

A lei do IRPF establece a obriga de presentar declaración aos contribuíntes con rendas do traballo superiores a 22.000 euros, e que moitos pensionistas non presentan declaración porque a súa pensión é inferior a esa cantidade.

A mesma lei establece que, no caso de ter dous pagadores, os contribuíntes teñen que presentar declaración cando a suma da renda percibida supere os 12.000 euros

Neste suposto entran os pensionistas retornados que perciben menos de 22.000 euros e que, non obstante, si teñen que presentar declaración por percibir pensións de dous pagadores (unha de España e outra do estranxeiro).

Entendemos que non existe ningunha discriminación, porque convén diferenciar dous conceptos distintos: unha cousa é presentar a declaración das rendas percibidas, e outra ben distinta é tributar por esas rendas percibidas.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/11/2021 14:20:48

O que convén aclarar é que un pensionista en España, aínda que non presente declaración da renda, si está obrigado a tributar polo conxunto desa renda porque durante cada mes se lle practica unha retención á renda percibida.

Pola contra, a un pensionista retornado non se lle practica retención cada mes na pensión percibida do estranxeiro.

É por isto que o pensionista retornado tributará igual pola mesma cantidade no momento en que faga a declaración, xa que esa cantidade será a mesma que a suma das retencións practicadas a un pensionista que só cobra de España.

Un pensionista retornado e un pensionista que percibe a súa pensión do Estado tributan pola mesma cantidade. A única diferencia é que o retornado tributa no momento de facer a declaración, mentres que o pensionista que só cobra do Estado tributa esa mesma cantidade polas retencións que se lle practican cada mes.

Polo tanto, non existe discriminación. Ao contrario: si habería discriminación entre uns pensionistas e outros se os retornados non tivesen a obriga de declarar pola pensión que perciben do estranxeiro, xa que ese pago non está suxeito a retención.

O Goberno galego, en diferentes ocasións dou resposta ante o Parlamento de Galicia a iniciativas parlamentarias sobre a tributación dos emigrantes retornados nas que fixo unha exposición de tódalas accións levadas a cabo polo goberno galego, dentro do seu marco competencial, que non abarca a tributación das pensións estranxeiras, para axudar e dar solución as reivindicacións de este colectivo.

Tódolos acordos parlamentarios foron trasladados ao goberno central para o seu cumprimento. Ademais o Goberno da Xunta levou a cabo diversas xestións ante o Goberno do Estado gracias as que se introduciu unha modificación no proxecto de lei de reforma do IRPF para dar satisfacción ás demandas dos emigrantes retornados.

Así mesmo, a Xunta de Galicia levou a cabo diferentes actuacións no proceso de regularización dos emigrantes retornados co obxectivo de que todos os retornados que precisaran axuda para regularizar as súas obrigas tributarias a recibiran.

En relación cos afectados polo Convenio Alemán en vigor antes do 2012 a Xunta dende o primeiro momento deixou claro que compartía o criterio das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que non crean xurisprudencia e polo tanto non son de obrigado cumprimento, e que van en sentido contrario as consultas da Dirección General de Tributos (do Ministerio de Hacienda).

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Xunta se mostrou partidaria e reclamou ao Estado que a Axencia Tributaria do Estado tivese en conta estas sentenzas á hora de practicar as liquidacións correspondentes aos exercicios anteriores a 2013. Se mantivo que debería eximir de tributar a todos os retornados de Alemaña que estiveran na mesma situación, independentemente de que foran beneficiarios dunha pensión pública ou privada.

Tanto o titular da Consellería de Facenda e da directora da Axencia Tributaria de Galicia reiteraron en numerosas ocasións a súa enteira disposición para seguir apoiando os colectivos de afectados**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24688
Data envio: 09/11/2021 14:20:52.362

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:20:48

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24687
Data envio: 09/11/2021 14:20:39.737
Data 09/11/2021 14:20

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª -**número: 7208**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a información contida no caso urbanístico Marina Atlántica relativo á fusión das Caixas"**, (publicada no BOPG número 74 do 12 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"A crise financeira provocou unha importante reestruturación no sector bancario en toda a UE, con perda de entidades e procesos de concentración en toda Europa: O propio Banco Central Europeo publicaba en outubro de 2017 un informe que sinalaba que o proceso de consolidación no sector bancario cobrouse, dende o inicio da crise financeira do ano 2008, a desaparición dun 25% dos bancos europeos.

En España, a reestruturación do sistema bancario supuxo a practica desaparición das caixas de aforros, das 45 caixas que existían en 2008 unicamente subsisten dúas como tal, quedando reducido o numero de entidades financeiras que operan en España a pouco mais dunha decena.

Galicia viuse fortemente afectados por este proceso de reestruturación bancaria, con tres episodios directamente relacionados coa nosa Comunidade, e que transformou por completo a configuración do mapa bancario galego.

A pesar de todo, Galicia é unha das poucas comunidades autónomas que presenta no seu mapa bancario unha entidade financeira con sede en Galicia, co seu centro de decisión en Galicia e coa súa actividade e negocio centrado en Galicia.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/11/2021 14:20:35

Xacobeo 21·22

Desde a Xunta de Galicia sempre estivemos, estamos e estaremos comprometidos a defender e traballar, dentro das nosas competencias, a prol de todas aquelas iniciativas que implican manter entidades financeiras radicadas en Galicia, manter o emprego e a actividade financeira en Galicia**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24687
Data envio: 09/11/2021 14:20:39.737

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:20:35

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24828
Data envio: 11/11/2021 16:27:01.771
Data 11/11/2021 16:26

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª -**número: 7210**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a reclamación xudicial, se existe, da Xunta de Galicia ao Estado para a consecución da contía pendente do IVE de 2017"**, (publicada no BOPG número 74 do 12 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta actuou sempre coa máxima lealdade institucional pero con firmeza na defensa dos intereses das galegas e dos galegos, por iso Galicia foi a primeira Comunidade en advertir desta situación en xullo de 2018.

Só cando tivo a evidencia de que o Goberno central non ía mudar a súa posición, o Executivo autonómico viuse obrigado a recorrer aos tribunais

O pasado mes de maio, a xustiza xa deu a razón a Galicia ao recoñecer o Tribunal Supremo o seu dereito a ser compensada pola mensualidade do IVE de 2017 –máis os xuros de demora- que o Goberno central se negaba a ingresar.

Grazas a esta sentenza e á de Castela e León, o Executivo central estendeu a todas as comunidades autónomas e ás entidades locais a recuperación dos recursos correspondentes a esa mensualidade.

O Ministerio de Hacienda e Función Pública tivo que dar a razón á Xunta na súa reclamación do importe da mensualidade do IVE de 2017 non transferido a Galicia.

Da mesma forma o Ministerio admitiu que a cifra que o Goberno central adebeda a Galicia pola sentenza do Tribunal Supremo ascende a 211 millóns de euros.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En diversas ocasións desde que se coñeceu a sentenza Galicia reclamou o seu cumprimento. O goberno central incluíu no Proxecto de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022 un apartado específico para facer fronte ao pago da mensualidade do IVE de 2017 ás comunidades autónomas**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24828
Data envio: 11/11/2021 16:27:01.771

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/11/2021 16:26:58

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24686
Data envio: 09/11/2021 14:20:28.518
Data 09/11/2021 14:20

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª -**número: 7213**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"á valoración por parte da Xunta de Galicia das repercusións no ámbito financeiro da fusión entre Bankia e CaixaBank, da previsible fusión entre o BBVA e o Banco Sabadell"**, (publicada no BOPG número 74 do 12 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"A reestruturación do sistema financeiro, os procesos de consolidación de entidades e a reformulación do negocio bancario é un feito xeneralizado a nivel global. O propio Banco Central Europeo xa publicaba en outubro de 2017 un informe que sinalaba que o proceso de consolidación no sector bancario cobrouse, dende o inicio da crise financeira do ano 2008, a desaparición dun 25% dos bancos europeos.

Desde a crise financeira, o sector bancario estivo inmerso nun proceso de reestruturación gradual, na busca de novos modelos de negocio axustados aos novos retos que se presentan: o novo marco regulatorio, os tipos de xuros negativos, a dixitalización do sector, a resolución de activos dubidosos, a entrada de novos competidores, etc. A crise sanitaria da Covid, co conseguinte efecto traumático na economía, acelerou este proceso de consolidación bancaria, de entidades máis fortes e resilientes.

Na nosa Comunidade Autónoma, o Informe sobre a Concentración Bancaria, elaborado pola Comisión Galega da Competencia, realizou unha exhaustiva análise do mercado bancario galego, advertindo que os niveis de concentración no mercado galego tamén eran elevados.

Con todo hai unha serie de factores como o que ningunha entidade teña unha posición dominante no mercado, a elevada competencia potencial, o papel da banca "en liña" ou a regulación e supervisión á que está sometido o sector por parte do Goberno do Estado e do Banco de España que atenúan os riscos dos elevados niveis de concentración e facilitan a existencia dunha maior competencia.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/11/2021 14:20:24

Porén, como xa se ten manifestado en numerosas ocasións, a concentración bancaria é unha preocupación compartida polo Goberno galego. A este respecto, desde a Xunta de Galicia sempre estivemos, estamos e estaremos comprometidos a defender, dentro das nosas competencias, todas aquelas iniciativas que implican o mantemento de entidades financeiras radicadas en Galicia**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24686
Data envio: 09/11/2021 14:20:28.518

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:20:24

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24684
Data envio: 09/11/2021 14:20:04.971
Data 09/11/2021 14:19

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7278,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"a caída da recadación tributaria como consecuencia da crise económica derivada da covid-19 en relación co gasto público"**, (publicada no BOPG número 74 do 12 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública** que ten o seguinte contido:

A pandemia supuxo en 2020 un gasto extraordinario para a Xunta de Galicia de 629 millóns de euros, cun esforzo adicional para a Administración autonómica de 90 millóns, xa que tivo que gastar esa cantidade por riba dos recursos recibidos.

Hai que ter en conta que 2020 foi un ano excepcional no cal o Executivo galego tivo que tomar medidas orzamentarias extraordinarias. Neste sentido, xa no mes de marzo aprobou un Plan de tesouraría con 1.800 millóns de euros para dotar de liquidez a Tesouraría da comunidade e axudar s familias e empresas; creou un Fondo COVID-19 para poder financiar os gastos adicionais vinculados á pandemia no Sergas e nos servicios sociais, e aprobou un Plan de reactivación e dinamización para mobilizar máis de 3.000 millóns.

En relación as obrigas tributarias a incidencia da COVID-19 obrigou a tomar medidas de continxencia para acadar un equilibrio entre a estrita atención as medidas de protección da saúde pública e o cumprimento por parte da cidadanía das súas obrigacións tributarias.

Así a Xunta de Galicia aprobou a Orde de 27 de marzo de 2020, en virtude da que, os prazos de cumprimento das obrigacións tributarias relativas á presentación de autoliquidacións e ao ingreso da débeda tributaria dos impostos sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, sobre Sucesións e Doazóns, e dos Tributos cedidos sobre o Xogo cuxa xestión compete á Comunidade Autónoma galega que finalizasen no período comprendido entre a data de entrada en vigor desta orde e a data na que se levantase o estado de alarma quedaban ampliados ata o 30 de xuño do 2020.

Posteriormente, ante a ampliación da duración do estado de alarma publicouse a Orde da Consellería de Facenda do 15 de xuño de 2020 pola que os prazos que finalizasen no período comprendido entre a data de entrada en vigor do estado de alarma e o 31 de outubro de 2020, ampliáronse ata esta última data.

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/11/2021 14:20:00

Xacobeo 21·22

O impacto da suspensión do pagamento de impostos autonómicos entre o 14 de marzo e o 1 de novembro de 2020 por mor da pandemia fixo que se un de cada cinco contribuíntes se beneficiaran destes aprazamentos de impostos da Xunta, en total, 43.125 familias.

En relación as comprobacións de autoliquidacións de impostos, no 2020, efectuáronse 294.095, tanto do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP-AXD) como do imposto sobre sucesións e doazóns (ISD), os tributos que concentran a maior parte dos ingresos tributarios xestionados pola Xunta. O 96% das autoliquidacións do imposto de sucesións e doazóns e o 93% das do imposto de transmisións patrimoniais, foron correctas.

Ademais, o 98,1% dos galegos e das galegas aplicaron correctamente os beneficios fiscais e a ATRIGA deu a súa conformidade a sete de cada 10 das máis de 592.000 valoracións de bens presentadas o ano pasado.

Por outra parte compre lembrar que Galicia para o 2021 conta co orzamento máis elevado da súa historia co obxectivo de seguir combatendo a pandemia, impulsar a reactivación económica e atender as necesidades de familias, pemes e autónomos.

Ademais, Galicia vén apostando nos últimos anos polas baixadas de impostos, e no 2021 está a seguir nesa liña. Dende o Goberno galego sempre se transmitiu que non é o momento de subirlle os impostos nin ás familias nin ás empresas. É por elo que no 2021 a Xunta de Galicia mantén as grandes rebaixas de impostos..

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24684
Data envio: 09/11/2021 14:20:04.971

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:20:00

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24824
Data envio: 11/11/2021 16:26:28.209
Data 11/11/2021 16:26

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 1ª -**número: 8081**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **"as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coa posta en marcha de medidas tendentes á prevención e loita contra a corrupción na Administración autonómica galega"**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"O goberno da Xunta de Galicia ten dende 2009 un compromiso coa integridade institucional, así como coa prevención e loita contra a corrupción.

Boa proba diso son as múltiples iniciativas lexislativas, de impulso de medidas e de accións que se desenvolveron ao longo dese período.

Baste salientar o "programa de impulso democrático" que supuxo, a iniciativa do goberno galego, a aprobación de 5 leis e de moitas medidas que avanzaron na senda da integridade e da ética pública na Xunta de Galicia.

- En A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, para dotar a este órgano de control externo de facultades en materia de prevención da corrupción, creando no seu seo unha sección encargada de elaborar plans de riscos de prevención da corrupción; colaborar coas administracións galegas na elaboración de normas internas sobre prevención deses riscos

- A Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas

- A Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia

particular nese período aprobáronse as seguintes normas

- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/11/2021 16:26:24

- A Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público

O informe de diagnostico do Consello de Contas ao que se fai referencia na pregunta ten o seu feito causante nunha iniciativa do goberno galego formalizada o 16 de novembro de 2018 mediante a sinatura dun protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello de Contas para a implantación e seguimento de plans de prevención de riscos da corrupción no sector público autonómico de Galicia.

Dende que se publicou ese documento de diagnóstico o goberno leva traballado en diferentes accións en relación coa integridade e a ética pública, que se viron condicionados polas prioridade derivadas da loita contra a pandemia.

Así a Xunta de Galicia aprobou o pasado mes de maio o primeiro Programa Marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 que permitirá avanzar na transparencia, a obxectividade e na eficiencia da Administración autonómica. Este programa desenvolverase nos vindeiros catro anos e aplicarase tanto na Administración xeral da Xunta de Galicia como nas entidades instrumentais dependentes dela.

Galicia convértese así, na primeira Comunidade Autónoma en regular de xeito completo a súa política de integridade cun documento que recolle todas as medidas que afectan ao conxunto dos mecanismos de comportamento íntegro e ético.

En relación as recomendacións do Consello de Contas, as vinte e catro medidas, agrupadas en seis eixes, incluídas no Programa Marco de Integridade Institucional responden as recomendacións feitas polo Consello de Contas no seu Informe de Diagnose dos sistemas de control interno e estratexia de riscos da corrupción da Administración Xeral de Galicia de 2019.

Todo isto é unha boa mostra do compromiso do Goberno Galego coa prevención e loita contra a corrupción**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24824
Data envio: 11/11/2021 16:26:28.209

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/11/2021 16:26:24

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24823
Data envio: 11/11/2021 16:26:19.943
Data 11/11/2021 16:26

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 1ª -**número: 8084**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **"a presentación por parte da Sra. Mato da correspondente declaración ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta de Galicia con carácter previo á súa incorporación á empresa Greenalia"**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"O 6 de novembro de 2020 na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o Director Xeral de Función Pública dou reposta a todas as cuestións expostas polo grupo parlamentario socialista nesta iniciativa.

Na súa intervención o Director Xeral explicou de maneira pormenorizada a normativa de boas prácticas e bo goberno que se aplica na Administración autonómica a calquera expediente de compatibilidade que se solicita, que son entre 600 e 700 cada ano.

O Director Xeral tamén fixo un relato pormenorizado sobre como se tramitou o expediente, obxecto da iniciativa, por parte da Dirección Xeral da Función Pública explicando que se tramitou coas mesmas garantías dos centos que tramita do mesmo tipo cada ano e que unha vez analizado, se decretou a compatibilidade, en base ao cumprimento da normativa vixente**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/11/2021 16:26:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24823
Data envio: 11/11/2021 16:26:19.943

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/11/2021 16:26:16

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24681
Data envio: 09/11/2021 14:19:28.862
Data 09/11/2021 14:19

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª -**número: 8234**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións que está a levar a cabo e, se é o caso, as previstas polo Goberno galego para facer respectar o desenvolvemento propio do dereito civil de Galicia no que atinxe aos pactos sucesorios"**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego actuou con firmeza e lealdade institucional dende que tivo coñecemento da modificación do artigo 36 da Lei do IRPF que o Goberno central ía levar a cabo a través do Proxecto de Lei Medidas de Prevención e Loita contra a Fraude Fiscal e co que se penaliza as herdanzas en vida en Galicia.

A Xunta de Galicia sempre defendeu, en liña co pronunciamento da Comisión Superior de Dereito Civil, que esta reforma vai contra a nosa autonomía financeira, atenta contra a nosa capacidade para ter institucións de dereito civil propias, e vulnera os nosos dereitos recoñecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía e nas leis.

Ademais esta nova normativa que trata como defraudadores aos beneficiarios que transmiten os bens, atenta contra o principio de igualdade e contra o principio de neutralidade, xera inseguridade xurídica e prexudica principalmente á mocidade galega que se beneficia das herdanzas en vida para formar unha familia ou emprender unha actividade profesional.

Desde a Conselleira de Facenda e Administración Pública xa no mes de febreiro se remitiu unha carta a Ministra de Hacienda na que o Conselleiro lle expresaba a preocupación do Goberno galego polo impacto que tería esta modificación.

Tamén no mes de xuño o Conselleiro de Facenda volveu a dirixirse a Ministra de Hacienda para darlle traslado do acordo Parlamentario aprobado, con amplío consenso e sen ningún voto en contra, no pleno do 24 de xuño polo que

CSV: BOPGDSPG-kPzel9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 09/11/2021 14:19:21

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia:

1. A dirixirse ao Goberno de España para demandarlle que respecte a autonomía financeira e a capacidade normativa en materia tributaria que a Constitución, o Estatuto de Autonomía e as leis lle recoñecen a Galicia.

2. A demandarlle ao Goberno de España que promova, na tramitación parlamentaria en curso do Proyecto de Ley de Medidas de prevención y lucha contra el fraude fiscal, actualmente no Congreso, a supresión do artigo que reforma a Ley 35/2006 del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas para introducir a ficción legal consistente en declarar como comportamento fraudulento, que non admite proba en contrario, toda venda dos bens recibidos a través dos pactos sucesorios en vida regulados no Dereito Civil de Galicia; por tratarse dunha clara e inxustificada vulneración da autonomía competencial e financeira da Comunidade Autónoma de Galicia, e do principio de lealdade institucional que debe presidir as relacións entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia.

3. E que, no caso de que sexa aprobada esta norma sen a supresión do citado artigo, empregue todas as ferramentas e recursos xurídicos ao seu alcance para defender a autonomía financeira, as competencias da Comunidade Autónoma e a defensa dos intereses dos galegos e das galegas'.

A Xunta de Galicia vén de solicitar a convocatoria da comisión bilateral de Cooperación entre o Estado e a comunidade autónoma de Galicia en relación coa Lei estatal de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal e ven de ser aceptada a súa apertura.

O Goberno Galego sempre apelou á vía da cooperación para negociar a resolución destas discrepancias co fin de evitar a presentación dun recurso de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24681
Data envio: 09/11/2021 14:19:28.862

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/11/2021 14:19:21

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24822
Data envio: 11/11/2021 16:26:11.428
Data 11/11/2021 16:26

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª -**número: 9117**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego das conclusións reflectidas no informe do Consello de Contas de Galicia referido aos procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao período 2010-2016"**, (publicada no BOPG número 89 do 4 de febreiro de 2021), Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"O goberno galego ven dende 2009 atendendo as recomendacións do Consello de Contas para mellorar a xestión financeira e o control do gasto. Os propios informes do Consello de Contas evidencian que a Xunta cumpre as recomendacións que fai o organismo fiscalizador.

En relación ao rexistro de entidades do sector público da Xunta de Galicia este entrará en funcionamento neste ano. O pasado mes de xullo de 2021 publicouse o anteproxecto de decreto no portal de transparencia aos efectos de dar cumprimento ao tramite de información publica.

O obxectivo é aglutinar nun rexistro propio e de carácter informativo toda información relativa as entidades instrumentais que forman parte do sector público autonómico.

Neste rexistro, que garante a información pública e a ordenación das entidades públicas, inscribiranse todos aqueles entes que xa forman parte do sector público autonómico, aqueles que se constitúan e os demais actos relacionados con eles que se determinen regulamentariamente.

A iniciativa ponse en marcha no marco da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral do sector público autonómico de Galicia e da cumprimento a unha das recomendacións do Consello de Contas.

CSV: BOPGDSPG-kPzei9T4M-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/11/2021 16:26:06

Ata o momento da creación de este rexistro toda a información estaba recollida no Inventario de Entidades do Sector Público estatal, autonómico e local dependente do Ministerio de Hacienda, e podía consultarse tamén a través da web de Transparencia do Goberno galego.

En canto ao proceso de extinción de entidades o goberno ten posto en marcha varios procesos de integración do persoal dos entes e realizando procesos de homoxeneización das súas condicións laborais; un exemplo é que recentemente se publicou o decreto de extinción do CIXTEC e iniciado o proceso de integración do persoal**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

